

Estudo do mercado laboral

Provincia

2003

OURENSE

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

Coordinación:

Maria Luisa Mallo Fernández
Reyes Gámez Guardiola

Elaboración proxecto e documentación:

Marta Bermúdez de Santiago
Ricardo Fernández López
Rosa Fernández Fernández
Esther Sánchez González
M^a Belén Yáñez Barge
Victoria Otero Fernández
Gonzalo Picola Alonso
M^a José Sánchez Mariño
Diego Loureda Couceiro
M^a Jesús Iglesias Ferreiro

Análise e redacción final:

CIDADANIA Rede de Aplicacións Sociais S.Coop.Galega

Dep. legal: C-593-2000

ISSN: 1695-4157

Imprime:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Pol. Ind. del Tambre
Santiago de Compostela

Índice

1.- INTRODUCCIÓN	5
2.- CONTIDO	9
3.- METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN:	17
3.1.- Metodoloxía	19
3.2.- Fontes de información e outros aspectos metodolóxicos	19
3.2.1.- Perfil sociodemográfico	19
3.2.2.- Tecido empresarial	19
3.2.3.- Demandas	20
3.2.4.- Ofertas	21
3.2.5.- Contratos	21
3.3.- Definicións e taxas	21
4.- CONTEXTO PROVINCIAL DO MERCADO LABORAL:	25
4.1.-Perfil sociodemográfico	27
4.1.1.- Poboación activa provincial. Evolución	27
4.1.2.- Poboación ocupada provincial. Evolución	28
4.1.3.- Poboación parada provincial. Evolución	30
4.2.- Tecido empresarial	31
4.2.1.- Tecido empresarial provincial	31
4.2.2.- Evolución anual	31
4.3.- Demandas de emprego provinciais	36
4.3.1. Demandantes galegos por provincia	36
4.3.2. Demandantes parados. Evolución	37
4.3.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego..	38
4.3.4. Demandantes de emprego por sexo e idade	38
4.3.5. Demandantes por nivel académico	40
4.3.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego	41
4.3.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia	42
4.3.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego	43
4.3.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego	43
4.4.- Ofertas	44
4.4.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución	44

4.4.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.....	45
4.4.3. Perfil básico das ofertas.....	48
4.4.4. Análise ocupacional das ofertas	49
4.5.- Contratos	50
4.5.1. Número de contratos no ámbito provincial	50
4.5.2. Contratación provincial segundo o sexo e a idade	51
4.5.3. Contratación provincial segundo os sectores económicos.....	53
4.5.4. Tipoloxía da contratación laboral.....	55
4.5.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral.....	57
4.5.6. Ocupacións máis contratadas.....	59
5.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL COMARCAL:	61
A Limia.....	65
Allariz-Maceda	95
Baixa Limia	121
O Carballiño	147
O Ribeiro.....	175
Ourense	201
Terra de Caldelas	227
Terra de Celanova	251
Terra de Trives	277
Valdeorras	301
Verín	329
Viana.....	357

capítulo

1

Introducción

1

Introdución

Para facilitar a posta en marcha de accións de emprego e formación por parte das entidades e organismos implicados nesta tarefa que resultan necesarias para o conxunto da nosa sociedade, é fundamental coñecer a estrutura e o comportamento do mercado de traballo.

Por este motivo, é preciso elaborar un instrumento de consulta que nos achegue a coñecer co maior detalle posible as características das principais variables que determinan o mercado laboral na nosa Comunidade Autónoma, é dicir, da oferta, da demanda, da contratación da forza de traballo, así como do tecido empresarial.

Ese é o propósito deste libro, que confiamos que constitúa unha valiosa fonte de análise do noso contorno para poder coñecer a realidade laboral e chegar así a transformala.

O informe do mercado laboral é elaborado ano a ano polo Observatorio das Ocupacións, servizo do INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS, adscrito á súa vez á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. Este observatorio, creado a través do Decreto 93/1999, do 8 de abril, actúa como un instrumento de traballo dirixido ao servizo público de emprego de Galicia e as institucións e profesionais que desenvolven a súa actividade no ámbito do emprego, a orientación e a formación profesional. Ten como función principal a de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para o deseño das políticas de formación profesional. En consecuencia, este informe é obxecto prioritario do seu labor.

Con respecto a edicións precedentes o formato da obra é similar en canto á estruturación da información, aínda que se introducen certas modificacións na súa presentación gráfica e incorpórase ou suprímese algún indicador debido ás modificacións producidas na información das diversas fontes manexadas.

A centralidade do ámbito comarcal na presente obra cobra suma importancia ao considerar a escaseza de estudos oficiais que descendan a un nivel inferior ao provincial. Como consecuencia, é previsible que se converta nunha ferramenta de extraordinaria utilidade tanto para o conxunto da Administración pública como para os profesionais que traballan no eido da formación e do emprego.

Os obxectivos que se tentan cubrir con esta publicación son os seguintes:

- ▮ Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral nas 53 comarcas e en cada unha das catro provincias da Comunidade Autónoma galega, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo.
- ▮ Amosar a evolución temporal experimentada no ámbito xeográfico comarcal ou provincial, fundamentalmente en certos parámetros concretos escollidos segundo a súa utilidade ou dispoñibilidade.

- ▶ Permitir a comparación entre cada unha das comarcas, así como entre o conxunto das catro provincias galegas, seleccionándose apartados que posibilitan comprobar as diverxencias entre as tendencias do ámbito local e da Comunidade Autónoma galega.

Non obstante, os tres obxectivos enunciados máis arriba pódense agrupar nunha pretensión xeral: *a de informar da realidade sociolaboral galega dende a valoración que se pode extraer do servizo público de emprego da nosa Comunidade Autónoma para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.*

capítulo

2

Contido

2 Contido

En cada volume provincial, o OBSERVATORIO DAS OCUPACIÓNS realiza dous **niveis de análise** diferentes; un en clave provincial e outro en clave comarcal:

Un primeiro nivel provincial corresponde ao apartado cuarto do informe, e denomínase CONTEXTO PROVINCIAL DO MERCADO LABORAL. Este nivel contén unha análise descritiva dos seguintes cinco bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, as demandas, as ofertas e os contratos. A primeira epígrafe só se desenvolve neste ámbito, debido á carencia de información desagregada no ámbito comarcal. Para establecer un marco comparativo que permita contextualizar as variables na dimensión espacial e temporal, expóñense varias referencias a nivel autonómico ao longo do texto.

Un segundo nivel refírese ao apartado quinto do informe denominado ANÁLISE DO MERCADO LABORAL COMARCAL, no que se presenta a selección de datos máis representativos do mercado de traballo en cada unha das comarcas da provincia. En consecuencia, nesta epígrafe inclúense as variables de: tecido empresarial, as demandas, as ofertas e os contratos, complementados con comentarios locais e provinciais, e evolutivos naqueles casos en que houbo dispoñibilidade de datos ou en que se considerou oportuno para establecer puntos de referencia, comparacións e desviacións tanto temporais como xeográficas. A diferenza doutros anos, por primeira vez introdúcese o epígrafe de tecido empresarial no ámbito comarcal, establecendo deste xeito un contexto máis completo do mercado de traballo de cada zona.

Para completar a caracterización do contido deste informe, móstranse a continuación uns breves comentarios dos diferentes bloques temáticos nel analizados:

Perfil sociodemográfico

A necesidade dunha análise sociodemográfica que amose as características da poboación activa e a súa composición vén determinada polo obxectivo prioritario deste estudo, que é o de presentar un informe da situación na que se atopa o tecido social e produtivo da nosa Comunidade. Este achegamento dende o punto de vista do contexto sociolaboral constitúe un dos eixes sobre os que se artella a estrutura do informe do mercado laboral.

Baixo o nome de perfil sociodemográfico, inclúese unha análise da información poboacional procedente da *Enquisa de poboación activa*, e móstranse as variables poboacionais básicas correspondentes á totalidade do territorio da Comunidade Autónoma, e de maneira desagregada en cada unha das catro provincias que integran o territorio galego.

Non obstante, nas anteriores edicións do *Informe do mercado laboral* non se recollían os novos datos producidos polas modificacións das que foi obxecto a *Enquisa de poboación activa* durante o ano 2002. As variacións foron de carácter metodolóxico e afectaron á medi-

ción dos parámetros do universo da mostra, aos criterios de extrapolación dos resultados da mostra a nivel global, así como á delimitación conceptual da figura de parado. Como resultado destas variacións, prodúcense cambios na información poboacional para os diferentes anos, optándose no presente estudo pola introdución dos novos valores xurdidos como consecuencia da reforma metodolóxica da enquisa.

Os ámbitos de análise seguen sendo iguais aos de edicións anteriores; así, aparecen datos referidos ao conxunto de Galicia e ás catro provincias, recollendo series anuais para os últimos seis anos. A información recollida está referida á poboación activa, á poboación ocupada e á poboación parada, segmentada segundo diversos factores, como o sexo, a idade ou o sector económico, estando en función da dispoñibilidade actual desa información nos diferentes niveis territoriais.

Tecido empresarial

O estudo do tecido empresarial constitúe unha síntese de datos sobre empresas e traballadores nos diferentes sectores produtivos, coa finalidade de obter un coñecemento xeral da estrutura empresarial dos diversos ámbitos territoriais.

Unha das variacións con respecto aos informes de anos precedentes é a inclusión deste nivel de análise no ámbito comarcal debido á dispoñibilidade actual desta información, manténdose a mesma descrición empresarial para as catro provincias galegas e o conxunto da Comunidade Autónoma. A comparación entre os diferentes ámbitos permite captar as desviacións que se producen tanto no ámbito provincial como comarcal.

Os datos analizados son os seguintes: número de empresas, autónomos e traballadores por conta allea nos diferentes sectores económicos e a súa evolución ao longo dos cinco últimos anos.

A presentación dos datos estruturouse seguindo unha serie constante a través de táboas e gráficos, con comentarios anexos baseándose en dous parámetros:

- *Tecido empresarial*: número de empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos por sectores económicos do CNAE nas comarcas, provincias e no conxunto da Comunidade Autónoma galega.
- *Evolución anual*: datos evolutivos do número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos nos catro sectores económicos principais a través dos cinco últimos anos.

Demandas

O concepto de demanda é un termo de uso común para un gran número de profesionais, pero con diferente significado segundo o ámbito tratado. Neste documento se adopta a acepción utilizada pola Administración autonómica, referíndose así unha demanda á solicitude de emprego por parte dun traballador, sexa ou non parado en sentido estrito, e unha oferta é a petición de currículos por parte dun empresario para cubrir un ou varios postos de traballo.

Feita esta aclaración, cabe sinalar que o estudo da demanda do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos demandantes de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de demandante existente en **Galicia** co propósito de coñecer os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

Así, o estudo da demanda centra a súa incidencia sobre aspectos concretos do perfil dos demandantes parados e non parados, como son: a idade, o tipo de actividade económica da que proveñen, a súa situación laboral, o nivel académico, o sexo, o tempo de busca de emprego ou as ocupacións máis demandadas.

A análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros e fundamentalmente no ámbito comarcal e provincial, engadindo tamén algunha referencia ao eido local e autonómico. Por outra banda, engadíronse datos evolutivos provenientes da estatística de paro rexistrado do servizo público de emprego para posibilitar a comparación temporal destes.

Os resultados preséntanse nunha dobre análise, provincial e comarcal, agrupando os datos obtidos nas seguintes táboas:

- ▮ Demandantes por concello na análise comarcal ou demandantes por provincia e por comarca no caso da análise provincial.
- ▮ Evolución dos demandantes parados -do ano 1999 ao 2003-.
- ▮ Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego.
- ▮ Demandantes de emprego por sexo e de idade.
- ▮ Demandantes por nivel académico.
- ▮ Demandantes parados por tempo de busca de emprego.
- ▮ Demandantes por sectores económicos de procedencia.
- ▮ As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego.
- ▮ Perfil tipo dos demandantes de emprego.

En cada unha das táboas establécese tamén, como se indicou anteriormente, unha comparación cos valores medios provinciais -análise comarcal- ou autonómicos -análise provincial-, considerando como significativas aquelas desviacións maiores de 5 puntos porcentuais.

Ofertas

No informe do mercado laboral, as ofertas de emprego refírense ás peticións de currículos por parte das entidades empresariais xestionadas nas oficinas de emprego e ás tramitadas a través dos centros colaboradores.

O estudo das ofertas estrutúrase fundamentalmente por comarcas e provincias, realizando unha serie de análises comparativas sintetizadas nos seguintes puntos:

- ▮ Ofertas totais rexistradas. Evolución. Estudo do reparto das ofertas entre os distintos concellos que compoñen a comarca e a evolución destes nos anos comprendidos entre 1999 e 2003. Inclúense variacións medias e interanuais.
- ▮ Ofertas segundo os sectores de actividade económica. Reflíte o reparto das ofertas por concellos e sectores económicos, tanto en termos absolutos como relativos con respecto ao conxunto da comarca. Posteriormente afóndase no reparto subsectorial dentro de cada comarca. A continuación efectúase unha análise da evolución de ofertas por sectores económicos nos anos do período 1999-2003.
- ▮ Perfil básico das ofertas:

Sexo: Estúdanse os requirimentos de homes ou mulleres nos sectores económicos que interpoñen as súas ofertas nas entidades colaboradoras do servizo público de emprego e consideran ese requisito como unha característica que se debe ter en conta á hora de cubrir a súa demanda empresarial. Cómpre indicar que estes requisitos só se refliten nas ofertas rexistradas nas entidades colaboradoras do servizo público de emprego, pois non se dispón de información sobre este extremo nos restantes ámbitos de emprego da Comunidade galega.

Niveis académicos: Téñense en conta tamén os requirimentos de determinados estudos para cumprir coas necesidades expresadas polos empresarios.

De calquera xeito, en moitas comarcas o número de ofertas das que se fala é moi baixo, polo que as conclusións sacadas ao respecto deben ser tomadas como indicadores de tendencias que se dan no conxunto das ofertas de cada ámbito territorial analizado.

■ Análise ocupacional:

Preséntanse as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas entidades colaboradoras do servizo público de emprego nos últimos cinco anos. Nalgunhas ocasións cóntase con poucas ofertas nos anos analizados, o que motiva a aparición de ocupacións que teñen un número de ofertas pouco representativas.

Tamén se mostran na última táboa as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas oficinas de emprego do servizo público de emprego nos últimos cinco anos.

Contratos

A análise dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da Comunidade Autónoma durante o ano 2003 procedentes das oficinas de emprego do servizo público de emprego galego.

A finalidade perseguida con este estudo é a de caracterizar un apartado importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa Comunidade Autónoma. Esta caracterización componse de seis apartados que inclúen, se é o caso, valoracións das evolucións anuais dos anos 1999 ao 2003, ambos incluídos:

■ O número de contratos no ámbito comarcal e municipal.

Comparación do número de contratos recollidos nos distintos concellos con respecto á súa comarca, destacándose aqueles que presentan un maior peso porcentual. Análise da evolución do número de contratos no ámbito comarcal e municipal durante os últimos cinco anos.

■ A contratación comarcal segundo o sexo e a idade.

Analízase a contratación comarcal do 2003 atendendo á súa distribución por homes e mulleres agrupados en cinco intervalos de idade. Así mesmo, inclúense dúas análises comparativas do acontecido nos últimos cinco anos con respecto á contratación masculina e feminina, e ademais á contratación segundo intervalos de idade.

■ A contratación comarcal segundo os sectores económicos.

Clasificación dos contratos por sectores económicos, afondando no subsector da industria e no sector servizos. Tamén se inclúen aquí as variables de sexo e idade e a evolución da contratación por sectores/subsectores económicos.

■ Tipoloxía da contratación laboral.

Distribución da contratación segundo o tipo de contrato, o sexo e a idade, distribución da contratación segundo o tipo de contrato e os sectores económicos, e a evolución do número de contratos segundo a súa tipoloxía.

■ Os grandes grupos de ocupación na contratación comarcal.

Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo, incluíndo a análise pormenorizada do volume contractual, así como comentarios sobre a evolución temporal para cada grupo e sexo.

■ As ocupacións máis contratadas.

Análise das 10 ocupacións máis contratadas en cada comarca no 2003. Tamén se inclúe un breve estudo das ocupacións máis destacadas no período 1999-2003.

Introdúcese para as análises evolutivas o cálculo de taxas, tanto interanuais como variacións medias, realizado do xeito explicado no apartado “definicións e taxas” incluído dentro do punto 3, Metodoloxía e fontes de información.

Metodoloxía e fontes de información

capítulo

3

3

Metodoloxía e fontes de información

3.1.- METODOLOXÍA:

A información presentada no informe do mercado laboral é consecuencia dun importante traballo de análise e explotación de datos, ademais dunha investigación previa para determinar o tipo de categorías máis interesantes para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- ▶ Determinación das variables máis adecuadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.
- ▶ Explotación da información obtida directamente das bases de datos, depurando e contrastando os resultados.

3.2.- FONTES DE INFORMACIÓN E OUTROS ASPECTOS METODOLÓXICOS:

A continuación, co obxecto de lle garantir ao usuario do *Informe do mercado laboral* a súa correcta interpretación, expónse unha breve descrición das bases de datos utilizadas nos diferentes bloques temáticos e das especificacións metodolóxicas concretas realizadas en certos apartados desta publicación.

3.2.1.- Perfil sociodemográfico:

A información utilizada neste apartado procede da *Enquisa de poboación activa*, do Instituto Galego de Estatística. Dado que as definicións e a metodoloxía están contidas na EPA que publica este instituto, pensouse non reproducila para non ser reiterativos. Como xa se comentaba no apartado de contidos, os cambios metodolóxicos introducidos na EPA no ano 2002 produciu un cambio nos valores das series contempladas no presente estudo, polo que se optou por reflectir estes últimos en detrimento dos valores procedentes da anterior EPA.

3.2.2.- Tecido empresarial:

A información utilizada neste estudo orixínase a partir da información obtida da Tesourería Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social, xeral e específicos e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesourería Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego, e porque ademais considera a totalidade dos sectores económicos e tamén ten en conta datos de diferentes anos que posibilitan realizar estudos evolutivos. Ademais, a partir deste ano, dispónse por primeira vez para a elaboración deste estudo da información desagregada a un nivel comarcal, a diferenza do que ocorría en edicións precedentes.

Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer inflada, razón que obriga a obrar con cautela á hora de extraer conclusións. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por diferentes motivos: por ter sedes en diferentes provincias, polo que neste caso aparecerá unha conta de cotización por provincia; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais, que, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgúns empresas nas que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas esporadicamente.

Por outra banda, na Tesourería da Seguridade Social existen datos de empresas e traballadores non asignados a un sector concreto ou a unha provincia concreta, ou a ambos, que constitúen unha segunda limitación da citada base de datos. Estes “descoñecidos” asíñense, no primeiro caso, no epígrafe de “outros servizos” da provincia e de Galicia; no segundo caso, en Galicia no seu sector correspondente; e no terceiro caso, en “outros servizos” en Galicia.

3.2.3.- Demandas:

A información utilizada no estudo da demanda provén das bases de datos do servizo público de emprego.

Dentro dos demandantes distínguense parados dos non parados segundo a Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado. Deste xeito, enténdese que o paro rexistrado constitúe o total da demanda de emprego en alta rexistrada pola Oficina de Emprego existente o último día de cada mes. Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

No que respecta á situación laboral dos demandantes, existe un apartado nos demandantes non parados, que se chama xenericamente “resto dos demandantes”, no que se inclúen as seguintes categorías:

- ▮ Con redución da xornada por modificación das condicións de traballo.
- ▮ Demandante doutro emprego adicional, pluriemprego.
- ▮ Demandante de emprego conxuntural, menos de tres meses.
- ▮ Demandante de emprego só en domicilio.
- ▮ Demandante de emprego só no estranxeiro.
- ▮ Demandantes inscritos participantes na selección nun posto concreto.
- ▮ Demandantes de autoemprego exclusivamente.
- ▮ Demandantes de formación ocupacional
- ▮ Demandantes para servizos externos ao servizo público de emprego.

3.2.4.- Ofertas:

O Observatorio Ocupacional segue a traballar este ano coa totalidade das ofertas rexistradas tanto nos centros colaboradores como nas oficinas de emprego. O período de análise deste estudo é de cinco anos comprendidos entre 1999 e 2003, facendo referencia ás ofertas recollidas nas 53 comarcas en nas catro provincias, o que permite acceder a unha maior cantidade de variables de interese analítico.

3.2.5.- Contratos:

A base de datos utilizada para caracterizar os contratos foi a que serve de soporte á sección de contratos das oficinas de emprego do servizo público de emprego de Galicia.

O período de análise concrétese en cinco anos comprendidos entre 1999 e 2003, ambos inclusive, período que consideramos axeitado para poder realizar un estudo evolutivo que ofrezca datos de interese.

Outra característica significativa deste apartado é que, a diferenza dos restantes bloques temáticos tratados neste informe, a súa análise ocupacional inclúe tanto os nove grandes grupos ocupacionais como a análise das ocupacións concretas. En relación con estas últimas, os códigos de identificación empregados son os da Clasificación Nacional de Ocupacións do INEM.

No que respecta aos distintos apartados analizados, cómpre realizar unha puntualización referida ao apartado 5.4.4, tipoloxía da contratación laboral, que recolle dentro do apartado "outros" a seguinte contratación: xubilación especial aos 64 anos, minusválidos centros especiais, colectivos de exclusión social e outros non especificados.

3.3.- DEFINICIÓN E TAXAS:

As **taxas** utilizadas nos diferentes apartados do estudo do mercado laboral son as seguintes:

- **Variación interanual (v.a.):** É igual ao número de ofertas do ano x menos as do ano anterior x-1, dividido polo número de ofertas do x-1 e multiplicado por 100.

É dicir, a variación entre os anos 99/00 obteríase do seguinte xeito:

$$\% \text{ Var. interanual}_{99-00} = (O_{00} - O_{99} / O_{99}) \times 100$$

Calculariamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior.

- **Variación media anual (v.m.a.):** Obtense da fórmula do interese composto. Se lle chamamos O_{2003} e O_{1999} ao número de ofertas dos anos 2003 e 1999, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte¹:

$$\% \text{ VMA} = \left(\sqrt[4]{O_{2003} / O_{1999}} - 1 \right) \times 100$$

(a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos que se pretende calcular a media, neste caso $5-1=4$, o que implica unha *raíz cuarta*)

Obteríamos desta forma o crecemento medio acadado nos cinco anos estudados².

¹ Cando os datos referentes ao primeiro ano da serie son igual a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango. Nestes casos optouse por non poñer ningún tipo de valor ou referencia.

² Os exemplos citados fan referencia á parte das ofertas, aínda que serían igualmente válidos para explicar os outros apartados deste informe.

► CLASIFICACIÓN DAS RAMAS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA:

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase no CNAE 93, con varios niveis de desagregación *ad hoc*.

Co propósito de facer unha clasificación sinxela e, ao mesmo tempo, significativa de todos os sectores económicos, estruturáronse a partir das seccións do CNAE 93 en sete subsectores e, posteriormente, agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión das táboas e gráficos. Deste xeito, nalgúns apartados aparecen táboas cos sectores e noutros aparecen táboas cos sectores e subsectores.

SECTOR ECONÓMICO	SUBSECTOR ECONÓMICO
PRIMARIO	Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca
SECUNDARIO	Industria
	Electricidade, gas e auga
CONSTRUCCIÓN	Construción
SERVIZOS	Comercio, hostalería e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais e de uso doméstico
	Transporte, almacenamento e comunicacións
	Outros servizos

No derradeiro apartado, baixo o epígrafe de “outros servizos”, encóntranse representadas as seguintes actividades: a intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais, administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria, educación e actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, servizos persoais, fogares que empregan persoal doméstico e organismos extraterritoriais. Tamén se inclúen aqueles datos, escasos en número, dos que se descoñece o sector económico concreto ao que pertencen.

Séguese mantendo os gráficos de sectores para a industria e os servizos cunha desagregación maior que a sinalada na táboa anterior, co propósito de conseguir máis información nestas actividades que son piares económicos da maioría das economías locais galegas.

En realidade, trátase de subseccións *ad hoc* elaboradas a partir do seguinte nivel de desagregación das subseccións CNAE que se denomina, segundo esta terminoloxía, como “división”. Esta clasificación foi realizada polo Observatorio baseándose en criterios de importancia de actividades industriais e de servizos na nosa Comunidade Autónoma, co propósito de establecer un equilibrio entre a facilidade de manexo da clasificación e, ao mesmo tempo, a maior cantidade de información extraíble en ambas as dúas actividades económicas.

A continuación relaciónanse dúas táboas co resultado desta desagregación:

CÓDIGO CNAE	DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE	SUBSECCIÓNS AD HOC NA INDUSTRIA
10	extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	OUTRAS INDUSTRIAS
11	extracción de crus de petróleo e gas natural	
12	extracción de minerais de uranio e torio	
13	extracción de minerais metálicos	
14	extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	
15	industria de produtos alimenticios e bebidas	ALIMENTACIÓN
17	industria téxtil	TÉXTIL E CONFECCIÓN
18	industria da confección e da peletería	OUTRAS INDUSTRIAS
19	preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe	
20	industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	MADEIRA
21	industria do papel	OUTRAS INDUSTRIAS
22	edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
23	coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	
24	industria química	
25	fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	
26	fabricación doutros produtos minerais non metálicos	FABRICACIÓN DE PRODUTOS MINERAIS NON METÁLICOS
27	metalurxia	METALURXIA E FABRICACIÓN DE PRODUTOS METÁLICOS
28	fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	
29	industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	OUTRAS INDUSTRIAS
30	fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	
31	fabricación de maquinaria e material eléctrico	
32	fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparellos de radio	
33	fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	
34	fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	FABRICACIÓN DE MATERIAL TRANSPORTE
35	fabricación doutro material de transporte	OUTRAS INDUSTRIAS
36	fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	
37	reciclaxe	SERVIZOS DE AUTOMOCIÓN
50	venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	
51	comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	COMERCIO EXCEPTO AUTOMOCIÓN
52	comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	
55	hostalería	HOSTALERÍA
60	transporte terrestre; transporte por tubos	TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS
61	transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	
62	transporte aéreo e espacial	
63	actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes	
64	correos e telecomunicacións	

CÓDIGO CNAE	DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE	SUBSECCIÓNS AD HOC NOS SERVIZOS
65	intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	OUTROS SERVIZOS
66	seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria	
67	actividades auxiliares da intermediación financeira	
70	actividades inmobiliarias	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS E SERVIZOS EMPRESARIAIS
71	alugamento de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	
72	actividades informáticas	
73	investigación e desenvolvemento	
74	outras actividades empresariais	AA.PP.
75	administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	
80	educación	EDUCACIÓN
85	actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS
90	actividades de saneamento público	SERVIZOS Á COMUNIDADE
91	actividades asociativas	
92	actividades recreativas, culturais e deportivas	
93	actividades diversas de servizos persoais	OUTROS SERVIZOS
95	fogares que empregan persoal doméstico	
99	organismos extraterritoriais	

► GRUPOS DE IDADE

Séguese mantendo a clasificación en intervalos de idade establecidos no estudo do mercado laboral do ano anterior. A única excepción a esta división é a que se produce no apartado de perfil sociodemográfico no ámbito provincial, debido a que a información procedente da EPA emprega catro intervalos de idade en vez de cinco.

A distribución en cinco intervalos posibilita unha maior homoxeneidade dos grupos de idade, no sentido de incluír todos o mesmo número de anos, fornecendo a información en relación con este parámetro, xa que nos anos anteriores observouse que a meirande parte das ofertas, contratos e demandas correspondían ao grupo de mediana idade.

capítulo

4

Contexto Provincial do mercado laboral

4

Contexto provincial do mercado laboral

4.1.- PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

4.1.1.- Poboación activa provincial. Evolución:

	Media anual						Variación media% 98-03
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	
De 16 a 19 anos	4,2	3,9	4,4	2,0	2,2	2,1	-13,26
De 20 a 24 anos	13,5	15,0	14,3	10,0	10,1	10,9	-4,14
De 25 a 54 anos	110,1	107,9	111,3	112,4	116,7	109,8	-0,05
De 55 e máis anos	20,9	20,0	20,4	19,5	18,6	19,9	-0,95
Total	148,7	146,8	150,3	143,9	147,5	142,7	-0,82

TÁBOA 1: Poboación activa total da provincia de Ourense por idade. Miles de persoas.

	Media anual						Variación media% 98-03
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	
Home	85,1	82,8	84,2	85,3	85,0	83,5	-0,38
Muller	63,6	64,0	66,2	58,5	62,5	59,2	-1,42
Total	148,7	146,8	150,4	143,9	147,5	142,7	-0,82

TÁBOA 2: Poboación activa total da provincia de Ourense por sexo. Miles de persoas.


Un dos primeiros aspectos que hai que sinalar con respecto ao perfil socio-demográfico da provincia de Ourense é a baixada nos volumes de poboación activa. Independentemente da idade ou sexo, esta redución afecta de maneira homoxénea a todos os intervalos empregados na presente análise. O volume máis alto acadado durante o período comprendido entre 1998 e 2003 prodúcese no ano 2000, volvendo a ter oscilacións a continuación. Finalmente a variación media lograda ao longo do período é de -0,82%.

O descenso da poboación, así como un maior envellecemento desta, son parte da explicación da redución do volume de poboación activa, como se pode observar no descenso máis pronunciado entre os suxeitos que teñen entre 16 e 24 anos, en tanto que se mantén practicamente estable no intervalo que conta con maior número, o comprendido entre os 25 e os 54 anos. Por outra banda, a redución é algo máis alta entre as mulleres que entre os homes.

TÁBOA 3: Taxa de actividade da provincia de Ourense por sexo.

	%					
	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Home	59,2	58,2	58,5	58,1	58,1	56,8
Muller	40,9	40,7	42,1	37,6	39,8	37,7
Total	49,7	49	50	47,6	48,6	46,9

GRÁFICO 1: Evolución da taxa de actividade segundo o sexo.



Como corolario do comentado anteriormente, tamén se produce unha redución suave pero paulatina das taxas de actividade tanto para os homes como para as mulleres. A única excepción rexístrase no ano 2000 debido ao aumento que no volume de poboación activa durante este ano. Polo que respecta á distancia entre homes e mulleres nas súas respectivas taxas, hai que sinalar que, se en 1998 había unha diferenza de 18,3 puntos a favor dos homes, a situación actual segue sendo moi semellante, a 19,1 puntos de distancia.

4.1.2.- Poboación ocupada provincial. Evolución

TÁBOA 4: Poboación ocupada total da provincia de Ourense por sectores económicos. Miles de persoas.

	Media anual						Variación media% 98-03
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	
Primario	19,7	14,6	18,1	16,6	15,1	14,6	-5,82
Secundario	19,7	21,6	22,0	25,6	25,8	23,8	3,85
Construción	15,0	14,4	15,7	17,9	16,4	17,2	2,77
Servizos	66,3	66,8	69,8	71,6	77,7	75,1	2,52
Total	120,7	117,4	125,6	131,8	134,9	130,6	1,59

TÁBOA 5: Poboación ocupada total da provincia de Ourense por sexo. Miles de persoas.

	Media anual						Variación media% 98-03
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	
Home	72,1	69,9	75,3	80,8	79,5	78,5	1,72
Muller	48,7	47,5	50,3	50,9	55,5	52,1	1,36
Total	120,7	117,4	125,6	131,8	134,9	130,6	1,59

A poboación ocupada da provincia de Ourense ascendeu ao longo deste período, pasando de ser de algo máis de 120.000 persoas a 130.600 persoas. Como resultado disto, a variación media anual para o conxunto foi de 1,59%, sendo máis alta no caso dos homes ca das mulleres. Non obstante, hai que sinalar que o valor máis alto se acadou en 2002, sufrindo un leve descenso no último ano debido sobre todo ao retroceso que se produciu entre as mulleres.

Dado que a *Enquisa de poboación activa* non presenta datos segmentados en intervalos de idade da poboación ocupada para o ámbito provincial, pero si a súa distribución sectorial, pódese observar que, agás no sector primario, prodúcese un aumento da poboación ocupada no resto dos sectores.

Así, o primario acadou unha variación media de -5,82%, en tanto que no resto este valor ten cifras moi próximas entre si, indo do 3,85% que se dá no sector secundario ao 2,52% do de servizos. O valor máis alto para o primario acádase en 1998, seguindo unha tendencia decrecente que só se interrompe en 2000; pola contra, no secundario e no de servizos o seu punto álxido sucede en 2002, e no da construción en 2001.

	%					
	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Home	50,2	49,1	52,4	55	54,3	53,5
Muller	31,3	30,2	32	32,7	35,3	33,2
Total	40,4	39,2	41,7	43,6	44,5	43

TÁBOA 6: Taxa de ocupación da provincia de Ourense por sexo.




GRÁFICO 2: Evolución da taxa de ocupación segundo o sexo.

Un 43% do total da poboación da provincia de Ourense está ocupada. Esta taxa de ocupación veuse incrementada ao longo do período comprendido entre 1998 e 2003, se ben no último ano prodúcese un leve descenso neste valor con respecto ao do 2002. Por outra parte, as taxas de ocupacións masculinas son notablemente superiores ás femininas, cunha diferenza entre elas de 20,3 puntos a favor dos homes, valor que era de 18,9 puntos en 1998. Non obstante, a evolución das taxas segundo o sexo é moi similar, á marxe do diferencial existente entre homes e mulleres.

4.1.3. Poboación parada provincial. Evolución

TÁBOA 7: Poboación parada total da provincia de Ourense por sexo. Miles de persoas.


	Media anual						Variación media% 98-03
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	
Home	13,0	12,9	8,9	4,5	5,6	4,9	-17,73
Muller	14,9	16,5	15,9	7,6	7,0	7,1	-13,78
Total	27,9	29,4	24,8	12,1	12,6	12,0	-15,53

No que respecta á poboación parada, hai unha redución notabilísima do número de parados, se ben hai que tomar en consideración a redución global da poboación da provincia, así como tamén na poboación activa para matizar esta drástica baixada. Porén, o número actual é menos da metade do que figuraba en 1998, acentuándose a baixada a partir do ano 2001. Como dato resumo do período, hai que sinalar que a variación media anual para o conxunto da poboación parada é de -15,53%, sendo esta redución maior no caso dos homes, -17,73%, que entre as mulleres, -13,78%.

TÁBOA 8: Taxa de poboación parada da provincia de Ourense por sexo.

	%					
	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Home	15,3	15,5	10,5	5,3	6,5	5,9
Muller	23,5	25,8	24	13	11,2	12
Total	18,8	20	16,5	8,4	8,5	8,4

GRÁFICO 3: Evolución da taxa de poboación parada segundo o sexo.



Como consecuencia da redución dos valores absolutos da poboación parada, prodúcese unha baixada das taxas, sobre todo a partir de 2001. Derivada dos distintos niveis de decrecemento, a redución para os homes remóntase ao ano 2000, e ten un descenso sostido entre este ano e 2001; en cambio nas mulleres o descenso prodúcese máis abruptamente en 2001. A partir deste ano as taxas tenden a estabilizarse tanto para os homes como para as mulleres.

4.2.- TECIDO EMPRESARIAL

4.2.1.- Tecido empresarial provincial. Situación actual

		EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
SECTORES		N.º	%	N.º	%	N.º	%
OURENSE	SECTOR PRIMARIO	244	1,95	7.864	10,04	703	3,08
	Agricultura e pesca	244	1,95	7.864	10,04	703	3,08
	SECTOR SECUNDARIO	1.676	13,39	15.204	19,42	2.789	12,21
	Industria	1.641	13,11	14.605	18,65	2.779	12,17
	Electricidade	35	0,28	599	0,77	10	0,04
	SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.951	15,59	8.926	11,40	4.365	19,11
	Construción	1.951	15,59	8.926	11,40	4.365	19,11
	SECTOR SERVIZOS	8.647	69,08	46.301	59,14	14.987	65,61
	Comercio e hostalería	4.237	33,85	15.070	19,25	10.269	44,95
	Transporte e comunicacións	491	3,92	2.959	3,78	1.437	6,29
	Outros servizos	3.919	31,31	28.272	36,11	3.281	14,36
	TOTAL	12.518	100,00	78.295	100,00	22.844	100,00

TÁBOA 9: Número e porcentaxe de empresas, traballadores e autónomos da provincia de Ourense por sector económico.

No conxunto da provincia de Ourense destaca a forte presenza do sector servizos, tanto no referente ao número de empresas, como ao de traballadores e autónomos. Esta posición destacada vén derivada da importancia que teñen os subsectores de comercio e hostalería, e outros servizos. Así, se en número de empresas estes dous acadan valores semellantes -un 33,85% das empresas está no subsector de comercio e un 31,31% no de outros servizos-, no número de traballadores é máis notable a presenza do de outros servizos; en cambio nos valores relativos a autónomos priman os valores do comercio e a hostalería.

A unha notable distancia do sector servizos sitúanse o da construción e o secundario, destacando máis o segundo en número de traballadores e o primeiro en número de autónomos, e obtendo porcentaxes similares en canto ao número de empresas.


Polo que respecta ao sector primario, acada unha representatividade ínfima en canto ao número de empresas e autónomos, pero non así no tocante ao número de traballadores, situándose moi preto dos valores acadados polo sector da construción: 11,4% este último, fronte ao 10,04% do primario.

4.2.2.- Evolución anual

		EMPRESAS				
		1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO		783	791	860	738	244
Agricultura e pesca		783	791	860	738	244
SECTOR SECUNDARIO		1.649	1.669	1.692	1.703	1.676
Industria		1.620	1.637	1.659	1.671	1.641
Electricidade		29	32	33	32	35
SECTOR CONSTRUCCIÓN		1.962	1.949	1.998	1.976	1.951
Construción		1.962	1.949	1.998	1.976	1.951
SECTOR SERVIZOS		7.805	7.948	8.301	8.465	8.647
Comercio e hostalería		3.863	3.960	4.098	4.150	4.237
Transporte e comunicacións		459	446	478	482	491
Outros servizos		3.483	3.542	3.725	3.833	3.919
TOTAL PONTEVEDRA		12.199	12.357	12.851	12.882	12.518
TOTAL GALICIA		100.964	102.801	106.985	108.025	107.839

TÁBOA 10: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

GRÁFICO 4: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.




Se no sector primario se produce un decrecemento notable no número de empresas, moi acusado no tramo comprendido entre 2002 e 2003, no sector servizos hai un leve crecemento sostido ao longo de todos os anos comprendidos no período 1999-2003. Como resultado disto, o primeiro obtén unha variación media anual de -25,29%, fronte ao 2,59% acadado polo segundo.

No que respecta ao sector secundario e o da construción, non se observan variacións moi significativas, acadando valores moi similares ao longo de todo o período.

Por outra banda, os subsectores comprendidos nos servizos teñen unha evolución moi semellante, sen grandes diferenzas entre elas nos seus niveis de crecemento.

GRÁFICO 5: Número de empresas da industria segundo actividades. Ano 2003.



Atendendo ás actividades da industria, hai que sinalar a concentración de máis do 50% das empresas en dúas delas: outras industrias e alimentación, cunhas porcentaxes respectivas de 30,71% e 22,43%. Séguenlles en orde de importancia a de metalurxia e fabricación de produtos de metal -15,17%- e a de madeira -13,35%-.




Gráfico 6: Número de empresas dos servizos segundo as actividades. Ano 2003.

A actividade de comercio, co 29,86% de empresas dos servizos, é a máis destacada deste sector. Tamén é destacable a presenza das de outros servizos, hostalería e actividades inmobiliarias, oscilando entre o 15,51% da primeira e o 10,81% da última.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	10.550	9.814	8.744	8.269	7.864
Agricultura e pesca	10.550	9.814	8.744	8.269	7.864
SECTOR SECUNDARIO	14.308	14.941	15.177	15.455	15.204
Industria	13.639	14.303	14.555	14.848	14.605
Electricidade	670	639	621	607	599
SECTOR CONSTRUCCIÓN	8.846	8.902	9.155	9.106	8.926
Construcción	8.846	8.902	9.155	9.106	8.926
SECTOR SERVICIOS	40.185	41.903	43.928	45.118	46.301
Comercio e hostalería	12.680	13.531	14.026	14.699	15.070
Transporte e comunicacións	2.855	2.789	2.819	2.929	2.959
Outros servizos	24.650	25.583	27.084	27.490	28.272
TOTAL OURENSE	73.889	75.560	77.004	77.948	78.295
TOTAL GALICIA	691.374	716.572	739.025	755.537	767.739

TÁBOA 11: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.




GRÁFICO 7: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.

O sector servizos é o único que experimenta crecementos en todos os anos do período analizado, obtendo unha variación media anual de 3,61%. Este incremento concéntrase a nivel subsectorial en comercio e hostalería, que obtén unha variación media de 4,41% así, como tamén en outros servizos (variación de 3,49%); pola contra, medra moi levemente o de transporte e comunicacións.

O sector secundario tamén ten un comportamento positivo para 1999-2003, xa que experimenta unha leve subida, cunha variación media de 1,53%. Só no último intervalo 2002-2003 decrece o seu número de traballadores, obtendo unha variación interanual de -1,62%.

No sector da construción prodúcese practicamente un estancamento que vén determinado polos baixos niveis de crecemento que experimenta nos dous primeiros intervalos do período e os leves decrecementos dos dous últimos. A variación media resultante desta evolución é un modesto 0,23%.

No sector primario prodúcese un descenso continuado en todos os anos, máis destacado no tramo 2000-2001 (variación interanual de -10,9%). Como resultado, a variación media obtida por este sector foi de -7,08%.

A evolución do conxunto dos traballadores da provincia de Ourense é de crecemento en todos os anos, o igual que sucede no caso da Comunidade galega. Non obstante, os ritmos de crecemento son máis modestos no caso da provincia (variación media de 1,46%, fronte ao 2,65% en Galicia).

TÁBOA 12: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	605	621	645	680	703
Agricultura e pesca	605	621	645	680	703
SECTOR SECUNDARIO	2.733	2.843	2.793	2.810	2.789
Industria	2.719	2.830	2.780	2.799	2.779
Electricidade	14	13	13	11	10
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.004	4.095	4.241	4.264	4.365
Construción	4.004	4.095	4.241	4.264	4.365
SECTOR SERVICIOS	14.883	15.045	14.911	14.852	14.987
Comercio e hostalería	10.620	10.614	10.422	10.316	10.269
Transporte e comunicacións	1.508	1.491	1.467	1.420	1.437
Outros servizos	2.755	2.940	3.022	3.116	3.281
TOTAL OURENSE	22.225	22.604	22.590	22.606	22.844
TOTAL GALICIA	159.865	163.524	165.320	167.163	172.814




GRÁFICO 8: Variación interanual del número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

Salvo o leve crecemento con tendencia ao estancamento que se produce no sector servizos e no secundario, que obteñen variacións medias de 0,17% e 0,51%, respectivamente, no resto de sectores hai un comportamento neta-mente positivo no referido ao número de autónomos.

O sector servizos aumenta moi levemente no primeiro e no último intervalo do período, en tanto que descenden a ritmos moi modestos nos intermedios. Neste sentido, ten unha notable influencia o comportamento negativo do subsector de comercio e hostalería, que decrece en todos os anos, fronte ao crecemento que experimenta o de outros servizos. En cambio, o secundario descende nos tramos 2000-2001 e 2002-2003 e aumenta nos restantes.

Tanto na construción como no sector primario, hai un crecemento constante do volume de autónomos, con maior incidencia para o primeiro no intervalo comprendido entre 2000-2001 e para o segundo no de 2001-2002. Como resultado, o sector da construción obtén unha variación media de 2,18%, en tanto que no primario é de 3,82%.

O conxunto de traballadores autónomos ten unha evolución positiva moi discreta, podéndose falar de estancamento, ao obter unha variación media de 0,69%, un pouco máis baixa que a que se obtén no ámbito galego (1,97%).


4.3.- DEMANDAS DE EMPREGO

4.3.1. Demandantes galegos por provincia

TÁBOA 13: Distribución provincial dos demandantes da Comunidade galega.

	PARADOS		NON PARADOS		TOTAL	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Coruña	66.035	41,97	30.470	39,11	96.505	41,02
Lugo	16.497	10,49	8.285	10,63	24.782	10,53
Ourense	18.440	11,72	10.472	13,44	28.912	12,29
Pontevedra	56.365	35,82	28.679	36,81	85.044	36,15
TOTAL	157.337	100,00	77.906	100,00	235.243	100,00

GRÁFICO 9: Distribución dos demandantes galegos por provincias.



En volume de demandantes, a provincia de Ourense é a terceira en importancia no conxunto de Galicia, tras A Coruña e Pontevedra, representando o 12,29% do total. Igual que sucede no resto de provincias, os demandantes parados son maiores que os non parados; os primeiros representan un 63,78%, fronte ao 36,22% dos segundos.

TÁBOA 14: Distribución comarcal dos demandantes da provincia de Ourense.

	PARADOS		NON PARADOS		TOTAL	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Limia	1.485	8,05	632	6,04	2.117	7,32
Allariz-Maceda	656	3,56	276	2,64	932	3,22
Baixa Limia	417	2,26	197	1,88	614	2,12
O Carballiño	1.448	7,85	911	8,70	2.359	8,16
O Ribeiro	872	4,73	668	6,38	1.540	5,33
Ourense	8.338	45,22	5.256	50,19	13.594	47,02
Terra de Caldelas	153	0,83	73	0,70	226	0,78
Terra de Celanova	1.134	6,15	592	5,65	1.726	5,97
Terra de Trives	258	1,40	147	1,40	405	1,40
Valdeorras	1.240	6,72	716	6,84	1.956	6,77
Verín	1.946	10,55	815	7,78	2.761	9,55
Viana	493	2,67	189	1,80	682	2,36
TOTAL PROVINCIAL	18.440	100,00	10.472	100,00	28.912	100,00

Case a metade dos demandantes da provincia concéntranse na comarca de Ourense, unha proporción que é algo maior entre os non parados ca nos parados. A unha notable distancia, habería que sinalar as comarcas de Verín (9,55%), O Carballiño (8,16%), e A Limia (7,32%). Por outra parte, en todas as comarcas predominan os demandantes parados sobre os non parados.

4.3.2. Evolución dos demandantes parados

	PARADOS PROVINCIA	VARIACIÓN INTERANUAL %	PROVINCIA/TOTAL COMUNIDADE %
1999	17.958	-	12,61
2000	17.663	-1,64	12,42
2001	16.723	-5,32	12,09
2002	18.214	8,92	12,06
2003	18.439	1,24	11,72

TÁBOA 15: Evolución dos demandantes parados.




GRÁFICO 10: Evolución dos demandantes parados da provincia de Ourense.

No que respecta á liña evolutiva dos demandantes parados, a provincia de Ourense experimenta descensos nos anos 2000 e 2001, en tanto que aumenta durante os dous últimos anos, sobre todo no 2002 ao acadar unha variación interanual do 8,92%.

Porén, o peso específico da provincia con respecto ao total da Comunidade vai descendendo paulatinamente, ano tras ano, pasando de representar un 12,61% en 1999 a obter un valor de 11,72%.

4.3.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 16: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	3.062	10,59	11,80
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	15.378	53,19	55,08
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.489	5,15	4,05
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	4.447	15,38	12,55
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	1.375	4,76	5,10
	En expediente de regulación de emprego	116	0,40	1,54
	Demandantes de mellora de emprego	2.047	7,08	6,61
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	877	3,03	2,70
	Resto de demandantes	121	0,42	0,57
	TOTAL	28.912	100,00	100,00

Acadando un valor relativo similar ao do conxunto da Comunidade, na provincia de Ourense algo máis da metade dos demandantes son parados que tiveron emprego anterior; en cambio só un 15,38% son non parados con emprego anterior, e un 10,59% son parados sen emprego anterior.

Na Comunidade as porcentaxes son moi similares, se ben tende a ser algo maior a presenza de demandantes parados sen emprego anterior e menor a de non parados con emprego anterior.

4.3.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 17.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	PROVINCIA N.º	HOMES %	MULLERES %	PROVINCIA %	COMUNIDADE %
Menos de 26 anos	1.217	1.581	2.798	6,60	8,57	15,17	18,04
26 a 35 anos	1.772	2.989	4.761	9,61	16,21	25,82	29,92
36 a 45 anos	1.443	2.449	3.892	7,83	13,28	21,11	21,78
46 a 55 anos	1.569	2.119	3.688	8,51	11,49	20,00	17,78
56 e máis anos	1.855	1.446	3.301	10,06	7,84	17,90	12,48
TOTAL PROVINCIA	7.856	10.584	18.440	42,60	57,40	100,00	10,49
TOTAL COMUNIDADE	63.593	93.744	157.337	40,42	59,58	11,72	100,00

O colectivo das mulleres predomina sobre o dos homes no tocante aos demandantes parados, sendo esta situación moi similar á que se produce no ámbito galego. Ademais, un 40,99% ten menos de 36 anos, unha porcentaxe menor cá da Comunidade, 47,96%.

Na provincia insinúase un maior envellecemento dos demandantes parados, xa que un 37,9% ten máis de 45 anos; en cambio no conxunto de Galicia esa porcentaxe é do 30,26%.

Por outra parte, entre os homes predominan os que teñen máis de 55 anos (10,06%), seguidos de preto polos que están entre os 26 e 35 anos (9,61%), en tanto que nas mulleres teñen maior peso as que contan cunha idade comprendida entre 26 e 35 anos (16,21%) e os de 36 a 45 anos (13,28%).

	HOMES N.º	MULLERES N.º	PROVINCIA N.º	HOMES %	MULLERES %	PROVINCIA %	COMUNIDADE %
Menos de 26 anos	881	1.259	2.140	8,41	12,02	20,44	18,88
26 a 35 anos	827	1.872	2.699	7,90	17,88	25,77	27,82
36 a 45 anos	630	1.465	2.095	6,02	13,99	20,01	20,46
46 a 55 anos	628	1.127	1.755	6,00	10,76	16,76	17,48
56 e máis anos	899	884	1.783	8,58	8,44	17,03	15,36
TOTAL PROVINCIA	3.865	6.607	10.472	36,91	63,09	100,00	100,00
TOTAL COMUNIDADE	30.612	47.294	77.906	39,29	60,71	13,44	100,00

TÁBOA 17.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

Cunha porcentaxe levemente superior á comunidade, as mulleres volven a ser maioría entre o colectivo demandante non parado. A diferenza do que ocorría cos demandantes parados, obsérvase unha maior semellanza nos valores porcentuais referidos aos intervalos de idade entre a provincia e a Comunidade. Así, un 46,21% teñen menos de 36 anos, unha porcentaxe similar á acadada en Galicia (46,7%).

Non obstante, entre os homes tenden a predominar os dous extremos, os que contan con maior idade, 8,58%, e os que teñen menos, 8,41%. Nas mulleres, en cambio prevalecen aquelas que se sitúan entre os 26 e os 35 anos, e as do intervalo superior, 17,88% e 13,99%, respectivamente.





GRÁFICO 11: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.

O importante peso do colectivo feminino entre os demandantes explica que os que teñen entre 26 e 35 anos sexan os que predominan tanto entre os parados como os non parados, representando un 25,8% do total. En cambio, se para os demandantes parados o segundo intervalo en importancia é o de 36 a 45 anos, para os non parados é o de menos de 26 anos.

GRÁFICO 12: Distribución proporcional do total de demandantes por sexo.



Tanto entre os parados como entre os non parados predomina o colectivo feminino sobre o masculino. Malia iso, en ambos os sexos é maior a proporción dos demandantes parados, un 42,71% entre as mulleres e un 31,7% entre os homes.

4.3.5. Demandantes por nivel académico

TÁBOA 18.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Ata certificado de escolaridade*	7.551	40,95	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	5.658	30,68	32,57
Formación profesional	1.140	6,18	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	2.181	11,83	14,65
Titulados universitarios	1.671	9,06	12,07
Outras titulacións	239	1,30	1,70
TOTAL	18.440	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Entre os demandantes parados da provincia predominan dunha forma máis notoria que no caso galego aqueles que contan como máximo con certificado de escolaridade, 40,95% na provincia e 32,81% na comunidade. Séguenlle en orde de importancia os que contan co título de ensino obrigatorio (30,68%), fronte ao 32,57% da Comunidade.

O menor nivel de formación dos demandantes parados da provincia apréciase entre os que contan con estudos de bacharelato ou universitarios, representando un 20,89%, 5,83 puntos menos que no conxunto galego.

TÁBOA 18.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Ata certificado de escolaridade	3.822	36,50	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	2.808	26,81	32,57
Formación profesional	713	6,81	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	1.694	16,18	14,65
Titulados universitarios	1.299	12,40	12,07
Outras titulacións	136	1,30	1,70
TOTAL	10.472	100,00	100,00

As diferenzas no nivel académico entre o ámbito provincial e autonómico matízanse en maior medida ao analizar a distribución entre os demandantes non parados. Así, tendo maior presenza os que non chegan a acadar ensinanza obrigatoria (36,5% fronte ao 32,81% da provincia), é menor os dos que contan con este nivel de formación (5,76 puntos menos na provincia).

Pola contra, as porcentaxes dos demandantes non parados que teñen formación profesional, bacharelato e titulacións universitarias son moi similares entre a provincia de Ourense e Galicia. Como resultado disto, obsérvase unha maior analoxía entre os niveis de formación dos dous ámbitos territoriais no que se refire aos demandantes non parados que entre os parados.

4.3.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,22	0,91	0,47	6,60
	Mulleres	5,14	1,85	1,59	8,57
26 a 35 anos	Homes	6,53	1,57	1,50	9,61
	Mulleres	7,28	2,85	6,08	16,21
36 a 45 anos	Homes	4,91	1,11	1,81	7,83
	Mulleres	4,43	2,11	6,74	13,28
46 a 55 anos	Homes	3,83	1,11	3,57	8,51
	Mulleres	2,79	1,19	7,51	11,49
Máis de 55 anos	Homes	2,30	1,04	6,71	10,06
	Mulleres	1,10	0,76	5,98	7,84
% PROVINCIAL		43,54	14,46	42,01	100,00
% COMUNIDADE		49,55	14,73	35,72	100,00

TÁBOA 19: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Na provincia de Ourense a maior parte dos demandantes parados levan buscando emprego menos de seis meses (43,54%); a unha curta distancia destes sitúanse os que o levan buscando máis dun ano (42,01%). Esta situación difire da que se presenta no ámbito autonómico, pois se ben a orde é a mesma, destacan en maior medida os parados de curta duración, 49,55% sobre os de longa duración, 35,72%.

No colectivo feminino tenden a prevalecer entre as que contan con menos de 36 anos as paradas de curta duración; a partir desta idade predominan as que levan máis dun ano buscando emprego. Entre os homes, a partir de 55 anos destacan máis os parados de longa duración, en tanto que os parados de curta duración son os que predominan entre os que contan con menos desta idade.

Por outra parte, a maior presenza do colectivo feminino entre os demandantes parados de longa duración é manifesta no ámbito provincial, xa que un 27,95% está nesta situación, sendo esta porcentaxe de só un 14,06% para o colectivo masculino. Esta preponderancia feminina troca entre os parados de curta duración, debido a que un 22,79% son homes e un 20,75% mulleres.


4.3.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TABOA 20: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Provincial N.º	Provincial %	Comunidade %	Provincial N.º	Provincial %	Comunidade %
Sector primario	465	2,52	2,53	264	2,52	3,21
Sector secundario	2.879	15,61	17,05	1.391	13,28	17,02
Construción	2.756	14,95	12,36	1.037	9,90	8,22
Sector servizos	9.311	50,49	50,55	5.836	55,73	55,23
Sen actividade previa	3.029	16,43	17,50	1.944	18,56	16,32
TOTAL	18.440	100,00	100,00	10.472	100,00	100,00


A maior presenza do sector servizos obsérvase tanto para os demandantes parados como para os non parados, debido a que máis da metade nos dous casos proceden deste sector. A unha notable distancia sitúase o sector secundario, seguido de preto, sobre todo entre os demandantes parados, polo sector da construción. Non se observan diferenzas significativas na provincia con respecto á Comunidade na distribución dos demandantes por sectores, onde só se visualiza unha leve maior presenza do sector secundario na Comunidade (17,02%, fronte ao 13,28% da provincia).

GRÁFICO 13: Demandantes parados na industria.



No subsector da industria, comprendido dentro do sector secundario, cómpre subliñar a importancia dos demandantes procedentes das actividades de outras industrias, téxtil e confección, e alimentación, representando o 34%, 24% e 16%, respectivamente.

GRÁFICO 14: Demandantes parados nos servizos.



No sector servizos destaca a presenza dos demandantes nas actividades de comercio (20%), actividades inmobiliarias e servizos ás empresas (19%), hostalería (15%) e administracións públicas (13%). O resto dos demandantes distribúense de forma máis minoritaria entre o resto de actividades.

4.3.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Muller/mozo limpeza, limpador	2.700	9,34	7,42
Empregado administrativo	2.529	8,75	8,95
Dependente de comercio	2.315	8,01	8,91
Peón da industria manufactureira	1.321	4,57	5,26
Peón da construción de edificios	1.144	3,96	2,5
Camareiro	792	2,74	2,78
Albanel	744	2,58	2,5
Cociñeiro	600	2,08	1,65
Auxiliar de clínica	571	1,98	1,51
Operario máquina industrial coser á plana, excepto peletería e calzado	566	1,96	1,55

TÁBOA 21: Ocupacións máis demandadas.

4.3.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL PROVINCIAL TIPO	PERFIL AUTONÓMICO TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Titulación ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/mozo limpeza, limpador	Empregado administrativo

TÁBOA 22: Perfil máis representativo.

4.4. OFERTAS

4.4.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 23: Número de ofertas por comarcas. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
A Limia	563	5,06
Allariz-Maceda	153	1,38
Baixa Limia	46	0,41
O Carballiño	590	5,31
O Ribeiro	608	5,47
Ourense	6.802	61,19
Terra de Caldelas	18	0,16
Terra de Celanova	863	7,76
Terra de Trives	135	1,21
Valdeorras	519	4,67
Verín	698	6,28
Viana	121	1,09
TOTAL PROVINCIAL	11.116	100,00

TOTAL OFERTAS COMUNIDADE: 86.737

PROVINCIA/COMUNIDADE AUTÓNOMA: 12,82

Das 11.116 ofertas rexistradas na provincia, un 61,19% delas foron xestionadas dentro da comarca de Ourense. Cunha presenza máis minoritaria habería que destacar o peso das comarcas de Terra de Celanova, co 7,76%, e Verín, co 6,28%.

Igual que sucedía co conxunto de demandantes, a provincia de Ourense sitúase en terceiro lugar no conxunto da Comunidade, por detrás de Pontevedra e da Coruña, representando un 12,82% sobre o total.

TÁBOA 24: Evolución das ofertas por comarcas. Ano 1999-2003.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
A Limia	619	597	661	586	563	-3,55	10,72	-11,35	-3,92	-2,34
Allariz-Maceda	125	220	91	118	153	76,00	-58,64	29,67	29,66	5,18
Baixa Limia	6	31	23	18	46	416,67	-25,81	-21,74	155,56	66,40
O Carballiño	705	788	833	594	590	11,77	5,71	-28,69	-0,67	-4,35
O Ribeiro	519	624	444	563	608	20,23	-28,85	26,80	7,99	4,04
Ourense	5.934	8.282	7.269	6.837	6.802	39,57	-12,23	-5,94	-0,51	3,47
Terra de Caldelas	12	34	11	11	18	183,33	-67,65	0,00	63,64	10,67
Terra de Celanova	556	888	742	645	863	59,71	-16,44	-13,07	33,80	11,62
Terra de Trives	103	192	143	99	135	86,41	-25,52	-30,77	36,36	7,00
Valdeorras	623	619	581	540	519	-0,64	-6,14	-7,06	-3,89	-4,46
Verín	662	553	766	744	698	-16,47	38,52	-2,87	-6,18	1,33
Viana	111	141	100	116	121	27,03	-29,08	16,00	4,31	2,18
TOTAL PROVINCIAL	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116	30,02	-10,06	-6,80	2,25	2,74
TOTAL COMUNIDADE	68.959	88.809	83.590	86.941	86.737	28,79	-5,88	4,01	-0,23	5,90

A evolución das ofertas rexistradas na provincia de Ourense foi positiva para o conxunto do período, se ben dunha forma menos destacada do que sucede na Comunidade galega, 5,9%. As diferenzas estriban en que as reducións ocorridas na Comunidade son máis baixas que as que obtén a provincia entre os anos 2000 e 2002.

Por outra parte, hai que destacar que se produce un incremento do número de ofertas en nove das doce comarcas da provincia, rexistrándose leves recesións en Valdeorras, O Carballiño e A Limia. No que respecta á comarca con maior volume de ofertas, Ourense, ten un comportamento similar ao da provincia, ascendendo entre o ano 1999 e 2000, para descender nos dous seguintes; a diferenza coa provincia estriba na variación modesta de carácter negativo que ten no tramo 2002-2003. Porén, o ritmo de crecemento da comarca sitúase algo por riba do provincial, 3,47% fronte ao 2,74%, debido sobre todo ao importante ascenso acadado no primeiro intervalo temporal, 39,57% de variación interanual.




GRÁFICO 15: Evolución do número de ofertas por comarcas.

Debido á importancia da comarca de Ourense con respecto ao número de ofertas, no gráfico 15 agrupáronse o resto de comarcas da provincia para comparar as respectivas evolucións. De feito, vese certa analoxía entre as dúas curvas, se ben o resto de comarcas acada unhas variacións máis baixas durante todo o período, debido a que, tras un crecemento entre 1999 e 2000, decrece de forma leve pero sostida ata o ano 2003 no caso da comarca de Ourense e de 2002 no resto de comarcas, dada a pequena recuperación experimentada por estas no último ano.

4.4.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica


	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Limia	15	11,90	68	6,79	83	3,73	397	5,11
Allariz-Maceda	1	0,79	12	1,20	16	0,72	124	1,60
Baixa Limia	0	0,00	3	0,30	4	0,18	39	0,50
O Carballiño	6	4,76	47	4,70	167	7,51	370	4,77
O Ribeiro	8	6,35	31	3,10	138	6,21	431	5,55
Ourense	36	28,57	529	52,85	1.304	58,63	4.932	63,53
Terra de Caldelas	2	1,59	0	0,00	3	0,13	13	0,17
Terra de Celanova	33	26,19	81	8,09	232	10,43	517	6,66
Terra de Trives	1	0,79	20	2,00	4	0,18	110	1,42
Valdeorras	19	15,08	96	9,59	115	5,17	289	3,72
Verín	5	3,97	110	10,99	118	5,31	464	5,98
Viana	0	0,00	4	0,40	40	1,80	77	0,99
TOTAL PROVINCIAL	126	100,00	1.001	100,00	2.224	100,00	7.763	100,00
TOTAL COMUNIDADE	1.200		8.245		15.548		61.728	

TÁBOA 25: Distribución das ofertas por comarcas e sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación coa provincia.

A maioría das ofertas procedentes do sector servizos, construción e secundario foron xestionadas no concello de Ourense. En cambio, no sector primario, que ocupa tamén a primeira posición, o seu número de ofertas é moi semellante ao acadado por Terra de Celanova.


Esta última comarca tamén se sitúa nunha segunda posición en relación co sector servizos e construción, ocupándoa a de Verín no caso do secundario.

GRÁFICO 16: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



Sete de cada dez ofertas xestionadas na provincia de Ourense proceden do sector servizos; con valores moito máis modestos sitúanse o da construción (20%) e o secundario (9%).

Gráfico 17: Distribución porcentual das ofertas na industria.



As actividades do subsector industrial con maior número de ofertas son as de téxtil e confección, e outras industrias, que con porcentaxes idénticas agrupan a metade destas. Séguelles a notable distancia a de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, e a de madeira, ambas co 15%.




GRÁFICO 18: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

No sector servizos hai catro actividades que destacan por riba das demais, como son as de administracións públicas, actividades inmobiliarias e servizos ás empresas, comercio, e hostalería; entre elas agrupan o 62% das ofertas procedentes deste sector. O resto de actividades, a excepción de servizos de automoción, acadan porcentaxes moi similares.

	Nº DE OFERTAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	132	219	153	112	126
Secundario	1.117	1.453	1.250	1.166	1.001
Construción	2.667	2.537	2.242	2.179	2.224
Servizos	6.057	8.760	8.018	7.413	7.763
Sen actividade previa	2	0	1	1	2
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116
TOTAL COMUNIDADE	68.959	88.809	83.590	86.941	86.737


TÁBOA 26: Evolución das ofertas por sectores económicos.

O único sector que experimenta un crecemento no seu número de ofertas entre 1999 e 2003 é o de servizos, que obtén unha variación media para o conxunto do período de 6,4%. A pesar dos decrecementos que soporta entre 2001 e 2002, benefíciase do importante crecemento do ano 2000, no que a súa variación interanual ascende ao 44,63%.

O resto de sectores descende, sobre todo entre os tramos temporais comprendidos entre 2000 e 2002, acadando variacións medias que van desde o -4,44% do sector da construción ata o -1,16% do sector primario. Tanto o sector secundario como o da construción só ascenden nun intervalo, o primeiro no 1999-2000 -variación interanual de 30,08%- e o segundo no 2002-2003 -2,07%-.


4.4.3. Perfil básico das ofertas

GRÁFICO 19: Ofertas por sexo da provincia de Ourense.



Hai que sinalar que só o 22,28% das ofertas xestionadas no servizo público de emprego de Galicia solicitaban persoas segundo o seu xénero para os postos de traballo. No caso do sector secundario e, sobre todo, na construción, solicítanse basicamente suxeitos do colectivo masculino. En cambio no de servizos predomina a solicitude de persoas de xénero feminino, debido sobre todo á incidencia das ofertas con este requirimento procedentes das actividades de hostalería e de comercio.

GRÁFICO 20: Ofertas por nivel académico da provincia de Ourense.



Catro de cada 10 ofertas xestionadas na provincia de Ourense solicitan un determinado nivel de estudos, se ben o 60,27% delas só piden como máximo o certificado de escolaridade. As que esixen ensino obrigatorio supoñen un 21,31%, en tanto que tan só un 8,78% requiren estudos universitarios. As actividades que requiren un maior nivel formativo son as de administracións públicas e, en menor medida, educación e servizos á Comunidade.

4.4.4. Análise ocupacional das ofertas

	1999	2000	2001	2002	2003
Axente comercial - Vendedor	541	1202	744	514	813
Camareiro - Barman	353	459	473	431	399
Albanel	301	543	310	301	308
Empregado do fogar	130	168	221	251	284
Peón de albanel - Peón de obras públicas	149	199	211	271	264
Dependente de comercio	153	268	362	241	215
Conductor de mercaderías - Conductor de camión	83	133	114	103	153
Perruqueiro	54	141	103	125	135
Auxiliar administrativo	55	69	78	146	135
Telefonista - Operador de <i>telemarketing</i>	1	25	3	56	135

TÁBOA 27: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

As ocupacións máis ofertadas a través dos centros colaboradores no ano 2003 foron as de axente comercial-vendedor e, a certa distancia, camareiro e albanel. Se a primeira obtén un notable crecemento durante 1999 e 2003, cunha variación media anual de 10,72%, a segunda ten un ritmo de crecemento máis lento (3,11%) e a terceira apenas medra neste tempo (0,58%).

O resto de ocupacións teñen un comportamento netamente positivo, destacando en particular o fortísimo incremento que experimenta a de telefonista-operador de *marketing*, dando un salto moi importante entre os anos 2002 e 2003.

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	614	400	383	365	428
Peón de obras públicas	240	300	424	354	288
Peón da construción de edificios	477	523	330	312	269
Técnico de protección civil	191	202	206	227	256
Asistente domiciliario	165	203	206	159	208
Peón da ind. manufactureira	225	122	113	224	173
Traballador retén incendios forestais	117	96	96	199	162
Camareiro	118	127	148	148	152
Canteiro de construción	47	62	66	41	123
Médico especialista	4	0	3	34	120

TÁBOA 28: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

O sector da construción ten unha forte presenza entre as ocupacións máis ofertadas a través das oficinas de emprego. Así, as tres con maior volume de ofertas son as de albanel, peón de obras públicas e peón da construción de edificios. A curta distancia sitúanse a de técnico de protección civil e a de asistente domiciliario.

Porén, a pesar da súa importancia cuantitativa, as ofertas de albanel e peón da construción de edificios sofren un descenso durante este período, debido sobre todo ao descenso que tivo a primeira entre 1999 e 2002 e á recesión a partir de 2001 da segunda.

O resto de ocupacións, a excepción de peón da industria manufactureira, experimentan unha evolución positiva, destacando o forte incremento que se produce nas ofertas de canteiro da construción, cunha variación media anual de 27,19%, e a de médico especialista, destacando en ambas o incremento producido no último ano.

4.5. CONTRATOS

4.5.1. Número de contratos no ámbito provincial

TÁBOA 29: Número de contratos na provincia de Ourense por comarcas. Ano 2003.

	CONTRATOS N.º	PROVINCIAL %
A Limia	1.815	3,59
Allariz-Maceda	1.157	2,29
Baixa Limia	676	1,34
O Carballiño	2.392	4,73
O Ribeiro	1.609	3,18
Ourense	31.532	62,33
Terra de Caldelas	221	0,44
Terra de Celanova	1.357	2,68
Terra de Trives	493	0,97
Valdeorras	5.100	10,08
Verín	3.766	7,44
Viana	469	0,93
TOTAL PROVINCIA	50.587	7,08
TOTAL COMUNIDADE	714.881	

Igual que sucedía co número de demandantes e ofertas, a comarca de Ourense é a que rexistra o maior número de contratos da provincia, co 62,33% do total. Cun 10,08% sitúase a continuación a comarca de Valdeorras e co 7,44% a de Verín.

Por outra parte, na provincia rexístranse o 7,08% do total de contratos realizados en Galicia, sendo nesta ocasión a última provincia en volume de contratación.

TÁBOA 30: Evolución do número de contratos no ámbito provincial. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A Limia	2.200	2.123	2.077	1.892	1.815	-3,50	-2,17	-8,91	-4,07	-4,70
Allariz-Maceda	1.339	1.211	1.493	1.251	1.157	-9,56	23,29	-16,21	-7,51	-3,59
Baixa Limia	790	695	631	589	676	-12,03	-9,21	-6,66	14,77	-3,82
O Carballiño	2.324	2.518	2.266	2.214	2.392	8,35	-10,01	-2,29	8,04	0,72
O Ribeiro	1.790	1.863	1.568	1.663	1.609	4,08	-15,83	6,06	-3,25	-2,63
Ourense	29.137	29.995	31.570	32.324	31.532	2,94	5,25	2,39	-2,45	1,99
Terra de Caldelas	360	305	245	246	221	-15,28	-19,67	0,41	-10,16	-11,48
Terra de Celanova	1.424	1.480	1.486	1.494	1.357	3,93	0,41	0,54	-9,17	-1,20
Terra de Trives	584	609	604	412	493	4,28	-0,82	-31,79	19,66	-4,15
Valdeorras	4.773	4.924	5.006	4.982	5.100	3,16	1,67	-0,48	2,37	1,67
Verín	3.024	2.920	2.919	3.228	3.766	-3,44	-0,03	10,59	16,67	5,64
Viana	772	732	727	568	469	-5,18	-0,68	-21,87	-17,43	-11,71
TOTAL PROVINCIA	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05
TOTAL COMUNIDADE	657.517	689.007	672.023	689.927	714.881	4,79	-2,46	2,66	3,62	2,11

En relación coa evolución do número de contratos durante o período obxecto de estudo, o ritmo de crecemento é menor na provincia de Ourense que no conxunto da Comunidade, ao obter unha variación media a primeira de 1,05%, fronte ao 2,11% da segunda. A evolución tamén é distinta, xa que na provincia apenas se observan variacións significativas nos últimos dous anos, en tanto que na Comunidade, despois da leve redución do tramo 2000-2001, prodúcese un crecemento ao longo dos dous anos seguintes.

A excepción das comarcas de Verín, Ourense, Valdeorras e O Carballiño, que experimentan un crecemento discreto, no resto de comarcas hai un descenso no número de contratos. Atendendo ás comarcas máis significativas, hai que sinalar o crecemento constante da comarca de Ourense ata o ano 2002, a partir do cal descende, para obter unha variación media de 1,99%.

En cambio Valdeorras só tende a estancarse no intervalo 2001-2002, amosando un balance positivo no período, ao acadar unha variación media de 1,67%. Por último, Verín comeza a crecer en número de contratos a partir do intervalo 2001-2002 e dunha forma máis marcada no último intervalo, sendo a súa variación media de 5,64%.

4.5.2. Contratación provincial segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	10.182	7.388	17.570	20,13	14,60	34,73
De 26 a 35 anos	8.595	7.903	16.498	16,99	15,62	32,61
De 36 a 45 anos	5.338	4.266	9.604	10,55	8,43	18,99
De 46 a 55 anos	3.383	1.868	5.251	6,69	3,69	10,38
Máis de 55 anos	1.286	378	1.664	2,54	0,75	3,29
TOTAL OURENSE	28.784	21.803	50.587	56,90	43,10	100,00
TOTAL COMUNIDADE	389.968	324.913	714.881	54,55	45,45	100,00

TÁBOA 31: Distribución da contratación provincial segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

A maioría dos contratos son realizados a integrantes do colectivo masculino, 56,9%, en tanto que esta porcentaxe é do 43,1% para o feminino. Esta situación é moi similar á que se produce no conxunto de Galicia, aínda que neste último obsérvase unha porcentaxe algo maior das mulleres na contratación, 45,45%.


Por outra parte, é destacable que un 67,34% dos contratos se lles realicen a persoas menores de 36 anos. En cambio, só un 13,67% teñen máis de 45 anos.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	31.687	31.291	30.542	29.806	28.784	-1,25	-2,39	-2,41	-3,43	-2,37
Mulleres	16.830	18.084	20.050	21.057	21.803	7,45	10,87	5,02	3,54	6,69
TOTAL CONTRATOS	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

TÁBOA 32: Evolución do número de contratos da provincia segundo o sexo. Período 1999-2003.

A tendencia evolutiva na contratación feminina é antagónica á que se produce para a masculina. Se para a primeira os ritmos de crecemento son constantes ao longo de todos os anos do período 1999-2003, sobre todo nos dous primeiros intervalos comprendidos entre 1999 e 2001, para a segunda hai retrocesos constantes, cuns valores semellantes nos diferentes anos. Como resultado, a contratación feminina alcanza unha variación media de 6,69%, fronte ao -2,37% da masculina.

GRÁFICO 21: Evolución da distribución da contratación provincial segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores porcentuais.



As diverxencias no crecemento da contratación entre homes e mulleres visualízanse no gráfico 21, xa que as diferenzas entre ambos pasan de ser de 30,62 puntos en 1999 a 13,8 puntos en 2003; esta tendencia á redución das distancias entre ambos os colectivos mantense durante todos os anos.

TÁBOA 33: Evolución do número de contratos da provincia segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	16.227	16.668	16.958	16.791	17.570	2,72	1,74	-0,98	4,64	2,01
De 26 a 35 anos	15.849	16.440	16.801	17.507	16.498	3,73	2,20	4,20	-5,76	1,01
De 36 a 45 anos	9.080	9.125	9.572	9.528	9.604	0,50	4,90	-0,46	0,80	1,41
De 46 a 55 anos	5.479	5.333	5.426	5.208	5.251	-2,66	1,74	-4,02	0,83	-1,06
Máis de 55 anos	1.882	1.809	1.835	1.829	1.664	-3,88	1,44	-0,33	-9,02	-3,03
TOTAL CONTRATOS	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

No que respecta á evolución segundo idade, a contratación só descende para os que teñen máis de 45 anos, aumentando moderadamente para os que están por baixo desta idade.

Non obstante, no último ano prodúcese un descenso entre os contratados que teñen entre 26 e 35 anos, así como os que contan cunha idade superior aos 55 anos (variación interanual de -5,76% e -9,02%, respectivamente), dándose un crecemento moi leve entre os que teñen entre 36 e 55 anos. O único segmento que presenta un crecemento significativo son os contratos realizados a menores de 26 anos, cunha variación interanual do 4,64%, que tamén obteñen a variación media máis alta (2,01%).

4.5.3. Contratación provincial segundo os sectores económicos

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	1.344	2,66
Agricultura e pesca	1.344	2,66
SECTOR SECUNDARIO	8.009	15,83
Industria	7.876	15,57
Electricidade	133	0,26
SECTOR CONSTRUCCIÓN	8.033	15,88
Construcción	8.033	15,88
SECTOR SERVICIOS	33.201	65,63
Comercio e hostalería	10.936	21,62
Transporte e comunicacións	1.402	2,77
Outros servizos	20.863	41,24
TOTAL CONTRATOS	50.587	100,00

TABOA 34: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

A maior importancia do sector servizos na economía da provincia de Ourense queda unha vez máis reflectida ao ser o que concentra un maior número de contratos (65,63%). Hai que destacar a importancia do subsector de outros servizos (41,24%), tendo menor entidade o de comercio e hostalería (21,62%).

Tanto o sector da construción como o secundario teñen un volume de contratos semellantes, 15,88% e 15,83%, respectivamente. Pola contra, o sector primario ten unha contribución marxinal neste apartado (2,66%).





GRÁFICO 22: Distribución porcentual da contratación na industria.

No subsector da industria destaca o peso específico das actividades de outras industrias e de téxtil e confección, conxugando entre as dúas máis da metade da contratación para o conxunto deste subsector. A certa distancia sitúanse as de alimentación (12%) e a de metallurxia e fabricación de produtos metálicos, co 10%.

GRÁFICO 23: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



A actividade principal no sector servizos no referente a número de contratos é a de actividades inmobiliarias e servizos ás empresas, co 27% do total; séguelle a certa distancia a de comercio, co 19%, a de hostalería e a de servizos á comunidade, ambas co 12%.

TÁBOA 35: Distribución porcentual da contratación provincial segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

	IDADE						
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	2,06	0,60	0,64	0,67	0,64	0,50	0,20
Agricultura e pesca	2,06	0,60	0,64	0,67	0,64	0,50	0,20
SECTOR SECUNDARIO	9,73	6,11	5,60	5,31	3,12	1,44	0,37
Industria	9,56	6,01	5,52	5,22	3,06	1,41	0,35
Electricidade	0,17	0,09	0,08	0,09	0,05	0,03	0,01
SECTOR CONSTRUCCIÓN	14,83	1,05	4,66	4,33	3,57	2,40	0,92
Construción	14,83	1,05	4,66	4,33	3,57	2,40	0,92
SECTOR SERVIZOS	30,28	35,35	23,83	22,30	11,66	6,04	1,80
Comercio e hostalería	8,83	12,78	8,96	7,27	3,50	1,45	0,43
Transporte e comunicacións	2,47	0,30	0,55	1,00	0,72	0,37	0,13
Outros servizos	18,98	22,26	14,32	14,03	7,43	4,22	1,23
TOTAL CONTRATOS	56,90	43,10	34,73	32,61	18,99	10,38	3,29

Tanto para as mulleres como para os homes a maior parte dos contratos realizados en 2003 proceden do sector servizos, 35,35% e 30,28%, respectivamente. En cambio, se para os homes o segundo sector en importancia é o da construción, 14,83%, para as mulleres ten un papel marxinal, ocupando esta posición o sector secundario, 6,11%. Non obstante, no sector secundario a porcentaxe de homes contratados é maior que nas mulleres, 9,73%.

A maior presenza das mulleres nos servizos, observase tamén na preponderancia que teñen no subsector de outros servizos e no de comercio e hostalería; non sucede así no de transporte e comunicacións, no que se dá a situación inversa.

No que respecta á distribución por idades, sendo os contratos procedentes do sector servizos os máis frecuentes en todas as idades, destaca o maior peso do subsector de outros servizos en todos os intervalos. No ámbito sectorial apréciase como o sector secundario é o segundo máis importante para os que teñen menos de 36 anos, sendo o da construción para os que contan cunha idade maior.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	1.916	1.534	1.401	1.139	1.344	-19,94	-8,67	-18,70	18,00	-8,48
Agricultura e pesca	1.916	1.534	1.401	1.139	1.344	-19,94	-8,67	-18,70	18,00	-8,48
SECTOR SECUNDARIO	9.001	9.918	9.479	8.858	8.009	10,19	-4,43	-6,55	-9,58	-2,88
Industria	8.861	9.785	9.343	8.705	7.876	10,43	-4,52	-6,83	-9,52	-2,90
Electricidade	140	133	136	153	133	-5,00	2,26	12,50	-13,07	-1,27
SECTOR CONSTRUCCIÓN	8.468	8.494	8.349	8.169	8.033	0,31	-1,71	-2,16	-1,66	-1,31
Construcción	8.468	8.494	8.349	8.169	8.033	0,31	-1,71	-2,16	-1,66	-1,31
SECTOR SERVICIOS	29.132	29.429	31.363	32.542	33.201	1,02	6,57	3,76	2,03	3,32
Comercio e hostalería	9.547	10.018	10.372	11.194	10.936	4,93	3,53	7,93	-2,30	3,45
Transporte e comunicacións	1.548	1.455	1.436	1.457	1.402	-6,01	-1,31	1,46	-3,77	-2,45
Outros servizos	18.037	17.956	19.555	19.891	20.863	-0,45	8,91	1,72	4,89	3,71
TOTAL CONTRATOS	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

TÁBOA 36: Evolución da contratación provincial segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

Tan só os contratos procedentes do sector servizos crecen no período estudado; ademais esta subida prodúcese en todos os anos, dando como resultado unha variación media de 3,32%. Nos subsectores dos servizos, obsérvase un balance positivo para outros servizos e comercio e hostalería, se ben non sucede o mesmo para o de transporte e comunicacións, que só medra entre os anos 2001 e 2002.

A excepción do tramo 1999-2000, os sectores secundario e da construción descenden en número de contratos, acadando unha variación media de -2,88% o primeiro e de -1,31% o segundo. Pola contra, o primario só ascende no último intervalo, se ben os fortes decrecementos dos anos anteriores provocan que o seu balance en termos relativos sexa o peor de todos os sectores (variación media de -8,48%).

4.5.4. Tipoloxía da contratación laboral




GRÁFICO 24: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.

Case tres cuartas partes dos contratos realizados na provincia de Ourense son temporais a tempo completo; facendo unha agregación destes cos que se realizan a tempo parcial, obsérvase que o 88% do total contratación é de carácter temporal. Un 5% son contratos en prácticas, mentres que só outro 5% son indefinidos, ben a tempo parcial ou completo.

TÁBOA 37: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55 anos
Indefinido	2,16	1,93	0,81	1,45	0,80	0,72	0,30
Indefinido tempo parcial	0,28	0,74	0,31	0,39	0,19	0,11	0,03
Temporal	44,36	27,32	22,99	24,44	14,40	7,49	2,35
Temporal tempo parcial	5,40	11,03	6,69	5,39	2,87	1,21	0,28
Prácticas/Formación	3,11	1,84	3,68	0,51	0,33	0,28	0,15
Outros	1,59	0,24	0,25	0,43	0,41	0,57	0,17
TOTAL CONTRATOS	56,90	43,10	34,73	32,61	18,99	10,38	3,29

A contratación temporal a tempo completo é a forma predominante para ambos os sexos, así como para todos os segmentos de idade. No que respecta aos contratos temporais a tempo parcial, son máis comúns entre o colectivo feminino (11,03%) que entre o masculino (5,4%). Este tipo de contrato tamén é máis frecuente entre os que teñen menos de 36 anos, 12,08%.

Dado o seu escaso peso específico, apenas se presentan elementos diferenciais na distribución da contratación indefinida, aínda que se insinúa unha maior presenza entre os homes e entre os que contan cunha idade comprendida entre 26 e 35 anos.

TÁBOA 38: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,09	0,94	0,00	0,94	0,49	1,49	0,18	0,89	2,56
Indefinido tempo parcial	0,01	0,09	0,00	0,09	0,03	0,44	0,04	0,41	0,90
Temporal	2,29	12,92	0,23	13,15	13,79	12,78	2,23	27,44	42,45
Temporal tempo parcial	0,16	0,89	0,03	0,91	0,54	5,52	0,30	9,02	14,83
Prácticas/Formación	0,11	0,73	0,00	0,73	1,03	1,38	0,02	1,67	3,07
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,01	0,01	0,00	1,81	1,82
TOTAL CONTRATOS	2,66	15,57	0,26	15,83	15,88	21,62	2,77	41,24	65,63

Nos diversos sectores económicos predomina claramente a contratación temporal de tempo completo. Tanto no sector primario como no secundario e no da construción, as outras modalidades de contratación son marxinais. De feito, se un 16,44% da contratación é temporal a tempo parcial, un 14,83% concéntrase no sector servizos; unha situación semellante ocorre coa contratación indefinida e coa de prácticas.

No ámbito subsectorial, destaca sobre todo a importancia de outros servizos, seguido en orde de importancia polo de comercio no referente ao conxunto da contratación temporal, se ben este último ten un presenza máis marcada no tocante á contratación indefinida.

TÁBOA 39: Evolución da contratación provincial segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	4.639	4.158	4.787	4.221	2.067	-10,37	15,13	-11,82	-51,03	-18,30
Indefinido tempo parcial	510	562	430	951	518	10,20	-23,49	121,16	-45,53	0,39
Temporal	31.851	33.129	34.095	33.955	36.259	4,01	2,92	-0,41	6,79	3,29
Temporal tempo parcial	7.846	8.007	7.935	8.577	8.316	2,05	-0,90	8,09	-3,04	1,47
Prácticas/Formación	2.373	2.155	2.108	2.268	2.502	-9,19	-2,18	7,59	10,32	1,33
Outros	1.298	1.364	1.237	891	925	5,08	-9,31	-27,97	3,82	-8,12
TOTAL CONTRATOS	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

Durante os anos 1999-2003, hai un forte descenso da contratación indefinida a tempo completo (variación media de -18,3%) e un estancamento da indefinida a tempo parcial (variación media de 0,39%).

No que respecta á modalidade temporal, a que se realiza a tempo completo ascende todos os anos, con excepción do tramo 2001-2002, para obter finalmente unha variación media de 3,29%. A pesar dos descenso nos tramos 2000-2001 e 2002-2003, a que se realiza a tempo parcial medra dunha forma modesta. En cambio, na contratación en prácticas, aumenta notablemente nos dous últimos intervalos, compensando os descenso producidos nos dous primeiros; como resultado, obtén unha variación media de 1,33%.

4.5.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	134	0,26
HOMES	80	0,16
MULLERES	54	0,11
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	3.946	7,80
HOMES	1.907	3,77
MULLERES	2.039	4,03
3. Técnicos e profesionais de apoio	2.492	4,93
HOMES	1.195	2,36
MULLERES	1.297	2,56
4. Empregados de tipo administrativo	3.861	7,63
HOMES	1.046	2,07
MULLERES	2.815	5,56
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	11.221	22,18
HOMES	3.340	6,60
MULLERES	7.881	15,58
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	966	1,91
HOMES	659	1,30
MULLERES	307	0,61
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	7.053	13,94
HOMES	6.509	12,87
MULLERES	544	1,08
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	6.207	12,27
HOMES	4.638	9,17
MULLERES	1.569	3,10
9. Traballadores non cualificados	14.707	29,07
HOMES	9.410	18,60
MULLERES	5.297	10,47
TOTAL CONTRATOS	50.587	100,00
TOTAL HOMES	28.784	56,90
TOTAL MULLERES	21.803	43,10

TÁBOA 40: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

Dos nove grandes grupos de ocupación, un 77,46% da contratación está concentrado en catro deles:

- Traballadores non cualificados, 29,07%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 22,18%.
- Artesáns-traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 13,94%.
- Operadores de instalación e maquinaria, e montadores, co 12,27%.

Atendendo ao sexo dos traballadores, pódese facer a seguinte diferenciación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados, 18,6%. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 12,87%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 9,17%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 6,6%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 15,58%. • Traballadoras non cualificadas, 10,47%. • Empregadas de tipo administrativo, 5,56%. • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais, 4,03%.

En cinco dos nove grandes grupos de ocupación prevalece a contratación dos homes sobre as mulleres, en cambio predomina a do colectivo feminino nos seguintes:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 8,98 puntos máis na contratación de mulleres.
- Empregadas de tipo administrativo, 3,49 puntos máis entre os contratos femininos.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais, 0,26 puntos máis.
- Técnicas e profesionais de apoio, 0,2 puntos máis.

Durante o período comprendido entre 1999 e 2003 hai un descenso máis pronunciado nos seguintes grupos de ocupación:

- Artesáns-traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, que ten unha variación media de -4,88%.
- Empregados de tipo administrativo, -1,08%.

En cambio, os maiores crecementos producíronse nos seguintes grupos:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais e protección e vendedores de comercio, cunha variación media de 6,68%.
- Técnicos e profesionais de apoio, 6,36%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, 6,53%.

Entre o colectivo masculino só hai un incremento na contratación en dous dos nove grandes grupos:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, variación media de 2,42%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 2,09%.

No resto dos grupos prodúcese un decrecemento, destacando neste sentido os seguintes:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, variación media de -9,67%.
- Artesáns-traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, -5%.
- Traballadores non cualificados, -3,24%.

Pola contra a contratación feminina só descende no grupo de artesáns-traballadoras cualificadas da industria manufactureira, construción e minería, que obtén unha variación media de -3,45%.

Os maiores niveis de crecemento prodúcense nos seguintes grupos:

- Técnicas e profesionais de apoio, que obtén unha variación media de 16,05%.
- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca, 11,73%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais, 11,25%.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 8,98%.

4.5.6. Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	3.685	7,28	2.678	9,30	1.007	4,62	72,67
50200018	Camareiro, en xeral	3.001	5,93	1.397	4,85	1.604	7,36	46,55
71100016	Albanel	2.287	4,52	2.210	7,68	77	0,35	96,63
96020014	Peón da construción de edificios	2.253	4,45	2.211	7,68	42	0,19	98,14
42100010	Empregado administrativo, en xeral	2.249	4,45	613	2,13	1.636	7,50	27,26
53300010	Dependente de comercio, en xeral	1.981	3,92	302	1,05	1.679	7,70	15,24
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.684	3,33	175	0,61	1.509	6,92	10,39
86300016	Condutor de camión, en xeral	1.554	3,07	1.537	5,34	17	0,08	98,91
25130104	Músico instrumentista, en xeral	987	1,95	848	2,95	139	0,64	85,92
50100017	Cociñeiro, en xeral	969	1,92	257	0,89	712	3,27	26,52
TOTAL CONTRATOS		20.650	40,82	12.228	42,48	8.422	38,63	59,22

TÁBOA 41: As dez ocupacións máis contratadas na provincia de Ourense. Ano 2003.

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Un 40,82% da total da contratación da provincia concéntrase en dez ocupacións; esta mesma porcentaxe é algo maior para os homes que para as mulleres (42,48% e 38,63%, respectivamente).

As ocupacións máis contratadas son as de peón da industria manufactureira e camareiro; con porcentaxes similares están as de albanel, peón da construción de edificios e empregado administrativo.

No caso dos homes, as ocupacións máis contratadas en 2003 foron as de peón da industria manufactureira e, con porcentaxes idénticas, as de peón de construción de edificios e albanel. En cambio nas mulleres destacan en maior medida as de dependenta de comercio, empregada administrativa e camareira.

Hai certas ocupacións nas cales a contratación masculina é máis notoria, ao obter unha ratio de masculinidade maior do 70%, como sucede con:

- Condutor de camión.
- Peón da construción de edificios.
- Albanel.
- Músico instrumentista.
- Peón da industria manufactureira.

En cambio, teñen unha maior presenza feminina as seguintes ocupacións, acadando unha ratio menor do 30%:

- Muller de limpeza, limpadora.
- Dependenta de comercio.
- Cociñeira.
- Empregada administrativa.

TÁBOA 42: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	Peón da industria manufactureira	1.850	2.739	3.145	3.449	3.685
50200018	Camareiro	2.586	2.392	2.402	2.992	3.001
71100016	Albanel	2.676	2.361	2.228	2.252	2.287
96020014	Peón da construción de edificios	2.857	2.637	2.628	2.258	2.253
42100010	Empregado administrativo	2.184	2.853	2.733	2.562	2.249
53300010	Dependente de comercio	1.199	1.680	1.693	1.835	1.981
91210016	Muller - mozo limpeza, limpador	1.579	2.165	1.779	1.734	1.684
86300016	Condutor de camión	1.515	1.401	1.713	1.588	1.554
25130104	Músico instrumentista	890	889	956	812	987
50100017	Cociñeiro	681	750	956	1.041	969
46010025	Caixeiro de comercio	948	585	629	736	627
94400012	Peón forestal	1.650	1.292	1.094	760	863
97000084	Peón da industria metalúrxica	1.457	768	786	665	314
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	935	999	1.193	990	867

Da lista das dez ocupacións máis contratadas, hai dúas que entraron nos últimos anos: a de músico instrumentista, a partir do último ano, e cociñeiro, que entra en 2002.

Con respecto a outros anos, saen da lista as de caixeiro de comercio, peón forestal, peón da industria metalúrxica, e mozo carga/descarga, almacén. Por outra parte, entre a lista das dez ocupacións máis contratadas, descendén neste período as de albanel, sobre todo no ano 2000, e peón da construción de edificios.

Pola contra, aumentan notablemente as contratacións referidas a peón da industria manufactureira, camareiro e dependente de comercio. A segunda e a terceira teñen o crecemento máis forte en 2000, en tanto que na primeira se produce nos anos 2001 e 2002.

Análise do mercado laboral nas comarcas

capítulo

5



Comarca da Limia



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

Na comarca da Limia, a situación empresarial presenta un moderado crecemento no período de referencia, comprendido entre 1999 ata o 2003. Neste último ano, recóllense as cifras máis altas do número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos. A evolución de todos en conxunto evidencia un crecemento lento e moderado, incrementándose o número nos tres ámbitos ano tras ano, non recollendo en ningún momento cifras de variación interanual negativa. Emporiso, podemos denotar a existencia de continuidade e sustentabilidade do crecemento.

Ante a evolución comentada con anterioridade, cómpre dicir que existe unha certa simetría entre os tres grupos, onde podemos apreciar como os valores máis baixos se dan en 1999 e os máis altos en 2003, tanto para empresas como para traballadores e autónomos.

As empresas son as que menos incrementan o seu número, tal e como podemos apreciar na variación media para o período do 3,47%. O número de traballadores increméntase un pouco máis, chegando ao 4,48%, mentres que os autónomos si que ven superada considerablemente a mesma cifra, experimentando un crecemento do 11,71%.

As empresas rexistran o maior incremento no ano 2002, tal e como reflite a variación interanual para ese ano do 5,43%. O ano no que menos medra é o 2000, onde se mantén practicamente estable, coa variación máis baixa do 0,48%. Podemos dicir que nos movemos nun intervalo de crecemento aproximado do 0% ao 5%.

En canto ao número de traballadores, dáse no ano 2001 o valor de crecemento máis alto, co 9,63%, recollendo no seguinte ano a cifra de crecemento máis baixa, co 0,95%. Como se pode apreciar, as distancias intercálanse entre o 0% ata o 10%.

O número de autónomos aumenta considerablemente no ano 2000, chegando a acadar unha cifra de crecemento do 18,99%. Pola contra, no ano 2002 aparece o valor máis baixo, un 8,72%. Podemos apreciar como neste caso nos movemos entre cifras de crecemento entre o 10% e o 20%.

Ante a disparidade na evolución do crecemento, podemos concluír que a comarca no 2003 evidencia claros síntomas de crecemento económico.

5.1.2. Evolución anual

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas.
Período 1999-2003.

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	40	43	50	56	50
Agricultura e pesca	40	43	50	56	50
SECTOR SECUNDARIO	110	113	108	107	111
Industria	110	112	107	106	110
Electricidade	0	1	1	1	1
SECTOR CONSTRUCCIÓN	174	157	160	162	161
Construción	174	157	160	162	161
SECTOR SERVICIOS	306	320	345	374	400
Comercio e hostalería	173	188	207	220	230
Transporte e comunicacións	21	23	29	32	34
Outros servizos	112	109	109	122	136
TOTAL	630	633	663	699	722

O número de empresas increméntase paulatinamente na comarca da Limia. Atendendo ao crecemento por anos, vemos que o incremento máis alto se dá no ano 2002, onde se aprecia unha variación interanual, en relación ao ano anterior, do 5,43%. Con todo, a diferenza máis alta dáse no ano 2001, onde medraba nun 4,74% en relación co crecemento do tramo anterior, 1999-2000, que era do 0,48%. Desde o ano 2002 a tendencia na evolución é alcista, se ben no seguinte ano tamén medra, pero máis moderadamente.

O sector económico que presenta o maior crecemento é o dos servizos, cunha variación media para o período de 6,93%. Este sector, á parte de ser o que máis medra, é o que rexistra o maior número de entidades, co 55,40% do total. Este mesmo reproduce a tendencia para o total de empresas, obtendo a súa variación interanual máis alta en 2002, decrecendo no ano seguinte, onde se recolle un valor de incremento máis baixo, en concreto o 6,95%. A nivel de subsectores, é o de transporte e comunicacións o que máis destaca, chegando case a duplicar a media de crecemento do sector, cun valor do 12,80%, malia que é o subsector de menor peso en servizos.

O segundo sector en crecemento, co 6,92% de representación, é o sector primario, que ten unha variación media de 5,74% e unhas fortes oscilacións a maiores. Neste caso o crecemento máis acusado ten lugar no ano 2001, co 16,28% de variación, recollendo no 2003 un valor de regresión de -10,71%.


Só no sector da construción diminúe o número de empresas. En conxunto para todo o período presenta unha variación media negativa de -1,92%, e no ano 2000 prodúcese a regresión máis alta, cun valor negativo do -9,77%.

Para finalizar, debemos dicir que o sector secundario permanece estancado, pois non presenta grandes variacións ao longo do período.

Fronte á acusada tendencia de regresión en 2003 no sector primario, o sector secundario, que se recupera tras a freada do 2001, onde presentaba unha variación interanual do 4,42%, experimenta un crecemento sostido no 2003, co 3,74% de variación, situándose así nas cifras do ano de inicio.

Os sectores da construción e servizos presentan tendencias similares, se ben o primeiro está por debaixo dos valores do segundo.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico.
Período 1999-2003.



	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	1.023	1.073	1.059	1.037	1.049
Agricultura e pesca	1.023	1.073	1.059	1.037	1.049
SECTOR SECUNDARIO	404	441	536	558	549
Industria	404	440	535	557	548
Electricidade	0	1	1	1	1
SECTOR CONSTRUCCIÓN	473	447	461	450	457
Construcción	473	447	461	450	457
SECTOR SERVICIOS	796	823	996	1.036	1.157
Comercio e hostalería	328	318	456	517	538
Transporte e comunicacións	425	465	487	454	549
Outros servizos	43	40	53	65	70
TOTAL	2.696	2.784	3.052	3.081	3.212

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

En liñas xerais, o número de traballadores na comarca increméntase nun 4,48%. O ano no que se rexistra o maior crecemento é o 2001, onde este chega a ser do 9,63%. No ano seguinte apreciamos o valor máis baixo, o 0,95%, o cal denota o escaso crecemento nese ano.

Igual que sucedía para o conxunto das empresas, o sector que máis evoluciona é o dos servizos, que neste caso chega a albergar o 36,02% do total de traballadores da comarca. En todos os sectores o crecemento máis elevado dáse no ano 2001, exceptuando ao primario. No sector servizos prodúcese un aumento de 21,02%, o máis elevado de todo o período, presentando no ano inmediatamente anterior a cifra de crecemento máis baixo, que é do 3,39%. Cómpre salientar a importancia do subsector de comercio e hostalería, que recolle cifras de variación interanual de ata o 43,40% no 2001, chegando a obter unha variación media de 13,17%, a máis elevada en todos os niveis.

Por outra banda, podemos dicir que o estancamento é a característica do sector primario en todo o período, pois non presenta variacións interanuais moi acusadas. O incremento máis substantivo dáse no ano 2000, onde reflite un aumento do 4,89%, rexistrando en 2002 a regresión máis forte, co -2,08%.

O sector da construción é o único que decrece no número de traballadores, presentando ao final do período unha redución do 0,86%.

Ata o ano 2002 podemos observar como os sectores secundario e de servizos manteñen unha traxectoria paralela, presentando no 2003 un distanciamento, que no caso do sector servizos implica un crecemento do 11,68% e no caso do sector secundario unha regresión do -1,61%.

O sector da construción mantén unha tendencia de altibaixos xeneralizados, sendo o crecemento do 1,56%.

Para rematar, cómpre salientar que o sector primario, fronte ao crecemento de 4,89% no ano 2000, inicia unha traxectoria de descenso, recuperándose lentamente en 2003, ano en que chega a presentar un crecemento do 1,16%.




GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	83	104	132	159	178
Agricultura e pesca	83	104	132	159	178
SECTOR SECUNDARIO	79	97	104	118	137
Industria	78	96	103	117	136
Electricidade	1	1	1	1	1
SECTOR CONSTRUCCIÓN	194	225	255	265	293
Construción	194	225	255	265	293
SECTOR SERVICIOS	455	539	576	618	655
Comercio e hostalería	349	416	440	459	485
Transporte e comunicacións	41	45	49	56	62
Outros servizos	65	78	87	103	108
TOTAL	811	965	1.067	1.160	1.263


No período de referencia, o número de traballadores autónomos incrementábase nun 11,71%. Segundo a distribución por sectores, o que experimenta maior crecemento é o primario, onde a variación media é de 21,01%, seguido do sector secundario, que tamén medra nun 14,76%. Este dous sectores son os que menos autónomos albergan, representando en conxunto o 24,94% do total. Pola contra, o sector que menos medra é o dos servizos, experimentando unha variación media do 9,54% no total do período. Este sector, malia todo, representa máis da metade dos traballadores autónomos, en concreto o 51,86%.

A excepción do sector primario, que presenta o maior volume de crecemento no ano 2001, cun 26,92%, o resto teñen a variación interanual máis alta no ano anterior, onde presentan valores superiores ao 15%. Así, no ano 2000 o incremento do número de autónomos é xeneralizado, chegando a reflectir unha evolución en xeral do 18,99%. En todos os anos se incrementa o número de autónomos, rexistrándose a variación interanual máis baixa en 2002, que chega a ser do 8,72%.

Tanto en todos os sectores como en todos os anos non se rexistran cifras de variación interanual negativas, sendo a cifra de crecemento máis baixa a da construción para o ano 2002, que é do 3,92%.

Malia a disparidade da evolución das liñas sectoriais, temos que sinalar que todas as variacións interanuais ofrecen valores positivos. O que presenta o descenso máis acusado é o sector primario, que en 2003 medra tan só nun 11,95%, cifra considerablemente alta, pero que en relación co 20,45% do ano anterior supón unha certa desaceleración. O outro sector que reduce o seu crecemento é o dos servizos, que no 2003 reflíte a cifra máis baixa de todo o período, o 9,54%

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



Os sectores da construción e secundario presentan unha evolución positiva no final do período. Estes mesmos incrementan notablemente no último ano o número de autónomos, dándose a diferenza máis acusada en relación co ano anterior no sector da construción, que pasa de medrar no 2002 nun 3,92% a un 10,57% en 2003.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Porqueira	66	19	85
Baltar	90	27	117
Calvos de Randín	54	22	76
Os Blancos	53	21	74
Rairiz de Veiga	81	37	118
Sandiás	65	27	92
Sarreaus	110	29	139
Trasmiras	141	51	192
Vilar de Barrio	78	37	115
Vilar de Santos	70	24	94
Xinzo de Limia	677	338	1.015
Total	1.485	632	2.117

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia - PARADOS	8,05
% comarca/provincia - NON PARADOS	6,04

Na comarca da Limia atopamos un total de 2.117 demandantes de emprego, dos cales o 70,15% son parados. En relación coa distribución porcentual da provincia, o contingente de demandantes parados da comarca representa o 8,05% e o de non parados o 6,04%.

Dentro desta comarca cómpre salientar que o maior peso específico de demandantes lle corresponde ao concello de Xinzo de Limia, onde se sitúa case a metade deles, en concreto o 47,95%. O seguinte concello que recolle o maior número é o de Trasmiras, que a bastante distancia tan só chega a representar o 9,07%. En terceiro lugar aparece o concello de Sarreaus, co 6,57%. Temos que dicir tamén que en tres concellos, Baltar, Rairiz de Veiga e Vilar de Barrio, se dan practicamente o mesmo número de demandantes, representando en conxunto os tres o 16,53% do total.

O número de demandantes parados dobra amplamente ao de non parados. En Xinzo de Limia a porcentaxe de demandantes parados no concello chega a ser do 66,70%. En relación con toda a comarca, o anterior contingente representa o 31,98% do total de demandantes. En todos os concellos o número de parados duplica ao de non parados, chegando nalgúns casos a superar incluso esa relación.

No gráfico evidénciase claramente, como xa comentamos con anterioridade, a preponderancia do concello de Xinzo de Limia sobre o resto. Nos demais concellos temos que sinalar que non se dan grandes diferenzas entre demandantes, aínda que se mantén a superioridade do grupo dos parados en todos os concellos.




GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados


TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	1.440	1.511	1.356	1.471	1.485
VARIACIÓN INTERANUAL %		4,93	-10,26	8,48	0,95
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	8,02	8,55	8,11	8,08	8,05

En relación coa provincia de Ourense, diminúe sensiblemente a partir do ano 2000 o peso específico dos demandantes da comarca, que de representar o 8,55% no 2000 chega ao 8,05% no 2003.

En canto á evolución do número de demandantes na Limia non apreciamos grandes diferenzas na súa evolución. O maior descenso apreciámolo no ano 2001, tal e como se recolle na variación interanual de -10,26%. Xusto no ano seguinte é onde presenta o crecemento máis elevado, co 8,48%, para finalizar no 2003 cunha tendencia cara o estancamento.

GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.



5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	234	11,05	10,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.251	59,09	53,19
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	115	5,43	5,15
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	288	13,60	15,38
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	80	3,78	4,76
	En expediente de regulación de emprego	1	0,05	0,40
	Demandantes de mellora de emprego	111	5,24	7,08
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	36	1,70	3,03
	Resto de demandantes	1	0,05	0,42
	TOTAL	2.117	100,00	100,00

O colectivo de demandantes máis común é o formado polos parados con emprego anterior, que representa ao 59,09% do total. Se a este lle sumamos o grupo de persoas sen experiencia laboral, xuntamos o 70,14% dos demandantes.

O segundo colectivo que rexistra maior número de demandantes é o de non parados con emprego anterior, que é do 13,60% do total, e que representa case a metade de todos os non parados.

Se atendemos á relación coa provincia, non se aprecian diferenzas significativas, se ben as maiores danse no colectivo maioritario, onde a porcentaxe comarcal está por riba da provincial nun 5,9%. As proporcións provinciais superan en todos os casos ás comarcais, excepto no caso dos parados e dos non parados sen emprego anterior, onde o valor da comarca é superior.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	77	113	5,19	7,61	12,79	15,17
26 a 35 anos	102	194	6,87	13,06	19,93	25,82
36 a 45 anos	101	181	6,80	12,19	18,99	21,11
46 a 55 anos	162	184	10,91	12,39	23,30	20,00
56 e máis anos	213	158	14,34	10,64	24,98	17,90
TOTAL COMARCA	655	830	44,11	55,89	100,00	8,05
TOTAL PROVINCIA	7.856	10.584	42,60	57,40	8,05	100,00

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

En canto á distribución dos demandantes por sexo, predomina a demanda feminina sobre a masculina, se ben a distribución por anos evidencia un claro predominio das mulleres en todos os tramos, a excepción dos de máis de 55 anos, onde o número de homes supera ao de mulleres nun 3,7%. O perfil de demandante tipo é o de muller de 26 a 35 anos, seguido moi de preto polos dous colectivos superiores en idade.

Polo que respecta á distribución feminina dos demandantes, aprécianse uns valores similares nos tres tramos intermedios, que xuntos representan o 37,64% do total. O valor máis baixo rexístrase no continxente dos menores de 26 anos, onde segue superando á porcentaxe dos homes nun 2,42%.

No caso dos homes, os valores de demanda máis altos aparecen nos dous tramos superiores en idade, onde se concentra máis da metade da demanda masculina, que representa o 25,25% do total.

Se atendemos á distribución provincial, observamos que a porcentaxe comarcal de mulleres está un 1,51% por debaixo da provincial. Por idades, as porcentaxes provinciais superan ás comarcais en todos os colectivos, agás nos dous tramos de maior idade, onde as segundas superan ás primeiras. As maiores diferenzas aprécianse nos tramos de 26 a 35 anos e no de 56 e máis anos. No primeiro caso a media da provincia supera á da comarca nun 5,89%, sendo a mesma relación á inversa no caso dos maiores de 55 anos, onde a porcentaxe comarcal supera á outra nun 7,08%.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	52	98	8,23	15,51	23,73	20,44
26 a 35 anos	37	83	5,85	13,13	18,99	25,77
36 a 45 anos	32	77	5,06	12,18	17,25	20,01
46 a 55 anos	45	78	7,12	12,34	19,46	16,76
56 e máis anos	61	69	9,65	10,92	20,57	17,03
TOTAL COMARCA	227	405	35,92	64,08	100,00	6,04
TOTAL PROVINCIA	3.865	6.607	36,91	63,09	6,04	100,00


TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

No caso dos demandantes non parados si que se aprecian diferenzas moi significativas entre sexos, dobrando case o número de mulleres ao de homes. As mulleres predominan en todos os tramos de idade sen excepción, se ben os dous de idade máis avanzada presentan un maior equilibrio. A diferenza máis pequena apréciase nos homes de 56 e máis anos, que só están un 1,27% por debaixo da mesma porcentaxe para as mulleres. O perfil de demandantes tipo é o de mulleres menores de 26 anos de idade, que representan o 15,51% do total, seguidas do colectivo posterior, que está un 2,38% por debaixo.

No caso das demandantes mulleres apréciase que existe unha polarización da demanda, isto é, os valores maior e menor sitúanse nos tramos de idade máis opostos. Nos tres tramos intermedios os valores porcentuais son bastante similares, e non se observan distancias significativas entre eles.

Entre os maiores de 45 e os menores de 26 anos, as porcentaxes comarcais sitúanse por riba das provinciais. A diferenza máis significativa rexístrase no tramo de 26 a 35, onde a media provincial supera á comarcal nun 6,78%.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.




No presente gráfico, obsérvase a superioridade dos demandantes parados sobre os non parados, dobrando amplamente os primeiros aos segundos en todos os casos, agás no dos menores de 26 anos, onde se aprecia unha distribución máis equitativa.

A medida que incrementamos a idade, as diferenzas son máis grandes, a excepción dos tramos de 26 a 35 e o seguinte, nos que se inverte a relación. No caso dos maiores de 55 anos, o número de parados supera ao de non parados nun 11,38%, en tanto que no caso dos menores de 26 anos a diferenza é tan só dun 1,88%.

En ambos os dous sexos, a superioridade do grupo de parados é manifesta. No caso dos homes, o número de parados case chega a triplicar ao número de non parados. Pola contra, no caso das mulleres redúcese esa relación, e só se pode dicir que o continxente de parados duplica ao de non parados.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.



5.2.5. Demandantes por nivel académico

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	757	50,98	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	426	28,69	32,57
Formación profesional	87	5,86	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	111	7,47	14,65
Titulados universitarios	73	4,92	12,07
Outras titulacións	31	2,09	1,70
TOTAL	1.485	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Máis da metade dos demandantes parados da comarca da Limia non teñen titulación de ensinanza obrigatoria. Esta porcentaxe está moito por riba da porcentaxe provincial, chegando a superala nun 18,17%. No resto dos casos os valores relativos comarcais están bastante por debaixo das provinciais, e nalgúns casos, como son os de ensanzas de bacharelato ou nos titulados universitarios, os segundos duplican practicamente aos primeiros.

O segundo grupo maioritario é o de persoas con titulación de ensinanza obrigatoria, que presenta unha porcentaxe bastante próxima á provincial, situándose un 3,88% por debaixo.

Despois de observar a distribución da táboa, temos que dicir que máis das tres cuartas partes dos demandantes non superan os estudos de ensanzas obrigatorias, sumando entre estes dous colectivos o 79,67% do total de demandantes. Se atendemos á mesma relación, pero no ámbito provincial, a comarca supera á porcentaxe provincial nun 14,29%, diferenza bastante significativa.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	278	43,99	36,50
Titulación de ensinanza obrigatoria	164	25,95	26,81
Formación profesional	41	6,49	6,81
BUP/Bacharelato superior/COU	81	12,82	16,18
Titulados universitarios	51	8,07	12,40
Outras titulacións	17	2,69	1,30
TOTAL	632	100,00	100,00

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

O 69,94% dos demandantes non parados da comarca carecen de estudos ou só teñen a titulación de ensinanza obrigatoria. Se sumamos estes dous mesmos continxentes no ámbito provincial, a súa media sitúase no 63,31%.

A principal diferenza nestes dous grupos atópase no ámbito comarcal, onde a porcentaxe de persoas sen titulación obrigatoria é superior á provincial nun 7,49%. A mesma relación, pero á inversa, podémola extrapolar para o caso dos niveis de estudos de bacharelato e universitarios, onde a porcentaxe provincial supera á comarcal nun 3,36% e 4,33%, respectivamente. Nos demais casos non se aprecian grandes diferenzas.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	3,97	0,88	0,34	5,19
	Mulleres	4,51	1,62	1,48	7,61
26 a 35 anos	Homes	4,85	1,08	0,94	6,87
	Mulleres	5,93	2,36	4,78	13,06
36 a 45 anos	Homes	4,38	0,88	1,55	6,80
	Mulleres	4,18	1,55	6,46	12,19
46 a 55 anos	Homes	4,38	1,28	5,25	10,91
	Mulleres	2,63	0,94	8,82	12,39
56 e máis anos	Homes	3,23	0,61	10,51	14,34
	Mulleres	1,35	1,08	8,22	10,64
TOTAL COMARCA		39,39	12,26	48,35	100,00
TOTAL PROVINCIA		43,54	14,46	42,01	100,00

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Case a metade dos demandantes de emprego son de longa duración, isto é, levan máis dun ano na procura de emprego. Neste caso a media comarcal supera á provincial nun 6,34%. O segundo colectivo máis numeroso é o de persoas con menos de 6 meses na procura de emprego, que é do 39,39%, inferior neste caso á media provincial nun 4,15%.

Temos que destacar que dentro dos anteriores, a maior parte dos demandantes rexístranse no tramo de parados de longa duración de máis de 55 anos, onde o 10,51% do total lle corresponde aos homes. Séguelle por orde o grupo de mulleres no tramo de idade anterior, co 8,82%. Por tramos de idade, o que alberga maior volume é o de demandantes parados de máis dun ano e con idade superior aos 55 anos, onde se sitúan o 18,73% dos demandantes, sumando ambos os sexos.

No caso dos demandantes de menos de seis meses na procura de emprego, o grupo máis numeroso é o de persoas de 26 a 35 anos, que recolle o 10,78% da demanda, sendo superior a porcentaxe de mulleres á dos homes. No caso de demandantes de seis meses a 1 ano tamén se rexistra a maior porcentaxe no mesmo intervalo de idade, co 3,44%.

A maioría dos demandantes parados de curta duración confórmana os homes, en concreto o 20,81%, en tanto que a mesma porcentaxe para as mulleres é do 18,6%. No tramo intermedio o número de mulleres supera ao dos homes nun 2,82% e no de demandantes de longa duración volve a superar ao dos homes nun 11,17%.

A modo de resumo, cómpre salientar que os demandantes que levan menos tempo na procura de emprego se sitúan nos tramos de idade máis nova; no caso dos parados de longa duración a relación é inversa.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	62	4,18	2,52	28	4,43	2,52
Sector secundario	213	14,34	15,61	92	14,56	13,28
Construción	290	19,53	14,95	59	9,34	9,90
Sector servizos	691	46,53	50,49	327	51,74	55,73
Sen actividade previa	229	15,42	16,43	126	19,94	18,56
TOTAL	1.485	100,00	100,00	632	100,00	100,00

A maior parte dos demandantes parados da comarca proceden do sector servizos, representando case a metade da demanda. O segundo sector onde se aprecia o maior número de demandantes é o da construción, co 19,53%. Nestes dous sectores aprécianse as maiores diverxencias en relación coas medias provinciais. No caso do sector servizos, a porcentaxe provincial representa case xusto a metade dos demandantes, superando á comarcal nun 3,96%. Pola contra, no caso do sector da construción a da comarca supera á da provincia no 4,58%. Outro sector onde se aprecian maiores diferenzas coa porcentaxe provincial é no sector primario, que tan só representa o 4,18% dos demandantes.

No caso dos demandantes non parados, as diverxencias entre os dous ámbitos, provincial e comarcal, non son moi significativas, apreciando a maior diferenza no sector servizos, onde a comarca representa un 3,99% menos de demandantes que a provincia.

Neste caso o sector servizos representa máis da metade dos demandantes. Igual que no caso dos demandantes parados, o sector minoritario é o sector primario, cun 4,43%, que supera á media provincial nun 1,91%.

No gráfico pódese apreciar como a demanda se concentra fundamentalmente en tres actividades, albergando o 65% dos demandantes. Estas actividades son as de alimentación, téxtil e confección e outras industrias, que manteñen porcentaxes similares. De seguido está a actividade de metalurxia, co 15% de demandantes.




GRÁFICO 8: Demandantes parados na industria.

A actividade que máis destaca no sector servizos é a do comercio, cun 19% dos demandantes. A pouca distancia están as actividades inmobiliarias e a hostalería, cun 16% e 15%. Nun terceiro nivel agrúpanse as de administracións públicas, servizos á comunidade e educación, co 13%, 12% e 10%, respectivamente.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	219	10,34	9,34
Peón da construción de edificios	152	7,18	3,96
Dependente de comercio, en xeral	127	6,00	8,01
Empregado administrativo, en xeral	122	5,76	8,75
Albanel	86	4,06	2,58
Cociñeiro, en xeral	62	2,93	2,08
Peón da ind. manufactureira, en xeral	55	2,60	4,57
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domic.)	53	2,50	0,81
Camareiro, en xeral	46	2,17	2,74
Traballador retén incendios forestais	40	1,89	0,47

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	Menores de 26 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Máis de 1 ano	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller-Mozo de limpeza, limpador	Muller-Mozo de limpeza, limpador

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Xinzo de Limia	524	93,07
Vilar de Santos	4	0,71
Vilar de Barrio	4	0,71
Trasmiras	3	0,53
Sarreaus	10	1,78
Sandiás	3	0,53
A Porqueira	2	0,36
Calvos de Randín	2	0,36
Os Blancos	5	0,89
Baltar	1	0,18
Rairiz de Veiga	5	0,89
TOTAL COMARCA	563	100,00

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	11.116
COMARCA/PROVINCIA:	5,06

No ano 2003 realízanse na comarca da Limia 563 ofertas de traballo, das cales, a maioría rexístranse no concello de Xinzo de Limia. Fronte ao 93,07% de representación do concello de Xinzo de Limia, ningún concello destaca a maiores, sendo o de Sarreaus, co 1,78% o seguinte en número de ofertas. De toda a provincia de Ourense, o peso da Limia é bastante relativo, xa que só supón o 5,06% do total de ofertas da provincia.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %			VARIACIÓN MEDIA %	
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Os Blancos	0	28	1	1	5		-96,43	0,00	400,00	
A Porqueira	0	0	0	2	2				0,00	
Xinzo de Limia	611	554	644	552	524	-9,33	16,25	-14,29	-5,07	-3,77
Calvos de Randín	0	4	1	5	2		-75,00	400,00	-60,00	
Sandiás	1	1	0	7	3	0,00			-57,14	31,61
Baltar	0	2	0	0	1					
Trasmiras	3	1	1	5	3	-66,67	0,00	400,00	-40,00	0,00
Vilar de Barrio	1	1	1	3	4	0,00	0,00	200,00	33,33	41,42
Vilar de Santos	2	6	7	5	4	200,00	16,67	-28,57	-20,00	18,92
Rairiz de Veiga	0	0	2	1	5			-50,00	400,00	
Sarreaus	1	0	4	5	10			25,00	100,00	77,83
TOTAL COMARCA	619	597	661	586	563	-3,55	10,72	-11,35	-3,92	-2,34
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116	30,02	-10,06	-6,80	2,25	2,74


TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

Fronte ao crecemento moderado da provincia no período de referencia, o 2,74%, a comarca presenta un decaemento no número de ofertas, acadando unha regresión do -2,34%. Atendendo á evolución que presenta o número de ofertas nos diferentes anos, cómpre sinalar que en todos se produce un descenso da cifra de ofertas, a excepción do ano 2001, onde se aprecia un crecemento considerable do 10,72%. A maior regresión dáse xusto no ano seguinte, no que diminúen as ofertas nun 11,35%.

Malia as enormes variacións, tanto positivas como negativas en todos os concellos, temos que dicir que non constitúen un feito de importancia, xa que a representación destes non é nada significativa.

Como se comentaba con anterioridade, o único concello que representa variacións substantivas é o de Xinzo de Limia. Neste mesmo decrece o número de ofertas do período nun 3,77%. O mellor ano, igual que sucede para o conxunto de concellos da comarca, é o 2001, onde o crecemento de ofertas mostra unha evolución considerable, incrementándose nun 16,25% a respecto do anterior. O ano que presenta a redución máis baixa é o 2003, chegando a ser esta de 5,07%.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Se no concello de Xinzo de Limia hai un lixeira tendencia á recesión a partir do ano 2001, en cambio no resto de concellos desta comarca apreciase unha leve tendencia alcista a partir deste ano.


5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TABOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Os Blancos	0		0		0		5	1,26
A Porqueira	0		0		0		2	0,50
Xinzo de Limia	15	100,00	67	98,53	82	98,80	360	90,68
Calvos de Randín	0		0		0		2	0,50
Sandiás	0		0		0		3	0,76
Baltar	0		0		0		1	0,25
Trasmiras	0		0		0		3	0,76
Vilar de Barrio	0		0		0		4	1,01
Vilar de Santos	0		0		1	1,20	3	0,76
Rairiz de Veiga	0		1	1,47	0		4	1,01
Sarreaus	0		0		0		10	2,52
TOTAL COMARCA	15	100,00	68	100,00	83	100,00	397	100,00

Do total de ofertas realizadas polo sector primario, o 100% delas fanse só no concello de Xinzo de Limia. No resto de sectores a prevalencia deste concello tamén é moi acusada, e nos sectores da construción e secundario é practicamente do 100%. No sector dos servizos as ofertas de Xinzo de Limia son do 90,68%, seguido cunha porcentaxe insignificante polo concello de Sarreaus, co 2,52%.

GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



Dentro da distribución porcentual das ofertas na comarca, o máis importante dos sectores é o dos servizos, con case as tres cuartas partes de representación. Nun segundo lugar están os sectores da construción e o secundario, con porcentaxes similares (15% e 12%, respectivamente). Finaliza a serie o sector primario, cunha porcentaxe ínfima do 3%.

A actividade de fabricación de produtos minerais lidera a distribución de ofertas no subsector da industria, co 41% do total, tal e como se desprende da composición que nos presenta o gráfico 12. Séguelle con practicamente a metade de importancia a alimentación, co 24%. En terceiro lugar está a actividade da metalurxia, co 16%. Entre estas tres actividades xa se superan as tres cuartas partes das ofertas emitidas na industria, en concreto, o 81%.




GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.

Máis do 50% das ofertas do sector servizos concéntranse en dúas actividades, ambas do sector público primordialmente. A área que máis ofertas aglutina é a das administracións públicas, 31%, seguida da educación, 25%. A máis da metade da distancia da anterior están as actividades inmobiliarias, co 11%.




GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	4	13	8	8	15
Secundario	101	59	69	92	68
Construción	181	146	192	129	83
Servizos	333	379	392	357	397
Sen actividade	0	0	0	0	0
TOTAL COMARCA	619	597	661	586	563
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

O sector servizos, o de maior representación, incrementa no período de referencia o número de ofertas, presentando un crecemento do 4,49%. Só o sector minoritario, isto é o primario, logra un valor de crecemento considerable no período, 39,16%. Malia todo, temos que sinalar que o peso de ambos os sectores é moi diferente, pois o do primeiro é do 70,52% e o do segundo do 2,66% no ano 2003.

Os dous sectores restantes, secundario e construción, decrecen nun -9,42% e -17,71%, soportando ambos o 12,08% e 14,74% de representación das ofertas, respectivamente.

Atendendo á evolución por anos, o único que presenta unha variación interanual positiva é o 2001, no que se rexistra un 10,72%, valor positivo que se fai extensible a todos os sectores agás o primario, que se reduce nun -38,46%, dándose así neste mesmo o único valor de regresión do período. No seguinte ano decrece en proporcións similares ao crecemento do ano 2001 o número de ofertas. No 2002 redúcese o número de ofertas nun 11,35%, sendo o sector da construción o que presenta a regresión máis considerable, co 32,81%. Pola contra, o sector secundario experimenta un crecemento similar no mesmo ano, cun valor do 33,33%.

No derradeiro ano do período o sector primario rexistra un crecemento do 87,50%, seguido do sector servizos, co 11,20%. Pola contra, o sector secundario e da construción decrecen nun 26,09% e 35,66%, respectivamente.

GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.





GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.



Tan só un 3,73% das ofertas teñen o xénero dos traballadores como un dos seus requirimentos.

Só no sector servizos se rexistran ofertas de traballo para ambos os dous sexos, en tanto que no resto as ofertas son totalmente para os homes. Por outra banda, o sector da construción é o que presenta o maior número de ofertas -11 ofertas-, fronte ao sector primario, que non recolle ningunha.

O 78,15% das ofertas teñen en conta o nivel académico das persoas.

Case a totalidade das ofertas realizadas na comarca non esixen titulación ningunha, e a maioría delas son para o nivel de persoas con estudos inferiores aos obrigatorios.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos Centros Colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Axente comercial / Vendedor	6	25	22	9	20
Inst.montador instalacións eléctricas/ Electricista/Auxiliar eléctrico	0	3	19	1	5
Condutor de mercadorías/Condutor de camiión, en xeral	1	3	4	2	5
Administrativo	0	4	2	2	5
Peón de albanel/Peón de obras públicas	2	10	7	2	4
Axente de seguros	0	0	1	4	4
Auxiliar administrativo	0	2	1	21	3
Almacenista / Mozo de almacén	0	1	3	2	2
Diplomado en educación social/Asistente social	1	0	0	1	2
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns.	1	0	0	5	2

Malia o escaso número de ofertas realizadas polos centros colaboradores, temos que destacar a prevalencia da ocupación de axente comercial sobre o resto. No conxunto do período, esta ocupación experimenta un crecemento considerable, tal e como se manifesta coa súa variación media do 35,12%. Nun segundo lugar sitúanse tres ocupacións que manteñen o mesmo número de ofertas, 5 no ano 2003, e que son as de electricista, condutor de camiión e administrativo. Na de auxiliar administrativo, cómpre salientar as 21 ofertas de 2002, que a convertían na ocupación máis ofertada das sinaladas, pasando ás tres ofertas de 2003.

	1999	2000	2001	2002	2003
Técnico de protección civil	41	48	50	51	50
Albanel	47	35	40	71	40
Canteiro de construción	8	1	5	3	34
Asistente domiciliario	22	29	32	23	27
Peón da construción de edificios	31	76	33	27	26
Xardineiro, en xeral	3	8	1	12	25
Camareiro, en xeral	13	12	24	20	16
Peón de obras públicas, en xeral	0	0	51	23	15
Traballador forestal, en xeral	25	34	28	0	12
Peón da fabricación de produtos	0	0	0	9	10

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas Oficinas de Emprego.

As ofertas das oficinas de emprego son máis numerosas que as dos centros colaboradores. Nun primeiro lugar está a ocupación de técnico de protección civil, cun total de 50 ofertas. Esta ocupación experimenta unha evolución no período de 5,09%. En segundo lugar está a ocupación de albanel, con 40 ofertas, que ao contrario da anterior presenta unha tendencia ao decrecemento tal e como se aprecia na variación media para o período, do -3,95%. Cómpre destacar tamén que esta mesma ocupación en 2003 ofrece unha variación interanual de regresión bastante elevada, -43,66%. En terceiro lugar sitúase a ocupación de canteiro, con 34 ofertas, a cal presenta unha variación media do 43,58%.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
A PORQUEIRA	32	1,76
BALTAR	100	5,51
CALVOS DE RANDÍN	66	3,64
OS BLANCOS	81	4,46
RAIRIZ DE VEIGA	77	4,24
SANDIÁS	78	4,30
SARREUS	94	5,18
TRASMIRAS	67	3,69
VILAR DE BARRIO	88	4,85
VILAR DE SANTOS	97	5,34
XINZO DE LIMIA	1.035	57,02
TOTAL COMARCA	1.815	100,00
TOTAL PROVINCIA	50.587	3,59

Máis da metade da contratación, en concreto o 57,02%, realízase no concello de Xinzo de Limia, converténdose este no eixe central que vertebra a comarca. A moita distancia sitúanse tres concellos que comparten porcentaxes en torno ao 5%; estes son: Baltar -5,51%-, Vilar de Santos -5,34%- e Sarreaus, 5,18%. Se sumamos os concellos citados con anterioridade, observamos que se concentran nos catro anteriores case as tres cuartas partes dos contratos realizados na comarca. A porcentaxe de contratación da comarca tan só representa o 3,59% do total de contratos realizados na provincia de Ourense.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A PORQUEIRA	59	46	41	32	32	-22,03	-10,87	-21,95	0,00	-14,18
BALTAR	57	73	76	125	100	28,07	4,11	64,47	-20,00	15,09
CALVOS DE RANDÍN	66	38	95	65	66	-42,42	150,00	-31,58	1,54	0,00
OS BLANCOS	94	106	94	96	81	12,77	-11,32	2,13	-15,63	-3,65
RAIRIZ DE VEIGA	68	63	79	75	77	-7,35	25,40	-5,06	2,67	3,16
SANDIÁS	71	70	73	63	78	-1,41	4,29	-13,70	23,81	2,38
SARREUS	65	81	87	123	94	24,62	7,41	41,38	-23,58	9,66
TRASMIRAS	85	78	79	64	67	-8,24	1,28	-18,99	4,69	-5,78
VILAR DE BARRIO	81	90	82	67	88	11,11	-8,89	-18,29	31,34	2,09
VILAR DE SANTOS	95	98	151	102	97	3,16	54,08	-32,45	-4,90	0,52
XINZO DE LIMIA	1.459	1.380	1.220	1.080	1.035	-5,41	-11,59	-11,48	-4,17	-8,23
TOTAL COMARCA	2.200	2.123	2.077	1.892	1.815	-3,50	-2,17	-8,91	-4,07	-4,70
TOTAL PROVINCIA	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

A comarca da Limia presenta unha tendencia de regresión da contratación, tal como se manifesta na variación media para o período de referencia, que é do -4,70%. A nivel municipal, pódese dicir que o crecemento da contratación nese período é moderado, presentando incluso valores negativos en catro dos once concellos da comarca. Atendendo ás variacións medias, os concellos que presentan o crecemento máis destacado son Baltar, co 15,09%, e Sarreaus, co 9,66%. A bastante distancia está Rairiz de Veiga, co 3,16%. Por outra banda, os concellos que maior diminución presentan no número de contratos son A Porqueira, onde se reducen nun -14,18%, e Xinzo de Limia, concello maioritario, co -8,23%.

En todos os anos o volume de contratación da comarca presenta variacións interanuais negativas, sendo no ano 2002 onde se recolle o valor máis alto, co -8,91%. O ano seguinte recóllese outra vez o seguinte valor máis baixo, co 4,07%.

Con todo, débese analizar pormenorizadamente o caso de Xinzo de Limia, xa que constitúe o 57,02% dos contratos realizados, tal como se sinala no apartado anterior. Este concello, igual que para a comarca, presenta valores de variación interanual negativa en todos os anos. O valor de regresión máis alto dáse no ano 2001, cunha variación interanual de -11,59%. Xusto no ano seguinte rexístrase de novo o seguinte valor máis baixo, co -11,48%, valor practicamente similar. No último ano do período, pese a ser negativo, recóllese a cifra de variación máis baixa, o -4,17%.

Na provincia de Ourense as variacións da contratación son bastante modestas, pero todas positivas, e non superan o crecemento do 2,46% no ano 2001.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	410	180	590	22,59	9,92	32,51
De 26 a 35 anos	287	193	480	15,81	10,63	26,45
De 36 a 45 anos	258	120	378	14,21	6,61	20,83
De 46 a 55 anos	200	64	264	11,02	3,53	14,55
De 56 e máis anos	90	13	103	4,96	0,72	5,67
TOTAL COMARCA	1.245	570	1.815	68,60	31,40	100,00
TOTAL PROVINCIAL	28.784	21.803	50.587	56,90	43,10	100,00

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

A contratación comarcal é maiormente masculina, co 68,60%; supera nun 11,7% á media provincial. O maior volume contractual dáse nos homes de menos de 26 anos, que representan o 22,59%. A medida que se incrementa o tramo de idade, diminúe consecutivamente a distribución da contratación, chegando ata o 4,96% dos maiores de 55 anos. Pola contra, no caso das mulleres a maior parte dos contratos realízanse ás de 26 a 35 anos, que representan o 10,63%. O seguinte tramo máis contratado é xusto o anterior en idade, co 9,92%. Nestes dous tramos concéntranse máis do 65% dos contratos que se lles fan ás mulleres. No caso das persoas maiores de 55 anos, predomina a contratación masculina, co 4,96%, sendo a feminina practicamente irrelevante.


En conxunto, máis da metade dos contratos fánse ás persoas de ata 35 anos, en concreto o 58,96%.

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA 99-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Homes	1.666	1.498	1.420	1.334	1.245	-10,08	-5,21	-6,06	-6,67	-7,02
Mulleres	534	625	657	558	570	17,04	5,12	-15,07	2,15	1,64
TOTAL CONTRATOS	2.200	2.123	2.077	1.892	1.815	-3,50	-2,17	-8,91	-4,07	-4,70

Fronte á tendencia de regresión acusada no grupo de homes, que presenta unha diminución media do -7,02%, as mulleres incrementan o número de contratos nun 1,64%. No caso das mulleres, fronte á diminución máis acusada do 2002, reiníciase unha etapa de crecemento moderado que xa viña experimentándose en maior medida nos anos 2000 e seguinte. No caso dos homes, dende a regresión máis alta do -10,08% no ano 2000, continúa unha etapa de descenso que se modera no ano 2001, continuando posteriormente unha traxectoria de descenso contractual.

GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.



Se a contratación dos homes duplica amplamente á das mulleres, estas diferenzas tenden a reducirse a medida que avanza o tempo. Se no ano 1999 a diferenza de contratos entre homes e mulleres era do 51,46%, no ano 2003 redúcese ata o 37,20%.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA 99-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Menor de 26 anos	634	669	640	598	590	5,52	-4,33	-6,56	-1,34	-1,78
De 26 a 35 anos	587	602	606	554	480	2,56	0,66	-8,58	-13,36	-4,91
De 36 a 45 anos	522	466	437	334	378	-10,73	-6,22	-23,57	13,17	-7,75
De 46 a 55 anos	300	268	282	291	264	-10,67	5,22	3,19	-9,28	-3,15
De 56 e máis anos	157	118	112	115	103	-24,84	-5,08	2,68	-10,43	-10,00
TOTAL CONTRATOS	2.200	2.123	2.077	1.892	1.815	-3,50	-2,17	-8,91	-4,07	-4,70

En todos os tramos de idade se reduce a contratación, presentando a redución máis elevada no colectivo de 56 e máis anos, que chega a ser de -10%. O colectivo onde menos se reduce é xusto o oposto, menores de 26, que tan só se diminúe en -1,78%.

En todos os tramos de idade a traxectoria de evolución é bastante dispar, amosando oscilacións considerables, como pode ser no caso dos maiores de 55 anos, que presenta a redución máis alta no ano 2000. Ao final do período só dous tramos teñen unha recuperación sostible: os menores de 26 anos, que a pesar de presentaren unha cifra negativa de -1,34%, é inferior á do ano anterior; e por outra banda, o intervalo de 36 a 45 anos, que rexistra o crecemento máis alto de todo o período (13,17%), rompe co forte descenso do ano anterior, onde se recolle xusto a segunda variación interanual máis baixa.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	126	6,94
Agricultura e pesca	126	6,94
SECTOR SECUNDARIO	306	16,86
Industria	306	16,86
Electricidade	0	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	417	22,98
Construción	417	22,98
SECTOR SERVICIOS	966	53,22
Comercio e hostalería	323	17,80
Transporte e comunicacións	50	2,75
Outros servizos	593	32,67
TOTAL CONTRATOS	1.815	100,00

Máis da metade dos contratos realizados na comarca fanse no sector servizos, tendo o subsector de outros servizos máis da metade de representación dentro deste sector, e o subsector de transporte e comunicacións unha representación minoritaria. Nun segundo lugar está o sector da construción, cunha representación considerable do 22,98%. Só nestes dous sectores concéntranse as tres cuartas partes dos contratos.

O 59%, da contratación realizada no sector da industria concéntranse nas actividades de fabricación de produtos mineiros, co 32%, e na alimentación, co 27%. En terceiro lugar están as actividades da metalurxia e outras industrias, as dúas con porcentaxes do 14%.




GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.

No sector servizos, nun primeiro tramo podemos separar tres actividades con porcentaxes similares, que son a de servizos á comunidade, a de comercio e a de administracións públicas, cun 18%, 17% e 16%, respectivamente. Só estas tres actividades xa representan máis da metade dos contratos. Nun segundo lugar estarían a hostalería e as actividades inmobiliarias, co 14% e 13%, na mesma orde.




GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos Servizos.

	SEXO		Menos de 26 anos	IDADE			
	Homes	Mulleres		De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55
SECTOR PRIMARIO	5,34	1,60	1,60	2,15	1,82	1,10	0,28
Agricultura e pesca	5,34	1,60	1,60	2,15	1,82	1,10	0,28
SECTOR SECUNDARIO	13,00	3,86	6,89	4,13	3,36	1,98	0,50
Industria	13,00	3,86	6,89	4,13	3,36	1,98	0,50
Electricidade							
SECTOR CONSTRUCCIÓN	22,04	0,94	8,48	4,96	5,07	3,14	1,32
Construción	22,04	0,94	8,48	4,96	5,07	3,14	1,32
SECTOR SERVICIOS	28,21	25,01	15,54	15,21	10,58	8,32	3,58
Comercio e hostalería	7,93	9,86	7,44	4,08	3,75	2,15	0,39
Transporte e comunicacións	2,31	0,44	0,77	1,05	0,39	0,22	0,33
Outros servizos	17,96	14,71	7,33	10,08	6,45	5,95	2,87
TOTAL CONTRATOS	68,60	31,40	32,51	26,45	20,83	14,55	5,67

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

A contratación masculina predomina amplamente sobre a feminina, a excepción do sector servizos, no que a distribución é máis equitativa. No sector da construción case todos os contratos fánelles aos homes, e nos sectores primario e secundario a contratación masculina triplica á feminina. No sector servizos é parella a distribución, recolléndose a diferenza máis alta no subsector de outros servizos, onde a superioridade dos homes é de 3,25 puntos porcentuais.

Cómpre sinalar que case a metade dos contratos dos menores de 26 anos fanse no sector servizos, en concreto o 15,54%. Esta situación pódese extrapolar ao resto de intervalos de idade, onde predomina o sector sinalado. Neste sector, a medida que se vai incrementando a idade diminúe a contratación, presentando o salto cuantitativo máis importante entre os dous intervalos intermedios.

En todos os sectores as maiores porcentaxes de contratación recóllense no intervalo de menores de 26 anos, a excepción do sector primario, no que se produce xusto no intervalo superior.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	114	76	99	101	126	-33,33	30,26	2,02	24,75	2,53
Agricultura e pesca	114	76	99	101	126	-33,33	30,26	2,02	24,75	2,53
SECTOR SECUNDARIO	240	243	366	285	306	1,25	50,62	-22,13	7,37	6,26
Industria	237	242	366	285	306	2,11	51,24	-22,13	7,37	6,60
Electricidade	3	1	0	0	0	-66,67	-100,00			-100,00
S. CONSTRUCCIÓN	568	443	472	465	417	-22,01	6,55	-1,48	-10,32	-7,43
Construción	568	443	472	465	417	-22,01	6,55	-1,48	-10,32	-7,43
SECTOR SERVICIOS	1.278	1.361	1.140	1.040	966	6,49	-16,24	-8,77	-7,12	-6,76
Comercio e hostalería	444	538	426	392	323	21,17	-20,82	-7,98	-17,60	-7,65
Transporte e comunicacións	57	45	46	46	50	-21,05	2,22	0,00	8,70	-3,22
Outros servizos	777	778	668	602	593	0,13	-14,14	-9,88	-1,50	-6,53
TOTAL CONTRATOS	2.200	2.123	2.077	1.892	1.815	-3,50	-2,17	-8,91	-4,07	-4,70

Os dous sectores maioritarios en volume contractual, o da construción e servizos, perden peso, en tanto que se produce a relación inversa no primario e no secundario, experimentando o primeiro un crecemento máis moderado, do 2,53%.

No sector primario o maior descenso ten lugar no ano 2000, tal como presenta a variación interanual do -33,33% para ese ano. Posteriormente inicia unha etapa de recuperación bastante notable, reflectindo un crecemento moi moderado no 2002. No sector secundario, fronte ao forte incremento do 50,62% no ano 2001, diminúe drasticamente no seguinte ano, ata o -22,13%, para recuperarse moderadamente no próximo. No sector da construción ao final do período evidénciase unha diminución notable, igual que sucede para o sector servizos, que atendendo á súa evolución vai reducindo os valores negativos que reflecten a súa evolución.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

O 80% dos contratos realizados na comarca son temporais, nas dúas modalidades de tempo completo e parcial, co 69% e 11% respectivamente. A segunda fórmula máis utilizada é a de contratos de prácticas ou formación, co 9%. A contratación indefinida en ambas as dúas modalidades, a tempo completo e parcial, é do 6%.




GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	3,64	1,65	1,27	1,27	0,94	1,32	0,50
Indefinido tempo parcial	0,33	0,66	0,22	0,44	0,17	0,06	0,11
Temporal	51,57	17,80	20,22	18,40	16,42	10,03	4,30
Temporal tempo parcial	2,75	7,99	3,31	4,68	1,93	0,72	0,11
Prácticas/Formación	6,12	2,53	6,61	0,83	0,61	0,61	0,00
Outros	4,19	0,77	0,88	0,83	0,77	1,82	0,66
TOTAL CONTRATOS	68,60	31,40	32,51	26,45	20,83	14,55	5,67

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

Se temos en consideración o número total de contratos realizados na comarca, pódese observar como máis da metade se lles fan aos homes e con carácter temporal, o 51,57%. No caso das mulleres, a fórmula de contratación máis utilizada é de novo a temporal, que supón máis da metade dos contratos que se realizan neste xénero, en concreto o 17,80%. Se a maiores lle sumamos a fórmula temporal a tempo parcial, podemos dicir que entre as dúas concentran máis do 80% dos contratos deste colectivo. A segunda fórmula máis utilizada para os homes é a de prácticas e formación, que comparten porcentaxes similares, estando nun terceiro lugar a modalidade indefinida, que duplica a porcentaxe das mulleres.

Tendo en conta a distribución por idade dos contratados, repítese a mesma dinámica de predominio da contratación temporal en todos os intervalos. Cómpre sinalar que a segunda fórmula máis utilizada, a de prácticas e formación, concéntrase maioritariamente no primeiro tramo de idade, representando só neste máis das tres cuartas partes dela.

Nos tramos de idade que van de 26 ata 45 anos a segunda fórmula máis utilizada é a temporal a tempo parcial. Nos seguintes tramos de idade é a de outros contratos, seguido en terceiro lugar pola de contratación indefinida a tempo completo.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS		
	Agr. Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros
Indefinido	0,61	1,93	0,00	1,93	0,61	1,60	0,33	0,22
Indefinido tempo parcial	0,00	0,22	0,00	0,22	0,06	0,33	0,11	0,28
Temporal	5,34	12,12	0,00	12,12	19,12	10,52	2,09	20,17
Temporal tempo parcial	0,83	0,88	0,00	0,88	0,28	3,53	0,17	5,07
Prácticas/Formación	0,17	1,71	0,00	1,71	2,92	1,82	0,06	1,98
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	4,96
TOTAL CONTRATOS	6,94	16,86	0,00	16,86	22,98	17,80	2,75	32,67

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

Tanto no ámbito de sectores como no de subsectores os contratos temporais son os máis realizados. Segundo a distribución sectorial, apréciase o forte peso do sector servizos, co 32,78% de contratación temporal. Neste mesmo sector, se lle sumamos a mesma modalidade pero a tempo parcial, aprécianse máis das tres cuartas partes dos contratos realizados. Dentro deste sector cómpre sinalar a prevalencia do subsector de outros servizos sobre o resto, que representa case a metade dos contratos do sector servizos.

No segundo sector de maior peso, o da construción, o 83,20% dos contratos son temporais. Os contratos en prácticas supoñen o 12,71% do sector, sendo o 4,09% restante para as demais modalidades.

No sector secundario o 71,89% dos contratos son temporais; os contratos indefinidos son os segundos máis utilizados, co 1,93% do total de contratos. No sector primario a porcentaxe de referencia dos temporais para o sector é do 76,95%.

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	191	206	321	175	96	7,85	55,83	-45,48	-45,14	-15,80
Indefinido tempo parcial	12	11	15	34	18	-8,33	36,36	126,67	-47,06	10,67
Temporal	1.385	1.308	1.251	1.215	1259	-5,56	-4,36	-2,88	3,62	-2,36
Temporal tempo parcial	222	259	246	240	195	16,67	-5,02	-2,44	-18,75	-3,19
Prácticas/Formación	147	136	133	159	157	-7,48	-2,21	19,55	-1,26	1,66
Outros	243	203	111	69	90	-16,46	-45,32	-37,84	30,43	-21,99
TOTAL CONTRATOS	2.200	2.123	2.077	1.892	1.815	-3,50	-2,17	-8,91	-4,07	-4,70

Só dúas fórmulas de contratación presentan unha evolución positiva en todo o período analizado: a indefinida a tempo parcial, cun 10,67% de crecemento, e a de prácticas ou formación, co 1,66%.

O resto de fórmulas decrecen; a que máis diminúe é a de outros contratos, -21,99%. O máis significativo é o retroceso que se produce na contratación indefinida, cunha variación media do -15,80%. Nesta mesma apréciase como tras o moderado crecemento do ano 2000 se recolle unha variación interanual no 2001 do 55,83%. Esta tendencia fréase enerxicamente, retrocedendo de maneira considerable nos anos seguintes, como se pode apreciar nas variacións interanuais, que superan o -45%. Así, a característica que define a este sector é a da forte regresión que soporta. No caso da contratación indefinida a tempo parcial, no 2003 tamén retrocede, e moito máis incluso que a fórmula anterior, se temos en conta que no ano anterior soportaba un crecemento de 126,67%.

Pola contra, no caso dos contratos temporais, pese a experimentaren unha variación media negativa de -2,36%, apréciase que dende o inicio vai minguando moderadamente ata chegar ao ano 2003, onde se recupera, ofrecendo un valor de crecemento do 3,62%. No caso dos temporais a tempo parcial, ao final do período preséntase un retraemento considerable de 18,75%, que incrementa considerablemente a regresión iniciada en anos anteriores.

Tamén cómpre sinalar a rotura que se produce no caso de outros contratos, onde, fronte aos altos valores negativos experimentados ata o 2002, se rompe esa tendencia no 2003, acadando un crecemento do 30,43%.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	5	0,28
HOMES	3	0,17
MULLERES	2	0,11
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	141	7,77
HOMES	88	4,85
MULLERES	53	2,92
3. Técnicos e profesionais de apoio	77	4,24
HOMES	30	1,65
MULLERES	47	2,59
4. Empregados de tipo administrativo	92	5,07
HOMES	26	1,43
MULLERES	66	3,64
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	336	18,51
HOMES	110	6,06
MULLERES	226	12,45
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	197	10,85
HOMES	153	8,43
MULLERES	44	2,42
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	396	21,82
HOMES	372	20,50
MULLERES	24	1,32
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	178	9,81
HOMES	156	8,60
MULLERES	22	1,21
9. Traballadores non cualificados	393	21,65
HOMES	307	16,91
MULLERES	86	4,74
TOTAL CONTRATOS	1.815	100,00
TOTAL HOMES	1.245	68,60
TOTAL MULLERES	570	31,40

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

En cinco grupos dos sinalados na táboa recóllense o 82,64% do total de contratos realizados. Atendendo aos grupos de contratación, aprécianse nun primeiro lugar dous que comparten porcentaxes similares, sendo a diferenza entre ambos de tan só 0,17 puntos porcentuais. Estes dous grupos son os de artesáns e traballadores cualificados da industria manufactureira, co 21,82%, e o de traballadores non cualificados, co 21,65%. Nun segundo lugar, co 18,51%, está o grupo de traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. A bastante distancia sitúanse dous grupos con porcentaxes próximas, o de traballadores cualificados na agricultura e pesca, co 10,85%, e o de operadores de instalacións e maquinaria, co 9,81%.

En canto á distribución por sexos, predomina a contratación masculina, co 68,60%. Nos cinco grupos que maior volume de contratación agrupan, predomina a contratación masculina en todos, a excepción dos traballadores de servizos de restauración, onde o número de mulleres dobra ao de homes. Só en outros dous grupos predomina a contratación feminina sobre a masculina; estes son os de técnicos e profesionais de apoio e o de empregados de tipo administrativo.

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 20,50%.
- Traballadores non cualificados, 16,91%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 8,60%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, 8,43%.

Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 12,45%.
- Traballadoras non cualificadas, 4,74%.
- Empregadas de tipo administrativo, 3,64%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais, 2,92%.

Atendendo á evolución que presentan os contratos dos diferentes grupos sinalados anteriormente no período de referencia, cómpre dicir que se produce unha regresión considerable do -4,70%, superior no caso dos homes, que chega a un -7,02%. Pola contra, a contratación nestes grupos de mulleres medra moderadamente, situándose nun 1,64%.

Nos cinco grupos de maior contratación obsérvase no período analizado que todos presentan cifras de regresión que oscilan entre o -4% e o -8% aproximadamente, a excepción do caso de traballadores cualificados, que experimentan un crecemento moderado, ou ben estancamento, situándose no 1,31%. Neste mesmo caso dos traballadores non cualificados a evolución da contratación masculina decrece nun -0,40%, aumentando considerablemente a feminina nun 8,97%. A maiores, só un grupo presenta cifras de crecemento en todo o período, este é o de técnicos e profesionais de apoio, co 3,54%.

Atendendo á contratación por sexo feminino, destaca o crecemento dos seguintes grupos:

- Operadoras de instalacións e maquinaria e montadoras, variación media de 64,56%.
- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca, 26,84%.

No caso dos homes, tan só un grupo presenta unha evolución positiva, situándose esta no 4,26% para o grupo de empregados de tipo administrativo.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

TABOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
96020014	Peón da construción de edificios	198	10,91	197	15,82	1	0,18	99,49
71100016	Albanel	151	8,32	150	12,05	1	0,18	99,34
62410023	Traballador forestal, en xeral	127	7,00	107	8,59	20	3,51	84,25
50200018	Camareiro, en xeral	88	4,85	27	2,17	61	10,70	30,68
25130104	Músico instrumentista, en xeral	85	4,68	73	5,86	12	2,11	85,88
42100010	Empregado administrativo, en xeral	68	3,75	17	1,37	51	8,95	25,00
86300016	Conductor de camión, en xeral	56	3,09	54	4,34	2	0,35	96,43
53300010	Dependente de comercio, en xeral	49	2,70	8	0,64	41	7,19	16,33
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domic.)	41	2,26	0	0,00	41	7,19	0,00
97000020	Peón da ind. aliment., bebidas e tabaco	40	2,20	26	2,09	14	2,46	65,00
TOTAL		903	49,75	659	52,93	244	42,81	72,98

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Despois de observar a distribución por sexos nas dez ocupacións de maior contratación, evidénciase o predominio da contratación masculina fronte á feminina, agás en catro casos, onde predomina a contratación feminina: camareira, en xeral -contratación feminina do 10,70%-, empregada administrativa -contratación feminina do 8,95%-, dependenta de comercio -contratación feminina do 7,19%- e asistente domiciliaria, onde a contratación é idéntica á anterior.

No resto de casos as ratios de masculinidade son moi altas, excedendo en cinco casos o 70%. En tres casos á contratación é practicamente só masculina:

- Peón da construción, cunha ratio de masculinidade do 99,49%.
- Albanel, 99,34%.
- Conductor de camión, 96,43%.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
96020014	Peón da construción de edificios	173	211	165	193	198
71100016	Albanel	211	139	125	166	151
62410023	Traballador forestal, en xeral	164	110	98	38	127
50200018	Camareiro, en xeral	118	147	112	109	88
25130104	Músico instrumentista, en xeral	233	196	98	66	85
42100010	Empregado administrativo, en xeral	46	74	64	72	68
86300016	Conductor de camión, en xeral	77	75	75	60	56
53300010	Dependente de comercio, en xeral	73	120	73	76	49
51130024	Asistente domiciliario	22	34	52	43	41
97000020	Peón da industria alimentaria, bebidas e tabaco	11	14	12	4	40
91210016	MULLER/MOZO LIMPEZA, LIMPADOR EN XERAL	29	43	38	34	35
50100017	COCIÑEIRO, EN XERAL	53	25	30	17	33
52300046	TRABALLADOR RETÉN INCENDIOS FORESTAIS	24	46	29	114	29
98000050	MOZO CARGA/DESCARGA, ALMACÉN	39	35	45	51	27
96010011	PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS, EN XERAL	18	11	60	28	18
81310083	OPERADOR DE FABRICACIÓN DE VIDRO TÉCNICO	0	0	78	8	10

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

As oito primeiras ocupacións sinaladas, están todos os anos entre as dez que presentan maior contratación, exceptuando a de traballador forestal en 2002. Por outra banda, a ocupación de asistente domiciliario sitúase por primeira vez en 2002 entre as dez primeiras, e a de peón da industria da alimentación en 2003. Tamén é significativo o resto de ocupacións que perden peso, sinalando como o máis significativo o que lles sucede ás de traballador retén de incendios e mozo de carga e descarga, que reducen en 2003 en grande proporción o número de contratos que tiñan no ano anterior.

Só tres das dez ocupacións máis contratadas en 2003 presentan valores positivos de variación media para o período de referencia, estas son:

- Peón da industria alimentaria, variación media de 38,09%.
- Peón da construción de edificios, 3,43%.
- Asistente domiciliario, 16,84%.
- Empregado administrativo, 10,27%.

O resto de ocupacións decrecen considerablemente, presentando as seguintes variacións medias máis significativas:

- Músico instrumentista, -22,28%.
- Cocinero, -11,17%.
- Dependente de comercio, -9,49%.

No 2003 as ocupacións que presentan os maiores valores de crecemento, tal e como se plasma nas variacións interanuais para ese ano, son:

- Traballador forestal, variación interanual de 234,21%.
- Cocinero, 94,12%.
- Músico instrumentista, 28,79%.



Comarca de Allariz-Maceda



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca de Allariz-Maceda caracterízase pola forte concentración de empresas no sector servizos, que agrupa o 50,91% do total, seguido a considerable distancia polo sector da construción, co 25,45% das empresas, e polo secundario, que engloba o 17,92%. Facendo unha análise máis pormenorizada dos subsectores, obsérvase que os de comercio e hostalería e construción reúnen máis da metade das empresas, en concreto o 52,72%.

Os traballadores da comarca están concentrados en maior medida no sector servizos, onde se inclúen o 35,16% deles. A continuación sitúase o sector primario, co 27,27%, e o secundario, co 23,68%. En canto aos subsectores, son os de agricultura e pesca (27,27%) e industria (22,23%), os que reúnen o maior número de traballadores, destacando dentro do sector servizos o de outros servizos e o de comercio e hostalería.

No que respecta aos autónomos, a maioría enmárcanse dentro do sector servizos, que representa o 54,77% do total. Séguelle en orde de importancia o sector da construción (21,96%) e o secundario (17,18%). Atendendo aos subsectores, os máis representativos son os de comercio e hostalería, que encadra o 38,90% dos traballadores autónomos, e o de construción, que reúne o 21,96%.

5.1.2. Evolución anual


	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	47	52	51	44	22
Agricultura e pesca	47	52	51	44	22
SECTOR SECUNDARIO	63	75	77	76	69
Industria	61	73	75	74	67
Electricidade	2	2	2	2	2
SECTOR CONSTRUCCIÓN	95	95	98	94	98
Construción	95	95	98	94	98
SECTOR SERVICIOS	186	190	181	193	196
Comercio e hostalería	99	107	100	101	105
Transporte e comunicacións	16	16	16	17	17
Outros servizos	71	67	65	75	74
TOTAL	391	412	407	407	385

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

A evolución do número de empresas na comarca de Allariz-Maceda vén caracterizada por un desenvolvemento desigual dos diferentes sectores produtivos. Deste modo, o sector primario sofre un forte descenso nos seus efectivos, con variacións interanuais negativas a partir do ano 2000, sendo sobre todo significativa a acadada no período 2002-2003 (-50%). Finalmente consegue unha variación media de -17,29%.

Nos sectores restantes o número de empresas incrementábase lixeiramente, sendo o sector secundario o que rexistra un incremento maior, cunha variación media do 2,30%, lograda a pesar dos descensos producidos a partir do ano 2001. Os sectores da construción e servizos medran dunha forma máis leve, sufrindo o primeiro unha redución no intervalo 2001-2002 e o segundo no 2000-2001. Finalmente, ambos obteñen variacións medias de 0,78% e 1,32%, respectivamente.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



Por outra parte, como elemento máis significativo no ámbito subsectorial hai que sinalar o escaso crecemento ocorrido en todos os subsectores que configuran os servizos.


Toda esta situación derívase nunha pequena diminución global do número de empresas na comarca, cunha variación media do -0,39%.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	491	522	531	509	487
Agricultura e pesca	491	522	531	509	487
SECTOR SECUNDARIO	422	452	492	475	423
Industria	399	426	464	448	397
Electricidade	23	26	28	27	26
SECTOR CONSTRUCCIÓN	293	274	268	293	248
Construción	293	274	268	293	248
SECTOR SERVIZOS	519	494	568	621	628
Comercio e hostalería	201	200	187	201	209
Transporte e comunicacións	59	53	65	66	69
Outros servizos	259	241	316	354	350
TOTAL	1.725	1.742	1.859	1.898	1.786

O sector da construción vén definido por unha redución de traballadores no período 1999-2003. Deste xeito, os traballadores só se incrementan neste sector no intervalo 2001-2002, reducíndose nos restantes, polo que acadan unha variación media de -4,08%.

GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.



Os sectores primario e secundario tenden a estancarse, aínda que cun leve descenso do número de traballadores no primeiro e un lixeiro crecemento no segundo. Ambos medran nos dous intervalos iniciais do período e descenden nos dous últimos.

No sector servizos prodúcese o maior aumento do número de traballadores na comarca de Allariz-Maceda, variación media de 4,88%, obtendo só unha variación interanual negativa entre os anos 1999 e 2000. É salientable que o subsector de outros servizos medra por encima do conxunto do sector, cunha variación media de 7,82%, mentres que o de comercio e hostalería apenas se incrementa.

De forma global, no número de traballadores da comarca dáse un pequeno crecemento neste intervalo temporal, onde só se observa un descenso nos anos 2002-2003, presentando finalmente unha variación media de 0,87%.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	35	35	40	49	51
Agricultura e pesca	35	35	40	49	51
SECTOR SECUNDARIO	85	110	116	122	144
Industria	85	110	116	122	144
Electricidade	0	0	0	0	0
SECTOR CONSTRUCCIÓN	134	167	175	179	184
Construción	134	167	175	179	184
SECTOR SERVICIOS	326	379	394	427	459
Comercio e hostalería	246	279	285	307	326
Transporte e comunicacións	33	36	40	44	47
Outros servizos	47	64	69	76	86
TOTAL	580	691	725	777	838

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

Analizando os datos agregados da comarca de Allariz-Maceda, o número de autónomos incrementouse nestes cinco anos, cunha evolución positiva en todos os intervalos anuais, obtendo unha variación media anual do 9,64%.

Non hai ningún sector nin subsector no que se produciran diminucións neste quinquenio, sendo no sector secundario onde se produce o maior aumento, do 14,09%, logrado sobre todo tras as fortes subidas alcanzadas nos intervalos 1999-2000 e 2002-2003. A continuación en volume de crecemento sitúase o sector primario, onde se dá a maior progresión nos anos intermedios do período, que acada unha variación media do 9,87%.

Os sectores da construción e dos servizos obteñen variacións medias semellantes, do 8,25% o primeiro e do 8,93% o segundo, logrando tamén ambos o maior ascenso entre os anos 1999 e 2000. Dado o seu maior volume de traballadores por conta propia, destaca o seu crecemento durante o período dentro do subsector de comercio e hostalería.




GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello


TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Allariz	192	79	271
Baños de Molgas	64	26	90
Maceda	199	72	271
Paderne de Allariz	73	36	109
Xunqueira de Ambía	71	30	101
Xunqueira de Espadanedo	57	33	90
TOTAL	656	276	932

% comarca/provincia - PARADOS	3,56
--------------------------------------	-------------

% comarca/provincia - NON PARADOS	2,64
--	-------------

GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.



Os concellos de Allariz e Maceda agupan máis da metade dos demandantes da comarca, supoñendo cada un deles o 29,08% do total. A considerable distancia son seguidos polo concello de Paderne de Allariz, que aglutina o 11,69%, e por Xunqueira de Ambía, co 10,84%. Finalmente sitúanse Baños de Molgas e Xunqueira de Espadanedo, representando cada unha o 9,66% do total das demandas.

Diferenciando os demandantes parados dos non parados, visualízase que a relación dos parados supera á dos non parados en todos os concellos, cunha considerable prevalencia dos primeiros, que supoñen o 70,39% do total da demanda.

En relación coa provincia de Ourense, a comarca de Allariz-Maceda amosa un peso relativo lixeiramente superior dos demandantes parados sobre os non parados.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	687	620	537	599	656
VARIACIÓN INTERANUAL %		-9,75	-13,39	11,55	9,52
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	3,83	3,51	3,21	3,29	3,56

Para o conxunto dos demandantes parados de Allariz-Maceda hai unha tendencia ao decrecemento no período 1999-2003, ao diminuír o seu número, aínda que se produce un crecemento nos anos 2002 e 2003.




GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

O peso relativo dos demandantes en paro da comarca con respecto á provincia segue esta mesma progresión, cunha redución nos anos 2000 e 2001 e un incremento posterior.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	92	9,87	10,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	564	60,52	53,19
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	37	3,97	5,15
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	135	14,48	15,38
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	31	3,33	4,76
	En expediente de regulación de emprego	4	0,43	0,40
	Demandantes de mellora de emprego	42	4,51	7,08
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	26	2,79	3,03
	Resto de demandantes	1	0,11	0,42
	TOTAL	932	100,00	100,00

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que máis da metade dos demandantes de emprego son parados con emprego anterior -60,52%-. A este colectivo séguelo en orde de importancia o dos non parados con emprego anterior -14,48%- e o dos parados sen emprego anterior -9,87%-.

Esta situación é semellante á da provincia de Ourense, onde se manteñen os parados con emprego anterior como o grupo máis representativo, aínda que a súa porcentaxe está 7,33 puntos por debaixo dos da comarca de Allariz-Maceda. O mesmo sucede cos non parados con emprego anterior e cos parados sen emprego anterior.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	47	45	7,16	6,86	14,02	15,17
26 a 35 anos	55	106	8,38	16,16	24,54	25,82
36 a 45 anos	39	85	5,95	12,96	18,90	21,11
46 a 55 anos	64	73	9,76	11,13	20,88	20,00
56 e máis anos	84	58	12,80	8,84	21,65	17,90
TOTAL COMARCA	289	367	44,05	55,95	100,00	3,56
TOTAL PROVINCIA	7.856	10.584	42,60	57,40	3,56	100,00

Na comarca de Allariz-Maceda predominan as mulleres dentro do colectivo de demandantes parados, representando o 55,95% do total. Do mesmo xeito, e tendo en conta que o 42,53% teñen máis de 45 anos, obtense un perfil de demandantes de idade avanzada.

En todos os grupos, a presenza porcentual das mulleres é superior á dos homes, excepto entre os que contan con máis de 55 anos e nos menores de 26, onde os demandantes masculinos superan ás mulleres en 3,96 puntos.

Nos homes o intervalo de idade máis representativo é o de máis de 55 anos, seguido do de 45 a 55 anos. Pola contra, nas mulleres, os colectivos con maior peso son os de 26 a 35 anos e o de 36 a 45 anos.

A comparación co nivel provincial amosa unha idade menor dos demandantes parados da provincia de Ourense, posto que as idades que dan maior peso porcentual ao conxunto son as de 26 a 45 anos, mentres que na comarca son as de 26 a 35 anos e a de máis de 56 anos. No que respecta ao sexo, a desigualdade entre homes e mulleres é lixeiramente máis aguda na provincia.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	29	39	10,51	14,13	24,64	20,44
26 a 35 anos	16	40	5,80	14,49	20,29	25,77
36 a 45 anos	19	43	6,88	15,58	22,46	20,01
46 a 55 anos	19	26	6,88	9,42	16,30	16,76
56 e máis anos	26	19	9,42	6,88	16,30	17,03
TOTAL COMARCA	109	167	39,49	60,51	100,00	2,64
TOTAL PROVINCIA	3.865	6.607	36,91	63,09	2,64	100,00

No caso dos demandantes non parados, os datos refliten de novo a tendencia ao carácter feminino da demanda, dado que o 60,51% deles son mulleres. No relativo á idade, é de salientar que o 44,93% dos demandantes teñen menos de 36 anos.

En función da segmentación segundo o sexo e a idade, as mulleres de 36 a 45 anos son o grupo máis numeroso, seguido polas que teñen entre 26 e 35 anos. No que se refire aos homes, o colectivo maioritario é o de menos de 26 anos, situándose a continuación o de máis de 55 anos.

Tanto no ámbito provincial como comarcal, a maioría de demandantes non parados sitúanse nos grupos de idade que van ata os 45 anos, establecéndose o de menos de 26 anos como o máis numeroso na comarca, e o de 26 a 35 anos na provincia.

Como reflexo do comentado anteriormente, pódese observar neste gráfico o predominio dos demandantes parados sobre os non parados en todos os grupos de idade. Do mesmo xeito, nos parados o colectivo máis representativo é o que vai de 26 a 35 anos, e o que obtén un menor peso é o de menos de 26 anos. Este último, pola contra, é o que supón unha maior concentración de demandantes non parados, mentres que a menor se dá por igual no comprendido entre os 46 e 55 anos e nos que se sitúan por riba desta idade.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.

Como resultado disto, para o conxunto de demandantes o colectivo con maior representatividade é o que se sitúa entre os 26 e 35 anos cun 23,28% do total, seguido de preto polos que están entre os 36 e os 45 anos, 19,95%.

A presenza feminina é predominante tanto no grupo de parados como no de non parados. Dende outra óptica, e en termos relativos, o colectivo de parados é maioritario en ambos os dous sexos.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	284	43,29	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	201	30,64	32,57
Formación profesional	43	6,55	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	65	9,91	14,65
Titulados universitarios	51	7,77	12,07
Outras titulacións	12	1,83	1,70
TOTAL	656	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

Case a metade dos demandantes parados da comarca de Allariz-Maceda só posúen o certificado de escolaridade -43,29%-. A continuación sitúanse os que teñen a titulación de ensinanza obrigatoria -30,64%-, e a considerable distancia están os que obtiveron o bacharelato -9,91%-.

Na provincia de Ourense hai unha menor presenza dos que só teñen certificado de escolaridade, cunha porcentaxe 10,48 puntos inferior, estando máis representados os demandantes parados que contan con estudos de bacharelato ou universitarios.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	101	36,59	36,50
Titulación de ensinanza obrigatoria	69	25,00	26,81
Formación profesional	24	8,70	6,81
BUP/Bacharelato superior/COU	47	17,03	16,18
Titulados universitarios	28	10,14	12,40
Outras titulacións	7	2,54	1,30
TOTAL	276	100,00	100,00

Entre os demandantes de emprego non parados, o grupo máis significativo é o daqueles que lograron o certificado de escolaridade, que representan o 36,59% do total, seguidos dos que teñen a titulación de ensinanza obrigatoria -25%- e bacharelato -17,03%-.

Esta mesma circunstancia dáse no ámbito provincial, con porcentaxes moi similares ás da comarca.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	4,88	1,83	0,46	7,16
	Mulleres	4,57	1,68	0,61	6,86
26 a 35 anos	Homes	5,34	1,83	1,22	8,38
	Mulleres	7,16	4,42	4,57	16,16
36 a 45 anos	Homes	4,27	0,61	1,07	5,95
	Mulleres	2,44	3,20	7,32	12,96
46 a 55 anos	Homes	3,81	1,07	4,88	9,76
	Mulleres	2,74	2,44	5,95	11,13
56 e máis anos	Homes	3,35	1,68	7,77	12,80
	Mulleres	1,37	0,46	7,01	8,84
TOTAL COMARCA		39,94	19,21	40,85	100,00
TOTAL PROVINCIA		43,54	14,46	42,01	100,00

A maior parte dos demandantes parados da comarca de Allariz-Maceda levan buscando emprego máis dun ano -40,85%-, seguidos moi de cerca polos que levan buscando menos de seis meses, que supoñen o 39,94% do total.

A distribución dos valores segundo a idade mostra unha tendencia ao paro de curta duración nas idades máis novas, inverténdose esta circunstancia cara ao paro de longa duración nas mulleres de máis de 35 anos e nos homes de máis de 45 anos.

No referente ao sexo, é salientable que a presenza feminina é 3,37 puntos inferior á masculina no paro de curta duración, mentres que as mulleres superan aos homes en 10,06 puntos no paro de longa duración.

Entre os demandantes parados de longa e curta duración as proporcións acadadas pola comarca son menores que as da provincia, situación inversa á que se produce entre os parados que levan buscando emprego entre seis meses e un ano.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	29	4,42	2,52	5	1,81	2,52
Sector secundario	121	18,45	15,61	41	14,86	13,28
Construcción	119	18,14	14,95	37	13,41	9,90
Sector servicios	296	45,12	50,49	142	51,45	55,73
Sen actividade previa	91	13,87	16,43	51	18,48	18,56
TOTAL	656	100,00	100,00	276	100,00	100,00

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica de procedencia, case a metade dos demandantes parados proceden do sector servizos, que representa o 45,12% do total. A unha distancia considerable sitúanse os procedentes do sector secundario -18,45%- e da construción -18,14%-. No conxunto provincial incrementáanse aqueles que proceden do sector servizos, mentres que se reducen os que veñen dos sectores restantes.

No caso dos demandantes non parados, tamén son os máis numerosos os que proveñen do sector servizos, que engloba o 51,45% do total, seguidos polos procedentes do sector secundario -14,86%-. no ámbito provincial reflétese unha situación análoga, onde cabe sinalar simplemente o lixeiro incremento de 4,28 puntos que se dá no sector servizos.

De forma conxunta, os demandantes de emprego proceden na súa maioría do sector servizos, que aglutina o 46,84% do total. Os que veñen do sector secundario supoñen o 17,38%, e están seguidos polos que proveñen do sector da construción, que representan o 16,74% da demanda.

Dentro da industria, é salientable a importancia dos parados procedentes das actividades de outras industrias -33%- e de téxtil e confección -27%-. Nun segundo plano sitúanse a metalurxia e fabricación de produtos metálicos -17%- e a alimentación -15%-.




GRÁFICO 8: Demandantes parados na Industria.

As actividades cunha maior presenza dentro dos servizos son as de actividades inmobiliarias e servizos a empresas -22%- e administracións públicas -21%-. A unha considerable distancia sitúanse as de hostalería e comercio, co 15% das demandas cada unha delas.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos Servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	97	10,41	9,34
Empregado administrativo, en xeral	67	7,19	8,75
Dependente de comercio, en xeral	60	6,44	8,01
Peón da construción de edificios	37	3,97	3,96
Peón da ind. manufactureira, en xeral	34	3,65	4,57
Auxiliar de clínica	30	3,22	1,98
Albanel	25	2,68	2,58
Operario máquina industrial coser á plana	24	2,58	1,96
Cociñeiro, en xeral	21	2,25	2,08
Peón fabricación material e equipo eléctrico / electrónico / óptico	20	2,15	0,22

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Máis de 1 ano	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller-Mozo de limpeza, limpador	Muller-Mozo de limpeza, limpador

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Maceda	33	21,57
Xunqueira de Espadanedo	5	3,27
Baños de Molgas	18	11,76
Allariz	87	56,86
Xunqueira de Ambía	5	3,27
Paderne de Allariz	5	3,27
TOTAL COMARCA	153	100,00

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	11.116
COMARCA/PROVINCIA:	1,38

Na comarca de Allariz-Maceda recolléronse no ano 2003 un total de 153 ofertas de emprego, o que representa o 1,38% das realizadas na provincia de Ourense.

A localidade de Allariz engloba algo máis da metade destas ofertas, co 56,86% do total. A continuación sitúase Maceda, que canaliza o 21,57%, mentres que en Baños de Molgas producíronse o 11,76% das ofertas da comarca.


	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Xunqueira de Ambía	17	27	0	3	5	58,82			66,67	-26,36
Xunqueira de Espadanedo	2	1	0	9	5	-50,00			-44,44	25,74
Allariz	88	140	58	63	87	59,09	-58,57	8,62	38,10	-0,29
Baños de Molgas	4	16	6	4	18	300,00	-62,50	-33,33	350,00	45,65
Paderne de Allariz	2	7	6	5	5	250,00	-14,29	-16,67	0,00	25,74
Maceda	12	29	21	34	33	141,67	-27,59	61,90	-2,94	28,78
TOTAL COMARCA	125	220	91	118	153	76,00	-58,64	29,67	29,66	5,18
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116	30,02	-10,06	-6,80	2,25	2,74

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

Atendendo ao concello con maior volume de ofertas, hai que sinalar o estancamento do número de ofertas de Allariz, cunha moi leve redución da súa variación media no período 1999-2003 (-0,29%), despois de sufrir fortes subidas nos anos 2000 e 2003, así como unha aguda diminución no 2001. Ademais, en Maceda prodúcese un incremento notable durante o período, singularmente intenso no intervalo comprendido entre 1999 e 2000.

Aínda que se produce unha redución notable no intervalo 2000-2001, o número de ofertas aumenta no conxunto da comarca ao acadar unha variación media de 5,18%. Esta evolución é superior á da provincia de Ourense, que acada un valor 2,44 puntos inferior á da comarca de Allariz-Maceda.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Tomando como referencia o resto de localidades para comparar a súa evolución coa de Allariz e Maceda, pódese observar como nestes tres territorios a progresión é semellante, posto que se produce un crecemento no ano 2000, cunha redución posterior nos seguintes anos e un repunte final no 2003, a excepción de Maceda, onde se produce un lixeiro descenso das ofertas.


5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TABOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Xunqueira de Ambía	0	0,00	0	0,00	0	0,00	5	4,03
Xunqueira de	0	0,00	0	0,00	0	0,00	5	4,03
Allariz	1	100,00	10	83,33	15	93,75	61	49,19
Baños de Molgas	0	0,00	0	0,00	0	0,00	18	14,52
Paderne de Allariz	0	0,00	1	8,33	1	6,25	3	2,42
Maceda	0	0,00	1	8,33	0	0,00	32	25,81
TOTAL COMARCA	1	100,00	12	100,00	16	100,00	124	100,00
TOTAL PROVINCIA	126		1.001		2.224		7.763	

O concello de Allariz concentra case a totalidade das ofertas do sector secundario e da construción. En cambio, no sector servizos hai unha distribución máis heteroxénea, debido a que en Allariz agrúpanse case a metade das ofertas en tanto que Maceda aglutina algo máis da cuarta parte destas e Baños de Molgas reúne o 14,52%.

GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



Na comarca de Allariz-Maceda é de destacar o peso do sector servizos, co 81% das ofertas xestionadas no territorio. Os sectores que lle seguen en nivel de importancia son o da construción, co 10%, e o secundario, co 8% das ofertas. No ámbito provincial repítese a orde de importancia dos diferentes sectores, pero cun peso 11 puntos inferior no sector servizos, e 10 puntos superior no da construción, sendo as porcentaxes de representatividade dos sectores primario e secundario practicamente idénticas.

Das 12 ofertas procentes do subsector industrial, case a metade delas refírense a actividades comprendidas dentro da categoría de outras industrias.

O 29% das ofertas do sector servizos derivanse da hostalería. É destacable que a continuación sitúanse os servizos á comunidade, co 20%, e as administracións públicas, co 18% das ofertas, quedando o 33% restante distribuídas entre as outras sete actividades.




GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas nos Servizos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	0	3	0	2	1
Secundario	28	26	12	9	12
Construción	21	34	13	30	16
Servizos	76	157	66	77	124
TOTAL COMARCA	125	220	91	118	153
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

Segundo o sector económico, as ofertas da comarca de Allariz-Maceda presentan unha evolución dispar ao longo do período. Así, o sector servizos acada unha variación media positiva do 13,02%, cunha soa variación interanual negativa entre os anos 2000 e 2001, e grandes incrementos entre o 1999-2000 e o 2002-2003.

Nos sectores secundario e da construción as ofertas redúcense, dunha forma máis aguda no primeiro, cunha variación media negativa de -19,09% e decrecementos entre os anos 1999 e 2002. No sector da construción, a variación media é do -6,57%, producida por bruscas diminucións nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003, e importantes incrementos nos tramos restantes.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Do conxunto das ofertas recollidas na comarca de Allariz-Maceda, tan só o 27,45% destas especifican o sexo como requisito necesario para acceder a un determinado posto de traballo.

Facendo unha análise pormenorizada dos sectores da actividade económica, é salientable que tanto no sector secundario como no da construción todas as ofertas que demandan un sexo determinado van dirixidas aos homes. Pola contra, no sector servizos, a solicitude de mulleres é superior á de homes, fenómeno dado sobre todo polas ofertas procedentes da actividade de hostalería.





GRÁFICO 13: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.

GRÁFICO 14: Ofertas por nivel académico da comarca.



O 28,76% das ofertas rexistradas no ano 2003 na comarca teñen como esixencia a posesión dun determinado nivel académico, se ben o 14,38% delas só requiren o certificado de escolaridade. O nivel máis demandado a continuación é o de titulados universitarios, co 5,88%, seguido do de ensinanza obrigatoria, co 3,92%.

A actividade que en maior medida reclama traballadores con baixo nivel

de cualificación é o de servizos á comunidade, do mesmo xeito que o de sanidade e servizos sociais é o que maior número de ofertas presenta para titulados universitarios.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Axente comercial / Vendedor	5	22	7	1	11
Axudante de cociña	5	4	4	2	10
Camareiro – Barman	8	11	13	12	9
Albanel	5	17	5	9	8

Tendo só datos dos centros colaboradores en relación coas ocupacións máis ofertadas, hai que sinalar que na comarca de Allariz-Maceda o maior número de ofertas recóllen as de axente comercial-vendedor e axudante de cociña. A continuación sitúanse as de camareiro-barman e albanel.

Todas estas ocupacións seguen unha tendencia ao crecemento ao longo destes cinco anos, onde son destacables as variacións medias acadadas polas de axente comercial-vendedor e axudante de cociña co 21,79% e 18,92%, respectivamente.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
ALLARIZ	705	60,93
BAÑOS DE MOLGAS	77	6,66
MACEDA	209	18,06
PADERNE DE ALLARIZ	41	3,54
XUNQUEIRA DE AMBÍA	74	6,40
XUNQUEIRA DE ESPADANEDO	51	4,41
TOTAL COMARCA	1.157	100,00
TOTAL PROVINCIA	50.587	2,29

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

A localidade onde se concentran o maior número de contratos é na de Allariz, co 60,93% do total. A continuación sitúase o concello de Maceda tendo unha presenza máis marxinal Baños de Molgas e Xunqueira de Ambía.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
ALLARIZ	651	551	973	738	705	-15,36	76,59	-24,15	-4,47	2,01
BAÑOS DE MOLGAS	71	75	72	68	77	5,63	-4,00	-5,56	13,24	2,05
MACEDA	365	283	232	305	209	-22,47	-18,02	31,47	-31,48	-13,01
PADERNE DE ALLARIZ	59	53	73	28	41	-10,17	37,74	-61,64	46,43	-8,70
XUNQUEIRA DE AMBÍA	125	184	84	55	74	47,20	-54,35	-34,52	34,55	-12,28
XUNQUEIRA DE ESPADANEDO	68	65	59	57	51	-4,41	-9,23	-3,39	-10,53	-6,94
TOTAL COMARCA	1.339	1.211	1.493	1.251	1.157	-9,56	23,29	-16,21	-7,51	-3,59
TOTAL PROVINCIA	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

A evolución da contratación entre os anos 1999 e 2003 reflite un balance desigual para os diferentes concellos da comarca. Deste modo, nas localidades de Allariz e Baños de Molgas o número de contratos increméntase, acadando os dous variacións medias semellantes, do 2,01% o primeiro e do 2,05% o segundo. É salientable que en Allariz prodúcese fortes oscilacións no período, cunha forte suba entre 2000 e 2001 e descenso máis baixos nos demais intervalos.

Nos concellos restantes o volume contractual descende, sendo o máis destacable o caso de Maceda, cunha variación media do -13,01%, e importantes reducións en todos os intervalos temporais, agás no 2001-2002.

No conxunto da comarca hai unha tendencia á redución das contratacións, con só unha variación positiva entre os anos 2000 e 2001 e decrecementos nos anos restantes. Esta situación é diferente á progresión que se dá na provincia de Ourense, onde o número de contratos logra un certo crecemento nestes cinco anos.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	227	147	374	19,62	12,71	32,32
De 26 a 35 anos	179	139	318	15,47	12,01	27,48
De 36 a 45 anos	142	101	243	12,27	8,73	21,00
De 46 a 55 anos	112	50	162	9,68	4,32	14,00
De 56 e máis anos	44	16	60	3,80	1,38	5,19
TOTAL COMARCA	704	453	1.157	60,85	39,15	100,00
TOTAL PROVINCIAL	28.784	21.803	50.587	56,90	43,10	100,00

A contratación na comarca de Allariz-Maceda no ano 2003 caracterízase por unha distribución desigual entre homes e mulleres, englobando os primeiros o 60,85% dos contratos. No que respecta á idade, a gran maioría dos contratos realizáronse entre os grupos máis novos, dado que o 59,8% deles asináronos os menores de 36 anos.

Tanto a contratación masculina como a feminina concéntrase nos segmentos de idade máis baixos, con tendencia ao retroceso conforme a idade aumenta.


No ámbito provincial repítese o predominio da contratación masculina, se ben dunha forma menos aguda, acadando a contratación feminina 3,95 puntos máis na provincia de Ourense que na comarca.

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	862	799	966	780	704	-7,31	20,90	-19,25	-9,74	-4,94
Mulleres	477	412	527	471	453	-13,63	27,91	-10,63	-3,82	-1,28
TOTAL CONTRATOS	1.339	1.211	1.493	1.251	1.157	-9,56	23,29	-16,21	-7,51	-3,59

Durante o período 1999-2003 reflítese unha evolución semellante das contratacións en ambos os sexos. Tanto nos homes como nas mulleres redúcese o número de contratos, e tamén en ambos dáse a circunstancia de que no único intervalo no que estes medran é no 2000-2001. A diverxencia xorde no grado de decrecemento das contratacións, que é maior no caso dos homes, que obteñen unha variación media do -4,94%, mentres que nas mulleres é un valor máis baixo.

GRÁFICO 15: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.



Pódese observar como paulatinamente o peso porcentual da contratación masculina sofre unha redución nestes cinco anos, en tanto que a feminina se incrementa. A única excepción dáse no ano 2000, onde aumenta de forma leve o peso dos contratos realizados entre os homes, reducíndose os das mulleres.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA % 99-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Menor de 26 anos	406	378	394	350	374	-6,90	4,23	-11,17	6,86	-2,03
De 26 a 35 anos	412	367	458	351	318	-10,92	24,80	-23,36	-9,40	-6,27
De 36 a 45 anos	257	232	334	272	243	-9,73	43,97	-18,56	-10,66	-1,39
De 46 a 55 anos	197	177	221	178	162	-10,15	24,86	-19,46	-8,99	-4,77
De 56 e máis anos	67	57	86	100	60	-14,93	50,88	16,28	-40,00	-2,72
TOTAL CONTRATOS	1.339	1.211	1.493	1.251	1.157	-9,56	23,29	-16,21	-7,51	-3,59

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

Tomando como referencia a idade, a evolución da contratación na comarca vén caracterizada por unha tendencia ao decrecemento en todos os grupos. O desenvolvemento é semellante en todos eles, dándose un aumento importante no intervalo comprendido entre 2000 e 2001, sobre todo entre os maiores de 55 anos -variación interanual de 50,88%-. Do mesmo xeito, nos períodos restantes, as contratacións redúcense en todos os intervalos de idade, excepto nos menores de 26 anos, onde se incrementa no 2002-2003.

O grupo que sofre unha maior redución é o de 26 a 35 anos, cunha variación media do -6,27%, seguido do de 46 a 55 anos. Pola contra, o descenso menor dáse entre os contratos realizados a suxeitos que teñen entre 36 e 45 anos, que acadan unha variación media do -1,39%.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	70	6,05
Agricultura e pesca	70	6,05
SECTOR SECUNDARIO	216	18,67
Industria	212	18,32
Electricidade	4	0,35
SECTOR CONSTRUCCIÓN	198	17,11
Construción	198	17,11
SECTOR SERVICIOS	673	58,17
Comercio e hostalería	190	16,42
Transporte e comunicacións	37	3,20
Outros servizos	446	38,55
TOTAL CONTRATOS	1.157	100,00

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

Máis da metade dos contratos da comarca no ano 2003 rexistráronse no sector servizos, co 58,17% do total. A continuación sitúanse a considerable distancia o sector secundario, co 18,67%, e o da construción, co 17,11%.

No que respecta aos subsectores, é salientable o peso do de outros servizos e industria, que supoñen conxuntamente o 56,87% da contratación comarcal.

No subsector da industria, é salientable que o 75% dos contratos concéntranse nas actividades de téxtil e confección e de outras industrias. O 25% restante distribúese entre as actividades de alimentación, de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, e de madeira.





GRÁFICO 16: Distribución porcentual da contratación na Industria.

GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



Para o conxunto dos servizos, a actividade cun maior volume de contratación é a de servizos á comunidade, coa cuarta parte dos contratos, seguida moi de cerca polas administracións públicas, co 21% do total. A continuación, e moi próximas porcentualmente, sitúanse as actividades inmobiliarias e servizos a empresas, comercio, e hostalería.

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		Menos de 26 anos	IDADE			
	Homes	Mulleres		De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	3,37	2,68	1,04	1,38	1,73	1,56	0,35
Agricultura e pesca	3,37	2,68	1,04	1,38	1,73	1,56	0,35
SECTOR SECUNDARIO	8,21	10,46	7,95	5,62	2,77	1,90	0,43
Industria	7,95	10,37	7,95	5,45	2,77	1,73	0,43
Electricidade	0,26	0,09	0,00	0,17	0,00	0,17	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	16,68	0,43	5,88	4,06	3,46	3,11	0,61
Construción	16,68	0,43	5,88	4,06	3,46	3,11	0,61
SECTOR SERVIZOS	32,58	25,58	17,46	16,42	13,05	7,43	3,80
Comercio e hostalería	5,62	10,80	7,17	4,67	2,85	1,30	0,43
Transporte e comunicacións	2,94	0,26	0,61	1,12	1,12	0,26	0,09
Outros servizos	24,03	14,52	9,68	10,63	9,08	5,88	3,28
TOTAL CONTRATOS	60,85	39,15	32,32	27,48	21,00	14,00	5,19

Tanto no colectivo feminino como no masculino, o maior volume de contratos están concentrados no sector servizos, seguido no caso dos homes polo da construción e nas mulleres polo secundario.

Tendo en conta os subsectores, os de outros servizos e construción son os que engloban un maior número de contratos masculinos. No colectivo feminino, os máis representativos son os de outros servizos e o de comercio e hostalería.

En función da distribución por idade, o sector servizos é o que presenta un maior volume contractual en todos os grupos, seguido polo sector secundario nos menores de 36 anos, e polo da construción nos intervalos restantes.

No que respecta aos subsectores, é predominante en todas as idades o de outros servizos, seguido polo de industria para os menores de 36 anos.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %			VARIAC. MEDIA%	
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	146	89	100	59	70	-39,04	12,36	-41,00	18,64	-16,79
Agricultura e pesca	146	89	100	59	70	-39,04	12,36	-41,00	18,64	-16,79
SECTOR SECUNDARIO	274	258	285	207	216	-5,84	10,47	-27,37	4,35	-5,77
Industria	259	242	266	196	212	-6,56	9,92	-26,32	8,16	-4,88
Electricidade	15	16	19	11	4	6,67	18,75	-42,11	-63,64	-28,14
S. CONSTRUCCIÓN	281	280	235	259	198	-0,36	-16,07	10,21	-23,55	-8,38
Construción	281	280	235	259	198	-0,36	-16,07	10,21	-23,55	-8,38
SECTOR SERVIZOS	638	584	873	726	673	-8,46	49,49	-16,84	-7,30	1,34
Comercio e hostalería	148	160	223	187	190	8,11	39,38	-16,14	1,60	6,44
Transporte e comunicacións	40	38	37	40	37	-5,00	-2,63	8,11	-7,50	-1,93
Outros servizos	450	386	613	499	446	-14,22	58,81	-18,60	-10,62	-0,22
TOTAL CONTRATOS	1.339	1.211	1.493	1.251	1.157	-9,56	23,29	-16,21	-7,51	-3,59

No período 1999-2003, o sector produtivo que presenta un maior descenso no número de contratos é o primario, sufrindo importantes variacións negativas nos intervalos 1999-2000 e 2001-2002, dando como resultado unha variación media negativa do -16,79%.

No sector da construción tamén hai un salientable descenso, cunha variación media do -8,38% e un só incremento en todo o período nos anos comprendidos entre 2001 e 2002. Unha situación semellante prodúcese no sector secundario, que acada unha variación media do -5,77%, con decrecementos nas contratacións no intervalo 1999-2000 e sobre todo no 2001-2002.

O sector servizos é no único onde os contratos se incrementan, circunstancia dada sobre todo polo agudo crecemento producido entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual do 49,49%, a pesar de que nos anos restantes a tendencia é á diminución. A variación media final neste sector é do 1,34%, se ben é salientable que nos subsectores de transporte e comunicacións e outros servizos os contratos redúcense moi levemente nestes cinco anos.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

A comarca de Allariz-Maceda caracterízase por un elevado predominio da contratación temporal a tempo completo, posto que o 71% dos contratos presentan esta peculiaridade. A unha gran distancia porcentual sitúanse os contratos temporais a tempo parcial, e os da tipoloxía outros, que supoñen o 10%. Nunha posición marxinal están os contratos indefinidos -a tempo completo ou parcial-, representando só un 5%.




GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	2,33	2,07	1,04	1,21	0,69	1,04	0,43
Indefinido tempo parcial	0,09	0,52	0,17	0,26	0,00	0,09	0,09
Temporal	44,51	25,76	21,35	20,66	15,30	10,29	2,68
Temporal tempo parcial	1,90	7,95	3,63	2,68	2,33	0,86	0,35
Prácticas/Formación	3,28	1,21	4,49	0,00	0,00	0,00	0,00
Outros	8,73	1,64	1,64	2,68	2,68	1,73	1,64
TOTAL CONTRATOS	60,85	39,15	32,32	27,48	21,00	14,00	5,19

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

A temporalidade perfílase tamén como predominante en ambos os sexos, conxugando o temporal a tempo completo e o de tempo parcial, o 46,41% deles distribúese entre os homes e o 33,71% entre as mulleres.

Na distribución por idade, segue sendo a contratación temporal a que conta con maior peso relativo en todos os tramos, acadando o volume máis elevado nos intervalos dos menores de 36 anos. En segundo lugar sitúanse a tipoloxía de outros contratos para todos os grupos de idade, agás nos menores de 26 anos, onde este posto ocúpalo os contratos de prácticas-formación.

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS			Total
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	0,61	1,12	0,00	1,12	0,43	1,56	0,17	0,52	2,25
Indefinido tempo parcial	0,26	0,00	0,00	0,00	0,00	0,17	0,00	0,17	0,35
Temporal	4,84	15,04	0,35	15,38	14,78	10,63	2,85	21,78	35,26
Temporal tempo parcial	0,26	0,61	0,00	0,61	0,17	3,20	0,09	5,53	8,82
Prácticas/Formación	0,09	1,56	0,00	1,56	1,73	0,86	0,09	0,17	1,12
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,37	10,37
TOTAL CONTRATOS	6,05	18,32	0,35	18,67	17,11	16,42	3,20	38,55	58,17

O sector económico que presenta unha maior temporalidade é o de servizos, que engloba o 44,08% dos contratos temporais, seguido polo sector secundario, no que se agrupa o 15,99%.

Realizando unha análise por subsectores, obsérvase que nos de outros servizos, en industria e en construción xéranse de forma conxunta máis da metade dos contratos temporais.

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	141	184	152	62	51	30,50	-17,39	-59,21	-17,74	-22,45
Indefinido tempo parcial	8	7	6	11	7	-12,50	-14,29	83,33	-36,36	-3,28
Temporal	937	789	880	789	813	-15,80	11,53	-10,34	3,04	-3,49
Temporal tempo parcial	167	144	126	121	114	-13,77	-12,50	-3,97	-5,79	-9,10
Prácticas/Formación	59	69	70	87	52	16,95	1,45	24,29	-40,23	-3,11
Outros	27	18	259	181	120	-33,33	1338,89	-30,12	-33,70	45,20
TOTAL CONTRATOS	1.339	1.211	1.493	1.251	1.157	-9,56	23,29	-16,21	-7,51	-3,59

A evolución segundo a tipoloxía de contratación no período 1999-2003 presenta unha tendencia ao decrecemento en todas as categorías, excepto na de outros. Deste xeito, nesta última prodúcese un agudo incremento, cunha variación media do 45,20%, acadada a pesar de obter decrecementos en todos os intervalos temporais, agás no do 2000-2001, onde presenta un importante crecemento.

Na categoría onde máis se reducen as contratacións é na de indefinido a tempo completo, que só aumenta entre os anos 1999-2000, reducíndose de forma continua posteriormente, obtendo así unha variación media do -22,45%.

Os contratos temporais a tempo parcial tamén decrecen de forma considerable, cunha diminución en todos os intervalos, e unha variación media do -9,10%. De forma máis leve descenden o resto de categorías, con variacións medias moi semellantes entre si, acadando os contratos temporais a tempo completo o -3,49%, os indefinidos a tempo parcial o -3,28% e os de prácticas/formación o -3,11%.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	1	0,09
HOMES	1	0,09
MULLERES	0	0,00
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	149	12,88
HOMES	107	9,25
MULLERES	42	3,63
3. Técnicos e profesionais de apoio	41	3,54
HOMES	26	2,25
MULLERES	15	1,30
4. Empregados de tipo administrativo	37	3,20
HOMES	8	0,69
MULLERES	29	2,51
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	269	23,25
HOMES	113	9,77
MULLERES	156	13,48
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	48	4,15
HOMES	30	2,59
MULLERES	18	1,56
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	183	15,82
HOMES	170	14,69
MULLERES	13	1,12
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	157	13,57
HOMES	82	7,09
MULLERES	75	6,48
9. Traballadores non cualificados	272	23,51
HOMES	167	14,43
MULLERES	105	9,08
TOTAL CONTRATOS	1.157	100,00
TOTAL HOMES	704	60,85
TOTAL MULLERES	453	39,15

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

Segundo os nove grandes grupos de ocupación, e de acordo co exposto na táboa anterior, é preciso sinalar a concentración do 76,15% dos contratos nos seguintes catro grandes grupos:

- Traballadores non cualificados -23,51%-.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -23,25%-.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -15,82%-.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -13,57%-.

Dende outra óptica, atendendo á distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -14,69%-. • Traballadores non cualificados -14,43%-. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -9,77%-. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -9,25%-.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -13,48%-. • Traballadoras non cualificadas -9,08%-. • Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras -6,48%-. • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais -3,63%-.

Dada a forte presenza masculina na contratación na comarca de Allariz-Maceda, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. As mulleres superan aos homes en 3,71 puntos.
- Empregados de tipo administrativo. A contratación feminina é 1,82 puntos superior á masculina.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, variación de -24,79%.
- Operadores de instalacións e maquinarias, e montadores, -14,15%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, -9,52%.
- Empregados de tipo administrativo, -6,30%.
- Traballadores non cualificados, -3,06%.

Pola contra, o grupo que destaca sobre os demais polo seu crecemento é o de técnicos profesionais, científicos e intelectuais, que acadou unha variación media positiva do 36,44%.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, é salientable o crecemento da contratación masculina nos grupos de ocupación de:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, cunha variación media anual de 38,59%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 11,54%.
- Técnicos e profesionais de apoio, 11,21%.

Por outra banda, en Allariz-Maceda prodúcese un descenso na contratación de homes nos grupos de ocupación de:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, variación anual media de -32,20%.
- Empregados de tipo administrativo, -13,06%.
- Operadores de instalacións e maquinarias, e montadores, -12,98%.

No tocante ás mulleres, destaca o incremento medio na contratación nos seguintes grupos de ocupacións:

- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais, variación media anual de 31,61%.
- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca, 22,47%.

É preciso, por último, sinalar o decrecemento que se rexistra na contratación feminina nas actividades que se enumeran a continuación:

- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, variación anual media de -18,87%.
- Operadoras de instalacións e maquinarias, e montadoras, -15,34%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
25130104	Músico instrumentista	117	10,11	98	13,92	19	4,19	83,76
71100016	Albanel	83	7,17	82	11,65	1	0,22	98,80
53300010	Dependente de comercio	79	6,83	14	1,99	65	14,35	17,72
96020014	Peón da construción de edificios	66	5,70	61	8,66	5	1,10	92,42
97000075	Peón da industria química	50	4,32	28	3,98	22	4,86	56,00
83630022	Operario máquina industrial coser á plana	49	4,24	3	0,43	46	10,15	6,12
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador	47	4,06	2	0,28	45	9,93	4,26
50200018	Camareiro	41	3,54	17	2,41	24	5,30	41,46
52990063	Técnico de protección civil	38	3,28	29	4,12	9	1,99	76,32
86300016	Conductor de camión	38	3,28	38	5,40	0	0,00	100,00
TOTAL		608	52,55	372	52,84	236	52,10	61,18

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

Tendo en conta as dez ocupacións máis contratadas no ano 2003, é salientable o alto grao de concentración que se produce en ambos os sexos no territorio, posto que o 52,55% dos contratos realizados na comarca de Allariz-Maceda rexistráronse nelas.

As mulleres tenden a ser contratadas en maior medida como dependenta de comercio e operaria de máquina industrial de coser á plana, mentres que nos homes as ocupacións máis contratadas son as de músico instrumentista e albanel.

Outro aspecto que cómpre ter en conta é o alto grao de masculinización que se produce no conxunto das ocupacións -61,18%-, destacando o maior volume de contratación masculina nas ocupacións de albanel, peón da construción de edificios e músico instrumentista.

Do mesmo xeito, existen tres ocupacións eminentemente femininas, que son as de muller de limpeza, operaria de máquina industrial de coser á plana e dependenta de comercio, todas elas cun ratio de masculinidade por baixo do 20%.

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
25130104	Músico instrumentista	18	11	257	177	117
71100016	Albanel	89	81	82	101	83
53300010	Dependente de comercio	15	13	91	74	79
96020014	Peón da construción de edificios	105	129	113	87	66
97000075	Peón da industria química	3	28	21	26	50
83630022	Operario máquina industrial coser á plana	124	38	96	53	49
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador	38	47	59	42	47
50200018	Camareiro	50	63	40	44	41
52990063	Técnico de protección civil	27	38	38	42	38
86300016	Condutor de camión	53	35	46	38	38
97000011	PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	67	33	50	44	34
62410023	TRABALLADOR FORESTAL	115	48	48	11	28
97000114	PEÓN FABRICACIÓN MATERIAL E EQUIPO ELÉCTRICO / ELECTRÓNICO /ÓPTICO	1	79	0	2	2
71200039	FERRALLISTA	48	3	2	1	0

Polo que respecta á evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003, prodúcense lixeiras oscilacións en canto á súa composición, dado que catro delas -peón da industria manufactureira, traballador forestal, peón de fabricación material e equipo eléctrico, e ferrallista saen desta lista nos últimos anos.

É salientable a evolución positiva da ocupación de peón da industria química, na que se logra unha variación media do 102,05%, dada sobre todo por un importante incremento producido no ano 2000. Cómpre tamén falar da evolución de músico instrumentista, que acada un forte crecemento no intervalo comprendido entre 2000 e 2001. Unha situación parecida ocorre na ocupación de dependente de comercio, que, dado o forte aumento producido no mesmo intervalo que no caso anterior, consegue unha variación media do 51,49%.

No que respecta ás ocupacións nas que a contratación decrece, é destacable o caso de ferrallista, que sofre unha forte redución no ano 2000 e no 2003 xa non rexistra ningún contrato. A outra ocupación que máis descende é a de traballador forestal, que diminúe considerablemente nos intervalos 1999-2000 e 2001-2002.



Comarca de Baixa Limia



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

Do tecido empresarial da comarca da Baixa Limia o sector máis representativo é o dos servizos, que agrupa máis da metade das empresas, cun total de 56,83%. Dentro deste, o subsector que maior relevancia ten é o de comercio e hostalería, co 31,15% do total de empresas da comarca. O segundo sector máis representativo é o da construción, que no 2003, acada unha porcentaxe de 23,50%.

A maior parte dos traballadores pertencen ao sector dos servizos, que igual que sucede no caso anterior conta cunha maior presenza cuantitativa, co 44,90% de representación. Pero cómpre dicir que se analizamos os datos para os traballadores dende a óptica dos subsectores cambia a tendencia, sendo o subsector de agricultura e pesca o que rexistra o maior número de traballadores, co 37,51%, seguido do subsector de outros servizos, co 28,96%.

De novo é o sector servizos onde se rexistran o maior número de autónomos, se ben neste caso destaca con bastante diferenza por riba dos outros o subsector de comercio e hostalería, co 43,53% de representación. O sector da construción ocupa o segundo lugar, co 26,81% do total de autónomos da comarca.

5.1.2. Evolución anual

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	33	37	37	34	17
Agricultura e pesca	33	37	37	34	17
SECTOR SECUNDARIO	17	21	18	21	19
Industria	17	21	18	21	18
Electricidade	0	0	0	0	1
SECTOR CONSTRUCCIÓN	36	41	44	43	43
Construción	36	41	44	43	43
SECTOR SERVIZOS	93	79	90	101	104
Comercio e hostalería	46	40	50	53	57
Transporte e comunicacións	7	5	6	5	5
Outros servizos	40	34	34	43	42
TOTAL	179	178	189	199	183


TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

Dende 1999 ata o 2003 a característica fundamental que define a evolución do número de empresas é a do estancamento que sofren, presentando unha variación media no conxunto do período para todos os sectores do 0,55%. No ámbito sectorial ningún dos sectores experimentan un forte crecemento; a variación media máis alta é a do sector da construción, co 4,54%. Nun segundo lugar están o sector secundario e o de servizos, con porcentaxes similares de 2,82% e 2,83% respectivamente. O decrecemento máis elevado sófreo o sector primario, que ofrece unha variación media negativa de -15,28%.

Atendendo á evolución do conxunto da comarca nos diferentes tramos anuais, só no tramo de 2000-2001 e no seguinte se logran valores de crecemento, sendo a tendencia no último ano do período negativa, cun -8,04%.

En liñas xerais, a evolución do número de empresas presenta unhas tendencias cara ao descenso no sector primario e ao estancamento no secundario, e hacia ao aumento nos outros dous: construción e servizos. A partir do ano 2001 comeza o descenso do sector primario, en tanto que o secundario experimenta diversas oscilacións, pois medra nos intervalos 1999-2000 e 2002-2003 e descende nos restantes. Pola contra, nos servizos só se produce un descenso entre 1999 e 2000, e experimentábase un crecemento nos restantes. Polo que respecta ao sector da construción, prodúcese o crecemento máis notable entre 1999 e 2000, tendendo a estabilizarse o número de empresas no resto do período.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	334	366	338	316	320
Agricultura e pesca	334	366	338	316	320
SECTOR SECUNDARIO	42	56	65	59	47
Industria	42	56	65	59	45
Electricidade	0	0	0	0	2
SECTOR CONSTRUCCIÓN	114	123	134	119	103
Construción	114	123	134	119	103
SECTOR SERVIZOS	240	192	259	351	383
Comercio e hostalería	84	78	92	93	121
Transporte e comunicacións	16	13	17	17	15
Outros servizos	140	101	150	241	247
TOTAL	730	737	796	845	853

O crecemento do número de traballadores é relativamente maior que o do número de empresas da comarca. Se no caso das empresas a variación media en conxunto que experimentaba era de 0,55%, no caso dos traballadores estamos a falar de 3,97%. Segundo a distribución por sectores, o que experimenta maior crecemento é o de servizos, que acada unha variación media en todo o período de 12,39%, seguido a bastante distancia do secundario, cun 2,85%. Pola contra, tanto o sector primario coma o da construción descenden.

Para o conxunto dos traballadores, as etapas de maior crecemento rexístranse nos dous tramos intermedios, sendo as variacións interanuais de 8,01% no 2001 e 6,16% no 2002. Por outra banda, no ano de inicio e final existe un crecemento moi matizado, sendo as variacións interanuais estancas para eses anos do 0,96% e 0,95% respectivamente.

Un dos sectores que maior fluctuación rexistra é o de servizos. Tras arrancar cunha forte regresión de -20%, acada cotas de crecemento de 34,90% e 35,52% no 2001 e 2002, respectivamente, pechando o período cun crecemento salientable (variación interanual de 9,12%). Neste mesmo, o subsector máis representativo en número de traballadores, o de outros servizos, é o que ofrece o maior crecemento, sendo a variación media para o período de 15,25%.

Tanto no sector secundario como no da construción a súa característica principal é a da regresión que sofren a partir de 2002, chegando a recoller variacións interanuais no 2003 de -20,34% e de -13,45%, respectivamente. Noutra liña, o sector primario recupérase lentamente no 2003, onde rexistra unha variación interanual de 1,27%, que rompe coa tendencia negativa dos dous tramos anteriores.

Despois do forte incremento do número de traballadores no sector servizos en 2001, iníciase un período de estancamento que rematará no ano 2003 cun crecemento moderado, maior que o producido no resto de sectores. No resto de sectores hai unha tendencia descendente nos niveis de crecemento, chegando a acadar valores negativos para o sector secundario e o da construción a partir do intervalo 2001-2002. En cambio, no sector primario rexístranse valores positivos só no primeiro e no último intervalo do período obxecto de estudo.




GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	27	30	37	38	37
Agricultura e pesca	27	30	37	38	37
SECTOR SECUNDARIO	22	25	28	25	28
Industria	22	25	28	25	28
Electricidade	0	0	0	0	0
SECTOR CONSTRUCCIÓN	54	61	63	70	85
Construción	54	61	63	70	85
SECTOR SERVIZOS	128	142	153	159	167
Comercio e hostalería	103	118	127	134	138
Transporte e comunicacións	12	11	12	9	11
Outros servizos	13	13	14	16	18
TOTAL	231	258	281	292	317

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

No caso dos autónomos, evidénciase un crecemento xeneralizado do seu número despois de analizar os datos reflectidos na táboa. O crecemento en conxunto é de 8,23%, presentando tanto no ámbito sectorial como no subsectorial variacións medias positivas no período de referencia, a excepción do subsector de transporte e comunicacións. A máxima dáse no sector da construción, co 12,01%, seguido do primario, co 8,20%. O sector servizos tamén acada un crecemento considerable de 6,88%.

Por anos, a nota xeneralizada de evolución é a do crecemento, que se vislumbra en cifras de variación interanual positiva en todos os anos; a maior dáse no 2000 -11,69%-, seguida pola do ano seguinte, 8,91%. O ano que menos medra é o 2002, onde a variación interanual é de 3,91%.


O sector máis representativo é o dos servizos, que presenta unha evolución similar á media do conxunto, rexistrando a variación interanual máis alta en 2000, co 10,94%; pola contra, no último ano é de 5,03%, bastante inferior á media. Neste mesmo sector o subsector que maior disparidade presenta é o de transporte e comunicacións, onde compre sinalar o decrecemento de -25% que soporta no 2002, o máis elevado a todos os niveis, e o crecemento en 2003 de 22,22%, un dos máis altos de todos os sectores.

No sector da construción en todos os anos se observan valores positivos, rexistrando a variación interanual máis alta no último ano -21,43%-, un dos valores máis salientables de todos os sectores.

No sector secundario increméntanse todos os anos o número de autónomos en porcentaxes similares, dándose no 2000 o maior crecemento -13,64%-, en tanto que nos anos 2001 e 2003 é do 12%. A paréntese para este sector dáse no ano 2002, no que se produce unha regresión de -10,71%.

O sector primario medra considerablemente a inicios do período, para pechalo cunha variación interanual negativa de -2,63% en 2003.

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



Cómpre dar conta de que, a excepción do sector secundario en 2002 e o primario en 2003, que presentan variacións interanuais negativas, en todos os anos se aprecian valores positivos nos niveis de crecemento. A finais do período o sector secundario e o da construción experimentan un incremento do número de autónomos considerable, rexistrando un certo estancamento nos últimos anos o sector servizos.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Bande	103	59	162
Entrimo	52	29	81
Lobeira	57	25	82
Lobios	108	51	159
Muíños	97	33	130
TOTAL	417	197	614

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia - PARADOS	2,26
% comarca/provincia - NON PARADOS	1,88

A maior parte dos demandantes da comarca da Baixa Limia concéntranse en tres concellos: Bande e Lobios, con porcentaxes similares de 26,38% e 25,90%, e Muíños co 21,17%. Por outra banda, pecha a serie os concellos de Entrimo e Lobeira, cunha representación similar de 13,19% e 13,35%.

En todos os concellos predominan os demandantes parados sobre os non parados, representando os primeiros sobre o conxunto global o 67,92%, fronte ao 32,08% dos segundos.

No caso dos demandantes parados, en Lobios, Bande e Muíños, con porcentaxes similares, recollese o 73,86%. Nos demandantes non parados os concellos con maior representación son Bande e Lobios, que xuntos suman máis da metade destes, en concreto o 55,84%.

A representación desta comarca no conxunto de demandantes da provincia de Ourense é mínima, recollendo porcentaxes de 2,26% no caso de demandantes parados e de 1,88% no caso dos non parados.

A distribución das porcentaxes de demandantes parados e non parados é moi similar en todos os concellos, observándose a distancia máis considerable no concello de Muíños, onde o número de demandantes parados representa as tres cuartas partes do total no concello. No resto o número de demandantes parados dobra amplamente ao de non parados.




GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.


5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	416	495	413	408	417
VARIACIÓN INTERANUAL %		18,99	-16,57	-1,21	2,21
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	2,32	2,80	2,47	2,24	2,26

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

Nesta comarca é de salientar o forte incremento do número de demandantes parados que se produce en 2000, onde se recolle unha variación interanual de 18,99%. No ano seguinte prodúcese un descenso de -16,57%, facéndose moi leve no ano seguinte. No 2003 prodúcese un modesto incremento, situándose nuns valores absolutos moi próximos aos do ano de inicio deste período. Como resultado disto, o peso relativo da comarca no conxunto da provincia experimenta un crecemento no ano 2000, se ben volve a descender nos dous anos seguintes para finalmente manterse no último.

GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.



A evolución do número de demandantes parados da comarca sinalada no apartado anterior pódese apreciar significativamente no trazado da liña de demandantes do gráfico, que despois do forte incremento do ano 2000, descende no seguinte ano e practicamente estáncase nos dous últimos.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	27	4,40	10,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	390	63,52	53,19
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	16	2,61	5,15
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	88	14,33	15,38
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	31	5,05	4,76
	En expediente de regulación de emprego	0	0,00	0,40
	Demandantes de mellora de emprego	45	7,33	7,08
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	15	2,44	3,03
	Resto de demandantes	2	0,33	0,42
TOTAL		614	100,00	100,00

Máis da metade dos demandantes da comarca son persoas paradas con experiencia laboral previa. Este grupo sitúase por riba da media provincial nunha porcentaxe significativa, en concreto en 10,33 puntos.

O segundo colectivo máis representativo, co 14,33%, é o de demandantes non parados con experiencia laboral previa, que mantén unha posición similar ao valor provincial. No resto dos casos as porcentaxes son similares para os dous ámbitos, sen existiren diferenzas moi significativas, a non ser no caso dos demandantes parados sen emprego anterior, onde a porcentaxe comarcal é 6,19 puntos menor.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	25	20	6,00	4,80	10,79	15,17
26 a 35 anos	40	36	9,59	8,63	18,23	25,82
36 a 45 anos	45	35	10,79	8,39	19,18	21,11
46 a 55 anos	54	52	12,95	12,47	25,42	20,00
56 e máis anos	64	46	15,35	11,03	26,38	17,90
TOTAL COMARCA	228	189	54,68	45,32	100,00	2,26
TOTAL PROVINCIA	7.856	10.584	42,60	57,40	2,26	100,00

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

Unha das primeiras características da Baixa Limia é o predominio do sexo masculino entre os demandantes parados, unha situación inversa á que se produce no ámbito provincial. Na distribución dos demandantes parados por tramos de idade obsérvase unha tendencia a incrementar a presenza de demandantes segundo aumentamos a idade.

En ambos os dous sexos, máis da metade dos demandantes concéntranse nos dous tramos de idade finais, rompendo coa mesma distribución no ámbito provincial. Entre os dous representan o 51,8% dos demandantes na comarca e o 37,90% na provincia.

Na provincia de Ourense a maior parte dos demandantes concéntranse entre os intervalos de 26 ata os 45 anos, que vén representar o 46,93% da demanda, sendo a porcentaxe para a comarca do 37,41%.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	15	10	7,61	5,08	12,69	20,44
26 a 35 anos	14	27	7,11	13,71	20,81	25,77
36 a 45 anos	15	28	7,61	14,21	21,83	20,01
46 a 55 anos	19	21	9,64	10,66	20,30	16,76
56 e máis anos	24	24	12,18	12,18	24,37	17,03
TOTAL COMARCA	87	110	44,16	55,84	100,00	1,88
TOTAL PROVINCIA	3.865	6.607	36,91	63,09	1,88	100,00


TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

Atendendo á distribución por sexos, no caso dos demandantes non parados dáse a situación inversa á dos parados, rexistrando a maior porcentaxe de demandantes as mulleres, co 55,84% de representación, situándose ao mesmo tempo por baixo do valor provincial, 63,09%.

Na comarca, case a cuarta parte dos demandantes sitúanse no último tramo en idade, tendo os tres anteriores porcentaxes moi similares que roldan o 20%. A porcentaxe máis baixa, o 12,69%, recóllese no caso dos demandantes menores de 26 anos. Na provincia, pola contra, a situación é á inversa, comprobando como os tramos de menor número de demandantes son os máis vellos en idade, e os de maior volume os dous máis novos.


En canto á distribución por sexo e idade, obsérvase que máis dunha cuarta parte dos demandantes non parados son mulleres que teñen entre 26 e 45 anos. O próximo tramo de maior demanda é a de mulleres maiores de 55 anos, obtendo a mesma porcentaxe que os homes. Pola contra, no caso dos demandantes de menos de 26 anos a porcentaxe dos homes supera moderadamente á das mulleres en 2,53% puntos.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.



A diferenza dos últimos dous tramos de idade, onde o número de demandantes parados dobra amplamente ao de non parados, nos tres primeiros tende a moderarse esta tendencia. Tamén se aprecia a orde ascendente dos demandantes parados en función da idade, isto é, dáse unha maior concentración de demanda nos tramos de idade máis avanzada. Este mesma relación non se aprecia tanto no caso dos demandantes non parados, onde a distribución das porcentaxes nos diversos tramos de idade é máis simétrica.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.



A presenza dos demandantes parados é máis notable entre os homes que entre as mulleres, ao revés do que sucede cos demandantes non parados. Non obstante, tanto entre o xénero masculino como no feminino, son máis frecuentes os demandantes parados.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	250	59,95	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	115	27,58	32,57
Formación profesional	19	4,56	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	20	4,80	14,65
Titulados universitarios	13	3,12	12,07
Outras titulacións	0	0,00	1,70
TOTAL	417	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

A maior parte de demandantes parados de emprego na comarca da Baixa Limia, o 59,95%, son persoas que non chegan a ter o nivel de estudos de ensinanza obrigatoria, duplicando practicamente o valor provincial, que é de 32,81%. No resto dos casos a media comarcal está bastante por debaixo da provincial, chegando no caso dos estudos de bacharelato e universitarios a triplicar a porcentaxe provincial á comarcal, como se reflite nas porcentaxes de 14,65% sobre 4,80% para o caso dos estudos de bacharelato e 12,07% sobre 3,12% no caso dos universitarios.

Cómpre dicir que nos dous niveis de estudos inferiores, ata a ensinanza obrigatoria, agrúpase o 87,53% da demanda na comarca, en tanto que a porcentaxe para a provincia é de 65,38%.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	111	56,35	36,50
Titulación de ensinanza obrigatoria	53	26,90	26,81
Formación profesional	8	4,06	6,81
BUP/Bacharelato superior/COU	15	7,61	16,18
Titulados universitarios	7	3,55	12,40
Outras titulacións	3	1,52	1,30
TOTAL	197	100,00	100,00

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

No caso dos demandantes non parados, hai unha certa similitude coa distribución anterior para os parados. No caso de persoas sen estudos, a porcentaxe de demandantes da comarca supera nun 19,85% á da provincia, dándose no nivel de titulación de ensinanza obrigatoria unhas porcentaxes similares.

As maiores diferenzas vólvense apreciar de novo no caso dos estudos de bacharelato e universitarios. No primeiro caso a porcentaxe provincial duplica á comarcal, en tanto que no segundo o valor provincial cuatricula ao comarcal.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	6,00	0,00	0,00	6,00
	Mulleres	3,12	0,72	0,96	4,80
26 a 35 anos	Homes	5,76	2,64	1,20	9,59
	Mulleres	3,60	2,88	2,16	8,63
36 a 45 anos	Homes	7,19	1,92	1,68	10,79
	Mulleres	2,64	2,88	2,88	8,39
46 a 55 anos	Homes	5,76	1,92	5,28	12,95
	Mulleres	3,60	1,44	7,43	12,47
56 e máis anos	Homes	2,16	1,68	11,51	15,35
	Mulleres	3,12	0,96	6,95	11,03
TOTAL COMARCA		42,93	17,03	40,05	100,00
TOTAL PROVINCIA		43,54	14,46	42,01	100,00

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Na táboa anterior pódese observar a distribución dos demandantes parados por tempo de busca de emprego, onde se destaca a similitude dos valores nos ámbitos comarcal e provincial. A maior parte dos demandantes levan menos de seis meses na procura de emprego, en concreto o 42,93%. Por outra banda, a porcentaxe de demandantes de longa duración, isto é de máis dun ano, é lixeiramente inferior á anterior, 40,05%.

No caso dos demandantes de menos de seis meses, a maior parte son homes, 26,87%. No resto de casos a distribución dos demandantes por sexos é bastante equitativa, se ben a porcentaxe de mulleres supera levemente á dos homes. No caso dos demandantes de seis meses a un ano, o 8,87% son mulleres, e no caso dos demandantes de máis dun ano, son mulleres o 20,58%.

En función da segmentación dos datos por sexo e idade, a porcentaxe máis alta correspóndelle aos homes de máis de 55 anos que levan máis dun ano como demandantes de emprego, 11,51%. No caso das mulleres a porcentaxe máis alta é xusto no tramo de idade anterior co 7,43%, estando a segunda porcentaxe máis alta no tramo de máis de 55 anos, co 6,95%.

En referencia aos demandantes de menos de seis meses, os maiores valores conséguense nos tramos de idade máis baixos, e nos homes. Temos que salientar que nos caso dos homes menores de 26 anos só existen demandantes de menos de seis meses.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia


TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	48	11,51	2,52	17	8,63	2,52
Sector secundario	44	10,55	15,61	22	11,17	13,28
Construción	84	20,14	14,95	30	15,23	9,90
Sector servizos	214	51,32	50,49	108	54,82	55,73
Sen actividade previa	27	6,47	16,43	20	10,15	18,56
TOTAL	417	100,00	100,00	197	100,00	100,00

Tanto no caso dos demandantes parados como dos non parados, máis da metade deles proceden do sector servizos, no caso dos primeiros o 51,32% e no dos segundos o 54,82%. As dúas son similares ás porcentaxes acadadas no nivel provincial.


O segundo sector que aglutina maior número de demandantes é o da construción, que supera en ambos os dous casos, parados e non parados, as porcentaxes provinciais. Se no sector secundario se observan porcentaxes moderadamente inferiores na comarca, no caso do primario rómpese a tendencia anterior, ao superar de sobra o peso relativo deste sector no ámbito provincial, tanto para os parados como para os non parados.

GRÁFICO 8: Demandantes parados na Industria.



Dentro das numerosas actividades da industria, tres agrupan a maior parte dos demandantes parados. Estas tres actividades: téxtil, alimentación e outras industrias, en conxunto representan o 71% da demanda, tendo as dúas primeiras o mesmo peso, co 26%. Nun segundo lugar, con menos da metade das anteriores, podemos agrupar as de metalurxia e madeira, con porcentaxes aproximadas de 12% e 10% respectivamente.

GRÁFICO 9: Demandantes parados nos Servizos.



Os servizos destacan pola pluralidade de actividades que albergan, e hai que sinalar que case a metade dos demandantes parados procedentes do sector se concentran en administracións públicas e en hostalería, co 25% e 21% de representación, respectivamente. Nun segundo lugar, con porcentaxes do 14% as dúas, están os servizos á comunidade e a educación. Se sumamos as catro actividades referenciadas, observamos que nestas se concentran as tres cuartas partes dos demandantes.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	78	12,70	9,34
Peón da construción de edificios	60	9,77	3,96
Traballador retén incendios forestais	28	4,56	0,47
Albanel	25	4,07	2,58
Camareiro, en xeral	24	3,91	2,74
Peón da ind. manufactureira, en xeral	23	3,75	4,57
Cociñeiro, en xeral	23	3,75	2,08
Empregado administrativo, en xeral	22	3,58	8,75
Dependente de comercio, en xeral	16	2,61	8,01
Encofrador	12	1,95	0,71

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Homes	Mulleres
Grupo idade	56 e máis anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller-Mozo de limpeza, limpador	Muller-Mozo de limpeza, limpador

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Bande	20	43,48
Entrimo	4	8,70
Lobeira	1	2,17
Lobios	13	28,26
Muíños	8	17,39
TOTAL COMARCA	46	100,00

TOTAL OFERTAS PROVINCIA: 11.116

COMARCA/PROVINCIA: 0,41

Na comarca da Baixa Limia realizáronse 46 ofertas de traballo, que supoñen o 0,41% das realizadas na provincia de Ourense. Estes datos sinalan a escasa relevancia do número de ofertas deste territorio.

O concello que máis ofertas rexistra é Bande, co 43,48%, seguido de Lobios, co 28,26%. Estes dous representan case as tres cuartas partes do total de ofertas realizadas, en concreto o 71,74%.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %			VARIAC. MEDIA%	
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Lobeira	0	0	0	0	1					
Lobios	1	0	13	7	13			-46,15	85,71	89,88
Muíños	0	0	3	2	8			-33,33	300,00	
Entrimo	4	16	6	2	4	300,00	-62,50	-66,67	100,00	0,00
Bande	1	15	1	7	20	1.400,00	-93,33	600,00	185,71	111,47
TOTAL COMARCA	6	31	23	18	46	416,67	-25,81	-21,74	155,56	66,40
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116	30,02	-10,06	-6,80	2,25	2,74

En conxunto, a Baixa Limia experimenta un crecemento do 66,40%. En contraste co crecemento considerable do ano 2000, iníciase un período de descenso que se romperá de novo a finais de 2003. Como balance deste período, cómpre sinalar que a variación media anual alcanza un valor do 66,4%, que hai que tomar con prudencia dados os baixos valores absolutos de número de ofertas que caracterizan esta comarca.

En relación coa provincia de Ourense, a comarca segue unha tendencia similar, se ben acada valores relativos moito máis altos e baixos.

Nos concellos onde maior número de ofertas se realizan as tendencias de evolución son diferentes. No concello de Bande recóllense 20 ofertas no ano 2003; así, rompe coa tendencia dos dous anos anteriores e supera os valores do ano 2000. No caso de Lobios, tras a paréntese do ano 2002, recupérase o mesmo volume de ofertas de 2001, amosando o concello unha variación media de crecemento do 89,88%.

Tomando en consideración os concellos de Bande e Lobios, e agregando o resto de concellos para comparar a súa liña evolutiva, pódese apreciar que Lobios parte dun número de ofertas case inexistente en 1999 e 2000, fronte ao incremento que se produce en 2000 en Bande e no resto de concellos. Por outra parte, o descenso de Bande no 2001 vai acompañado do ascenso de Lobios, seguindo a tendencia inversa no ano seguinte, para finalmente subiren os dous concellos no último ano. En cambio, o resto de concellos, despois de baixar entre o ano 2000 e 2002, volven aumentar no último ano o número de ofertas.




GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Lobeira	0		0		0		1	2,56
Lobios	0		0		0		13	33,33
Muíños	0		0		2	50,00	6	15,38
Entrimo	0		0		0		4	10,26
Bande	0		3	100,00	2	50,00	15	38,46
TOTAL COMARCA	0		3	100,00	4	100,00	39	100,00
TOTAL PROVINCIA	126		1.001		2.224		7.763	

TÁBOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

Practicamente todas as ofertas realízanse no sector dos servizos, onde Bande, co 38,46%, e Lobios, co 33,33%, teñen a representación maioritaria. A bastante distancia está o concello de Muíños, co 15,38% de ofertas no sector servizos, recollendo a maiores 2 ofertas na construción.

Calquera tipo de comentario semella innecesario tras observar o forte peso do sector servizos na comarca, que a bastante distancia é seguido polo da construción e polo secundario.

Con respecto ao sector secundario, hai que sinalar que o total de ofertas rexistradas no subsector de industria concéntranse na actividade de téxtil e confección.

Dentro do sector servizos hai unha serie de actividades que comparten un peso similar en relación ao número de ofertas, estas son: administracións públicas, hostalería e sanidade, que xuntas albergan o 92% do total.




GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.




GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas nos Servizos.


TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	0	16	0	0	0
Secundario	0	0	1	0	3
Construción	0	1	10	7	4
Servizos	6	14	12	11	39
Sen actividade	0	0	0	0	0
TOTAL COMARCA	6	31	23	18	46
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116

A maiores do incremento total de ofertas da comarca experimentado no ano 2003, cómpre sinalar a evolución do sector servizos, que no mesmo ano presenta unha variación interanual de 254,55%. Este mesmo sector presenta unha variación media anual no período de 59,67%. Un último elemento a considerar é a desaparición de ofertas procedentes do sector primario a partir do ano 2000.


5.3.3. Perfil básico das ofertas

GRÁFICO 13: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.



O 21,74% das ofertas xestionadas na comarca teñen como un dos seus requirimentos o sexo dos suxeitos. Hai que sinalar que, fronte á distribución da totalidade de ofertas da construción para os homes, a totalidade das do sector secundario e de servizos son para as mulleres, sendo a actividade de hostalería a que monopoliza este tipo de ofertas do último sector sinalado.

GRÁFICO 14: Ofertas por nivel académico da comarca.



Algo máis da metade das ofertas esixen un determinado nivel de estudos para exercer a ocupación. A maior parte das ofertas deste tipo realizadas na comarca son para titulados universitarios, cun total de doce ofertas, seguido das ofertas para persoas con titulación de ensinanza obrigatoria, que se reducen á metade. Case todas as ofertas que requiren estudos universitarios proceden da actividade de sanidade e servizos sociais.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

	1999	2000	2001	2002	2003
Camareiro/Barman	0	0	2	1	5
Peón de albanel/Peón de obras públicas	0	0	0	1	2
Axudante de cociña	0	0	0	1	2
Auxiliar administrativo	0	0	0	1	2
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns	0	0	6	1	2
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	1	0	1	1	2
Xardineiro / Traballador de centros de xardinería	0	0	0	1	1

TÁBOA 17: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

Debido a que a comarca da Baixa Limia non conta con oficinas de emprego do servizo público de emprego, só se dispón de datos relativos aos centros colaboradores. Así, a ocupación máis ofertada é a de camareiro, que só recolle ofertas dende 2001. Logo están practicamente todas as demais, con dúas ofertas, sinalando as seis ofertas de auxiliar de axuda a domicilio no 2001 como dato máis significativo da súa evolución negativa.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
BANDE	226	33,43
ENTRIMO	116	17,16
LOBEIRA	48	7,10
LOBIOS	149	22,04
MUIÑOS	137	20,27
TOTAL COMARCA	676	100,00
TOTAL PROVINCIA	50.587	1,34

O concello de Bande é o que rexistra a maior parte dos contratos, cunha representación porcentual de 33,43%. Nun segundo lugar sitúanse Lobios e Muíños, con porcentaxes similares de 22,04% e 20,27%.

Igual que sucede coas ofertas realizadas na comarca, temos que sinalar que a importancia do volume contractual da comarca é ínfima, ao representar só o 1,34% dos contratos realizados na provincia.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
BANDE	280	195	194	140	226	-30,36	-0,51	-27,84	61,43	-5,22
ENTRIMO	70	105	80	98	116	50,00	-23,81	22,50	18,37	13,46
LOBEIRA	51	64	71	93	48	25,49	10,94	30,99	-48,39	-1,50
LOBIOS	236	216	184	111	149	-8,47	-14,81	-39,67	34,23	-10,86
MUIÑOS	153	115	102	147	137	-24,84	-11,30	44,12	-6,80	-2,72
TOTAL COMARCA	790	695	631	589	676	-12,03	-9,21	-6,66	14,77	-3,82
TOTAL PROVINCIA	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

A diferenza do pequeno aumento da contratación que ten lugar na provincia, a comarca experimenta un decrecemento de -3,82% no período de referencia. Atendendo ás cifras de variación media para o período sinalado só o concello de Entrimo presenta un valor positivo de 13,46%. O resto de concellos débátense entre valores negativos, que nalgún caso, como o do concello de Lobios, chega a ser de -10,86%.

En todos os anos se reduce o número de contratos ata chegar ao 2003, onde por primeira vez se aprecia unha variación interanual positiva para o conxunto da comarca de 14,77%. A excepción de Lobeira e Muíños, que decrecen considerablemente (no caso do primeiro ata un -48,39%), o resto de concellos medran considerablemente, tal e como se aprecia no caso de Bande, onde a variación interanual en 2003 é de 61,43%. Non obstante, este último concello chega ao final do período amosando un saldo negativo, ao obter unha variación media de -5,22%.

Tendo en consideración a evolución da contratación na provincia de Ourense, apréciase como na comarca a relación é á inversa. Na provincia en todos os anos se aprecian cifras de crecemento moderado, para chegar ao 2003 cun pequeno decrecemento de -0,54%.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	118	58	176	17,46	8,58	26,04
De 26 a 35 anos	80	81	161	11,83	11,98	23,82
De 36 a 45 anos	105	64	169	15,53	9,47	25,00
De 46 a 55 anos	66	53	119	9,76	7,84	17,60
De 56 e máis anos	31	20	51	4,59	2,96	7,54
TOTAL COMARCA	400	276	676	59,17	40,83	100,00
TOTAL PROVINCIAL	28.784	21.803	50.587	56,90	43,10	100,00

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

A maioría dos contratos realizados na comarca fánelles aos homes, en concreto o 59,17%, sendo o mesmo dato para a provincia 2,27 puntos menor. Tendo en conta a distribución por idade, denótase a preponderancia dos homes en todos os tramos, exceptuando só o de 26 a 35, onde obteñen maior porcentaxe as mulleres, se ben cun valor só lixeiramente superior. Nalgún caso, como no de menores de 26 anos, a contratación de homes chega a duplicar á de mulleres. De feito, se sumamos os contratos dos tres primeiros grupos de idade dos homes, vemos como se concentran neles o 44,82% de todos os contratos, case a metade.

Como se pode apreciar no sumatorio dos contratos, os maiores valores danse entre a poboación máis nova. Se ben, un cuarto dos contratos son realizados a persoas maiores de 45 anos.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	593	498	458	389	400	-16,02	-8,03	-15,07	2,83	-9,37
Mulleres	197	197	173	200	276	0,00	-12,18	15,61	38,00	8,80
TOTAL CONTRATOS	790	695	631	589	676	-12,03	-9,21	-6,66	14,77	-3,82

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

A evolución da contratación dos homes amosa unha tendencia decrecente ata o ano 2002, recuperándose moderadamente no 2003, como se aprecia na variación interanual de 2,83% para ese ano. Pola contra, a tendencia no caso das mulleres, fronte á inestabilidade dos primeiros anos, a contratación incrementase notablemente nos dous últimos anos. Este feito fai que a finais do período chegue a ofrecer unha variación media positiva de 8,80%, fronte ao valor negativo de -9,37% acadada no conxunto dos homes.

Sé comparamos a distribución masculina e feminina da contratación, pódese comprobar a prevalencia dos homes en todos os anos, superando considerablemente as cifras de contratación das mulleres. A maiores, temos que sinalar que nos últimos anos estas diferenzas vanse atenuando ata chegar ao 2003, no que a contratación dos homes só supera á das mulleres nun 18,34%.




GRÁFICO 15: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	234	172	173	139	176	-26,50	0,58	-19,65	26,62	-6,87
De 26 a 35 anos	224	206	174	186	161	-8,04	-15,53	6,90	-13,44	-7,92
De 36 a 45 anos	166	162	134	134	169	-2,41	-17,28	0,00	26,12	0,45
De 46 a 55 anos	119	125	114	101	119	5,04	-8,80	-11,40	17,82	0,00
De 56 e máis anos	47	30	36	29	51	-36,17	20,00	-19,44	75,86	2,06
TOTAL CONTRATOS	790	695	631	589	676	-12,03	-9,21	-6,66	14,77	-3,82

A característica que define a evolución da contratación é a da regresión que soporta nos dous tramos de idade máis baixa, seguida do estancamento que soportan os tramos de idade superior, con excepción do leve crecemento do último intervalo.

Nos dous primeiros tramos acádanse variacións medias negativas, con porcentaxes similares. Nos menores de 26 anos a evolución presenta altibaixos, recollendo no último ano un crecemento considerable de 26,62%. No tramo seguinte, de 26 a 35 anos, recóllense valores negativos en todos os anos, exceptuando o crecemento de 6,9% en 2002.

No resto de tramos, fronte á alternancia de valores positivos e negativos en todos os anos, no 2003 todos amosan cifras de crecemento elevadas, que no caso dos maiores de 55 anos chega a ser incluso do 75,86%. Así, a característica que define a evolución entre o intervalo de 36 a 55 anos é a dun claro estancamento propiciado polas reducións acaecidas ata o 2002. No último tramo, pese a representar só o 7,54% da contratación, sostense moderadamente o crecemento.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos.

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	81	11,98
Agricultura e pesca	81	11,98
SECTOR SECUNDARIO	67	9,91
Industria	65	9,62
Electricidade	2	0,30
SECTOR CONSTRUCCIÓN	116	17,16
Construción	116	17,16
SECTOR SERVIZOS	412	60,95
Comercio e hostalería	91	13,46
Transporte e comunicacións	12	1,78
Outros servizos	309	45,71
TOTAL CONTRATOS	676	100,00

Da distribución sectorial de contratos na comarca, denótase que a maior parte deles, o 60,95%, son realizados no sector servizos. Neste último sector, cobra maior importancia o subsector de outros servizos, que concentra o 45,71% do total da contratación.

O segundo sector con maior contratación é o da construción, co 17,16%, superando así ao terceiro máis importante, o primario, en 5,18 puntos.

Da pluralidade de actividades que engloba a industria, o predomínio do téxtil e confección, con tres cuartas partes de representación, resulta máis que manifesta. A moita distancia, cunha porcentaxe do 12%, sitúase a actividade da alimentación.




GRÁFICO 16: Distribución porcentual da contratación na Industria.

Os servizos á comunidade representan a actividade de maior contratación no sector dos servizos, co 31%. En segundo lugar, co 22%, están as administracións públicas, seguido pola hostalería e a educación, as dúas con porcentaxes do 14%.




GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación nos Servizos.

	SEXO		Menos de 26 anos	IDADE			
	Homes	Mulleres		De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55
SECTOR PRIMARIO	9,32	2,66	1,48	3,25	3,99	2,51	0,74
Agricultura e pesca	9,32	2,66	1,48	3,25	3,99	2,51	0,74
SECTOR SECUNDARIO	2,22	7,69	1,63	2,37	2,51	2,51	0,89
Industria	2,07	7,54	1,48	2,22	2,51	2,51	0,89
Electricidade	0,15	0,15	0,15	0,15			
SECTOR CONSTRUCCIÓN	15,83	1,33	5,03	2,96	4,14	2,81	2,22
Construción	15,83	1,33	5,03	2,96	4,14	2,81	2,22
SECTOR SERVIZOS	31,80	29,14	17,90	15,24	14,35	9,76	3,70
Comercio e hostalería	5,03	8,43	5,03	3,55	3,11	1,18	0,59
Transporte e comunicacións	1,63	0,15	0,59	0,89	0,30		
Outros servizos	25,15	20,56	12,28	10,80	10,95	8,58	3,11
TOTAL CONTRATOS	59,17	40,83	26,04	23,82	25,00	17,60	7,54

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

Onde se rexistran a maior parte dos contratos -no sector dos servizos-, a distribución por sexos é bastante similar en ambos os dous colectivos, apreciando a diferenza máis alta a favor dos homes no subsector de outros servizos, situación inversa á que se produce no de comercio e hostalería. No sector da construción practicamente toda a contratación recae nos homes, cun 15,83%, igual que sucede no sector primario, cun 9,32%.

Pola contra, só no sector secundario se rexistra maior contratación de mulleres, en concreto, no subsector da industria rexístrase o 7,54%.

En todos os tramos de idade as cifras máis altas de contratación preséntanse no sector dos servizos. Nos intervalos comprendidos entre os menores de 45 anos, concéntrase o 47,49% da contratación no sector servizos. No sector da construción a maior parte dos contratos fáiselles aos menores de 26 anos e aos que contan de 36 a 45 anos, sumando entre os dous o 9,17%. Nos sectores primario -co 3,99%- e secundario os valores máis altos danse no tramo de 36 a 45 anos, que no caso do segundo se estende ao seguinte tramo de idade coa mesma porcentaxe do 2,51%.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	142	74	68	35	81	-47,89	-8,11	-48,53	131,43	-13,09
Agricultura e pesca	142	74	68	35	81	-47,89	-8,11	-48,53	131,43	-13,09
SECTOR SECUNDARIO	35	57	24	48	67	62,86	-57,89	100,00	39,58	17,63
Industria	35	57	24	48	65	62,86	-57,89	100,00	35,42	16,74
Electricidade	0	0	0	0	2					
S. CONSTRUCCIÓN	174	170	164	92	116	-2,30	-3,53	-43,90	26,09	-9,64
Construcción	174	170	164	92	116	-2,30	-3,53	-43,90	26,09	-9,64
SECTOR SERVICIOS	439	394	375	414	412	-10,25	-4,82	10,40	-0,48	-1,57
Comercio e hostalería	77	81	77	83	91	5,19	-4,94	7,79	9,64	4,26
Transporte e comunicacións	13	14	19	18	12	7,69	35,71	-5,26	-33,33	-1,98
Outros servizos	349	299	279	313	309	-14,33	-6,69	12,19	-1,28	-3,00
TOTAL CONTRATOS	790	695	631	589	676	-12,03	-9,21	-6,66	14,77	-3,82


De todos os sectores, só o secundario experimenta crecemento no período de referencia, sendo este de 17,63%. Neste mesmo, increméntase a contratación en todos os anos, a excepción do ano 2001, onde tiña lugar unha regresión considerable de -57,89%.

Por outra banda, o sector no que máis se reduce a contratación é o primario, que presenta unha variación media de -13,09%. Neste mesmo, cómpre destacar a tendencia de regresión acusada ata o ano 2002, experimentando un forte crecemento no 2003, como se pode apreciar na variación interanual do 131,43%. No sector da construción, o segundo onde máis descende o volume contractual, sucede algo similar ao do sector primario, sendo a recuperación no ano 2003 máis moderada.

No sector servizos, sector maioritario en contratación, descende moderadamente a contratación ata acadar un valor de variación media de -1,57%. Só no subsector de comercio e hostalería apréciase un crecemento da contratación, dándose pola contra o descenso máis alto no subsector que aglutina a maioría dos contratos, o de outros servizos.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



Máis das tres cuartas partes dos contratos realizados na Baixa Limia son temporais a tempo completo. Se a estes lle sumamos os temporais realizados a tempo parcial, obsérvase unha porcentaxe conxunta do 86%. En terceiro lugar sitúanse os contratos de formación, co 8%.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	1,63	1,63	0,59	0,74	0,89	0,59	0,44
Indefinido tempo parcial	0,00	0,74	0,30	0,15	0,15	0,15	0,00
Temporal	49,85	26,18	19,08	18,20	19,38	13,46	5,92
Temporal tempo parcial	2,66	6,95	3,70	2,81	2,07	0,74	0,30
Prácticas/Formación	3,25	5,03	2,37	1,48	1,92	1,92	0,59
Outros	1,78	0,30	0,00	0,44	0,59	0,74	0,30
TOTAL CONTRATOS	59,17	40,83	26,04	23,82	25,00	17,60	7,54

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

A metade dos contratos son temporais a tempo completo e realizados a homes. No caso das mulleres, a maior parte volven ser temporais a tempo completo, en concreto o 26,18%. Xa que logo, podemos comprobar como a temporalidade é a característica máis salientable do estudo da táboa anterior. No caso dos homes, a segunda maior porcentaxe rexístrana os contratos de formación, co 3,25%, mentres que nas mulleres o segundo lugar ocúpalo os contratos temporais a tempo parcial, co 6,95%, dobrando amplamente a mesma porcentaxe para os homes. A porcentaxe de contratos de formación nas mulleres -5,03%- tamén é superior á mesma para os homes.

Por idades, a fórmula temporal destaca bastante por riba das demais, recoillendo ata os 45 anos o 56,66% dos contratos. En todos os tramos a segunda fórmula máis utilizada é a temporal a tempo parcial, a excepción dos tramos de 46 a 55 anos e maiores de 55, onde, curiosamente, os segundos contratos máis utilizados son os de prácticas ou formación.

	PRIMARIO	SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS		
	Agr., Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros
Indefinido	0,00	0,30	0,00	0,30	0,44	0,89	0,30	1,33
Indefinido tempo parcial	0,00	0,00	0,15	0,15	0,00	0,00	0,00	0,59
Temporal	10,50	8,14	0,15	8,28	14,94	7,25	1,33	33,73
Temporal tempo parcial	1,48	1,04	0,00	1,04	0,44	5,03	0,15	1,48
Prácticas/Formación	0,00	0,15	0,00	0,15	1,33	0,30	0,00	6,51
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2,07
TOTAL CONTRATOS	11,98	9,62	0,30	9,91	17,16	13,46	1,78	45,71

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

A contratación temporal prevalece amplamente por riba das demais, e sobre todo no sector dos servizos, que é o que maior volume aglutina. O 48,97% dos contratos realizados son temporais -a tempo completo ou parcial- e danse no sector de servizos. No sector primario todos os contratos realizados son temporais nalgunha das dúas fórmulas. Este predominio vólvese a repetir tanto para o sector secundario como para o da construción.

Pola contra, a maior parte dos contratos indefinidos realízanse no sector servizos, igual que sucede cos de prácticas ou formación.

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %					VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03	
Indefinido	38	55	42	39	22	44,74	-23,64	-7,14	-43,59	-12,77	
Indefinido tempo parcial	2	4	3	12	5	100,00	-25,00	300,00	-58,33	25,74	
Temporal	636	501	461	415	514	-21,23	-7,98	-9,98	23,86	-5,19	
Temporal tempo parcial	56	94	79	58	65	67,86	-15,96	-26,58	12,07	3,80	
Prácticas/Formación	48	24	23	51	56	-50,00	-4,17	121,74	9,80	3,93	
Outros	10	17	23	14	14	70,00	35,29	-39,13	0,00	8,78	
TOTAL CONTRATOS	790	695	631	589	676	-12,03	-9,21	-6,66	14,77	-3,82	

A modalidade de contratación máis utilizada, a temporal a tempo completo, reduce o seu peso no período de referencia, presentando unha variación media negativa de -5,19%. Na súa evolución apréciase unha tendencia de regresión ata o 2003, onde se recupera, tal e como amosa a variación interanual para ese ano de 23,86%. De todas as clases de contratos, o que reflite o maior crecemento en 2003 é o temporal a tempo completo, seguido do temporal a tempo parcial.

Por outra banda, a contratación indefinida a tempo completo experimenta o maior decrecemento de todas as modalidades, situándose este no -12,77%. Esta modalidade só experimenta un crecemento substantivo no ano 2000, para iniciar unha traxectoria de descenso continuado.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	1	0,15
HOMES	1	0,15
MULLERES	0	0,00
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	60	8,88
HOMES	34	5,03
MULLERES	26	3,85
3. Técnicos e profesionais de apoio	29	4,29
HOMES	9	1,33
MULLERES	20	2,96
4. Empregados de tipo administrativo	28	4,14
HOMES	4	0,59
MULLERES	24	3,55
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	192	28,40
HOMES	105	15,53
MULLERES	87	12,87
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	33	4,88
HOMES	25	3,70
MULLERES	8	1,18
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	133	19,67
HOMES	94	13,91
MULLERES	39	5,77
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	69	10,21
HOMES	30	4,44
MULLERES	39	5,77
9. Traballadores non cualificados	131	19,38
HOMES	98	14,50
MULLERES	33	4,88
TOTAL CONTRATOS	676	100,00
TOTAL HOMES	400	59,17
TOTAL MULLERES	276	40,83

Atendendo á distribución da contratación en grandes grupos de ocupación, un 67,45% dos contratos totais realízanse en:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 28,40%.
- Artesáns / traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 19,67%.
- Traballadores non cualificados, 19,38%.

Realizando unha distribución por sexos, obsérvase a seguinte clasificación dos grupos de ocupación segundo o nivel de contratación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -15,53% • Traballadores non cualificados -14,5%-. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -13,91%-. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -5,03%-.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -12,87%-. • Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería -5,77%-. • Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras -5,77%-. • Traballadoras non cualificadas -4,88%-.

A maiores, cómpre dicir que na maioría dos grupos a contratación é predominantemente masculina, exceptuando os tres seguintes, onde predominan a contratación feminina sobre a masculina:

- Operadores de instalacións e maquinaria e montadores, onde a porcentaxe de contratación feminina é de 5,77%, 4,44% nos homes.
- Empregados de tipo administrativo -3,55% mulleres, 0,59% homes-.
- Técnicos e profesionais de apoio -2,96% sobre 1,33%-.

Os grupos de ocupación maioritarios presentan diferentes criterios na súa evolución. O grupo máis numeroso, o de traballadores de servizos de restauración, presenta unha variación media de 4,66%, mentres que os dous seguintes, o de artesáns e traballadores non cualificados, ofrecen cifras de regresión de -2,14% e -17%, respectivamente. O terceiro e cuarto grupo, operadores de instalacións e técnicos profesionais, presentan de novo cifras de crecemento de 2,30% e 20,99%, respectivamente.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
71100016	Albanel	111	16,42	81	20,25	30	10,87	72,97
94400012	Peón forestal	43	6,36	39	9,75	4	1,45	90,70
25130104	Músico instrumentista, en xeral	40	5,92	31	7,75	9	3,26	77,50
83630013	Oper. máquina ind. de coser e bordar, en xeral	38	5,62	0	0,00	38	13,77	0,00
52990063	Técnico de protección civil	37	5,47	36	9,00	1	0,36	97,30
50200018	Camareiro, en xeral	35	5,18	11	2,75	24	8,70	31,43
52300046	Traballador retén incendios forestais	31	4,59	28	7,00	3	1,09	90,32
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	30	4,44	27	6,75	3	1,09	90,00
42100010	Empregado administrativo, en xeral	21	3,11	3	0,75	18	6,52	14,29
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	18	2,66	2	0,50	16	5,80	11,11
TOTAL		404	59,76	258	64,50	146	52,90	63,86

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

A ocupación na que se dá a maior parte da contratación é a de albanel, cun 16,42% de representación. Nun segundo lugar está a de peón forestal, co 6,36%. Logo aparece un grupo de catro ocupacións -músico instrumentista, operario de máquina industrial de coser e bordar, técnico de protección civil, camareiro- que comparten porcentaxes similares en torno ao 5%. Entre todas estas agrupan o 44,97% dos contratos realizados na comarca.

Das ocupacións sinaladas predomina a contratación masculina nas seguintes:

- Albanel -20,25%-.
- Músico instrumentista -7,75%-.
- Peón forestal -9,75%-.
- Técnico de protección civil -9%-.
- Traballador retén de incendios -7%-.
- Peón de obras públicas -6,75%-.

Nas catro últimas ocupacións supérase o 90% de ratio de masculinidade, obtendo o ratio máis elevado, o 97%, no caso dos técnicos de protección civil.

Pola contra, as ocupacións onde predominan claramente as mulleres, cunha ratio de masculinidade menor do 35%, son as seguintes:

- Operario de máquina de industrial de coser e bordar.
- Muller-mozo de limpeza, limpador.
- Empregado administrativo.
- Camareiro.


CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
71100016	Albanel	91	73	80	77	111
94400012	Peón forestal	147	59	15	28	43
25130104	Músico instrumentista, en xeral	8	11	15	32	40
83630013	Operario máquina industrial de coser e bordar, en xeral	0	13	5	17	38
52990063	Técnico de protección civil	37	36	41	42	37
50200018	Camareiro, en xeral	21	27	30	29	35
52300046	Traballador retén incendios forestais	30	41	61	44	31
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	53	57	28	47	30
42100010	Empregado administrativo, en xeral	7	13	8	13	21
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	8	12	16	13	18
96020014	PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	35	30	26	17	18
51130024	ASISTENTE DOMICILIARIO/AUXILIAR AXUDA DOMICILIO	22	17	24	10	17
50100017	COCIÑEIRO, EN XERAL	5	13	15	22	16
86300016	CONDUTOR DE CAMIÓN, EN XERAL	22	22	18	16	16
79360014	COSEDOR Á MAN / MAQUINA DOMÉSTICA, EN XERAL.	11	17	0	7	9
62410023	TRABALLADOR FORESTAL, EN XERAL	35	12	7	1	1

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

A lista das dez ocupacións máis contratadas presenta notables variacións ao longo do período comprendido entre 1999 e 2003. Así, no último ano hai ata seis ocupacións que saen desta lista: peón da construción de edificios, asistente domiciliario, cociñeiro, condutor de camión, cosedor á man/máquina doméstica, e traballador forestal. Dentro da evolución negativa deste conxunto, cabe comentar o descenso producido nas últimas dúas ocupacións comentadas.

Como se pode observar, a maioría das ocupacións presentan un nivel de crecemento bastante elevado, dándose só en dous casos cifras que denotan o estancamento na súa evolución, estas son as de retén de incendios e técnicos de protección civil.

Por outra parte, é de destacar o forte crecemento da ocupación de músico instrumentista, que acada unha variación media anual de 49,53% e a de camareiro -13,62%-. Pola contra, hai que sinalar o descenso producido na ocupación de peón forestal, a pesar de ser a segunda ocupación máis contratada no último ano, obtendo unha variación media de -26,26%.



Comarca do Carballiño



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca do Carballiño caracterízase por unha forte concentración de empresas no sector servizos, que supoñen o 65,93% do total. Séguelle en orde de importancia o sector da construción, co 17,91%, e o secundario, co 14,62%. Facendo unha análise máis pormenorizada dos subsectores, son os de comercio e hostalería e outros servizos, ambos incluídos dentro do sector servizos, os que agrupan o maior número de empresas, en concreto o 61,65% do total.

Os traballadores da comarca están concentrados maioritariamente no sector servizos, no que se inclúe o 41,75%. A continuación sitúanse o sector primario, co 22,64%, e o da construción, co 20,05%. En canto aos subsectores, son os de agricultura e pesca, co 22,64%, o de construción, co 20,05%, os que engloban a maior parte dos traballadores.

A maioría dos autónomos pertencen ao sector servizos, que representa o 62,61% do total, seguido do sector da construción -21,05%- e do sector secundario -13,10%-. No referente aos subsectores, os máis representativos son os de comercio e hostalería, no que se encadran case a metade de traballadores autónomos -45,96%-, e o de construción, que aglutina o 21,05%. Neste caso a distribución sectorial realizada é similar á mesma para o conxunto de empresas.

5.1.2. Evolución anual

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	61	60	58	47	14
Agricultura e pesca	61	60	58	47	14
SECTOR SECUNDARIO	127	132	147	143	133
Industria	126	131	146	142	132
Electricidade	1	1	1	1	1
SECTOR CONSTRUCCIÓN	157	175	169	161	163
Construción	157	175	169	161	163
SECTOR SERVIZOS	515	517	539	558	600
Comercio e hostalería	286	291	298	299	314
Transporte e comunicacións	33	30	33	32	39
Outros servizos	196	196	208	227	247
TOTAL	860	884	913	909	910

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.


A evolución do número de empresas no Carballiño neste período está caracterizada por un desenvolvemento desigual dos diferentes sectores produtivos. Deste xeito, o sector primario sofre un forte descenso, con variacións interanuais negativas en todos os intervalos, especialmente salientable a dos anos 2002-2003, de -70,21%. Esta traxectoria leva a que a variación media do período, en termos negativos, sexa de -30,79%.

O sector da construción tende ao estancamento no establecemento de empresas, aínda que cun lixeiro incremento en números absolutos. Este sector acada unha variación media do 0,94% e amosa un crecemento de empresas nos anos iniciais e finais do período e redución nos anos intermedios.

O sector secundario logra un leve aumento do número de empresas que o engloban, cunha variación media do 1,16% e oscilacións ao longo destes cinco anos que se corresponden coa evolución do subsector de industria, que presenta variacións interanuais positivas entre os anos 1999 e 2001 e negativas nos seguintes.

Nesta mesma liña positiva sitúase o sector servizos, sector maioritario, que mantén unha evolución positiva ao longo de todo o intervalo temporal e que acada unha variación media do 3,89%. Dentro deste sector, é importante sinalar a traxectoria dos subsectores, que vai parella ao conxunto en todos eles, agás no de transporte e comunicacións, que se reduce nos anos 2000 e 2002 e aumenta nos restantes.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



Todos estes datos anteriores derívanse nun lixeiro incremento global do número de empresas na comarca, cun crecemento continuo nos dous anos iniciais do período, e estancamento nos finais. A variación media final do período para o conxunto dos sectores é do 1,42%.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	841	896	900	873	873
Agricultura e pesca	841	896	900	873	873
SECTOR SECUNDARIO	519	576	602	608	600
Industria	517	573	601	607	597
Electricidade	2	3	1	1	3
SECTOR CONSTRUCCIÓN	719	739	785	836	773
Construción	719	739	785	836	773
SECTOR SERVICIOS	1.280	1.419	1.425	1.474	1.610
Comercio e hostalería	545	646	628	661	738
Transporte e comunicacións	584	623	640	159	697
Outros servizos	151	150	157	654	175
TOTAL	3.359	3.630	3.712	3.791	3.856

Na táboa 2 e no gráfico 2 pódese observar que nos anos comprendidos entre o 1999 e o 2003 o número de traballadores da comarca aumenta lixeiramente en todos os sectores, aínda que con evolucións dispares para cada un deles.

Deste xeito, o sector servizos é o que consegue un crecemento maior, cunha variación media do 5,90% e un aumento continuo e constante para o conxunto do sector, pero con oscilacións importantes no que aos subsectores se refire. Así, o subsector de comercio e hostalería redúcese de forma leve nos anos 2000-2001, mentres que o de transporte e comunicacións sofre un forte retroceso no 2001-2002, co -75,16% de variación interanual, e un agudo incremento no intervalo posterior, co 338,36%. Por último, o subsector de outros servizos acada unha variación interanual positiva do 316,56% no tramo 2001-2002, reducíndose de forma brusca no 2002-2003, cunha variación interanual do -73,24%. Malia todo, todos os subsectores chegan ao final do período de referencia con valores positivos de variación media.




GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.

Nos sectores secundario e da construción reflítese un certo crecemento, cunha variación media do 3,69% no primeiro e do 1,83% no segundo. En ambos os dous o número de traballadores medra entre os anos 1999 e 2002, decrecendo a partir deste último, de forma máis aguda no sector da construción.

O sector primario, por último, experimenta un lixeiro incremento no número absoluto de traballadores. Deste xeito, obsérvase unha tendencia a ter valores positivos de variación interanual, coa excepción dos dous últimos anos.

De forma conxunta, o número de traballadores da comarca tamén sofre un pequeno aumento, cunha evolución positiva todos os anos, logrando unha variación media do 3,51%.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	28	33	40	47	53
Agricultura e pesca	28	33	40	47	53
SECTOR SECUNDARIO	155	191	194	205	214
Industria	155	191	194	205	214
Electricidade	0	0	0	0	0
SECTOR CONSTRUCCIÓN	260	284	319	329	344
Construción	260	284	319	329	344
SECTOR SERVICIOS	722	831	910	960	1.023
Comercio e hostalería	537	614	673	709	751
Transporte e comunicacións	58	57	61	61	72
Outros servizos	127	160	176	190	200
TOTAL	1.165	1.339	1.463	1.541	1.634

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.


En conxunto, o número de traballadores autónomos medrou neste quinquenio na comarca do Carballiño, cunha evolución conxunta positiva en todos os intervalos anuais e cunha variación media final do 8,83%.

No sector primario é onde se produce un maior aumento, de 17,29%, conseguido tras un incremento continuo durante este período, sendo todas as variacións interanuais superiores ao 12%. A continuación sitúase o sector servizos, cunha variación media do 9,10% e crecemento en todos os anos, coa excepción do subsector de transporte e comunicacións, que decrece mínima-

mente entre os anos 1999 e 2000, e que coincide cunha aguda subida do subsector de outros servizos.

Os sectores da construción e o secundario incrementáanse, nun 7,25% o primeiro e nun 8,40% o segundo, de forma constante durante todo o período; cómpre salientar a elevada variación interanual que obtén este último no intervalo 1999-2000, 23,23%.

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Beariz	31	11	42
Boborás	158	85	243
Maside	165	101	266
O Carballiño	727	494	1.221
O Irixo	92	60	152
Piñor	62	44	106
Punxín	38	16	54
San Amaro	90	34	124
San Cristovo de Cea	85	66	151
Total	1.448	911	2.359

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	7,85
% comarca/provincia - NON PARADOS	8,70

O concello do Carballiño agrupa algo máis da metade dos demandantes de emprego da comarca, co 51,75% do total. A considerable distancia está o concello de Maside, que engloba o 11,27% da demanda laboral, e polo de Boborás, co 10,30%. O 26,68% restante repártese entre as outras seis localidades, encabezadas polo de Irixo, co 6,43% das demandas, e cerradas pola de Beariz, co 1,78% destas.

Diferenciando entre os demandantes parados e non parados, obsérvase que a relación de parados supera á de non parados en todos os concellos, posto que supoñen o 61,38% da demanda comarcal, sendo neste aspecto unha das comarcas de maior representatividade da provincia de Ourense.




GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.


5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	1.281	1.279	1.223	1.417	1.448
VARIACIÓN INTERANUAL %		-0,16	-4,38	15,86	2,19
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	7,13	7,24	7,31	7,78	7,85

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

Para o conxunto dos demandantes parados do Carballiño, obsérvase unha tendencia de incremento neste intervalo temporal, aínda que con descensos entre os anos 1999 e 2001, que se recuperan posteriormente nos anos seguintes, sobre todo en 2002, cunha variación media do 15,86%.

GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.



O peso relativo dos demandantes en paro da comarca en relación á provincia segue unha evolución positiva nestes cinco anos, incrementándose de forma continua entre o 1999 e o 2003.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	268	11,36	10,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.180	50,02	53,19
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	126	5,34	5,15
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	404	17,13	15,38
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	128	5,43	4,76
	En expediente de regulación de emprego	1	0,04	0,40
	Demandantes de mellora de emprego	175	7,42	7,08
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	67	2,84	3,03
	Resto de demandantes	10	0,42	0,42
TOTAL		2.359	100,00	100,00

Cómpre salientar, en primeiro lugar, que a metade dos demandantes de emprego son parados con emprego anterior. A este colectivo séguelle en orde de importancia o dos non parados con emprego anterior, co 17,13%, e o dos parados sen emprego anterior, co 11,36%.

Estes datos son semellantes aos da provincia de Ourense, onde se manteñen os parados con emprego anterior como o grupo con maior importancia cuantitativa, malia que de forma lixeiramente superior. En segundo lugar sitúanse os non parados con emprego anterior e os non parados sen emprego anterior, esta vez cunha importancia porcentual levemente inferior á da comarca.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	97	117	6,70	8,08	14,78	15,17
26 a 35 anos	152	223	10,50	15,40	25,90	25,82
36 a 45 anos	125	189	8,63	13,05	21,69	21,11
46 a 55 anos	144	148	9,94	10,22	20,17	20,00
56 e máis anos	154	99	10,64	6,84	17,47	17,90
TOTAL COMARCA	672	776	46,41	53,59	100,00	7,85
TOTAL PROVINCIA	7.856	10.584	42,60	57,40	7,85	100,00

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

A maioría dos demandantes parados da comarca son mulleres, xa que presentan unha representación de 53,59%. A maior parte dos demandantes concéntranse nos tres tramos de idade intermedios, representando en conxunto o 67,76% da demanda, recolléndose as porcentaxes máis altas no intervalo de 26 a 45 anos, que agrupa o 47,59%.

En todos os grupos, a presenza porcentual das mulleres é superior á dos homes, excepto no de máis idade, maiores de 55 anos, no que os demandantes homes superan ás mulleres en 3,8 puntos porcentuais.

Nos homes, o intervalo de idade máis representativo é o de maiores de 55 anos, seguido moi de cerca polo de 26 a 35 anos. Pola contra, nas mulleres, os colectivos con maior peso son os de 26 a 35 anos e os de 36 a 45 anos, como se sinala anteriormente.

A comparación co ámbito provincial amosa uns resultados semellantes, con datos porcentuais moi próximos en canto á distribución por idade, sendo tamén entre os 26 e 55 anos onde se aprecia o maior peso porcentual de demanda. No que respecta á distribución por xénero, na provincia o número de demandantes mulleres supera as da comarca nun 3,81%, inverténdose esta relación no caso dos homes.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	56	78	6,15	8,56	14,71	20,44
26 a 35 anos	79	174	8,67	19,10	27,77	25,77
36 a 45 anos	58	134	6,37	14,71	21,08	20,01
46 a 55 anos	64	97	7,03	10,65	17,67	16,76
56 e máis anos	92	79	10,10	8,67	18,77	17,03
TOTAL COMARCA	349	562	38,31	61,69	100,00	8,70
TOTAL PROVINCIA	3.865	6.607	36,91	63,09	8,70	100,00


TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

No caso dos demandantes parados, os datos refliten unha situación análoga á anterior, cunha diferenza de sexos máis notable, posto que o 61,69% da demanda está representada polas mulleres. No referente á idade, a maioría concéntranse novamente entre os 26 e os 45 anos, tendo o tramo de 46 a 55 unha representación lixeiramente menor.

As mulleres de 26 a 35 anos supoñen, porcentualmente falando, o grupo máis numeroso, seguido polo de 36 a 45 anos. O grupo de idade menos representativo no colectivo feminino é o de menos de 26 anos.


A comparativa co conxunto da provincia reflite a maior xuventude dos demandantes non parados da provincia, que se agrupan maioritariamente nos intervalos de menores de 36 anos.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.



Como reflexo do mostrado, vemos neste gráfico o predominio dos demandantes parados sobre os non parados en todos os grupos de idade. Do mesmo xeito, para ambos colectivos, o grupo máis representativo é o de 26 a 35 anos e o menos representativo xusto o anterior.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.



A presenza feminina predomina tanto nos demandantes parados como nos non parados. Dende outra óptica e en termos relativos, o colectivo de parados é maioritario en ambos os dous sexos, se ben no caso das mulleres a distancia entre os dous colectivos é máis curta.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	622	42,96	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	427	29,49	32,57
Formación profesional	83	5,73	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	170	11,74	14,65
Titulados universitarios	128	8,84	12,07
Outras titulacións	18	1,24	1,70
TOTAL	1.448	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Case a metade dos demandantes parados da comarca do Carballiño posúen só o certificado de escolaridade ou ben non teñen estudos. A continuación sitúanse os que lograron a titulación de ensinanza obrigatoria, co 29,49%, e a considerable distancia os que teñen o bacharelato, co 11,74%, que se sitúa por debaixo da media provincial en 2,91 puntos porcentuais.

Na provincia de Ourense, repítese a mesma situación, pero neste caso cunha porcentaxe inferior entre os que acadaron o certificado de escolaridade ou non teñen estudos, que presentan unha porcentaxe similar aos que teñen a titulación de ensinanza obrigatoria.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	386	42,37	36,50
Titulación de ensinanza obrigatoria	254	27,88	26,81
Formación profesional	64	7,03	6,81
BUP/Bacharelato superior/COU	111	12,18	16,18
Titulados universitarios	90	9,88	12,40
Outras titulacións	6	0,66	1,30
TOTAL	911	100,00	100,00

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

Unha situación semellante dáse entre os demandantes de emprego non parados, posto que os grupos máis significativos son os de ata certificado de escolaridade, co 42,37%, e os que posúen a titulación de ensinanza obrigatoria, co 27,88%, seguidos en nivel de importancia polos que teñen o bacharelato, co 12,18%, situándose en catro puntos por debaixo da media provincial neste caso.

En relación coa provincia de Ourense, as diferenzas máis significativas son a redución en 5,87 puntos os efectivos dos que teñen ata certificado de escolaridade e o incremento en 6,52 puntos nos titulados universitarios e bachareis.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,66	0,62	0,41	6,70
	Mulleres	5,18	1,52	1,38	8,08
26 a 35 anos	Homes	6,98	1,45	2,07	10,50
	Mulleres	7,11	2,14	6,15	15,40
36 a 45 anos	Homes	5,46	1,31	1,86	8,63
	Mulleres	4,97	1,86	6,22	13,05
46 a 55 anos	Homes	5,52	1,10	3,31	9,94
	Mulleres	3,25	1,04	5,94	10,22
56 e máis anos	Homes	2,28	1,10	7,25	10,64
	Mulleres	1,45	0,28	5,11	6,84
TOTAL COMARCA		47,86	12,43	39,71	100,00
TOTAL PROVINCIA		43,54	14,46	42,01	100,00

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Case a metade dos demandantes de emprego da comarca do Carballiño levan na procura de emprego menos de 6 meses -47,86%-, en tanto que o 39,71% leva buscando máis dun ano.

A maior parte dos demandantes son de curta duración. En todos os intervalos de idade predomina este tipo, se ben no caso das mulleres de máis de 36 anos e nos homes de máis de 55 anos predominan os demandantes de longa duración.

No referente ao sexo, é salientable que a presenza feminina é 3,94 puntos inferior á masculina no paro de curta duración, mentres que as mulleres superan aos homes en 9,9 puntos no paro de longa duración.

Na comparativa co ámbito provincial, obsérvase unha maior tendencia na comarca ao paro de curta duración, superando en 4,32 puntos á provincia. No paro de máis dun ano dáse a tendencia inversa, con datos porcentuais lixeiramente superiores no conxunto da provincia de Ourense.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.


	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	27	1,86	2,52	21	2,31	2,52
Sector secundario	221	15,26	15,61	136	14,93	13,28
Construción	224	15,47	14,95	131	14,38	9,90
Sector servizos	709	48,96	50,49	465	51,04	55,73
Sen actividade previa	267	18,44	16,43	158	17,34	18,56
TOTAL	1.448	100,00	100,00	911	100,00	100,00

Atendendo á actividade económica de procedencia, case a metade dos demandantes parados proceden do sector servizos, que representa o 48,96% do total. A unha distancia considerable sitúanse aqueles que veñen do sector da construción e secundario, con porcentaxes superiores ao 15% en ambos os casos. A escala provincial a situación é análoga, cunha distribución porcentual bastante similar.

No caso dos demandantes de emprego non parados, son tamén os máis numerosos os que proveñen do sector servizos, que engloba o 51,04% do total, seguidos por aqueles que proveñen dos sectores secundario e da construción. En comparación coa provincia de Ourense, é de salientar a lixeira diferenza á baixa que se dá na comarca con respecto aos demandantes que veñen do sector servizos, aínda que segue constituíndo o grupo con maior peso. Nos demais sectores, as porcentaxes son moi semellantes, agás no referente ao sector da construción, que incrementa a súa representatividade na comarca con respecto á provincia.


De forma conxunta, os demandantes de emprego proceden na súa maioría do sector servizos, que aglutina o 49,77% do total. Seguidos polos que proveñen do sector secundario, que representan o 15,13% do total da demanda.

GRÁFICO 8: Demandantes parados na industria.



Cómpre destacar que tres actividades da industria: outras industrias, têxtil e confección e madeira concentran o 64% dos demandantes parados procedentes deste sector. A considerable distancia, aparecen as restantes actividades, encabezadas pola de alimentación, co 14% da demanda.

GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.



Dentro dos servizos, cobran maior importancia os demandantes parados procedentes das actividades de hostalería, co 19%, comercio, co 18%, administracións públicas e actividades inmobiliarias e servizos empresariais, ambas co 16%.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	219	9,28	9,34
Dependente de comercio, en xeral	210	8,90	8,01
Empregado administrativo, en xeral.	203	8,61	8,75
Peón da ind. manufactureira, en xeral	144	6,10	4,57
Albanel	89	3,77	2,58
Peón da construción de edificios	83	3,52	3,96
Cociñeiro, en xeral	66	2,80	2,08
Camareiro, en xeral	54	2,29	2,74
Oper. máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	53	2,25	1,96
Conductor de camión, en xeral	38	1,61	1,05

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/mozo de limpeza, Limpador	Muller/mozo de limpeza, Limpador

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Boborás	7	1,19
San Cristovo de Cea	12	2,03
San Amaro	2	0,34
Punxín	1	0,17
Piñor	5	0,85
O Carballiño	556	94,24
Beariz	2	0,34
Maside	5	0,85
TOTAL COMARCA	590	100,00

TOTAL OFERTAS PROVINCIA: 11.116

COMARCA/PROVINCIA: 5,31

Na comarca do Carballiño recolléronse no ano 2003 un total de 590 ofertas de emprego, o que representa o 5,31% das realizadas no conxunto da provincia de Ourense.

A localidade do Carballiño engloba case todas, co 94,24% do total. O concello de San Cristovo de Cea canaliza o 2,03%, mentres que as seis localidades restantes supoñen globalmente o 3,73% das ofertas de emprego.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %			VARIAC. MEDIA%	
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Boborás	1	12	3	9	7	1.100,00	-75,00	200,00	-22,22	62,66
Punxín	0	3	2	1	1		-33,33	-50,00	0,00	
San Cristovo de Cea	1	8	3	2	12	700,00	-62,50	-33,33	500,00	86,12
Beariz	1	0	3	0	2					18,92
O Carballiño	695	735	778	567	556	5,76	5,85	-27,12	-1,94	-5,43
O Irixo	6	0	7	0	0					-100,00
Piñor	0	13	4	1	5		-69,23	-75,00	400,00	
Maside	1	16	25	9	5	1.500,00	56,25	-64,00	-44,44	49,53
San Amaro	0	1	8	5	2		700,00	-37,50	-60,00	
TOTAL COMARCA	705	788	833	594	590	11,77	5,71	-28,69	-0,67	-4,35
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116	30,02	-10,06	-6,80	2,25	2,74

A evolución das ofertas na comarca está marcada polo desenvolvemento do concello do Carballiño, dado o escaso peso específico das localidades restantes, onde o baixo número de ofertas existentes fai que as variacións acaden cifras en ocasións extremas que non poden ser tomadas como significativas.

Deste xeito, tanto no concello do Carballiño como na totalidade da comarca preséntase un incremento no número de ofertas entre os anos 1999 e 2001, e un descenso nos anos posteriores, destacando no intervalo 2001-2002 a variación interanual negativa de -27,12% no concello e de -28,69% na comarca. A variación media do período é semellante para ambos os territorios, de -5,43% para o concello e de -4,35% para a comarca.

No conxunto da provincia de Ourense dáse unha situación diferente á comarca; malia que se rexistra un decrecemento de ofertas entre os anos 2000 e 2002, o balance é positivo, cunha variación media do 2,74%, fronte ao descenso xa comentado na comarca do Carballiño.

Tomando como referencia o resto de localidades para comparar a súa evolución coa do concello do Carballiño, pódese observar o decrecemento en números absolutos das ofertas que se dan nesta localidade, coa elevada regresión que se produce entre os anos 2001 e 2002. Pola contra, no resto de concellos apréciase un leve crecemento global, máis realizado nos anos 2000 e 2001.




GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Boborás	0	0,00	0	0,00	2	1,20	5	1,35
Punxín	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,27
San Cristovo de Cea	0	0,00	0	0,00	7	4,19	5	1,35
Beariz	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	0,54
O Carballiño	6	100,00	47	100,00	157	94,01	346	93,51
O Irixo	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Piñor	0	0,00	0	0,00	0	0,00	5	1,35
Maside	0	0,00	0	0,00	1	0,60	4	1,08
San Amaro	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	0,54
TOTAL COMARCA	6	100,00	47	100,00	167	100,00	370	100,00
TOTAL PROVINCIA	126		1.001		2.224		7.763	

TÁBOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

A distribución das ofertas por concellos segundo a actividade económica amosa de novo a concentración da case todas no concello do Carballiño, ata tal punto que nos sectores primario e secundario non se xestionan ofertas en ningún outro concello.

No sector da construción O Carballiño recibe o 94,01% das ofertas, seguido polo de San Cristovo de Cea, co 4,19%. No sector servizos, o 93,51% das ofertas son rexistradas no Carballiño, sendo neste caso o do Irixo o único que non recibe ningunha.

Nesta comarca é de destacar o peso do sector servizos, co 63% das ofertas xestionadas no territorio. Os sectores que seguen en orde de importancia son os da construción, co 28%, e o secundario, co 8% do total.






GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na Industria.



Dentro do subsector industrial é especialmente salientable que o 61% das ofertas xeradas proceden da actividade da madeira, seguida a considerable distancia, co 13%, polas de outras industrias e pola alimentación e metalurxia, ambas co 11% do total.

GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos Servizos.



Case a metade das ofertas no sector servizos proveñen das administracións públicas, que representan o 41% do total. A continuación sitúase a hostalería, co 18%, e as actividades de educación, outros servizos e comercio co 8% de ofertas cada unha delas.

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	1	6	20	3	6
Secundario	63	108	93	85	47
Construción	250	200	222	161	167
Servizos	391	474	498	345	370
TOTAL COMARCA	705	788	833	594	590
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116

Segundo o sector económico, as ofertas da comarca do Carballiño presentan unha evolución dispar no período 1999-2003. Deste xeito, no sector primario é no único onde as ofertas se incrementan, obtendo variacións moi bruscas ao longo destes cinco anos, debido ao escaso número absoluto do que se está a falar.

O sector da construción é no que se produce unha maior redución das ofertas, cunha variación media do -9,59%, e variacións interanuais negativas do -20% e do -27,48% nos anos 2000 e 2002 respectivamente.

No sector secundario a variación media é de -7,06%. Neste caso, é salientable o crecemento que se da no ano 2000, cunha variación interanual do 71,43%, e o descenso que se rexistra nos anos posteriores, sobre todo en 2003.

Por último, o sector servizos tamén sofre unha redución nas súas ofertas, aínda que de forma máis leve que os anteriores, e obtén unha variación media do -1,37% e só un decrecemento ao longo destes cinco anos, de -27,48% no intervalo 2001-2002.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Do total das ofertas recollidas na comarca do Carballiño, tan só o 7,80% delas especifican o sexo como requisito indispensable para ocupar un posto de traballo.

Facendo unha análise pormenorizada dos sectores de actividade económica, destaca que no sector secundario a demanda feminina é inexistente, do mesmo xeito que no sector da construción practicamente non se precisan mulleres. Pola contra, no sector servizos a demanda feminina supera á masculina, situación dada, sobre todo, pola maior demanda de mulleres na actividade da hostalería.

O 74,24% das ofertas recollidas nesta comarca teñen como esixencia a posesión dun determinado nivel de estudos, se ben o 50% só requiren o certificado de escolaridade. O nivel máis demandado a continuación é o de titulación de ensinanza obrigatoria, co 14,91%, seguido do de estudos universitarios, co 6,27%.

Os subsectores que en maior medida requiren traballadores con baixo nivel de estudos son os de construción e administracións públicas. Este último é tamén o que concentra case todas as demandas de titulación universitaria.




GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.




GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

	1999	2000	2001	2002	2003
Axente comercial / Vendedor	43	44	28	3	40
Camareiro – Barman	9	12	17	12	11
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	0	2	9	2	9
Axudante de cociña	1	3	1	2	7
Axente de seguros	0	0	7	2	7
Encofrador	6	10	5	7	5
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns.	1	1	1	1	5
Aux. montador instalacións eléct/Electricista/Aux.. Electric.	1	1	1	2	5
Auxiliar administrativo	0	1	1	4	4
Dpdo. en traballo social	1	0	0	1	3
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral.	2	1	8	6	3
Albanel	9	33	32	2	3
Soldador	0	0	0	2	3

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

A ocupación de maior número de ofertas nos centros colaboradores é, con diferenza, a de axente comercial/vendedor, que tras un descenso considerable nos anos 2001 e 2002, recupera de novo un peso similar ao de inicio de período. A considerable distancia sitúanse as ocupacións de camareiro/barman e cociñeiro/grelleiro/pizzeiro/pranchista.

A maioría destas ocupacións seguen unha tendencia ao crecemento do número de ofertas neste quinquenio, agás o caso de axente comercial/vendedor, encofrador e albanel, que sofren un descenso. No caso de albanel, son salientables as 32 ofertas en 2000 e 2001, pasando nos anos seguintes a recoller tan só dúas en 2002 e tres en 2003.

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas Oficinas de Emprego.

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da construción de edificios	81	77	39	45	50
Albanel	68	62	51	51	48
Canteiro de construción	4	18	7	5	27
Peón de obras públicas, en xeral	10	24	63	37	26
Camareiro, en xeral	21	29	11	27	22
Traballador forestal, en xeral	42	7	1	0	19
Xardineiro, en xeral	3	3	46	10	18
Traballador conservación parques, xardíns	0	0	0	0	16
Peón forestal	20	26	91	41	15
Asistente domiciliario	11	23	23	10	14

Nas oficinas de emprego da comarca do Carballiño, as ocupacións máis ofertadas son as de peón da construción de edificios e albanel, seguidas polas de canteiro de construción e peón de obras públicas.

A evolución destas ocupacións prodúcese de forma desigual. Sobresae a redución de ofertas da ocupación de peón da construción, que semella recuperarse lentamente a finais do período. Tamén se reducen de forma considerable as ocupacións de albanel, traballador forestal e peón forestal, na que destaca o crecemento experimentado en 2001.

As ocupacións que presentan maior incremento son as de canteiro de construción, sobre todo nos anos 2000 e 2003, peón de obras públicas e xardineiro, cun gran crecemento en 2001.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
BEARIZ	66	2,76
BOBORÁS	66	2,76
O CARBALLIÑO	1.586	66,30
O IRIXO	96	4,01
MASIDE	222	9,28
PIÑOR	139	5,81
PUNXÍN	59	2,47
SAN AMARO	33	1,38
SAN CRISTOVO	125	5,23
TOTAL COMARCA	2.392	100,00
TOTAL PROVINCIA	50.587	4,73

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

A localidade onde se concentra o maior número de contratos é a do Carballiño, co 66,30% do total, seguida a importante distancia pola de Maside, co 9,28%, e pola de Piñor, co 5,81%. O 18,61% restante repártese entre os demais concellos obtendo a máxima representación San Cristovo, co 5,23%, e a mínima San Amaro, co 1,38%.

Con respecto á provincia de Ourense, a comarca representa, en volume de contratación, o 4,73% dos contratos realizados na provincia no ano 2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
BEARIZ	47	31	29	43	66	-34,04	-6,45	48,28	53,49	8,86
BOBORÁS	75	142	97	52	66	89,33	-31,69	-46,39	26,92	-3,15
O CARBALLIÑO	1.546	1.649	1.487	1.476	1.586	6,66	-9,82	-0,74	7,45	0,64
O IRIXO	79	91	76	82	96	15,19	-16,48	7,89	17,07	4,99
MASIDE	228	265	263	247	222	16,23	-0,75	-6,08	-10,12	-0,66
PIÑOR	113	117	107	118	139	3,54	-8,55	10,28	17,80	5,31
PUNXÍN	75	64	36	40	59	-14,67	-43,75	11,11	47,50	-5,82
SAN AMARO	47	46	64	35	33	-2,13	39,13	-45,31	-5,71	-8,46
SAN CRISTOVO	114	113	107	121	125	-0,88	-5,31	13,08	3,31	2,33
TOTAL COMARCA	2.324	2.518	2.266	2.214	2.392	8,35	-10,01	-2,29	8,04	0,72
TOTAL PROVINCIA	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

A evolución da contratación entre os anos 1999 e 2003 reflíte un desenvolvemento e balance desiguais para as diferentes localidades da comarca. Deste xeito, en cinco das nove localidades se incrementa o número de contratos realizados. É salientable neste aspecto o caso do Carballiño que, tras unha redución no intervalo entre 2001 e 2002, se incrementa nun 7,45% en 2003, e acada unha variación media positiva ao final do período dun 0,64%, mostrando un práctico estancamento da contratación nesta localidade.

Tamén hai que destacar que no concello de Beariz, despois de reducirse as contratacións entre o 1999 e o 2001, hai un forte aumento nos anos posteriores obtendo unha variación media final positiva do 8,86%, a máis elevada de todos os concellos.

No concello de Maside, o segundo máis representativo, tras o incremento considerable que ten lugar no ano 2000, cunha variación interanual de 16,23%, iníciase unha etapa de regresión que culminará no ano 2003, momento no que a variación interanual chega a ser de -10,12%.

No terceiro concello en importancia contractual, o de San Cristovo, aumenta a contratación nun 2,33%, experimentando un crecemento sostido nos últimos anos, tras presentar valores de recesión en 2000 e 2001.

No conxunto da comarca, dáse unha tendencia de estancamento, aínda que cun lixeiro incremento no número absoluto de contratos, producíndose, iso si, reducións nos anos 2001 e 2002. Un desenvolvemento similar é o que se rexistra na provincia de Ourense, cunha variación media minimamente superior.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	495	264	759	20,69	11,04	31,73
De 26 a 35 anos	448	287	735	18,73	12,00	30,73
De 36 a 45 anos	334	172	506	13,96	7,19	21,15
De 46 a 55 anos	201	64	265	8,40	2,68	11,08
De 56 e máis anos	110	17	127	4,60	0,71	5,31
TOTAL COMARCA	1.588	804	2.392	66,39	33,61	100,00
TOTAL PROVINCIAL	28.784	21.803	50.587	56,90	43,10	100,00

A contratación na comarca do Carballiño no ano 2003 caracterízase por unha distribución desigual entre homes e mulleres, acadando os primeiros o 66,39% dos contratos. No que respecta á idade, a gran maioría dos contratos realízanse nos grupos de idade máis novos, concentrando nos menores de 36 anos o 62,46%.

Tanto a contratación masculina como a feminina céntrase nos segmentos de idade máis baixos, con tendencia ao retroceso conforme a idade aumenta, fenómeno máis agudizado no caso das mulleres. Nos dous primeiros tramos de idade os homes agrupan un 39,42%, mentres que as mulleres tan só concentran o 23,04%. Tamén son bastante significativas as diferenzas nos dous tramos de idade máis altos, onde a porcentaxe masculina supera á feminina, un 5,72% e un 3,89% de diferenza, respectivamente.

No ámbito provincial repítese a predominancia da contratación masculina, aínda que dun xeito menos marcado, e o volume de contratación feminina acada 9,49 puntos máis na provincia que na comarca.

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	1.647	1.737	1.518	1.508	1588	5,46	-12,61	-0,66	5,31	-0,91
Mulleres	677	781	748	706	804	15,36	-4,23	-5,61	13,88	4,39
TOTAL CONTRATOS	2.324	2.518	2.266	2.214	2392	8,35	-10,01	-2,29	8,04	0,72

A evolución da contratación segundo o sexo neste período presenta diferenzas e similitudes na traxectoria de homes e mulleres. As contratacións redúcense en ambos os dous sexos entre os anos 2000 e 2002 e incrementáanse en 1999 e 2003, dunha forma máis elevada no caso feminino, o que leva a que a variación media final sexa negativa para o conxunto de homes, co -0,91%, e positiva para as mulleres, cun valor de 4,39%.

Pódese observar como paulatinamente o peso porcentual da contratación masculina sofre unha redución nestes cinco anos, aínda que bastante moderada, mentres que a porcentaxe de contratación feminina se incrementa levemente. A única excepción prodúcese no ano 2002, no que, con respecto ao ano anterior, decrecen porcentualmente os contratos das mulleres, mentres que aumentan os dos homes.




GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	707	825	682	600	759	16,69	-17,33	-12,02	26,50	1,79
De 26 a 35 anos	685	752	700	718	735	9,78	-6,91	2,57	2,37	1,78
De 36 a 45 anos	463	472	447	444	506	1,94	-5,30	-0,67	13,96	2,25
De 46 a 55 anos	335	319	307	306	265	-4,78	-3,76	-0,33	-13,40	-5,69
De 56 e máis anos	134	150	130	146	127	11,94	-13,33	12,31	-13,01	-1,33
TOTAL CONTRATOS	2.324	2.518	2.266	2.214	2392	8,35	-10,01	-2,29	8,04	0,72

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

Tomando como referencia a idade, a evolución na contratación na comarca vén caracterizada por unha tendencia ao crecemento nos grupos de idade máis novos, mentres que nos máis vellos se vai reducindo paulatinamente a contratación.

No que respecta á evolución interanual, entre os anos 2000 e 2001 se produce unha diminución nos contratos en todos os grupos de idade; son os de menos de 26 anos e os de máis de 55 os que acadan cifras máis elevadas. É tamén destacable que o único intervalo de idade no que se reduciron as contratacións en todos os anos do período é o de 46 a 55 anos, mentres que no tramo de 26 a 35 anos só se produce unha redución en 2001, incrementándose no resto dos anos.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos


	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	68	2,84
Agricultura e pesca	68	2,84
SECTOR SECUNDARIO	333	13,92
Industria	329	13,75
Electricidade	4	0,17
SECTOR CONSTRUCCIÓN	675	28,22
Construción	675	28,22
SECTOR SERVIZOS	1.316	55,02
Comercio e hostalería	470	19,65
Transporte e comunicacións	144	6,02
Outros servizos	702	29,35
TOTAL CONTRATOS	2.392	100,00

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

O sector servizos rexistrou no ano 2003 o maior volume de contratos, co 55,02% do total. A unha considerable distancia sitúanse o sector da construción, onde se concentra o 28,22% da contratación, e o sector secundario, que engloba o 13,92%.


No que respecta aos subsectores, os de outros servizos e comercio e hostalería supoñen conxuntamente o 49% das contratacións da comarca do Carballiño.

GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.



Se facemos unha análise máis porme-
nizada da industria, vemos que a activi-
dade máis significativa é a de madeira, co
39% dos contratos, seguida polas de
outras industrias e téxtil e confección,
ambas co 15% dos contratos.

GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos Servizos.



Para o conxunto dos servizos, as activi-
dades están repartidas de forma regular,
sen grandes diferenzas significativas entre
elas. Cómpre sinalar, de todos modos, a
porcentaxe que representan as de hostale-
ría e servizos á comunidade, que coa
mesma porcentaxe, supoñen o 36% da
contratación. Nun segundo lugar están as
administracións públicas e comercio con
idénticas porcentaxes de 15%.

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55
SECTOR PRIMARIO	2,63	0,21	1,42	0,84	0,29	0,13	0,17
Agricultura e pesca	2,63	0,21	1,42	0,84	0,29	0,13	0,17
SECTOR SECUNDARIO	7,98	5,94	5,64	4,39	2,72	0,79	0,38
Industria	7,82	5,94	5,52	4,35	2,72	0,79	0,38
Electricidade	0,17	0,00	0,13	0,04	0,00	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCIÓN	25,33	2,88	7,98	8,28	5,98	3,76	2,22
Construción	25,33	2,88	7,98	8,28	5,98	3,76	2,22
SECTOR SERVIZOS	30,43	24,58	16,68	17,22	12,17	6,40	2,55
Comercio e hostalería	7,36	12,29	8,28	6,15	3,14	1,55	0,54
Transporte e comunicacións	5,60	0,42	1,17	1,88	1,71	0,84	0,42
Outros servizos	17,47	11,87	7,23	9,20	7,32	4,01	1,59
TOTAL CONTRATOS	66,39	33,61	31,73	30,73	21,15	11,08	5,31

Tanto no colectivo masculino como no feminino, o maior volume de contratos está concentrado no sector servizos, seguido de cerca no caso dos homes polo da construción, e a grande distancia nas mulleres polo secundario. Tendo en conta os subsectores, son os de construción e outros servizos os que engloban o maior número de contratos masculinos, en concreto o 42,8%. No caso das mulleres, os subsectores máis representativos son os de comercio e hostalería e outros servizos, que agrupan o 24,16%.

Se no sector primario e secundario as porcentaxes de contratación máis elevadas se recollen nos menores de 26 anos, nos sectores da construción e servizos danse no tramo de 26 a 35, seguidos a pouca distancia do tramo anterior.

En función da distribución por idade, o sector servizos é o que representa maior volume contractual en todos os grupos, seguido tamén en todos eles polo sector da construción. No que respecta aos subsectores, o de comercio e hostalería maniféstase como o máis importante nos menores de 26 anos, o de outros servizos nos de 26 a 55 anos e o de construción nos de máis de 55 anos.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	65	31	23	14	68	-52,31	-25,81	-39,13	385,71	1,13
Agricultura e pesca	65	31	23	14	68	-52,31	-25,81	-39,13	385,71	1,13
SECTOR SECUNDARIO	326	369	387	348	333	13,19	4,88	-10,08	-4,31	0,53
Industria	324	366	385	347	329	12,96	5,19	-9,87	-5,19	0,38
Electricidade	2	3	2	1	4	50,00	-33,33	-50,00	300,00	18,92
S. CONSTRUCCIÓN	611	626	607	643	675	2,45	-3,04	5,93	4,98	2,52
Construción	611	626	607	643	675	2,45	-3,04	5,93	4,98	2,52
SECTOR SERVIZOS	1.322	1.492	1.249	1.209	1.316	12,86	-16,29	-3,20	8,85	-0,11
Comercio e hostalería	516	553	542	497	470	7,17	-1,99	-8,30	-5,43	-2,31
Transporte e comunicacións	117	128	120	130	144	9,40	-6,25	8,33	10,77	5,33
Outros servizos	689	811	587	582	702	17,71	-27,62	-0,85	20,62	0,47
TOTAL CONTRATOS	2.324	2.518	2.266	2.214	2.392	8,35	-10,01	-2,29	8,04	0,72

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.


No conxunto do período, todos os sectores presentan un lixeiro incremento no seu número de contratos, agás o sector servizos, no que se reducen levemente en números absolutos. Neste sector, o de maior representación contractual, prodúcese un descenso significativo no ano 2001 e seguinte, como se pode apreciar nas variacións interanuais negativas de -16,29% e -3,20%, onde se observa como todos os subsectores perden contratos, agás o de transporte en 2002. Pola contra, en 2003 increméntanse os contratos nun 8,85%, á excepción do subsector de comercio e hostalería, que xa viña experimentando un descenso dende anos atrás.

O sector primario sofre un descenso continuo entre os anos 1999 e 2002, seguido dun incremento brusco no ano 2003, o cal leva a que acade unha variación media no período do 1,13%. No sector secundario, aumentan as contratacións os dous primeiros anos do intervalo, decrecendo nos anos seguintes, finalizando o período cunha tendencia ao estancamento, cunha variación media de 0,53%. Finalmente, no sector da construción a evolución dáse sen apenas oscilacións significativas, cun descenso no ano 2001, e unha variación media do 2,52%.

O subsector de comercio e hostalería é o que presenta un balance final máis negativo, de -2,31%, reducíndose en todos os anos agás en 2000. Nos subsectores restantes do sector servizos tamén se dan decrecementos. Deste xeito, o conxunto do sector servizos acada unha variación negativa de -0,11%.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



A comarca do Carballiño caracterízase por un elevado predominio da contratación temporal, posto que o 82% dos contratos presentan esta peculiaridade. A unha gran distancia aparecen os contratos de prácticas/formación, que supoñen o 8%, e os indefinidos, que representan o 7% do total.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	3,26	2,09	1,00	1,59	1,25	1,13	0,38
Indefinido tempo parcial	0,42	1,13	0,63	0,54	0,21	0,17	0,00
Temporal	50,46	15,51	18,27	21,99	14,13	7,44	4,14
Temporal tempo parcial	4,89	11,41	5,18	5,60	4,14	1,09	0,29
Prácticas/Formación	4,60	2,97	6,02	0,38	0,75	0,29	0,13
Outros	2,76	0,50	0,63	0,63	0,67	0,96	0,38
TOTAL CONTRATOS	66,39	33,61	31,73	30,73	21,15	11,08	5,31

A temporalidade perfílase tamén como predominante en ambos os sexos, distribuíndose o 55,35% dos contratos temporais, tanto a tempo completo como parcial, entre os homes e o 26,92% entre as mulleres, onde a fórmula temporal a tempo parcial supera considerablemente á mesma porcentaxe para os homes, situándose a pouca distancia dos contratos temporais a tempo completo.

Na distribución por idade, segue sendo a contratación temporal a que conta con maior peso en todos os tramos e acada o volume máis elevado no intervalo de 26 a 35 anos, seguido de cerca polo tramo de idade anterior.

En todos os tramos a segunda fórmula máis utilizada é a temporal a tempo parcial, a excepción dos menores de 26 anos, na que a segunda é a dos contratos en prácticas ou formación, co 6,02%, deixando a pouca distancia a temporal a tempo parcial; e nos maiores de 55 anos destacan máis na tipoloxía de outros e nos indefinidos a tempo completo.

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr. Gand.	Industr.	Electric.		Construc.	Comerc.	Transp.	Outros
Indefinido	0,08	0,75	0,00	0,75	1,55	2,05	0,25	0,67
Indefinido tempo parcial	0,00	0,38	0,00	0,38	0,04	0,71	0,04	0,38
Temporal	2,72	9,45	0,08	9,53	23,29	8,24	5,06	17,14
Temporal tempo parcial	0,04	2,38	0,08	2,47	1,88	6,90	0,67	4,35
Prácticas/Formación	0,00	0,75	0,00	0,75	1,46	1,76	0,00	3,60
Outros	0,00	0,04	0,00	0,04	0,00	0,00	0,00	3,22
TOTAL CONTRATOS	2,84	13,75	0,17	13,92	28,22	19,65	6,02	29,35

O sector produtivo que presenta unha maior temporalidade é o sector servizos, que engloba o 42,34% dos contratos temporais a tempo completo e parcial, seguido polo sector da construción, no que se agrupan o 25,17%. En todos os sectores económicos e subsectores a fórmula máis utilizada é a temporal nas súas dúas modalidades, a excepción do sector primario, onde a segunda fórmula máis utilizada é a indefinida, aínda que tan só engloba o 0,08% dos contratos.

Facendo unha análise máis pormenorizada por subsectores, obsérvase que no da construción, outros servizos e industria xéranse de forma conxunta case a metade dos contratos temporais, en concreto o 49,88%.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	240	155	254	235	128	-35,42	63,87	-7,48	-45,53	-14,54
Indefinido tempo parcial	37	67	27	75	37	81,08	-59,70	177,78	-50,67	0,00
Temporal	1.378	1.543	1.351	1.315	1578	11,97	-12,44	-2,66	20,00	3,45
Temporal tempo parcial	433	423	424	420	390	-2,31	0,24	-0,94	-7,14	-2,58
Prácticas/Formación	132	210	114	103	181	59,09	-45,71	-9,65	75,73	8,21
Outros	104	120	96	66	78	15,38	-20,00	-31,25	18,18	-6,94
TOTAL CONTRATOS	2.324	2.518	2.266	2.214	2.392	8,35	-10,01	-2,29	8,04	0,72

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

A evolución segundo a tipoloxía de contratación no período 1999-2003 presenta tendencias dispares para as diferentes modalidades de contratos. Deste xeito, os contratos indefinidos a tempo completo redúcense considerablemente nestes anos, cunha variación media negativa de -14,54%, e decrecementos en todos os anos, agás en 2001, momento no que se produce un importante incremento de 63,87%.

Os contratos da categoría de outros redúcense nun 6,94%, obtendo só evolucións positivas no inicio e no final do período. Unha situación semellante vese nos contratos temporais a tempo parcial, que se reducen tamén entre os anos 2002 e 2003, pero cun descenso final lixeiramente inferior ao caso anterior, de -2,58%.

Pola contra, os contratos de prácticas/formación sofren o maior crecemento do conxunto, o 8,21%, con reducións nos anos intermedios do período, e notables crecementos nos restantes. Esta mesma evolución anual aparece nos contratos temporais a tempo completo, pero neste caso as oscilacións son menores, así como a variación media, que se sitúa no 3,45%. Por último, os contratos indefinidos a tempo parcial permanecen estables, co mesmo número de contratacións no ano 2003 que no 1999.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	9	0,38
HOMES	7	0,29
MULLERES	2	0,08
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	232	9,70
HOMES	162	6,77
MULLERES	70	2,93
3. Técnicos e profesionais de apoio	78	3,26
HOMES	49	2,05
MULLERES	29	1,21
4. Empregados de tipo administrativo	138	5,77
HOMES	38	1,59
MULLERES	100	4,18
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	471	19,69
HOMES	143	5,98
MULLERES	328	13,71
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	44	1,84
HOMES	24	1,00
MULLERES	20	0,84
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	522	21,82
HOMES	486	20,32
MULLERES	36	1,51
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	277	11,58
HOMES	220	9,20
MULLERES	57	2,38
9. Traballadores non cualificados	621	25,96
HOMES	459	19,19
MULLERES	162	6,77
TOTAL CONTRATOS	2.392	100,00
TOTAL HOMES	1.588	66,39
TOTAL MULLERES	804	33,61

Segundo os nove grandes grupos de ocupación, e de acordo con exposto na táboa anterior, é preciso sinalar a concentración dun 79,05% dos contratos nos seguintes catro grupos:

- Traballadores non cualificados -25,96%-.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -21,82%-.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -19,69%-.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -11,58%-.

Por outra parte, atendendo á distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -20,32%-. • Traballadores non cualificados -19,19%-. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -9,20%-. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -6,77%-.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -13,71%-. • Traballadoras non cualificadas -6,77%-. • Empregadas de tipo administrativo -4,18%-. • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais -2,93%-.

Dada a forte presenza masculina na contratación na comarca do Carballiño, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. As mulleres superan aos homes en 7,73 puntos porcentuais.
- Empregadas de tipo administrativo. A contratación feminina é 2,59 puntos superior á masculina.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Traballadores non cualificados, cun descenso do -3,63%.
- Empregados de tipo administrativo, cunha variación media do -2,39%.
- Técnicos e profesionais de apoio, que se reduce nun -0,32%.

Pola contra, o grupo que destaca sobre os demais polo seu crecemento é o de traballadores cualificados na agricultura e pesca, cunha variación media positiva do 10,05%.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, é salientable o crecemento da contratación masculina grupo de técnicos profesionais, científicos e intelectuais, co 9,42%.

Por outra banda, prodúcese un descenso na contratación de homes nas ocupacións de:

- Empregados de tipo administrativo, co -7,09%.
- Traballadores non cualificados, co -6,12%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, co -4,62%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, co -3,07%.
- Técnicos e profesionais de apoio, co -2,85%.

No tocante ás mulleres, destaca o incremento medio na contratación nas seguintes ocupacións:

- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca, co 111,47%.
- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, co 26,63%.

Pola contra, non se observan diminucións significativas na contratación de mulleres noutros grupos de ocupación.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
71100016	Albanel	183	7,65	176	11,08	7	0,87	96,17
50200018	Camareiro, en xeral.	169	7,07	54	3,40	115	14,30	31,95
94400012	Peón forestal	136	5,69	128	8,06	8	1,00	94,12
96020014	Peón da construción de edificios	136	5,69	135	8,50	1	0,12	99,26
42100010	Empregado administrativo, en xeral.	106	4,43	30	1,89	76	9,45	28,30
86300016	Condutor de camión, en xeral	96	4,01	94	5,92	2	0,25	97,92
53300010	Dependente de comercio, en xeral	92	3,85	12	0,76	80	9,95	13,04
97000066	Peón da industria da madeira e cortiza	91	3,80	47	2,96	44	5,47	51,65
71200017	Encofrador	88	3,68	87	5,48	1	0,12	98,86
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	87	3,64	16	1,01	71	8,83	18,39
TOTAL		1.184	49,50	779	49,06	405	50,37	65,79

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Tendo en conta as dez ocupacións máis contratadas no ano 2003, cómpre destacar o importante grao de concentración que se produce en ambos os sexos no territorio, posto que estas ocupacións representan o 49,50% dos contratos realizados na comarca do Carballiño.

As mulleres tenden a ser contratadas en maior medida como camareira, empregadas administrativas e dependentas de comercio e mulleres da limpeza, mentres que nos homes as ocupacións máis contratadas son as de albanel, peón da construción de edificios e peón forestal.

Outro aspecto a ter en conta é o alto grao de masculinización que se produce no conxunto das ocupacións -65,79%-; destaca o maior ratio de masculinidade nas actividades de peón da construción de edificios, encofrador, condutor de camión, albanel e peón forestal; todas elas por riba do 90%. Pola contra, cunha ratio inferior ao 30%, que denota unha maior presenza feminina, hai que sinalar as ocupacións de dependente de comercio e muller da limpeza.

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
71100016	Albanel	200	273	181	171	183
50200018	Camareiro, en xeral	199	184	163	161	169
94400012	Peón forestal	167	84	84	99	136
96020014	Peón da construción de edificios	150	118	170	159	136
42100010	Empregado administrativo, en xeral	95	90	77	91	106
86300016	Condutor de camión, en xeral	82	81	101	115	96
53300010	Dependente de comercio, en xeral	55	95	53	61	92
97000066	Peón da ind. da madeira e cortiza	90	85	60	71	91
71200017	Encofrador	52	70	52	49	88
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	71	84	85	88	87
25130104	MÚSICO INSTRUMENTISTA, EN XERAL	86	85	76	62	77
97000011	PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	90	82	96	54	52

Unha das ocupacións que presentan maior incremento é a de encofrador, que ofrece unha variación media de 14,06%, debido sobre todo ao importante ascenso que se produce no ano 2003. A segunda ocupación que máis medra é a de dependente de comercio -13,73%-, que acada un forte incremento no último ano. Outras catro ocupacións incrementan o número de contratos, se ben de maneira máis moderada.

Pola contra, a ocupación que máis se reduce é a de peón da industria manufactureira, cunha variación media do -12,82%, seguida da de peón forestal, co -5,00%, que tras descender no primeiro ano nun -49,70%, incrementa progresivamente o seu número de contratos.

Temos que destacar as cinco primeiras ocupacións e a de peón da industria da madeira e a de muller/mozo da limpeza, xa que están todos os anos entre as de maior contratación. Por outra banda, condutor de camión e dependente de comercio alternan nos anos 1999-2001 para consolidarse nos últimos anos, mentres que a de encofrador incorpórase por primeiro ano á serie de ocupacións de maior contratación no 2003. A maiores, músico instrumentista e peón da industria manufactureira saen das dez ocupacións máis contratadas perdendo o protagonismo de anos anteriores, cando se situaban sempre entre as dez primeiras, a excepción do peón da industria manufactureira, que xa non o fixera no ano 2002.



Comarca do Ribeiro



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

As actividades terciarias concentran algo máis da metade das empresas instaladas na comarca do Ribeiro. A unha certa distancia sitúase o sector secundario -20,88%- e o da construción -18,86%-.

Facendo unha análise máis pormenorizada dos subsectores, obsérvase que son os de comercio e hostalería -30,95%-, outros servizos -23,44%- e industria -20,51%- os que engloban un maior número de empresas.

Os traballadores da comarca están concentrados tamén maioritariamente no sector servizos, onde aparecen o 42,03% deles. A continuación sitúase o sector primario, co 24,64%, e o secundario, co 20,01%. En canto aos subsectores, son os de agricultura e pesca, o de outros servizos e o de industria, os que agrupan a maioría dos traballadores.

No que atinxe aos autónomos, é salientable a súa presenza novamente no sector servizos, onde se concentran máis da metade. Como sucedía cos outros datos do tecido empresarial, encóntranse a notable distancia o sector da construción e o secundario. Neste caso, os subsectores máis representativos son os de comercio e hostalería, co 39,49% do total de autónomos, construción -20,69%-, e industria, co 18,01%.

5.1.2. Evolución anual

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	161	163	160	125	14
Agricultura e pesca	161	163	160	125	14
SECTOR SECUNDARIO	120	119	118	122	114
Industria	118	117	116	120	112
Electricidade	2	2	2	2	2
SECTOR CONSTRUCCIÓN	84	83	93	95	103
Construción	84	83	93	95	103
SECTOR SERVIZOS	284	301	296	294	315
Comercio e hostalería	149	161	157	155	169
Transporte e comunicacións	15	13	16	11	18
Outros servizos	120	127	123	128	128
TOTAL	649	666	667	636	546


TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

Na táboa anterior e no seguinte gráfico pódese observar unha redución importante do número de empresas dentro do sector primario para este período, no que acada unha variación media do -45,70%, motivada, sobre todo, polo agudo descenso que se produce no ano 2003. Nesta mesma liña descendente sitúase o sector secundario, aínda que dunha forma menos pronunciada, con decrecemento en todos os períodos agás no 2001-2002, obtendo unha variación media final do -1,27%.

Nos sectores da construción e servizos a tendencia é ao crecemento, lixeiramente máis aguda no sector da construción, que acada unha variación media do 5,23%. No que respecta ao sector servizos, sofre unha recesión no intervalo 2000-2002, tendo unha variación media do 2,62%. Dentro deste sector, destaca a evolución oscilante do subsector de transporte e comunicacións, con agudas reducións nos intervalos 1999-2000 e 2001-2002 e fortes incrementos nos anos restantes.

Todos estes datos derívanse nunha diminución global do número de empresas na comarca do Ribeiro, con reducións desde o ano 2002 e cunha variación media negativa de -4,23%.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.




TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	616	640	635	655	649
Agricultura e pesca	616	640	635	655	649
SECTOR SECUNDARIO	556	590	583	581	527
Industria	547	581	574	572	517
Electricidade	9	9	9	9	10
SECTOR CONSTRUCCIÓN	266	263	301	357	351
Construción	266	263	301	357	351
SECTOR SERVIZOS	909	998	958	1.076	1.107
Comercio e hostalería	374	390	401	445	467
Transporte e comunicacións	33	30	32	29	35
Outros servizos	502	578	525	602	605
TOTAL	2.347	2.491	2.477	2.669	2.634

O sector secundario vén definido por un leve descenso do seu número de traballadores nestes cinco anos. Deste xeito, só se incrementan no ano 2000, reducíndose nos posteriores e acadando unha variación media do -1,33%.

GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.



Nos sectores restantes, aínda que con reducións en varios intervalos do período, o número de traballadores medra, sobre todo no sector da construción, cunha variación media do 7,18%. Séguelle en nivel de crecemento o sector servizos, que mostra unha variación media do 5,05%, e polo sector primario, cun aumento do 1,31%.

De forma conxunta, no número de traballadores da comarca prodúcese tamén un crecemento, se ben hai unha evolución negativa nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003, logrando como balance do período unha variación media do 2,93%.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	27	31	36	43	51
Agricultura e pesca	27	31	36	43	51
SECTOR SECUNDARIO	110	128	134	145	162
Industria	108	126	132	143	161
Electricidade	2	2	2	2	1
SECTOR CONSTRUCCIÓN	132	151	166	169	185
Construción	132	151	166	169	185
SECTOR SERVIZOS	373	404	440	470	496
Comercio e hostalería	264	288	323	343	353
Transporte e comunicacións	44	44	47	54	65
Outros servizos	65	72	70	73	78
TOTAL	642	714	776	827	894

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

O elemento máis salientable da evolución do número de autónomos é o seu crecemento continuo para todos os sectores produtivos durante o período 1999-2003. A única excepción aparece no subsector de outros servizos, que decrece no 2001.

O sector primario é no que se establece un maior crecemento do número de autónomos nestes cinco anos, obtendo unha variación media do 17,23%. O sector secundario acada un incremento do 10,16% e os da construción e servizos do 8,81% e 7,38%, respectivamente. Hai que destacar tamén o aumento que se produce nos subsectores de industria e transporte e comunicacións.

De forma análoga ao comentado anteriormente, o número de traballadores autónomos aumentou neste quinquenio, cunha variación media positiva do 8,63%.




GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Arnoia	38	41	79
Avión	53	42	95
Beadé	26	8	34
Carballeda de Avia	82	76	158
Castro de Miño	60	36	96
Cenlle	53	47	100
Cortegada	44	39	83
Leiro	105	63	168
Melón	77	50	127
Ribadavia	334	266	600
TOTAL	872	668	1.540

% comarca/provincia – PARADOS 4,73


% comarca/provincia - NON PARADOS 6,38

O concello de Ribadavia agrupa a maior parte dos demandantes de emprego da comarca do Ribeiro, que supón o 38,96% do total. A considerable distancia é seguido polo concello de Leiro, que aglutina o 10,91% da demanda laboral, e polo de Carballeda de Avia, co 10,26%.

Diferenciando entre demandantes parados e non parados, obsérvase de forma global a prevalencia dos primeiros, que supoñen o 56,62% da demanda total. A única excepción neste sentido é o concello de Arnoia, onde os non parados superan de forma moi leve aos parados.

En relación coa provincia de Ourense, a comarca do Ribeiro mostra un peso relativo maior dos demandantes non parados que dos parados.

GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.



5.2.2. Evolución dos demandantes parados

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	800	821	734	816	871
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	2,63	-10,60	11,17	6,74
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	4,45	4,65	4,39	4,48	4,72

Para o conxunto dos demandantes en paro obsérvase unha tendencia ao crecemento entre 1999 e 2003, aumentando en todos os intervalos anuais agás no ano 2001, onde se produce un decrecemento.

O peso relativo dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia segue esta mesma evolución, cunha leve redución no ano 2001 e incrementos nos anos restantes.




GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	143	9,29	10,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	729	47,34	53,19
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	81	5,26	5,15
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	243	15,78	15,38
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	87	5,65	4,76
	En expediente de regulación de emprego	7	0,45	0,40
	Demandantes de mellora de emprego	173	11,23	7,08
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	54	3,51	3,03
	Resto de demandantes	23	1,49	0,42
TOTAL		1.540	100,00	100,00

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

Case a metade dos demandantes de emprego da comarca son parados con emprego anterior -47,34%-. A este colectivo séguelle en nivel de importancia cuantitativa o dos non parados con emprego anterior -15,78%- e o dos demandantes non parados que solicitan unha mellora de emprego -11,23%-.

Estas cifras presentan certas semellanzas coas da provincia de Ourense, onde se manteñen os parados con emprego anterior como o grupo con maior peso, cunha porcentaxe de 5,85 puntos superior na provincia. O segundo grupo máis representativo é o dos non parados con emprego anterior, con porcentaxes case idénticas nos dous territorios. A diferenza xorde entre os demandantes que buscan unha mellora de emprego, que no conxunto da provincia acadan unha cifra de 4,15 puntos inferior que na comarca.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	67	84	7,68	9,63	17,32	15,17
26 a 35 anos	79	98	9,06	11,24	20,30	25,82
36 a 45 anos	65	110	7,45	12,61	20,07	21,11
46 a 55 anos	86	107	9,86	12,27	22,13	20,00
56 e máis anos	112	64	12,84	7,34	20,18	17,90
TOTAL COMARCA	409	463	46,90	53,10	100,00	4,73
TOTAL PROVINCIA	7.856	10.584	42,60	57,40	4,73	100,00

Seguindo a tendencia que se produce na provincia, na comarca do Ribeiro hai un predominio de demandantes de xénero feminino, representando un 53,1% no conxunto comarcal fronte a un 46,9% de demandantes homes.

En todos os grupos de idade, a presenza porcentual das mulleres é superior á dos homes, excepto no máis avanzado, de máis de 55 anos, onde os homes superan ás mulleres en 5,5 puntos.

Nos homes, o intervalo de idade máis representativo é o dos maiores de 55 anos, constituíndo o grupo máis significativo do conxunto da comarca, seguido polo de 45 a 55 anos. Pola contra, nas mulleres os colectivos con maior peso son os de 36 a 45 anos e de 46 a 55 anos.

A comparación co ámbito provincial reflite uns resultados desiguais, cun maior envellecemento dos demandantes en paro da comarca, dato que se confirma observando que os grupos maioritarios nesta última son os de máis de 46 anos, mentres que na provincia son os comprendidos entre os 26 e 45 anos.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	53	58	7,93	8,68	16,62	20,44
26 a 35 anos	46	110	6,89	16,47	23,35	25,77
36 a 45 anos	45	90	6,74	13,47	20,21	20,01
46 a 55 anos	56	77	8,38	11,53	19,91	16,76
56 e máis anos	68	65	10,18	9,73	19,91	17,03
TOTAL COMARCA	268	400	40,12	59,88	100,00	6,38
TOTAL PROVINCIA	3.865	6.607	36,91	63,09	6,38	100,00

En termos xerais, os datos referidos aos demandantes non parados amosan de novo a tendencia comentada no caso anterior da feminización da demanda, posto que o 59,88% do total son mulleres.

No colectivo feminino, o grupo máis numeroso está representado polas mulleres de 26 a 35 anos, seguidas polas de 36 a 45 anos. No caso masculino, o grupo máis representativo é o de máis de 55 anos, seguido polo de 46 a 55 anos. Pódese observar deste xeito que, se ben as mulleres non paradas demandantes de emprego están na súa maioría concentradas nos grupos máis novos, os homes aparecen, en maior medida, nos máis avanzados.

A comparativa no ámbito provincial amósanos a maior xuventude dos demandantes non parados na provincia, que se agrupan máis manifestamente nos intervalos de 26 a 35 anos e de menos de 26 anos. Pola contra, este último grupo de idade é o que conta con menor peso relativo na comarca, aumentando levemente na comarca a presenza dos máis vellos.

Como correlato do comentado anteriormente, reflítese aquí graficamente a prevalencia dos demandantes parados sobre os non parados en todas as idades. Do mesmo xeito, obsérvase a maior representatividade dos grupos de idade máis avanzados e no de 26 a 35 anos nos demandantes parados e dos grupos de idade media nos non parados.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.

A presenza feminina é predominante tanto no grupo de parados como de non parados, aínda que tende a unha maior igualdade nos primeiros. Dende outra óptica, o colectivo de parados é maioritario en ambos os sexos.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	361	41,40	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	312	35,78	32,57
Formación profesional	48	5,50	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	93	10,67	14,65
Titulados universitarios	51	5,85	12,07
Outras titulacións	7	0,80	1,70
TOTAL	872	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

É salientable que a maioría dos demandantes parados teñen ata certificado de escolaridade -41,40%- ou estudos obrigatorios -35,78%-, seguidos polos que posúen o bacharelato -10,67%-. Con porcentaxes inferiores, esta situación dáse tamén na provincia, onde se reducen aqueles demandantes con certificado de escolaridade e se incrementan os titulados universitarios e os de bacharelato.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	264	39,52	36,50
Titulación de ensinanza obrigatoria	227	33,98	26,81
Formación profesional	37	5,54	6,81
BUP/Bacharelato superior/COU	90	13,47	16,18
Titulados universitarios	45	6,74	12,40
Outras titulacións	5	0,75	1,30
TOTAL	668	100,00	100,00

O menor nivel de formación dos demandantes da comarca tamén se reflicte en relación cos non parados, posto que os grupos máis significativos son aqueles que obtiveron o certificado de escolaridade -39,52%-, os que posúen a titulación de ensinanza obrigatoria -33,98%-, seguidos en nivel de importancia polos que teñen o bacharelato -13,47%-.

Na provincia de Ourense redúcense globalmente en 10,19 puntos os efectivos dos que teñen estudos obrigatorios ou non chegaron a acadar este nivel, e incrementábase o número dos demandantes non parados con títulos universitarios ou bacharelato.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,96	1,26	0,46	7,68
	Mulleres	5,73	1,83	2,06	9,63
26 a 35 anos	Homes	6,65	1,26	1,15	9,06
	Mulleres	5,05	2,06	4,13	11,24
36 a 45 anos	Homes	5,05	0,57	1,83	7,45
	Mulleres	5,85	1,95	4,82	12,61
46 a 55 anos	Homes	4,93	1,15	3,78	9,86
	Mulleres	4,01	1,61	6,65	12,27
56 e máis anos	Homes	3,44	1,95	7,45	12,84
	Mulleres	2,06	1,26	4,01	7,34
TOTAL COMARCA		48,74	14,91	36,35	100,00
TOTAL PROVINCIA		43,54	14,46	42,01	100,00

Case a metade dos demandantes parados da comarca do Ribeiro levan buscando emprego menos de 6 meses -48,74%-. A continuación sitúanse os que levan buscando máis dun ano, que representan o 36,35% do total.

A distribución de valores segundo a idade segue a mesma tendencia ao paro de curta duración, agás nas mulleres maiores de 45 anos e nos homes maiores de 55, nos que a situación se inverte cara ao paro de longa duración.

No referente ao sexo, é salientable que a presenza feminina é maior cá masculina entre os demandantes parados de longa duración, 21,68% fronte ao 14,67%. Polo contra, entre os parados de menos de seis meses prevalecen os homes sobre as mulleres, 26,03% fronte ao 22,71%.

Na comparativa co ámbito provincial, obsérvase unha maior tendencia na comarca dos demandantes parados ao paro de curta duración, dándose a situación inversa no paro de máis dun ano.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	41	4,70	2,52	39	5,84	2,52
Sector secundario	131	15,02	15,61	102	15,27	13,28
Construción	116	13,30	14,95	70	10,48	9,90
Sector servizos	441	50,57	50,49	364	54,49	55,73
Sen actividade previa	143	16,40	16,43	93	13,92	18,56
TOTAL	872	100,00	100,00	668	100,00	100,00

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica de procedencia, algo máis da metade dos demandantes parados encádranse dentro do sector servizos, representando o 50,57% do total. A unha distancia considerable sitúanse aqueles que proceden do sector secundario -15,02%-. A escala provincial reflítese a mesma situación, con datos porcentuais moi semellantes.

No caso dos demandantes non parados, son tamén máis numerosos aqueles que proceden do sector servizos, 54,49% do total, seguidos polos que proveñen do sector secundario -15,27%-. En comparación coa provincia de Ourense, cómpre salientar a menor presenza do sector primario, non habendo diferenzas significativas no resto dos sectores.

De forma conxunta, os demandantes de emprego procedentes do sector servizos son os máis numerosos, pois representan o 52,27% do total da demanda. A continuación sitúanse os que proveñen do sector secundario -15,13%- e os da construción, 12,08%.

Dentro da industria, a maioría dos demandantes parados encádranse na actividade de outras industrias, que, xunto coas de alimentación e madeira, representan máis da metade da demanda.




GRÁFICO 8: Demandantes parados na Industria.

No que respecta ós servizos, destacan sobre todos os demais os demandantes parados procedentes das administracións públicas, seguidos polos que proveñen da hostalería, comercio e da educación.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos Servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	181	11,75	9,34
Peón da ind. manufactureira, en xeral	158	10,26	4,57
Dependente de comercio, en xeral	113	7,34	8,01
Empregado administrativo, en xeral.	86	5,58	8,75
Camareiro, en xeral.	44	2,86	2,74
Empregado administrativo comercial, en xeral	40	2,60	0,21
Albanel	40	2,60	2,58
Cociñeiro, en xeral	39	2,53	2,08
Peón da construción de edificios	36	2,34	3,96
Modista/o	25	1,62	0,72

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/mozo de limpeza, Limpador	Muller/mozo de limpeza, Limpador

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Beade	3	0,49
Ribadavia	525	86,35
Melón	3	0,49
Leiro	36	5,92
Cortegada	2	0,33
Carballeda de Avia	10	1,64
Cenlle	7	1,15
Avión	7	1,15
Arnoia	4	0,66
Castrelo de Miño	11	1,81
TOTAL COMARCA	608	100,00

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	11.116
COMARCA/PROVINCIA:	5,47

Na comarca do Ribeiro recolléronse no ano 2003 un total de 608 ofertas de emprego, que representan o 5,47% das realizadas na provincia de Ourense.

O concello de Ribadavia engloba máis das tres cuartas partes destas ofertas, co 86,35% do total, seguido a considerable distancia pola localidade de Leiro, que canaliza o 5,92% delas, quedando o 7,73% restante repartido entre as outras localidades da comarca.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Beade	0	3	1	0	3		-66,67			
Arnoia	29	5	5	6	4	-82,76	0,00	20,00	-33,33	-39,06
Avión	1	19	10	7	7	1800,00	-47,37	-30,00	0,00	62,66
Cortegada	1	0	4	5	2			25,00	-60,00	18,92
Melón	6	0	5	3	3			-40,00	0,00	-15,91
Ribadavia	478	553	402	515	525	15,69	-27,31	28,11	1,94	2,37
Castrelo de Miño	2	0	0	3	11				266,67	53,14
Cenlle	0	19	3	4	7		-84,21	33,33	75,00	
Leiro	2	22	12	13	36	1000,00	-45,45	8,33	176,92	105,98
Carballeda de Avia	0	3	2	7	10		-33,33	250,00	42,86	
TOTAL COMARCA	519	624	444	563	608	20,23	-28,85	26,80	7,99	4,04
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116	30,02	-10,06	-6,80	2,25	2,74


TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

A evolución das ofertas no conxunto da comarca vén marcada principalmente pola do concello de Ribadavia, dado o baixo peso específico das demais localidades, onde o reducido número de ofertas fai que as variacións acaden cifras en ocasións extremas que non poden ser tomadas como significativas.

Así, tanto no concello de Ribadavia como na totalidade da comarca, preséntase un incremento do número de ofertas no período 1999-2003. O concello de Ribadavia acada unha variación media no período do 2,37%, mentres que a da comarca do Ribeiro é do 4,04%, sufrindo ambos un descenso no período 2000-2001 e incrementos nos restantes.

Na provincia de Ourense dáse unha situación semellante, cunha variación media positiva no período do 2,74%, pero, neste caso, prodúcese un descenso das ofertas tanto no intervalo 2000-2001 como no 2001-2002.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Tomando como referencia o resto de localidades para comparar a súa evolución coa de Ribadavia, pódese observar o crecemento en números absolutos de ofertas que se produce neste concello entre 1999 e 2003, co agudo pico negativo entre o 2000 e o 2001, e a recuperación posterior.

No conxunto de concellos restantes, apréciase do mesmo modo o incremento das ofertas ata o ano 2000, cun leve descenso no 2001 e unha subida modesta que se dá a continuación.


5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TABOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Beadé	0	0,00	0	0,00	0	0,00	3	0,70
Arnoia	0	0,00	0	0,00	0	0,00	4	0,93
Avión	0	0,00	0	0,00	0	0,00	7	1,62
Cortegada	0	0,00	1	3,23	0	0,00	1	0,23
Melón	0	0,00	0	0,00	0	0,00	3	0,70
Ribadavia	6	75,00	30	96,77	117	84,78	372	86,31
Castrelo de Miño	2	25,00	0	0,00	0	0,00	9	2,09
Cenlle	0	0,00	0	0,00	0	0,00	7	1,62
Leiro	0	0,00	0	0,00	20	14,49	16	3,71
Carballada de Avia	0	0,00	0	0,00	1	0,72	9	2,09
TOTAL COMARCA	8	100,00	31	100,00	138	100,00	431	100,00
TOTAL PROVINCIA	126		1.001		2.224		7.763	

A distribución das ofertas segundo a actividade económica manifesta a súa concentración no concello de Ribadavia. Deste modo, en todos os sectores máis do 75% das ofertas encádranse nesta localidade. A unha considerable distancia sitúase no sector da construción e servizos, o concello de Leiro.

GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



Na comarca do Ribeiro cómpre destacar o peso do sector servizos, co 71% das ofertas xestionadas. O sectores que seguen en nivel de importancia son os da construción, co 23% das ofertas, e o secundario, co 5%. No ámbito provincial repítese a orde dos diferentes sectores, aínda que se incrementa lixeiramente, en 4 puntos, o peso do sector secundario en detrimento do sector servizos e do da construción.

Dentro da industria, case a metade das ofertas proceden das actividades da madeira, o que supón o 42% do total. A considerable distancia sitúanse as de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, e outras industrias.




GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na Industria.

O primeiro elemento que destaca das ofertas procedentes dos servizos é que máis de tres cuartas partes delas proceden das administracións públicas, que concentra o 76% do total. As ofertas restantes están encabezadas polas actividades inmobiliarias e servizos a empresas, e a hostalería, que engloban o 6% e 7% respectivamente.




GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos Servizos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	1	15	5	10	8
Secundario	38	53	36	47	31
Construción	118	86	119	166	138
Servizos	362	470	284	340	431
TOTAL COMARCA	519	624	444	563	608
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

Segundo o sector económico, as ofertas da comarca do Ribeiro presentan unha evolución dispar no período 1999-2003. Deste xeito, no sector secundario prodúcese decrecementos nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003, que se traducen nunha variación media do período do -4,96%, converténdose así no único sector no que o número de ofertas se reduce nestes cinco anos.

Nos sectores restantes, se ben con diferentes decrecementos ao longo do período, dáse unha evolución final positiva. Desta maneira, os sectores da construción e servizos obteñen variacións medias do 3,99% e do 4,46% respectivamente.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Do total das ofertas recibidas na comarca do Ribeiro tan só o 7,89% especifican o sexo como requisito para ocupar un posto de traballo.





GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.

Facendo unha análise máis pormenorizada polos sectores de actividade económica, é salientable que no sector da construción a demanda de mulleres é inexistente. Pola contra, no sector secundario, a demanda feminina supera á masculina, debido á solicitude de mulleres no subsector de téxtil e confección. A situación inversa dáse no sector servizos, onde a demanda de homes é superior á de mulleres, debido, sobre todo, ás ofertas procedentes das actividades inmobiliarias e servizos a empresas.

GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.



O 80,26% das ofertas recollidas na comarca do Ribeiro teñen como esixencia a posesión dun determinado nivel de estudos. O nivel de estudos máis demandado é o de ensinanza obrigatoria, que se require no 60,45% deste tipo de ofertas, seguido do de posesión de certificado de escolaridade, co 25,41% do total, e do de titulación universitaria, co 6,97%.

As actividades que en maior medida requiren traballadores de baixo nivel de cualificación son os de administracións públicas e construción. Non obstante, o primeiro deles é tamén o que concentra a maior parte das demandas de titulados universitarios e bachareis.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos Centros Colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Axente comercial / Vendedor	7	18	14	11	16
Administrativo	1	1	1	9	11
Auxiliar administrativo	0	0	0	3	8
Peón de albanel/Peón de obras públicas	20	8	1	6	7
Animador sociocultural	0	0	0	7	7
Carpinteiro de aluminio	0	3	1	4	5
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral.	0	0	0	1	3
Músico	0	1	1	3	2
Licenciado en bioloxía	0	0	0	2	2
Cantante	0	0	0	2	1

As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores da comarca no ano 2003 son as de axente comercial/vendedor, administrativo e auxiliar administrativo.

Na evolución que se produce nestes cinco anos nestas ocupacións é importante destacar o crecemento que se dá na ocupación de administrativo, así como o descenso que sofre a de peón de albanel/peón de obras públicas.

	1999	2000	2001	2002	2003
Asistente domiciliario	62	59	61	55	79
Albanel	55	35	27	45	59
Peón de obras públicas, en xeral	45	25	59	70	52
Canteiro de construción	14	20	14	17	34
Traballador forestal, en xeral	0	0	0	0	33
Técnico de protección civil	2	2	4	18	16
Peón da ind. manufactureira, en xeral	31	36	25	58	15
Camareiro, en xeral	5	5	9	13	15
Peón da construción de edificios	51	46	39	21	14
Traballador retén incendios forestais	0	0	0	7	14

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas Oficinas de Emprego.

A ocupación de asistente domiciliario é a máis demandada nas oficinas de emprego do Ribeiro, a continuación sitúanse as de albanel e peón de obras públicas.

As ocupacións de peón da industria manufactureira e peón da construción de edificios son as únicas que sofren unha redución neste período. Pola contra, é salientable o crecemento que se dá nas de traballador forestal, técnico de protección civil e camareiro, con variacións medias en todas elas superiores ao 30%.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
ARNOIA	158	9,82
AVIÓN	138	8,58
BEADE	187	11,62
CARBALLEDA	98	6,09
CASTRELO DE MIÑO	81	5,03
CENLLE	95	5,90
CORTEGADA	90	5,59
LEIRO	139	8,64
MELÓN	156	9,70
RIBADAVIA	467	29,02
TOTAL COMARCA	1.609	100,00
TOTAL PROVINCIA	50.587	3,18

A localidade onde se concentran o maior número de contratos é a de Ribadavia, co 29,02% do total, seguida en orde de importancia pola de Beade, co 11,62%, a de Arnoia e a de Melón, ambas con algo máis do 9% das contratacións.

Con respecto á provincia de Ourense, a comarca do Ribeiro representa o 3,18% dos contratos realizados na provincia no ano 2003.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
ARNOIA	211	307	121	206	158	45,50	-60,59	70,25	-23,30	-6,98
AVIÓN	147	231	86	81	138	57,14	-62,77	-5,81	70,37	-1,57
BEADE	222	220	197	194	187	-0,90	-10,45	-1,52	-3,61	-4,20
CARBALLEDA	92	78	104	92	98	-15,22	33,33	-11,54	6,52	1,59
CASTRELO DE MIÑO	103	55	95	74	81	-46,60	72,73	-22,11	9,46	-5,83
CENLLE	83	90	117	66	95	8,43	30,00	-43,59	43,94	3,43
CORTEGADA	74	92	106	116	90	24,32	15,22	9,43	-22,41	5,02
LEIRO	102	152	121	182	139	49,02	-20,39	50,41	-23,63	8,04
MELÓN	71	76	85	103	156	7,04	11,84	21,18	51,46	21,75
RIBADAVIA	685	562	536	549	467	-17,96	-4,63	2,43	-14,94	-9,13
TOTAL COMARCA	1.790	1.863	1.568	1.663	1.609	4,08	-15,83	6,06	-3,25	-2,63
TOTAL PROVINCIA	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

A evolución na contratación entre os anos 1999 e 2003 reflite un desenvolvemento e balance desiguais para as diferentes localidades da comarca. Deste xeito, na metade dos concellos o número de contratos redúcese neste período, destacando o caso de Ribadavia, que logra só un leve crecemento entre 2001 e 2002, e que acaba, finalmente, unha variación media do -9,13%.

Nos cinco concellos restantes -Melón, Leiro, Cortegada, Cenlle e Carballeda- o volume de contratación increméntase, sobre todo en Melón, onde a variación media é do 21,75%, dada sobre todo polos importantes incrementos experimentados a partir do ano 2002. Agás nesta localidade, todas as demais que conseguen unha evolución positiva obteñen variacións interanuais negativas nalgún dos intervalos temporais estudados, nalgúns casos tan agudas como a que se dá en Cenlle no intervalo 2001-2002.

No conxunto da comarca a tendencia é á baixa, cunha evolución media do -2,63%, en contraposición co resto da provincia, cunha variación media do 1,05%, e onde só se produce un descenso nos contratos nos anos 2002-2003, fronte ás que se dan no Ribeiro nos períodos 2000-2001 e 2002-2003.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	339	123	462	21,07	7,64	28,71
De 26 a 35 anos	278	212	490	17,28	13,18	30,45
De 36 a 45 anos	210	127	337	13,05	7,89	20,94
De 46 a 55 anos	162	69	231	10,07	4,29	14,36
De 56 e máis anos	68	21	89	4,23	1,31	5,53
TOTAL COMARCA	1057	552	1609	65,69	34,31	100,00
TOTAL PROVINCIAL	28784	21803	50587	56,90	43,10	100,00

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

A contratación na comarca do Ribeiro no 2003 caracterízase por unha distribución desigual entre homes e mulleres, acadando os primeiros o 65,69% dos contratos. No que respecta á idade, a maioría dos contratos realízanse nos grupos máis novos, posto que o 59,16% deles firmáronos os menores de 36 anos.

Tanto a contratación masculina como a feminina concéntranse nos segmentos de idade máis baixos con tendencia ao retroceso conforme a idade aumenta. Deste xeito, o colectivo máis numeroso nos homes é o de menos de 26 anos, seguido polo de 26 a 35 anos. No que respecta ás mulleres, o grupo con maior peso é o de 26 a 35 anos.

No ámbito provincial repítese a característica da masculinización da contratación dun xeito menos acusado, acadando o volume de contratación feminina 8,79 puntos máis na provincia que na comarca.


	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	1.265	1.337	1.010	1.127	1.057	5,69	-24,46	11,58	-6,21	-4,39
Mulleres	525	526	558	536	552	0,19	6,08	-3,94	2,99	1,26
TOTAL CONTRATOS	1.790	1.863	1.568	1.663	1.609	4,08	-15,83	6,06	-3,25	-2,63

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

Durante o período 1999-2003 reflítense certas diferenzas en canto ao desenvolvemento da contratación de homes e mulleres. Polo que respecta aos contratos femininos, increméntanse en todos os intervalos, excepto no 2001-2002, no que sofren unha lixeira redución, para acadar finalmente unha variación media do 1,26%.

No que atinxe á contratación masculina, só se incrementa nos intervalos 1999-2000 e 2001-2002, diminuindo os anos restantes, e obtendo así unha variación media no período do -4,39%.

GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.



Pódese observar no gráfico 16 como o peso porcentual da contratación masculina sofre unha redución nestes cinco anos, mentres que a feminina se ve incrementada levemente, a pesar das oscilacións que se produce neste período.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	529	460	439	450	462	-13,04	-4,57	2,51	2,67	-3,33
De 26 a 35 anos	523	596	489	495	490	13,96	-17,95	1,23	-1,01	-1,62
De 36 a 45 anos	388	404	337	366	337	4,12	-16,58	8,61	-7,92	-3,46
De 46 a 55 anos	251	265	211	253	231	5,58	-20,38	19,91	-8,70	-2,05
De 56 e máis anos	99	138	92	99	89	39,39	-33,33	7,61	-10,10	-2,63
TOTAL CONTRATOS	1.790	1.863	1.568	1.663	1.609	4,08	-15,83	6,06	-3,25	-2,63

Tomando como referente a idade, a evolución da contratación no Ribeiro vén caracterizada por unha redución nos contratos en todos os grupos. O desenvolvemento temporal é semellante en todos os colectivos e sitúase entre a variación media do -3,46% nos que teñen entre 36 e 45 anos, e do -1,62% nos de 26 a 35 anos.

No que respecta á evolución ano a ano, é tamén similar en todos os tramos de idade, que ven reducidos o seu volume de contratos nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003, e incrementados nos intervalos 1999-2000 e 2001-2002, coa excepción dos contratos a menores de 26 anos, que decrecen no 1999-2000 canto todos os demais crecen e aumentan no 2002-2003 cando o resto descende.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos.

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	56	3,48
Agricultura e pesca	56	3,48
SECTOR SECUNDARIO	269	16,72
Industria	267	16,59
Electricidade	2	0,12
SECTOR CONSTRUCCIÓN	285	17,71
Construción	285	17,71
SECTOR SERVIZOS	999	62,09
Comercio e hostalería	390	24,24
Transporte e comunicacións	18	1,12
Outros servizos	591	36,73
TOTAL CONTRATOS	1.609	100,00

O sector servizos rexistrou no ano 2003 o maior número de contratos, co 62,09% do total. A unha considerable distancia sitúanse o sector da construción, onde se concentra o 17,71% da contratación, e o sector secundario, que engloba o 16,72% desta.

É salientable o peso dos subsectores de comercio e hostalería e outros servizos, que supoñen conxuntamente o 60,97% da contratación comarcal.

Para o conxunto do subsector industrial a actividade máis representativa é a de outras industrias, que, xunto coa de alimentación e a de madeira, engloba o 79% dos contratos. A continuación sitúanse as restantes actividades, encabezadas pola metalurxia e fabricación de produtos metálicos, que representa o 12% das contratacións.




GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.

Facendo unha análise máis pormenorizada dos servizos, é salientable que as administracións públicas concentran o 36% dos contratos realizados no Ribeiro neste sector. Deseguido colócanse as actividades de hostalería e comercio, co 19% e 17% das contratacións, respectivamente.




GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	2,49	0,99	0,87	0,75	0,81	0,68	0,37
Agricultura e pesca	2,49	0,99	0,87	0,75	0,81	0,68	0,37
SECTOR SECUNDARIO	14,23	2,49	5,84	4,97	3,79	1,68	0,44
Industria	14,11	2,49	5,78	4,91	3,79	1,68	0,44
Electricidade	0,12	0,00	0,06	0,06	0,00	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	14,79	2,92	5,22	5,66	3,42	2,67	0,75
Construción	14,79	2,92	5,22	5,66	3,42	2,67	0,75
SECTOR SERVICIOS	34,18	27,91	16,78	19,08	12,93	9,32	3,98
Comercio e hostalería	10,50	13,74	9,14	8,14	4,47	1,80	0,68
Transporte e comunicacións	1,06	0,06	0,25	0,50	0,12	0,25	0,00
Outros servizos	22,62	14,11	7,40	10,44	8,33	7,27	3,29
TOTAL CONTRATOS	65,69	34,31	28,71	30,45	20,94	14,36	5,53

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

Tanto no colectivo masculino como no feminino o maior volume de contratos está concentrados no sector servizos, seguido a considerable distancia polo da construción e o secundario, estes últimos con valores moi similares entre si. Tendo en conta os subsectores, son os de outros servizos e construción os que engloban o maior número de contratos masculinos, en concreto o 37,41%. No caso das mulleres, os subsectores máis representativos son os de outros servizos e comercio e hostalería.

En función da distribución por idade, o sector servizos é o que representa maior volume contractual en todos os grupos, seguido polo da construción en todos os tramos, excepto no dos menores de 26 anos e no de 36 a 45 anos onde ten unha maior presenza o secundario.

No que respecta aos subsectores, en todos os intervalos de idade o que concentra máis contratos é o de outros servizos, agás nos menores de 26 anos no que destaca o comercio e hostalería. A continuación sitúase, nas idades menores de 46 anos, o de comercio e hostalería, e nas maiores de 46 anos, o da construción.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	80	63	78	89	56	-21,25	23,81	14,10	-37,08	-8,53
Agricultura e pesca	80	63	78	89	56	-21,25	23,81	14,10	-37,08	-8,53
SECTOR SECUNDARIO	306	278	270	264	269	-9,15	-2,88	-2,22	1,89	-3,17
Industria	300	278	269	261	267	-7,33	-3,24	-2,97	2,30	-2,87
Electricidade	6	0	1	3	2	-100,00		200,00	-33,33	-24,02
S. CONSTRUCCIÓN	342	400	286	356	285	16,96	-28,50	24,48	-19,94	-4,46
Construcción	342	400	286	356	285	16,96	-28,50	24,48	-19,94	-4,46
SECTOR SERVICIOS	1.062	1.122	934	940	999	5,65	-16,76	0,64	6,28	-1,52
Comercio e hostalería	303	272	284	367	390	-10,23	4,41	29,23	6,27	6,51
Transporte e comunicacións	24	28	23	29	18	16,67	-17,86	26,09	-37,93	-6,94
Outros servizos	735	822	627	544	591	11,84	-23,72	-13,24	8,64	-5,31
TOTAL CONTRATOS	1.790	1.863	1.568	1.663	1.609	4,08	-15,83	6,06	-3,25	-2,63


Para o conxunto do período todos os sectores produtivos sofren un descenso nas contratacións no Ribeiro. O sector que máis se reduce é o primario, cunha variación media do -8,53% e variacións interanuais negativas nos intervalos 1999-2000 e 2002-2003, do -21,25% e -37,08% respectivamente.

No sector secundario o descenso é lixeiramente inferior, aínda que sofre reducións nas contratacións entre os anos 1999 e 2002. O sector da construción é o segundo que máis decrece, cunha variación media negativa do -4,46%, e con variacións interanuais negativas de -28,50% nos anos 2000-2001 e de -19,94% no 2002-2003.

Por último, o sector servizos é o que acada o decrecemento máis leve no Ribeiro, cunha variación media do -1,52%. Pese a que os subsectores de transporte e comunicacións e outros servizos sofren descensos de máis de 5 puntos, o subsector de comercio e hostalería só diminúe no intervalo 1999-2000, e é o único na comarca no que se incrementan as contratacións nestes cinco anos.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



A comarca do Ribeiro caracterízase por un elevado predominio da contratación temporal, posto que o 65% son contratos a tempo completo e o 15% a tempo parcial. A unha gran distancia sitúanse os contratos de prácticas/formación, que supoñen o 9%, e o conxunto dos indefinidos, co 6% das contratacións.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	2,98	1,68	0,50	1,24	1,18	1,06	0,68
Indefinido tempo parcial	0,25	0,75	0,31	0,25	0,19	0,12	0,12
Temporal	45,74	20,26	20,14	20,57	14,54	7,52	3,23
Temporal tempo parcial	6,40	8,27	4,10	5,78	2,98	1,55	0,25
Prácticas/Formación	5,53	3,11	3,23	1,43	1,12	1,80	1,06
Outros	4,79	0,25	0,44	1,18	0,93	2,30	0,19
TOTAL CONTRATOS	65,69	34,31	28,71	30,45	20,94	14,36	5,53

A temporalidade, tanto a tempo completo como parcial, perfírase como tipoloxía de contrato predominante en ambos os sexos, distribuíndose o 52,14% entre os homes, e o 28,53% entre as mulleres.

Na distribución por idade, segue sendo a contratación temporal a que conta con maior peso relativo en todos os tramos, destacando o de 26 a 35 anos, onde se concentran o 26,35% dos contratos temporais, seguido polo de menos de 26 anos, co 24,24%.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr. Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,19	1,43	0,00	1,43	0,93	1,37	0,25	0,50	2,11
Indefinido tempo parcial	0,00	0,25	0,00	0,25	0,00	0,50	0,00	0,25	0,75
Temporal	3,05	11,87	0,12	12,00	13,67	16,22	0,81	20,26	37,29
Temporal tempo parcial	0,25	2,49	0,00	2,49	1,99	4,97	0,06	4,91	9,94
Prácticas/Formación	0,00	0,56	0,00	0,56	1,12	1,18	0,00	5,78	6,96
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	5,03	5,03
TOTAL CONTRATOS	3,48	16,59	0,12	16,72	17,71	24,24	1,12	36,73	62,09

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

O sector produtivo que presenta unha maior temporalidade é o sector servizos, que engloba o 47,23% dos contratos temporais, seguido polo sector da construción, que concentra o 15,66%.

Facendo unha análise máis pormenorizada por subsectores, obsérvase que no de outros servizos e no comercio e hostalería xéranse de forma conxunta case a metade do conxunto dos contratos temporais, en concreto o 46,36%.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	176	108	146	112	75	-38,64	35,19	-23,29	-33,04	-19,20
Indefinido tempo parcial	17	13	16	22	16	-23,53	23,08	37,50	-27,27	-1,50
Temporal	1.158	1.281	1.031	1.130	1062	10,62	-19,52	9,60	-6,02	-2,14
Temporal tempo parcial	293	248	241	211	236	-15,36	-2,82	-12,45	11,85	-5,26
Prácticas/Formación	59	87	47	131	139	47,46	-45,98	178,72	6,11	23,89
Outros	87	126	87	57	81	44,83	-30,95	-34,48	42,11	-1,77
TOTAL CONTRATOS	1.790	1.863	1.568	1.663	1.609	4,08	-15,83	6,06	-3,25	-2,63

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

No período 1999-2003, a única tipoloxía de contratación que logra un incremento é a de prácticas/formación, que consegue unha variación media do 23,89%, dada sobre todo pola considerable subida que se produce neste tipo de contratos a partir do ano 2001.

Os contratos indefinidos a tempo completo son os que sofren unha redución maior, obtendo unha variación media negativa do -19,20% e diminuindo en todos os intervalos temporais, excepto no 2000-2001. A continuación sitúanse os contratos temporais a tempo parcial, que só se incrementan nos anos 2002-2003, acadando unha variación media negativa do 5,26%. As restantes modalidades redúcense de forma máis leve, con variacións medias negativas que van dende o -2,14% dos contratos temporais a tempo completo ao -1,50% dos indefinidos a tempo parcial.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	4	0,25
HOMES	4	0,25
MULLERES	0	0,00
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	135	8,39
HOMES	99	6,15
MULLERES	36	2,24
3. Técnicos e profesionais de apoio	70	4,35
HOMES	37	2,30
MULLERES	33	2,05
4. Empregados de tipo administrativo	89	5,53
HOMES	26	1,62
MULLERES	63	3,92
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	311	19,33
HOMES	94	5,84
MULLERES	217	13,49
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	37	2,30
HOMES	23	1,43
MULLERES	14	0,87
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	308	19,14
HOMES	284	17,65
MULLERES	24	1,49
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	81	5,03
HOMES	71	4,41
MULLERES	10	0,62
9. Traballadores non cualificados	574	35,67
HOMES	419	26,04
MULLERES	155	9,63
TOTAL CONTRATOS	1.609	100,00
TOTAL HOMES	1.057	65,69
TOTAL MULLERES	552	34,31

Segundo os nove grandes grupos de contratación e de acordo co exposto na táboa anterior, é preciso sinalar a concentración do 74,14% dos contratos nos seguintes tres grandes grupos:

- Traballadores non cualificados -35,67%-.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -19,33%-.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -19,14%-.

Por outra parte, atendendo á distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados -26,04%-. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -17,65%-. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -6,15%-. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -5,84%-.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -13,49%-. • Traballadoras non cualificadas -9,63%-. • Empregadas de tipo administrativo -3,92%-. • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais -2,24%-.

Dada a forte presenza da contratación masculina na comarca do Ribeiro, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. As mulleres superan en 7.65 puntos porcentuais aos homes.
- Empregados de tipo administrativo. A contratación feminina é 2,3 puntos superior á masculina.

No referente á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Técnicos e profesionais de apoio, cunha variación media do -10,68%.
- Dirección de empresas e administracións públicas, que se reduce un 9,64%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, cun descenso do 6,78%.
- Traballadores non cualificados, cunha variación negativa do -5,77%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, que diminúe en 3,76 puntos.

Pola contra, os grupos que destacan neste intervalo temporal pola súa evolución positiva son os seguintes:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, cunha variación media do 5,61%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, que se incrementa o 3,64%.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, é salientable o incremento da contratación masculina nos grupos de ocupacións de:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, que obtén unha variación media do 12,35%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, que se incrementa o 7,91%.

Por outra banda, prodúcese un descenso na contratación de homes nos grupos de:

- Técnicos e profesionais de apoio, variación media de -15,04%.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, -11,80%.
- Traballadores non cualificados, -8,39%.
- Empregados de tipo administrativo, -3,51%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, -3,46%.

Polo que respecta ás mulleres, destaca o incremento medio na contratación no grupo de traballadoras cualificadas na agricultura e pesca, que obtén unha variación media do 6,21%.

É preciso tamén sinalar o decrecemento que se produce na contratación de mulleres nos seguintes grupos de ocupación:

- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, -6,94%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais, -4,89%.
- Técnicas profesionais de apoio, -4,09%.
- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras, -2,35%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca.
Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
97000011	Peón da industria manufactureira	247	15,35	211	19,96	36	6,52	85,43
71100016	Albanel	111	6,90	105	9,93	6	1,09	94,59
94400012	Peón forestal	94	5,84	82	7,76	12	2,17	87,23
25130104	Músico instrumentista, en xeral	76	4,72	73	6,91	3	0,54	96,05
51130024	Asistente domiciliario	76	4,72	0	0,00	76	13,77	0,00
50200018	Camareiro, en xeral	74	4,60	27	2,55	47	8,51	36,49
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	72	4,47	7	0,66	65	11,78	9,72
74230011	Canteiro de construción	60	3,73	59	5,58	1	0,18	98,33
42100010	Empregado administrativo, en xeral	45	2,80	14	1,32	31	5,62	31,11
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	45	2,80	40	3,78	5	0,91	88,89
TOTAL		900	55,94	618	58,47	282	51,09	68,67

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes / N.º total de contratos) x 100

Tendo en conta as dez ocupacións máis contratadas no ano 2003, destaca o alto grao de concentración que se produce en ambos os sexos no territorio, posto que estas ocupacións representan o 55,94% dos contratos realizados na comarca do Ribeiro.

A mulleres tende a ser contratada en maior medida como asistente domiciliaria e muller de limpeza, mentres que nos homes as dúas ocupacións máis contratadas son as de peón da industria manufactureira e albanel.

Outro aspecto a ter en conta é o alto grao de masculinización que se produce no conxunto das dez ocupacións -68,67%-, destacando o maior volume de contratación masculina nas actividades de canteiro de construción, músico instrumentista, albanel, peón de obras públicas, peón forestal e peón da industria manufactureira.

Pola contra, existen tres ocupacións eminentemente femininas, que son as de asistente domiciliaria, muller de limpeza e empregada administrativa.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	Peón da industria manufactureira	180	286	238	173	247
71100016	Albanel	114	103	79	134	111
94400012	Peón forestal	154	102	71	100	94
25130104	Músico instrumentista, en xeral	53	88	51	43	76
51130024	Asistente domiciliario	59	59	59	55	76
50200018	Camareiro, en xeral	65	60	81	68	74
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	76	66	56	69	72
74230011	Canteiro de construción	32	54	33	34	60
42100010	Empregado administrativo, en xeral	38	43	41	39	45
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	33	4	74	54	45
96020014	PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	139	162	94	111	29
60220101	XARDINEIRO, EN XERAL	14	41	3	42	2

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

Polo que respecta á evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003, non se producen grandes oscilacións na súa composición, dando lugar a un comportamento estable na comarca do Ribeiro neste sentido. Aínda así, pódese observar o repunte na contratación producido no último ano nas ocupacións de peón da industria manufactureira, músico instrumentista e canteiro da construción. Pola contra, descende máis marcadamente na de albanel e peón forestal, baixando esta última moi notablemente o seu nivel de contratación con respecto a 1999.

Non obstante, é salientable o descenso que se dá nas ocupacións de xardineiro e de peón da construción de edificios, que acadan variacións medias negativas no período do -38,52% e do -32,42% respectivamente. Como resultado disto, na actualidade non figuran entre as dez ocupacións máis contratadas da comarca.



Comarca de Ourense



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

O 75,81% das empresas da comarca de Ourense concéntranse no sector servizos. A considerable distancia sitúase o sector da construción -12,42%- e o secundario -10,58%-. No que atinxe aos subsectores, é salientable que os de comercio e hostalería e outros servizos engloban de forma conxunta o 72,24% das empresas da comarca.

Os traballadores están tamén concentrados na súa maioría no sector servizos, que representa o 70,26% destes. A continuación sitúase o sector secundario, co 16,86% dos traballadores, e o da construción, co 10,23%. En canto aos subsectores, o de outros servizos agrupa a case a metade dos traballadores, en concreto o 45,55%, seguido polos de comercio e hostalería -20,54%- e industria -16,20%-.

No que respecta aos autónomos, a maior parte deles reúnense dentro do sector servizos, que inclúe o 71,44% do total. Séguelle en orde de importancia o sector da construción -16,02%- e o secundario -11,03%-. Facendo unha análise máis pormenorizada dos subsectores, obsérvase que os máis representativos son os de comercio e hostalería, co 21,09% dos autónomos, e o de outros servizos, co 44,48%.

Por último, é salientable a escasa presenza do sector primario en todos os ámbitos, tanto no que respecta ás empresas -1,18%-, como aos traballadores -2,66%-, e aos autónomos -1,51%-.

5.1.2. Evolución anual

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	205	200	217	193	83
Agricultura e pesca	205	200	217	193	83
SECTOR SECUNDARIO	755	752	756	755	743
Industria	744	742	745	744	732
Electricidade	11	10	11	11	11
SECTOR CONSTRUCCIÓN	858	832	854	872	872
Construción	858	832	854	872	872
SECTOR SERVIZOS	4.813	5.015	5.235	5.310	5.322
Comercio e hostalería	2.256	2.316	2.415	2.441	2.443
Transporte e comunicacións	245	238	264	263	251
Outros servizos	2.312	2.461	2.556	2.606	2.628
TOTAL	6.631	6.799	7.062	7.130	7.020


TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

A evolución do número de empresas na comarca de Ourense no período 1999-2003 vén caracterizada por unha evolución desigual dos diferentes sectores produtivos. Deste modo, o sector primario sofre un forte descenso nos seus efectivos, con variacións interanuais negativas en todos os intervalos, agás no 2000-2001, acadando finalmente unha variación media de -20,23%.

O sector secundario tamén sofre un decrecemento no seu número de empresas, dun xeito moito máis leve que no caso anterior, cunha variación media do -0,40%, que fai que a tendencia evolutiva se incline cara á estabilidade. Algo semellante sucede no sector da construción, que obtén unha variación media do 0,41%, o que reflite un lixeiro incremento das empresas en números absolutos nestes cinco anos.

No sector servizos é no que se denota un maior crecemento, cun aumento constante en todos os anos, obtendo unha variación media do 2,55%. É salientable dentro deste sector a progresión continua que se produce no subsector de comercio e hostalería, e outros servizos en todos os anos que configuran o período obxecto de estudo.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



Toda esta situación deriva nun lixeiro incremento global do número de empresas na comarca, cun crecemento continuo ata o ano 2002, e unha diminución no ano final do quinquenio. A variación media final para o conxunto dos sectores é de 1,44%.

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	1.391	1.387	1.406	1.383	1.325
Agricultura e pesca	1.391	1.387	1.406	1.383	1.325
SECTOR SECUNDARIO	7.940	8.199	8.466	8.408	8.401
Industria	7.549	7.841	8.116	8.074	8.073
Electricidade	391	358	350	334	328
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.785	4.916	5.233	5.082	5.098
Construción	4.785	4.916	5.233	5.082	5.098
SECTOR SERVIZOS	30.783	31.810	34.062	34.262	35.013
Comercio e hostalería	20.148	20.850	22.332	22.164	22.702
Transporte e comunicacións	2.092	2.011	2.051	2.090	2.073
Outros servizos	8.543	8.949	9.679	10.008	10.238
TOTAL	44.899	46.312	49.167	49.135	49.837

Na táboa 2 e no gráfico 2 pódese observar como nos anos comprendidos entre o 1999 e o 2003, os traballadores increméntanse en todos os sectores, exceptuando o primario, onde se da unha redución ao longo do período, acadando unha variación media do -1,21%.

O sector servizos é o que acada un crecemento maior, cunha variación media do 3,27%, e un crecemento constante ao longo destes cinco anos, agás no subsector de transporte e comunicacións, no que os traballadores diminúen lixeiramente, cunha variación media do -0,23%.

Nos sectores secundario e da construción xérase un aumento semellante, con variacións medias do 1,42% no primeiro e do 1,60% no segundo. Tamén en ambos os dous decrecen os traballadores entre os anos 2001 e 2002, engadindo o intervalo 2002-2003 para o sector secundario.

De forma conxunta, no número de traballadores da comarca de Ourense dáse un desenvolvemento positivo no período 1999-2003, onde só se observa unha variación interanual negativa entre os anos 2001 e 2002, presentando unha variación media do 2,64%.




GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	100	105	126	129	130
Agricultura e pesca	100	105	126	129	130
SECTOR SECUNDARIO	712	856	870	911	947
Industria	710	854	868	909	945
Electricidade	2	2	2	2	2
SECTOR CONSTRUCCIÓN	972	1.112	1.206	1.286	1.375
Construción	972	1.112	1.206	1.286	1.375
SECTOR SERVICIOS	4.735	5.230	5.518	5.792	6.132
Comercio e hostalería	1.278	1.442	1.541	1.652	1.810
Transporte e comunicacións	381	437	459	459	504
Outros servizos	3.076	3.351	3.518	3.681	3.818
TOTAL	6.519	7.303	7.720	8.118	8.584

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

Globalmente, o número de autónomos incrementouse nestes cinco anos na comarca, cunha evolución positiva en todos os intervalos temporais, e unha variación media final do 7,12%.

En todos os sectores o maior crecemento dáse no intervalo 1999-2000, agás no sector primario, onde se produce a variación interanual máis alta entre os anos 2000 e 2001. No resto de anos do período os ritmos de crecemento dos diferentes sectores fanse máis modestos. No sector da construción é onde se produce un maior aumento final, variación media de 9,06%, seguido polo sector secundario, 7,39%. Finalmente sitúanse o sector primario e o de servizos, con variacións medias do 6,78% e 6,68%, respectivamente.




GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.


	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Peroxa	106	54	160
Amoeiro	75	36	111
Barbadás	425	250	675
Coles	145	81	226
Esgos	87	38	125
Nogueira de Ramuín	158	74	232
Ourense	6.708	4.336	11.044
Pereiro de Aguiar	203	112	315
San Cibrao das Viñas	169	101	270
Taboadela	74	45	119
Toén	117	81	198
Vilamarín	71	48	119
TOTAL	8.338	5.256	13.594

% comarca/provincia - PARADOS 45,22

% comarca/provincia - NON PARADOS 50,19

O concello de Ourense agrupa máis de tres cuartas partes dos demandantes da comarca, co 81,24% do total. A considerable distancia é seguido polo concello de Barbadás, que engloba o 4,96% da demanda laboral, e polo de Pereiro de Aguiar, co 2,32%. O 11,48% restante repártese entre as outras nove localidades.

GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.



As 13.594 demandas recibidas no ano 2003 distribúense de forma maioritaria entre os parados, que superan aos non parados en todas as localidades, representando o 61,33% das demandas comarcais.

En relación coa provincia de Ourense, a comarca mostra un peso relativo lixeiramente superior dos demandantes non parados sobre os parados, que supoñen o 50,19% e 45,22% respectivamente da demanda provincial.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	8.388	8.011	7.788	8.528	8.338
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	-4,49	-2,78	9,50	-2,23
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	46,71	45,35	46,57	46,82	45,22

Para o conxunto dos demandantes parados da comarca de Ourense, obsérvase unha tendencia ao estancamento neste intervalo temporal, posto que, en números absolutos, córrase o período cun descenso moi leve con respecto ao número de demandantes do ano de inicio. Na evolución destes cinco anos denótase unha redución da demanda entre os anos 1999 e 2001, cunha recuperación no ano posterior e novamente un descenso en 2003.

O peso relativo dos demandantes en paro da comarca con respecto á provincia redúcese lixeiramente neste quinquenio, a pesar dos pequenos incrementos que se produce no ano 2002.




GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.548	11,39	10,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	6.790	49,95	53,19
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	813	5,98	5,15
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	2.085	15,34	15,38
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	711	5,23	4,76
	En expediente de regulación de emprego	78	0,57	0,40
	Demandantes de mellora de emprego	979	7,20	7,08
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	535	3,94	3,03
	Resto de demandantes	55	0,40	0,42
TOTAL		13.594	100,00	100,00

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que case a metade dos demandantes de emprego son parados con emprego anterior. A este colectivo séguelle en orde de importancia o dos non parados con emprego anterior -15,34%-, o dos parados sen emprego anterior -11,39%- e os demandantes non parados que solicitan mellora de emprego -7,20%-.

Esta situación é semellante á da provincia de Ourense, onde se manteñen os parados con emprego anterior como o grupo máis significativo, cun peso de 3,24 puntos superior á comarca. Nos colectivos restantes repítese a mesma orde de importancia, con porcentaxes moi similares na comarca e na provincia.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	577	836	6,92	10,03	16,95	15,17
26 a 35 anos	882	1.551	10,58	18,60	29,18	25,82
36 a 45 anos	564	1.161	6,76	13,92	20,69	21,11
46 a 55 anos	509	1.041	6,10	12,49	18,59	20,00
56 e máis anos	598	619	7,17	7,42	14,60	17,90
TOTAL COMARCA	3.130	5.208	37,54	62,46	100,00	45,22
TOTAL PROVINCIA	7.856	10.584	42,60	57,40	45,22	100,00

A maioría dos demandantes parados da comarca son mulleres, posto que representan o 62,46% do total. Do mesmo xeito, e tendo en conta a idade, é salientable que o 49,87% teñen entre 26 e 45 anos.

En todos os grupos a presenza porcentual das mulleres é superior á dos homes; entre as primeiras os intervalos con maior peso cuantitativo son os de 26 a 35 anos e de 36 a 45 anos. No caso dos homes, os grupos máis representativos son os de 26 a 35 anos e os de máis de 55 anos.

A comparación co ámbito provincial amosa uns resultados semellantes, con datos porcentuais moi próximos en canto á distribución por idade, sendo tamén as idades de entre 26 e 45 anos as que lle dan un maior peso ao conxunto. Neste sentido é destacable que nos grupos máis novos redúcese lixeiramente o peso porcentual na provincia con respecto á comarca, mentres que se incrementa nos máis avanzados, o que reflite unha maior tendencia ao envellecemento na provincia.

No que respecta ao sexo, a desigualdade entre homes e mulleres é levemente máis aguda na comarca, onde as mulleres demandantes paradas representan 5,06 puntos máis que na provincia de Ourense.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	510	760	9,70	14,46	24,16	20,44
26 a 35 anos	454	1.044	8,64	19,86	28,50	25,77
36 a 45 anos	273	707	5,19	13,45	18,65	20,01
46 a 55 anos	211	559	4,01	10,64	14,65	16,76
56 e máis anos	321	417	6,11	7,93	14,04	17,03
TOTAL COMARCA	1.769	3.487	33,66	66,34	100,00	50,19
TOTAL PROVINCIA	3.865	6.607	36,91	63,09	50,19	100,00

No caso dos demandantes non parados, os datos mostran de novo a tendencia ao predominio da demanda feminina dunha forma aínda máis notable, dado que o 66,34% está composta por mulleres. No relativo á idade, é de salientar que o 52,66% dos demandantes non parados son menores de 36 anos.

As mulleres de 26 a 35 anos supoñen o grupo de idade máis numeroso -19,86%-, seguido polo de menos de 26 anos -14,46%-. No que se refire aos homes, a maioría tamén se sitúan nestes intervalos, acadando o de menos de 26 anos o 9,70% e o de 26 a 35 anos o 8,64% de demandantes.

A comparativa co conxunto da provincia reflite unha situación semellante á comentada para os demandantes parados, onde habería que puntualizar o descenso de 6,45 puntos nos menores de 36 anos con respecto á comarca, así como este incremento nos grupos de máis de 35 anos. No referente á distribución por sexo, denótase unha maior tendencia á desigualdade na comarca, onde as mulleres demandantes superan en 3,25 puntos ás da provincia.

Como reflexo do comentado anteriormente, obsérvase neste gráfico o predominio dos demandantes parados sobre os non parados en todos os grupos de idade. Do mesmo xeito, en ambos os colectivos, o grupo máis importante é o de 26 a 35 anos. Pola contra, o que supón unha menor concentración de demandantes é, tamén en ambos os casos, o de máis de 55 anos.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.

A presenza feminina é predominante tanto nos demandantes parados como nos non parados. Dende outra óptica, e en termos relativos, o colectivo de demandantes parados é maioritario nos dous sexos.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	2.539	30,45	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	2.732	32,77	32,57
Formación profesional	500	6,00	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	1.357	16,27	14,65
Titulados universitarios	1.103	13,23	12,07
Outras titulacións	107	1,28	1,70
TOTAL	8.338	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

A maior parte dos demandantes parados da comarca de Ourense posúen a titulación de ensinanza obrigatoria -32,77%- , seguidos de cerca polos que non acadaron o certificado de escolaridade -30,45%- e a considerable distancia polos que teñen estudos de bacharelato -16,27%-. Na provincia de Ourense repítese esta mesma situación, con diferenzas porcentuais inapreciables.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	1.408	26,79	36,50
Titulación de ensinanza obrigatoria	1.440	27,40	26,81
Formación profesional	356	6,77	6,81
BUP/Bacharelato superior/COU	1.078	20,51	16,18
Titulados universitarios	899	17,10	12,40
Outras titulacións	75	1,43	1,30
TOTAL	5.256	100,00	100,00

Entre os demandantes de emprego non parados, o grupo máis significativo é o dos que obtiveron a titulación de ensinanza obrigatoria -27,4%-. A continuación sitúanse os que teñen o certificado de escolaridade -26,79%- e bacharelato -20,51%-.

No ámbito provincial, as diferenzas máis destacables son o incremento en 9,71 puntos naqueles que acadaron o certificado de escolaridade, así como a redución da presenza de demandantes con estudos de bacharelato ou universitarios.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	5,34	1,01	0,58	6,92
	Mulleres	6,02	2,12	1,88	10,03
26 a 35 anos	Homes	6,91	1,93	1,74	10,58
	Mulleres	8,06	3,27	7,27	18,60
36 a 45 anos	Homes	3,99	1,09	1,68	6,76
	Mulleres	4,45	2,18	7,29	13,92
46 a 55 anos	Homes	2,30	0,95	2,85	6,10
	Mulleres	2,70	1,08	8,71	12,49
56 e máis anos	Homes	1,69	0,80	4,68	7,17
	Mulleres	0,85	0,64	5,94	7,42
TOTAL COMARCA		42,31	15,08	42,61	100,00
TOTAL PROVINCIA		43,54	14,46	42,01	100,00

A maior parte dos demandantes parados da comarca de Ourense levan buscando emprego máis dun ano -42,61%-, seguidos moi de cerca polos que levan buscando menos de seis meses, que supoñen o 42,31% do total.

A distribución dos valores segundo a idade mostra unha tendencia ao paro de curta duración nas idades máis novas, inverténdose esta circunstancia cara ao paro de longa duración nas mulleres de máis de 36 anos e nos homes de máis de 45 anos.

No referente ao sexo, é salientable que a presenza feminina é 1,85 puntos inferior que a masculina no paro de curta duración, mentres que as mulleres superan en 19,56 puntos aos homes no paro de máis dun ano.

Aínda que sen grandes diferenzas entre as porcentaxes acadadas no ámbito provincial, hai que sinalar que neste último tenden a prevalecer os demandantes parados de curta duración sobre os de longa duración.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	119	1,43	2,52	66	1,26	2,52
Sector secundario	1.154	13,84	15,61	521	9,91	13,28
Construcción	964	11,56	14,95	357	6,79	9,90
Sector servicios	4.573	54,85	50,49	3.194	60,77	55,73
Sen actividade previa	1.528	18,33	16,43	1.118	21,27	18,56
TOTAL	8.338	100,00	100,00	5.256	100,00	100,00

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica de procedencia, algo máis da metade dos demandantes parados proveñen do sector servizos, que representa o 54,85% do total. A unha distancia considerable sitúanse os procedentes do sector secundario -13,84%-. No conxunto provincial redúcense en 4,36 puntos aqueles que veñen do sector servizos, mentres que se incrementan lixeiramente os que proveñen do sector secundario e da construción.

No caso dos demandantes non parados, son tamén os máis numerosos os procedentes do sector servizos, que engloba o 60,77% do total, seguidos polos que veñen do sector secundario -9,91%-. En comparación coa provincia de Ourense pódese apreciar nesta última un incremento de 6,48 puntos dos demandantes non parados que proveñen do sector secundario e da construción, así como un descenso dos procedentes do sector servizos.

De forma conxunta, os demandantes de emprego proceden na súa maioría do sector servizos, que aglutina ao 57,13% do total. A unha distancia notable sitúanse os demandantes derivados do sector secundario, que representan o 12,32% da comarca de Ourense.

Dentro da industria é salientable que dúas actividades, a de outras industrias e a de téxtil e confección, conxugan máis da metade dos demandantes parados, en concreto o 58%. Nun segundo plano sitúase a de alimentación, co 16%, e a metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 11% do total.




GRÁFICO 8: Demandantes parados na Industria.

A actividade que destaca pola súa presenza dentro dos servizos é a de comercio, que engloba a cuarta parte da demanda de parados. A continuación colócase a de actividades inmobiliarias e servizos a empresas, co 22%, seguida a considerable distancia pola de hostalería, co 14%.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos Servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	1.523	11,20	8,75
Dependente de comercio, en xeral	1.338	9,84	8,01
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.032	7,59	9,34
Peón da ind. manufactureira, en xeral	515	3,79	4,57
Camareiro, en xeral	409	3,01	2,74
Auxiliar de clínica	391	2,88	1,98
Peón da construción de edificios	240	1,77	3,96
Cociñeiro, en xeral	208	1,53	2,08
Operario máquina industrial coser á plana, ex. pel: calzado	208	1,53	1,96
Mestre de educación primaria, en xeral	185	1,36	1,05

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación de ensinanza obrigatoria	Ata Certificado de Escolaridade
Duración demanda	Máis de 1 ano	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo	Muller-Mozo de limpeza, limpador

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Esgos	13	0,19
Vilamarín	14	0,21
Toén	20	0,29
Taboadela	26	0,38
San Cibrao das Viñas	452	6,65
A Peroxa	13	0,19
Pereiro de Aguiar	95	1,40
Nogueira de Ramuín	39	0,57
Coles	65	0,96
Barbadás	81	1,19
Amoeiro	23	0,34
Ourense	5.961	87,64
TOTAL COMARCA	6.802	100,00

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	11.116
COMARCA/PROVINCIA:	61,19

No ano 2003 na comarca de Ourense recolléronse un total de 6.802 ofertas, que representan o 61,19% das realizadas no conxunto da provincia.

A localidade de Ourense engloba a gran maioría das ofertas, co 87,64% do total. O concello de San Cibrao das Viñas canaliza o 6,65%, mentres que as dez localidades restantes repártense o 5,71% das ofertas desta comarca.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
A Peroxa	23	15	5	15	13	-34,78	-66,67	200,00	-13,33	-13,29
Pereiro de Aguiar	48	145	134	158	95	202,08	-7,59	17,91	-39,87	18,61
Amoeiro	9	16	14	19	23	77,78	-12,50	35,71	21,05	26,44
Ourense	5.312	7.368	6.497	6.085	5.961	38,70	-11,82	-6,34	-2,04	2,92
Nogueira de Ramuín	19	6	36	14	39	-68,42	500,00	-61,11	178,57	19,70
Vilamarín	11	41	20	8	14	272,73	-51,22	-60,00	75,00	6,21
Taboadela	23	23	29	31	26	0,00	26,09	6,90	-16,13	3,11
Barbadás	39	72	93	82	81	84,62	29,17	-11,83	-1,22	20,05
Esgos	6	9	7	11	13	50,00	-22,22	57,14	18,18	21,32
Coles	53	90	52	58	65	69,81	-42,22	11,54	12,07	5,23
San Cibrao das Viñas	383	473	370	330	452	23,50	-21,78	-10,81	36,97	4,23
Toén	8	24	12	26	20	200,00	-50,00	116,67	-23,08	25,74
TOTAL COMARCA	5.934	8.282	7.269	6.837	6.802	39,57	-12,23	-5,94	-0,51	3,47
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116	30,02	-10,06	-6,80	2,25	2,74

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

A evolución das ofertas da comarca no período 1999-2003 vén marcada polo desenvolvemento da localidade de Ourense. Así, o concello de Ourense logra unha variación media do 2,92%, acadada despois de descensos continuos entre os anos 2001 e 2003, e un forte incremento producido no intervalo 1999-2000, cunha variación interanual do 38,70%. No caso de San Cibrao das Viñas tamén se producen reducións nos anos intermedios do período, sendo sobre


todo importante o que se da en 2001, cunha variación interanual negativa do -21,78%. Nos anos restantes prodúcese fortes incrementos neste concello, que acada finalmente unha variación media do 4,23%.

No que respecta ao conxunto da comarca, obsérvase unha tendencia ao incremento nas ofertas, obtendo unha variación media do 3,47%. Tanto na comarca como na provincia, pódese observar un agudo crecemento entre os anos 1999-2000, así como descensos nos anos posteriores, agás no caso da provincia, onde no tramo 2002-2003 as ofertas aumentan lixeiramente.

Debido á concentración da maioría das ofertas na localidade de Ourense, agrúpanse o resto de localidades para comparalas con esta. Maniféstase así a

forte subida que se dá en Ourense no ano 2000, do mesmo xeito que a continuación se reducen paulatinamente o número de ofertas. A mesma situación reproducese nas localidades restantes, coa diferenza de que en Ourense o número absoluto de ofertas aumenta nestes cinco anos e no resto de localidades redúcese.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.




5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TÁBOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Peroxa	1	2,78	1	0,19	2	0,15	9	0,18
Pereiro de Aguiar	1	2,78	31	5,86	15	1,15	48	0,97
Amoeiro	2	5,56	7	1,32	0	0,00	14	0,28
Ourense	26	72,22	405	76,56	1.174	90,03	4.355	88,30
Nogueira de Ramuín	0	0,00	0	0,00	7	0,54	32	0,65
Vilamarín	0	0,00	2	0,38	1	0,08	11	0,22
Taboadela	0	0,00	6	1,13	6	0,46	14	0,28
Barbadás	1	2,78	2	0,38	23	1,76	55	1,12
Esgos	0	0,00	0	0,00	4	0,31	9	0,18
Coles	0	0,00	9	1,70	10	0,77	46	0,93
San Cibrao das Viñas	5	13,89	65	12,29	62	4,75	320	6,49
Toén	0	0,00	1	0,19	0	0,00	19	0,39
TOTAL COMARCA	36	100,00	529	100,00	1.304	100,00	4.932	100,00
TOTAL PROVINCIA	126		1.001		2.224		7.763	

En todos os sectores económicos, a maioría das ofertas enmárcanse no concello de Ourense, seguido tamén en todos os casos polo de San Cibrao das Viñas. É salientable que no sector primario existen seis concellos nos que non se produciu ningunha oferta, e dous deles, o de Esgos e Nogueira de Ramuín, tampouco reciben ningunha oferta do sector secundario.

GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



Sete de cada dez ofertas da comarca de Ourense proceden do sector servizos. Os sectores que lle seguen en orde de importancia son os da construción, co 19% das ofertas, e o secundario, co 8%. Debido ao peso que representa esta comarca no conxunto provincial, esta situación é practicamente idéntica, incluso de forma porcentual, á da provincia.

O 36% das ofertas recollidas dentro da industria están referidas á actividade de téxtil e confección. Nun segundo plano sitúanse as de outras industrias, co 21%, e metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 18% das ofertas.




GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.

Dentro dos servizos, actividades inmobiliarias e servizos a empresas engloban o 21% das ofertas, seguida de cerca pola de comercio, co 17%. No resto de actividades cabe destacar a de hostalería, que representa o 14% das ofertas.




GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	77	70	63	57	36
Secundario	680	838	672	673	529
Construción	1.454	1.561	1.243	1.222	1.304
Servizos	3.721	5.813	5.291	4.884	4.932
Sen actividade	2	0	0	1	1
TOTAL COMARCA	5.934	8.282	7.269	6.837	6.802
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

O sector servizos é o único que presenta unha evolución positiva neste período, debido ao incremento que se produce no número de ofertas no ano 2000, cunha variación interanual do 56,22%. A pesar de que nos dous anos seguintes se reducen as ofertas, este sector consegue unha variación media do 7,30%.

Os sectores restantes tenden ao decrecemento. Neste senso, o sector primario redúcese todos os intervalos anuais, obtendo unha variación media negativa do -17,31%. O sector secundario acada unha variación media do -6,08%, reducíndose considerablemente entre os anos 2000-2001 e 2002-2003, mentres que se incrementa nos anos restantes, sobre todo no 2000, cunha variación interanual do 23,24%. Por último, o sector da construción diminúe nos anos intermedios do período, obtendo unha variación media do -2,69%.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Do total das ofertas producidas na comarca de Ourense no ano 2003, tan só o 31,70% delas especifican o sexo como factor determinante para ocupar un posto de traballo, tendo un papel preponderante as que proceden do sector servizos. No que respecta á distribución por sexos, o 17,17% destas ofertas demandan un home e o 14,52% restante unha muller.





GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.

Facendo unha análise máis pormenorizada dos sectores da actividade económica, nos sectores primario e da construción, case a totalidade destas ofertas van dirixidas aos homes. Algo semellante sucede no sector secundario, onde a demanda masculina supera á feminina, fenómeno dado sobre todo polo alto grao de requirimento de homes nas actividades de fabricación de produtos metálicos, aínda que é de salientar dentro deste sector que as ofertas destinadas a mulleres superan considerablemente ás dos homes na actividade de téxtil e confección.

No sector servizos a situación invértese con respecto aos anteriores, dado que a solicitude de mulleres é superior á dos homes, sobre todo nas actividades de servizos á comunidade, hostalería e outros servizos. Tamén é de destacar que nas actividades de transporte e comunicacións, e nas actividades inmobiliarias e servizos a empresas a demanda masculina é superior á feminina.

O 23,55% das ofertas rexistradas na comarca no ano 2003 teñen como esixencia a posesión dun determinado nivel de estudos, se ben o 10,63% destas só requiren a posesión do certificado de escolaridade. Os niveis máis demandados a continuación son os de titulación de ensinanza obrigatoria, co 4,91%, e universitaria, co 3,59%.

GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.



As actividades que en maior medida solicitan traballadores con baixo nivel de cualificación son as de construción, sanidade e servizos sociais e administracións públicas. En cambio, as actividades nas que se solicitan máis titulados universitarios son as de educación, servizos á comunidade e actividades inmobiliarias e servizos a empresas.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Axente comercial / Vendedor	427	965	621	464	631
Camareiro/Barman	286	399	386	354	344
Empregado do fogar	124	157	208	235	271
Albanel	236	430	222	260	252
Peón de albanel/Peón de obras públicas	102	114	143	196	212
Dependente en xeral	138	229	329	214	205
Perruqueiro	52	136	95	114	126
Telefonista / Operador de <i>telemarketing</i>	1	25	3	42	126
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral	73	116	86	74	115
Almacenista / Mozo de almacén	57	122	75	92	114

Nos centros colaboradores da comarca de Ourense, a ocupación máis ofertada no ano 2003 foi a de axente comercial/vendedor, seguida a considerable distancia polas de camareiro/barman e empregado do fogar.

Todas estas ocupacións teñen unha evolución positiva entre os anos 1999 e 2003, sendo destacable o caso de telefonista/operador de *telemarketing*, que se incrementa considerablemente nestes anos, agás no intervalo 2000-2001, acadando unha variación media do 235,04%. Tamén son destacables os aumentos que se producen no período 1999-2000 nas ocupacións de axente comercial/vendedor, almacenista/mozo de almacén e perruqueiro. Ademais desta última, as ocupacións que máis medran, despois da de telefonista/operador de *telemarketing*, son as de empregado/a do fogar e peón de albanel/peón de obras públicas, todas elas con variacións medias superiores ao 20%.

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da construción de edificios	163	206	88	158	124
Albanel	241	139	133	76	109
Peón da industria manufacturera, en xeral	44	19	43	114	79
Operario máquina industrial de coser e bordar	22	17	4	35	69
Empregado administrativo, en xeral	66	48	76	96	60
Camareiro, en xeral	49	48	78	51	58
Cociñeiro, en xeral	21	24	44	33	38
Dependente tecidos e roupa de vestir	45	35	34	49	38
Técnico de protección civil	38	28	26	26	36
Dependente de comercio, en xeral	16	17	32	32	35

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

A ocupación máis ofertada nas oficinas de emprego da comarca de Ourense foi a de peón da construción de edificios, seguida a continuación pola de albanel e peón da industria manufacturera.

A metade destas ocupacións rexistran un crecemento no número de ofertas neste quinquenio, sendo a de operador de máquina industrial de coser e bordar a que máis se incrementou, acadando así unha variación media do 33,08%. As actividades que seguen a esta en orde de crecemento son as de dependente de comercio, cociñeiro e peón da industria manufacturera, que descenden de forma importante nos anos inicial e final do período, aumentando de forma aguda nos anos intermedios.

Polo que respecta ás ocupacións nas que as ofertas se reducen, destaca sobre todas as demais a de albanel, onde, agás no ano 2003, se evidencia un descenso paulatino no número de ofertas, obtendo unha variación media final do -17,99%.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
A PEROXA	81	0,26
AMOEIRO	146	0,46
BARBADÁS	437	1,39
COLES	361	1,14
ESGOS	96	0,30
NOGUEIRA DE RAMUÍN	166	0,53
OURENSE	25.704	81,52
PEREIRO DE AGUIAR	1.615	5,12
SAN CIBRAO DAS VIÑAS	2.310	7,33
TABOADELA	146	0,46
TOÉN	188	0,60
VILAMARÍN	282	0,89
TOTAL COMARCA	31.532	100,00
TOTAL PROVINCIA	50.587	62,33

O 62,33% das contratacións realizadas na provincia no ano 2003 rexistráronse na comarca de Ourense. Destes contratos, a súa maioría foron xestionados no concello de Ourense, que representa o 81,52% do total, seguido polo de San Cibrao das Viñas, co 7,33%, e polo de Pereiro de Aguiar, co 5,12%. O 6,03% restante queda repartido entre as outras nove localidades.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A PEROXA	274	136	171	146	81	-50,36	25,74	-14,62	-44,52	-26,26
AMOEIRO	140	173	167	165	146	23,57	-3,47	-1,20	-11,52	1,05
BARBADÁS	835	771	514	537	437	-7,66	-33,33	4,47	-18,62	-14,95
COLES	421	372	341	317	361	-11,64	-8,33	-7,04	13,88	-3,77
ESGOS	192	148	147	81	96	-22,92	-0,68	-44,90	18,52	-15,91
NOGUEIRA DE RAMUÍN	155	212	200	176	166	36,77	-5,66	-12,00	-5,68	1,73
OURENSE	22.296	22.954	25.332	26.031	25.704	2,95	10,36	2,76	-1,26	3,62
PEREIRO DE AGUIAR	681	897	975	1.498	1.615	31,72	8,70	53,64	7,81	24,10
SAN CIBRAO DAS VIÑAS	3.571	3.685	2.860	2.743	2.310	3,19	-22,39	-4,09	-15,79	-10,32
TABOADELA	158	167	152	159	146	5,70	-8,98	4,61	-8,18	-1,96
TOÉN	211	220	268	172	188	4,27	21,82	-35,82	9,30	-2,84
VILAMARÍN	203	260	443	299	282	28,08	70,38	-32,51	-5,69	8,56
TOTAL COMARCA	29.137	29.995	31.570	32.324	31.532	2,94	5,25	2,39	-2,45	1,99
TOTAL PROVINCIA	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

O desenvolvemento da contratación na comarca no período 1999-2003 reflicte unha evolución positiva, posto que acadou unha variación media do 1,99%, aínda que os contratos se reducen entre os anos 2002 e 2003. Isto mesmo sucede na provincia, onde a evolución é lixeiramente inferior, cunha variación media do 1,05%.

Analizando máis polo miúdo o comportamento dos concellos nestes cinco anos, obsérvase que no concello de Ourense a situación é semellante á do conxunto da comarca, cunha evolución positiva ano a ano, excepto no 2003, acadando finalmente unha variación media do 3,62%. Na localidade de Pereiro de Aguiar é salientable o importante crecemento que se manifesta, posto que os contratos incrementáronse en máis do dobre entre 1999 e 2003. É tamén de destacar o descenso que se produce en San Cibrao das Viñas, onde se reducen as contratacións a partir do ano 2001, obtendo unha variación media negativa do -10,32%.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	6.433	5.165	11.598	20,40	16,38	36,78
De 26 a 35 anos	5.393	5.315	10.708	17,10	16,86	33,96
De 36 a 45 anos	2.892	2.694	5.586	9,17	8,54	17,72
De 46 a 55 anos	1.606	1.194	2.800	5,09	3,79	8,88
De 56 e máis anos	626	214	840	1,99	0,68	2,66
TOTAL COMARCA	16.950	14.582	31.532	53,75	46,25	100,00
TOTAL PROVINCIAL	28.784	21.803	50.587	56,90	43,10	100,00

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

A maioría dos contratos xestionados na comarca de Ourense en 2003 foron asinados por homes, en concreto o 53,75%. Esta circunstancia reproducése no conxunto provincial, dunha forma levemente máis aguda, posto que as contratacións masculinas supoñen 3,15 puntos máis que na comarca.


Tanto a contratación masculina como a feminina concéntranse nos segmentos de idade máis novos, con tendencia ao retroceso conforme a idade aumenta. Deste xeito, o 36,78% dos contratos realizáronse entre os menores de 26 anos, mentres que o 33,96% foron realizados naqueles que teñen entre 26 e 35 anos.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	18.003	18.035	17.913	17.781	16.950	0,18	-0,68	-0,74	-4,67	-1,50
Mulleres	11.134	11.960	13.657	14.543	14.582	7,42	14,19	6,49	0,27	6,98
TOTAL CONTRATOS	29.137	29.995	31.570	32.324	31.532	2,94	5,25	2,39	-2,45	1,99

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

A evolución da contratación segundo o sexo presenta diferenzas significativas neste período. Así, na contratación masculina prodúcese un retroceso nestes cinco anos, con reducións a partir do ano 2001, e unha variación media negativa do -1,50%. Pola contra, no caso feminino os contratos medran de forma constante ano a ano, sobre todo entre o 1999 e o 2002, acadando unha variación media positiva do 6,98%.

GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.



Tal e como se pode observar no gráfico anterior, o peso porcentual da contratación masculina redúcese paulatinamente entre 1999 e 2003, mentres que na contratación feminina sucede o fenómeno contrario. Isto evidénciase na diferenza porcentual que existe no ano 2003, de 7,5 puntos a favor dos homes, cando no ano 1999 esta diferenza era de 23,58 puntos.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	10.449	10.835	11.469	11.452	11.598	3,69	5,85	-0,15	1,27	2,64
De 26 a 35 anos	9.880	10.436	10.832	11.640	10.708	5,63	3,79	7,46	-8,01	2,03
De 36 a 45 anos	5.009	5.070	5.535	5.584	5.586	1,22	9,17	0,89	0,04	2,76
De 46 a 55 anos	2.911	2.786	2.846	2.741	2.800	-4,29	2,15	-3,69	2,15	-0,97
De 56 e máis anos	888	868	888	907	840	-2,25	2,30	2,14	-7,39	-1,38
TOTAL CONTRATOS	29.137	29.995	31.570	32.324	31.532	2,94	5,25	2,39	-2,45	1,99

Tendo en conta a idade, a evolución da contratación comarcal vén caracterizada por unha redución nos grupos de idade máis avanzada, mentres que se incrementa nos intervalos máis novos.

Nos menores de 45 anos prodúcese un incremento semellante, con variacións medias próximas entre si. As pequenas diferenzas que se producen son derivadas dos decrecementos que se dan nos menores de 26 anos no intervalo temporal 2001-2002 e nos de 26 a 35 anos no que vai de 2002 a 2003.

No que atinxe aos maiores de 46 anos, a diminución é tamén semellante, cunha variación media do -0,97% entre os de 46 a 55 anos e do -1,38% nos maiores desta idade. No primeiro caso, o decrecemento nos contratos prodúcese nos intervalos 1999-2000 e 2001-2002, mentres que entre os segundos esta redución dáse nos tramos inicial e final do período.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	685	2,17
Agricultura e pesca	685	2,17
SECTOR SECUNDARIO	3.650	11,58
Industria	3.635	11,53
Electricidade	15	0,05
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.362	13,83
Construción	4.362	13,83
SECTOR SERVIZOS	22.835	72,42
Comercio e hostalería	7.540	23,91
Transporte e comunicacións	739	2,34
Outros servizos	14.556	46,16
TOTAL CONTRATOS	31.532	100,00

O sector servizos presenta no ano 2003 o maior volume contractual da comarca de Ourense, rexistrando sete de cada dez contratos. A continuación sitúanse o sector da construción, co 13,83%, e o secundario, co 11,58%.

No que respecta aos subsectores, é importante sinalar que case a metade das contratacións prodúcese no de outros servizos, que engloba o 46,16%, seguido en orde de importancia polo de comercio e hostalería, co 23,91%.

Dentro das contratacións realizadas na industria, a actividade máis significativa é a de téxtil e confección, co 34% do total, seguida a considerable distancia pola de outras industrias, co 22%, e metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 14%.

Dentro dos servizos, a actividade cunha maior representatividade é a de actividades inmobiliarias e servizos a empresas, co 37% dos contratos deste sector. Nun segundo nivel colócase o comercio, que representa o 19%, e a hostalería, co 12%.




GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.




GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos Servizos.

	SEXO		Menos de 26 anos	IDADE			
	Homes	Mulleres		De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	1,71	0,46	0,51	0,55	0,54	0,40	0,17
Agricultura e pesca	1,71	0,46	0,51	0,55	0,54	0,40	0,17
SECTOR SECUNDARIO	6,33	5,25	4,22	4,19	2,10	0,83	0,23
Industria	6,30	5,23	4,22	4,16	2,09	0,83	0,23
Electricidade	0,03	0,02	0,01	0,03	0,01	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	13,02	0,81	3,74	3,80	3,23	2,24	0,82
Construción	13,02	0,81	3,74	3,80	3,23	2,24	0,82
SECTOR SERVIZOS	32,69	39,73	28,31	25,42	11,85	5,40	1,43
Comercio e hostalería	9,81	14,11	10,07	8,50	3,59	1,37	0,38
Transporte e comunicacións	2,00	0,34	0,55	0,89	0,56	0,24	0,09
Outros servizos	20,88	25,28	17,69	16,03	7,70	3,78	0,96
TOTAL CONTRATOS	53,75	46,25	36,78	33,96	17,72	8,88	2,66

Tanto no colectivo masculino como no feminino, a maior parte dos contratos están concentrados no sector servizos, seguido polo da construción no caso dos homes e polo secundario no das mulleres. Neste último grupo é salientable que case a totalidade dos contratos que representa están agrupados no sector servizos, en concreto o 39,73%.

No referente aos subsectores, os contratos masculinos realízanse sobre todo nos de outros servizos e construción, mentres que os femininos se rexistran de forma maioritaria nos de outros servizos e comercio e hostalería.

En función da distribución por idade, o sector servizos é o que representa o maior volume contractual en todos os grupos, seguido polo secundario nos menores de 36 anos, e polo da construción nos maiores de 35 anos. No que atinxe aos subsectores, o de outros servizos é o predominante en todas as idades; o segundo en orde de importancia é o de comercio e hostalería nos menores de 46 anos, e o de construción nos maiores de 45.

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.


	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	1.087	972	795	653	685	-10,58	-18,21	-17,86	4,90	-10,90
Agricultura e pesca	1.087	972	795	653	685	-10,58	-18,21	-17,86	4,90	-10,90
SECTOR SECUNDARIO	4.732	5.478	4.804	4.475	3.650	15,77	-12,30	-6,85	-18,44	-6,28
Industria	4.703	5.462	4.783	4.451	3.635	16,14	-12,43	-6,94	-18,33	-6,24
Electricidade	29	16	21	24	15	-44,83	31,25	14,29	-37,50	-15,19
S. CONSTRUCCIÓN	4.312	4.507	4.464	4.363	4.362	4,52	-0,95	-2,26	-0,02	0,29
Construción	4.312	4.507	4.464	4.363	4.362	4,52	-0,95	-2,26	-0,02	0,29
SECTOR SERVICIOS	19.006	19.038	21.507	22.730	22.835	0,17	12,97	5,69	0,46	4,70
Comercio e hostalería	6.207	6.244	6.762	7.663	7.540	0,60	8,30	13,32	-1,61	4,98
Transporte e comunicacións	856	764	783	791	739	-10,75	2,49	1,02	-6,57	-3,61
Outros servizos	11.943	12.030	13.962	14.276	14.556	0,73	16,06	2,25	1,96	5,07
TOTAL CONTRATOS	29.137	29.995	31.570	32.324	31.532	2,94	5,25	2,39	-2,45	1,99

No conxunto do período, maniféstase unha evolución dispar para os diferentes sectores económicos. Deste xeito, no sector primario e secundario redúcense as contratacións, producíndose en ambos descenso en tres dos catro intervalos anuais, entre 1999 e 2002 no sector primario e entre 2000 e 2003 no secundario. Finalmente acadan variacións medias negativas do -10,90% o primeiro e do -6,28% o segundo.

No sector da construción increméntanse levemente o número absoluto de contratos nestes cinco anos, a pesar de que se reducen a partir do ano 2001. No sector servizos o aumento é levemente maior, cunha variación media do 4,70%, e unha tendencia positiva ao longo do período, sendo resaltable a variación interanual que se dá nos anos 2000-2001, 12,97%. Dentro deste sector, o subsector de transporte e comunicacións amosa un comportamento diferente aos demais, posto que se reduce o número de contratos realizados ao longo do período.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



Segundo a tipoloxía de contratación, a comarca de Ourense caracterízase pola súa temporalidade, posto que o 70% dos contratos xestionados no 2003 son temporais a tempo completo. Se a isto lle engadimos os contratos temporais a tempo parcial, obtemos un 90% de contratación temporal, fronte ao 5% de contratación indefinida, sexa a tempo completo ou parcial.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	2,10	2,13	0,85	1,67	0,79	0,64	0,27
Indefinido tempo parcial	0,35	0,81	0,36	0,44	0,22	0,12	0,02
Temporal	41,17	28,33	23,32	24,69	13,12	6,49	1,88
Temporal tempo parcial	6,74	13,24	8,55	6,52	3,25	1,34	0,33
Prácticas/Formación	2,66	1,62	3,55	0,43	0,13	0,08	0,10
Outros	0,74	0,11	0,16	0,21	0,20	0,22	0,06
TOTAL CONTRATOS	53,75	46,25	36,78	33,96	17,72	8,88	2,66

A temporalidade perfíase tamén como predominante en ambos os sexos, repartíndose o 47,91% dos contratos temporais entre os homes e o 41,57% entre as mulleres. É destacable neste sentido que a contratación temporal a tempo parcial rexístrase na súa maioría no colectivo feminino, que engloba o 13,24% do 20% total.

Na distribución por idade, segue sendo a contratación temporal a tempo completo a que conta con maior peso relativo en todos os tramos, acadando o volume máis elevado no grupo de 26 a 35 anos, seguido moi de cerca polos menores de 26 anos. No que respecta á contratación temporal a tempo parcial, hai que destacar que o 15,07% concéntrase entre os menores de 36 anos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr. Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,05	0,81	0,00	0,81	0,45	1,61	0,18	1,13	2,92
Indefinido tempo parcial	0,00	0,08	0,00	0,08	0,03	0,48	0,05	0,53	1,06
Temporal	1,85	9,29	0,03	9,32	12,11	14,11	1,73	30,38	46,21
Temporal tempo parcial	0,10	0,64	0,01	0,65	0,42	6,24	0,36	12,19	18,80
Prácticas/Formación	0,17	0,71	0,00	0,71	0,81	1,45	0,02	1,12	2,59
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,01	0,02	0,00	0,82	0,83
TOTAL CONTRATOS	2,17	11,53	0,05	11,58	13,83	23,91	2,34	46,16	72,42

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

O sector produtivo onde se observa unha maior temporalidade é o de servizos, incluíndose nel o 46,21% dos contratos temporais a tempo completo e a case totalidade dos temporais a tempo parcial. A unha notable distancia en canto a volume de contratación temporal atópase o sector da construción.

Facendo unha análise máis pormenorizada dos subsectores, os de comercio e hostalería e outros servizos agrupan o 18,43% dos contratos temporais a tempo parcial, así como o 44,49% dos temporais a tempo completo.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	2.929	2.696	3.044	2.900	1.334	-7,95	12,91	-4,73	-54,00	-17,85
Indefinido tempo parcial	379	386	305	663	365	1,85	-20,98	117,38	-44,95	-0,94
Temporal	18.401	19.474	20.882	20.843	21.915	5,83	7,23	-0,19	5,14	4,47
Temporal tempo parcial	5.567	5.644	5.744	6.382	6.300	1,38	1,77	11,11	-1,28	3,14
Prácticas/Formación	1.277	1.178	1.208	1.247	1.351	-7,75	2,55	3,23	8,34	1,42
Outros	584	617	387	289	267	5,65	-37,28	-25,32	-7,61	-17,77
TOTAL CONTRATOS	29.137	29.995	31.570	32.324	31.532	2,94	5,25	2,39	-2,45	1,99

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

No período 1999-2003 a maior redución das contratacións prodúcese entre os contratos indefinidos a tempo completo, obtendo unha variación media negativa de -17,85%. Ademais, coa excepción do intervalo 2000-2001, descende ao longo de todos os anos, sendo especialmente alto o decrecemento producido no último tramo do período.

Pola contra, as fórmulas de contratación temporal experimentan un crecemento sostido ao longo do quinquenio, se ben rexistran algún pequeno descenso nalgún dos intervalos anuais comprendidos neste período. No que respecta aos contratos en prácticas, tenden a experimentar un leve crecemento, que é algo máis agudo no último ano.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	92	0,29
HOMES	53	0,17
MULLERES	39	0,12
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	2.014	6,39
HOMES	906	2,87
MULLERES	1.108	3,51
3. Técnicos e profesionais de apoio	1.661	5,27
HOMES	859	2,72
MULLERES	802	2,54
4. Empregados de tipo administrativo	3.045	9,66
HOMES	843	2,67
MULLERES	2.202	6,98
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	7.472	23,70
HOMES	2.188	6,94
MULLERES	5.284	16,76
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	441	1,40
HOMES	309	0,98
MULLERES	132	0,42
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	3.704	11,75
HOMES	3.485	11,05
MULLERES	219	0,69
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	2.884	9,15
HOMES	2.032	6,44
MULLERES	852	2,70
9. Traballadores non cualificados	10.219	32,41
HOMES	6.275	19,90
MULLERES	3.944	12,51
TOTAL CONTRATOS	31.532	100,00
TOTAL HOMES	16.950	53,75
TOTAL MULLERES	14.582	46,25

Segundo os nove grandes grupos de ocupación, e de acordo co exposto na táboa anterior, é preciso sinalar a concentración do 67,86% dos contratos nos seguintes tres:

- Traballadores non cualificados, co 32,41% do total de contratos.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 23,70%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, 11,75%.

Dende outra óptica, atendendo á distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados -19,90%-. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -11,05%-. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -6,94%-. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -6,44%-.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -16,76%-. • Traballadoras non cualificadas -12,51%-. • Empregadas de tipo administrativo -6,98%-. • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais -3,51%-.

Dada a forte presenza masculina na contratación nesta comarca, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. As mulleres superan aos homes en 9,82 puntos.
- Empregadas de tipo administrativo. A contratación feminina é 4,31 puntos superior á masculina.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais. Os contratos das mulleres representan 0,64 puntos máis que os dos homes.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, cunha variación media anual de -5,89%.
- Empregados de tipo administrativo, -0,34%.

Pola contra, os grupos que destacan sobre os demais na comarca de Ourense polo seu crecemento son os de:

- Dirección de empresas e administracións públicas, que obtén unha variación media anual de 9,50%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 8,03%.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, no caso dos homes, dándose valores relativos moi modestos da súa evolución e sen grandes oscilacións, polo que non existe ningún grupo de ocupación na que sexa salientable nin o crecemento nin o decrecemento do número de contratos. Onde si se pode observar esta circunstancia é no ámbito feminino, onde destaca o incremento das contratacións nos seguintes grupos de ocupacións:

- Dirección de empresas e administracións públicas, variación media anual de 21,32%.
- Técnicos e profesionais de apoio, 15,03%.
- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca, 13,69%.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 10,05%.

É preciso, por último, sinalar o decrecemento que se rexistra na contratación feminina nas actividades de artesáns/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, cunha variación media negativa de -8,02%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas.

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	2.932	9,30	2.015	11,89	917	6,29	68,72
50200018	Camareiro, en xeral	2.133	6,76	1.121	6,61	1.012	6,94	52,56
42100010	Empregado administrativo, en xeral	1.651	5,24	463	2,73	1.188	8,15	28,04
96020014	Peón da construción de edificios	1.387	4,40	1.359	8,02	28	0,19	97,98
53300010	Dependente de comercio, en xeral	1.329	4,21	201	1,19	1.128	7,74	15,12
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.139	3,61	134	0,79	1.005	6,89	11,76
71100016	Albanel	1.038	3,29	1.020	6,02	18	0,12	98,27
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	758	2,40	673	3,97	85	0,58	88,79
53300113	Dependente tecidos e roupa de vestir	747	2,37	91	0,54	656	4,50	12,18
91210027	Limpador/a de portais e escaleiras	695	2,20	91	0,54	604	4,14	13,09
TOTAL		13.809	43,79	7.168	42,29	6.641	45,54	51,91

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

O 43,79% dos contratos realizados na comarca de Ourense no ano 2003 producíronse entre as dez ocupacións que se refliten na táboa anterior.

Os homes tenden a ser contratados en maior medida como peón da industria manufactureira e peón da construción de edificios, mentres que nas mulleres as ocupacións máis contratadas son as de empregada administrativa e dependente de comercio.

Tende a predominar moi levemente a contratación de homes nas dez ocupacións máis contratadas ao acadarse unha ratio de masculinidade do 51,91%, destacando o maior volume de contratación masculina nas actividades de albanel, peón da construción de edificios e mozo carga/descarga. Do mesmo xeito, existen catro ocupacións con carácter fortemente feminino, que son as de muller/mozo de limpeza, dependente tecidos e roupa de vestir, limpadora de portas e escaleiras e dependente de comercio.

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	882	1.736	2.230	2.545	2.932
50200018	Camareiro, en xeral	1.720	1.430	1.534	2.090	2.133
42100010	Empregado administrativo, en xeral	1.628	2.192	2.170	1.950	1.651
96020014	Peón da construción de edificios	1.686	1.480	1.511	1.241	1.387
53300010	Dependente de comercio, en xeral	725	1.080	1.134	1.251	1.329
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.082	1.574	1.155	1.174	1.139
71100016	Albanel	1.240	1.034	1.012	1.024	1.038
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	810	880	1.066	858	758
53300113	Dependente tecidos e roupa de vestir	307	374	579	788	747
91210027	Limpador/a de portais e escaleiras	437	41	554	695	695
86300016	CONDUTOR DE CAMIÓN, EN XERAL	726	547	816	674	671
50100017	COCIÑEIRO, EN XERAL	382	460	619	765	662
46010025	CAIXEIRO DE COMERCIO	864	452	546	656	577
94400012	PEÓN FORESTAL	764	651	620	257	313
97000084	PEÓN DA IND. METÁL. E FÁB. PROD. METÁL.	1.410	729	758	630	286

Polo que respecta á evolución da lista das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003, maniféstanse certas oscilacións na súa composición, posto que sete delas aparecen e desaparecen dela ao longo do período. As de caixeiro de comercio, condutor de camión, cociñeiro e limpador/a de portais e

escaleiras só aparecen nunha ocasión, no ano 1999 a primeira, no 2001 a segunda, no 2002 a terceira e no 2003 a cuarta. Das restantes, a de dependente tecidos e roupa de vestir colócase na lista a partir do ano 2002, a de peón forestal só se inclúe entre o 1999 e o 2000, e a de peón da industria metálica e fabricación de produtos metálicos desaparece a partir do ano 2002.

No tocante á evolución destas ocupacións nestes cinco anos, é salientable a progresión positiva que se dá na de peón da industria manufactureira, onde os contratos se triplican. Algo semellante sucede na de dependente tecidos e roupa de vestir, cunha variación media do 24,90%. A maior oscilación no período prodúcese entre os anos 2000 e 2001 na ocupación de limpador/a de portais e escaleiras.

Finalmente, as ocupacións de peón forestal e peón da industria metálica e fabricación de produtos metálicos son as que sofren os maiores descensos no número de contratacións, con variacións medias negativas do -20% para o primeiro dos casos e do 32,89% para o segundo.



Comarca de Terra de Caldelas



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

As tres cuartas partes das empresas de Terra de Caldelas concéntranse dentro do sector servizos. A considerable distancia está o sector secundario, co 12,16%, e o da construción, co 10,81%. No que respecta aos subsectores, é destacable que os de comercio e hostalería e outros servizos engloban de forma conxunta o 68,92% das empresas da comarca.

Os traballadores sitúanse na súa maioría no sector primario, que representa ao 53,46% deles. A continuación está o sector servizos, co 39,14%, e os da construción e secundario, co 3,82% e 3,58% dos traballadores, respectivamente. En canto aos subsectores, o de agricultura e pesca é o maioritario, co 53,46%, seguido do de outros servizos, que representa o 28,40%.

En relación cos autónomos, a maior parte deles reúnen dentro do sector servizos, que inclúe o 59,89% do total. Séguelle en orde de importancia o sector da construción, co 21,43%, e o secundario, co 10,44%. Facendo unha análise máis pormenorizada dos subsectores, obsérvase que os máis representativos son os de comercio e hostalería, co 48,35% dos autónomos, e o de construción, co 21,43%.

5.1.2. Evolución anual

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	13	13	17	14	1
Agricultura e pesca	13	13	17	14	1
SECTOR SECUNDARIO	13	12	11	10	9
Industria	11	10	9	8	7
Electricidade	2	2	2	2	2
SECTOR CONSTRUCCIÓN	12	10	11	11	8
Construción	12	10	11	11	8
SECTOR SERVICIOS	48	52	54	52	56
Comercio e hostalería	24	26	21	23	25
Transporte e comunicacións	2	3	2	4	5
Outros servizos	22	23	31	25	26
TOTAL	86	87	93	87	74

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

No período comprendido entre os anos 1999 e 2003, o sector servizos é o único que incrementa o número de empresas, acadando unha variación media de 3,93%, cunha evolución positiva ao longo de todo o período, agás entre os anos 2001 e 2002, onde se aprecia un leve descenso. Dentro deste sector é salientable porcentualmente o incremento do subsector de transporte e comunicacións, así como as reducións no subsector de comercio e hostalería entre os anos 2000 e 2001 e no de outros servizos entre o 2001 e 2002.


Pola contra, o sector primario é o que sofre unha maior redución no número de empresas. Deste xeito, obtén unha variación media negativa de -47,34%, o que supón en números absolutos que no ano 2003 só existe rexistrada unha empresa dentro deste sector. No referente á evolución temporal, acada un incremento no ano 2001, que se traduce nunha brusca redución nos anos posteriores, sobre todo no ano 2003, cunha variación interanual negativa de -92,86%.

Nos sectores secundario e da construción tamén diminúen as empresas, con variacións medias negativas do -8,78% e -9,64%, respectivamente. A progresión nestes cinco anos é diferente en cada un deles, posto que mentres que no primeiro se dá un decrecemento paulatino en todos os intervalos tempo-

rais, no segundo as empresas só se reducen nos anos inicial e final do período.

Finalmente, a situación dos diferentes sectores presenta un descenso global do número de empresas na comarca, que decrecen a partir do ano 2001, obtendo unha variación media negativa de -3,69%.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	215	220	238	228	224
Agricultura e pesca	215	220	238	228	224
SECTOR SECUNDARIO	23	23	21	17	15
Industria	20	20	18	14	12
Electricidade	3	3	3	3	3
SECTOR CONSTRUCCIÓN	30	21	29	24	16
Construción	30	21	29	24	16
SECTOR SERVICIOS	109	113	149	138	164
Comercio e hostalería	32	35	31	34	35
Transporte e comunicacións	7	10	6	9	10
Outros servizos	70	68	112	95	119
TOTAL	377	377	437	407	419

Nos sectores secundario e da construción, o número de traballadores sofre unha diminución entre os anos 1999 e 2003. No sector da construción é onde se produce un maior descenso, cunha variación media do -14,54%, e decrecementos xeneralizados en todos os anos, excepto en 2001. No sector secundario a redución é lixeiramente inferior, cunha variación media de -10,13%, amosando unha tendencia á baixa a partir do ano 2000.

No sector primario, a pesar das reducións nos dous anos finais do período, dáse un pequeno aumento dos traballadores, cunha variación media do 1,03%. Un incremento maior prodúcese no sector servizos, sector maioritario, que obtén unha variación media de 10,75%, así como unha subida progresiva nestes cinco anos, exceptuando o intervalo 2001-2002. É de destacar dentro deste sector a variación interanual que se rexistra nos anos 2000-2001, do 31,86%. O subsector que amosa un maior ascenso é o de outros servizos, cunha variación media de 14,19%.

De forma conxunta, no número de traballadores da comarca de Terra de Caldelas dáse un desenvolvemento positivo; obsérvase só unha variación interanual negativa entre o 2001 e o 2002, presentando unha variación media final do 2,68%.




GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	10	9	11	11	15
Agricultura e pesca	10	9	11	11	15
SECTOR SECUNDARIO	9	14	15	19	19
Industria	9	14	15	19	19
Electricidade	0	0	0	0	0
SECTOR CONSTRUCCIÓN	26	40	43	45	39
Construción	26	40	43	45	39
SECTOR SERVICIOS	76	81	99	105	109
Comercio e hostalería	57	60	76	84	88
Transporte e comunicacións	10	12	14	12	12
Outros servizos	9	9	9	9	9
TOTAL	121	144	168	180	182

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

Globalmente, o número de traballadores autónomos incrementouse neste quinquenio na comarca, cunha evolución positiva en todos os intervalos temporais e unha variación media final de 10,74%.

O sector onde se produce o maior crecemento en números absolutos é o de servizos, que obtén unha variación media do 9,43%. No sector da construción a variación media é do 10,67%, resaltando a variación interanual rexistrada entre o 1999 e o 2000, do 53,84%, así como o descenso no último ano do período, de -13,33%.

Nos sectores primario e secundario as variacións medias son do 10,67% e de 20,54% respectivamente. Na evolución destes sectores é salientable sobre todo a variación interanual negativa do primeiro no intervalo 1999-2000, así como a positiva do segundo no mesmo intervalo, 53,84%.




GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.


	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Teixeira	21	7	28
Castro Caldelas	67	37	104
Montederramo	40	19	59
Parada de Sil	25	10	35
TOTAL	153	73	226

% comarca/provincia - PARADOS 0,83

% comarca/provincia - NON PARADOS 0,70

O concello de Castro Caldelas agrupa a maior parte dos demandantes da comarca, co 46,02% do total. A considerable distancia é seguido polo concello de Montederramo, que engloba o 26,11% da demanda laboral. Parada de Sil agrupa o 15,49% e finalmente está o de Teixeira, que inclúe o 12,38%.

GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.



As 226 demandas recibidas no ano 2003 distribúense de forma maioritaria entre os parados, que superan aos non parados en todas as localidades, e representan o 67,70% dos demandantes comarcais.

En relación coa provincia de Ourense, a comarca amosa un peso relativo lixeiramente inferior nos demandantes parados que nos non parados, que supoñen o 0,83% e 0,70% respectivamente da demanda provincial.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	188	189	141	165	153
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	0,53	-25,40	17,02	-7,27
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	1,05	1,07	0,84	0,91	0,83

Para o conxunto dos demandantes parados de Terra de Caldelas, maniféstase unha tendencia ao decrecemento, que se dá sobre todo a partir do ano 2000, aínda que cunha leve recuperación no 2002, volvendo a baixar no 2003.

Como resultado do comentado anteriormente, o peso específico da comarca con respecto á provincia redúcese no 2003, sobre todo tendo en conta o valor acadado en 1999.




GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	24	10,62	10,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	129	57,08	53,19
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	15	6,64	5,15
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	36	15,93	15,38
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	4	1,77	4,76
	En expediente de regulación de emprego	2	0,88	0,40
	Demandantes de mellora de emprego	8	3,54	7,08
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	7	3,10	3,03
	Resto de demandantes	1	0,44	0,42
TOTAL		226	100,00	100,00

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

Máis da metade dos demandantes de emprego son parados con emprego anterior. A este colectivo séguelle en orde de importancia o dos non parados con emprego anterior, co 15,93%, e o dos parados sen emprego anterior, co 10,62%.

Esta situación é semellante á da provincia de Ourense, onde se manteñen os parados con emprego anterior como o grupo máis significativo, aínda que cun peso 3,89 puntos inferior á comarca.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	13	20	8,50	13,07	21,57	15,17
26 a 35 anos	22	15	14,38	9,80	24,18	25,82
36 a 45 anos	25	13	16,34	8,50	24,84	21,11
46 a 55 anos	15	4	9,80	2,61	12,42	20,00
56 e máis anos	22	4	14,38	2,61	16,99	17,90
TOTAL COMARCA	97	56	63,40	36,60	100,00	0,83
TOTAL PROVINCIA	7.856	10.584	42,60	57,40	0,83	100,00

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

A maioría dos demandantes parados da comarca son homes, posto que representan o 63,40% do total. Do mesmo xeito, e tendo en conta a idade, é salientable que a maioría se concentran no intervalo de 26 a 45 anos, que obtén unha proporción de 49,02%.

En todos os grupos de idade, a presenza porcentual dos homes é superior á das mulleres, agás no dos menores de 26 anos, onde as mulleres superan aos homes en 4,57 puntos porcentuais.

Nos homes, os grupos máis representativos son o de 36 a 45 anos -16,34%-, e os de 26 a 35 e máis de 55, ambos co 14,38% dos demandantes. No caso das mulleres, os demandantes concéntranse na súa maior parte nos grupos máis novos, de menos de 36 anos, que concentra o 22,87%.

Comparando a distribución da comarca coa provincia, vese como reflíte resultados desiguais en canto á distribución por sexo, posto que na provincia a demanda está formada maioritariamente por mulleres -57,40%-. No referente á distribución por idade, as diferenzas máis significativas son a redución na provincia de 6,4 puntos nos menores de 26 anos, e de 3,73 nos de 36 a 45 anos, así como o incremento en 7,58 puntos nos de 46 a 55 anos.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	9	11	12,33	15,07	27,40	20,44
26 a 35 anos	10	7	13,70	9,59	23,29	25,77
36 a 45 anos	7	6	9,59	8,22	17,81	20,01
46 a 55 anos	8	7	10,96	9,59	20,55	16,76
56 e máis anos	4	4	5,48	5,48	10,96	17,03
TOTAL COMARCA	38	35	52,05	47,95	100,00	0,70
TOTAL PROVINCIA	3.865	6.607	36,91	63,09	0,70	100,00

No caso dos demandantes non parados, a maioría son homes, supoñendo o 52,05% do total. No que respecta á idade, hai que salientar que o 50,69% de todos os demandantes non parados teñen menos de 36 anos.

En todos os intervalos de idade, os homes superan ás mulleres, excepto no de menores de 26 anos, onde o peso feminino é 2,74 puntos superior ao masculino, e no de máis de 55 anos, onde se igualan as proporcións. No caso dos homes, a maior porcentaxe de demandantes concéntrase nos dous primeiros tramos de idade, ata os 36 anos, onde se agrupa o 26,03%.

En relación coa provincia de Ourense, é importante destacar que a porcentaxe de homes demandantes é 15,14 puntos inferior a da comarca. No que respecta á idade, os datos reflíten diferenzas significativas na súa distribución, sinalando como as máis acusadas a superioridade de 6,96 puntos da comarca con respecto á provincia nos menores de 26 anos, así como os 6,07 puntos a prol da provincia nos maiores de 55 anos.

Evidénciase neste gráfico o predomínio dos demandantes parados sobre os non parados en todos os grupos de idade. Do mesmo xeito, no colectivo dos parados o grupo máis significativo é o de 36 a 45 anos, mentres que nos non parados esta posición é ocupada polos menores de 26 anos. Onde se poden apreciar unhas diferenzas máis curtas entre tipos de demandantes é no tramo de 46 a 55 anos, no cal o colectivo de parados rexistra ao mesmo tempo a porcentaxe máis baixa; no caso dos non parados prodúcese no intervalo de idade inmediatamente posterior.

Segundo a distribución por sexo, ponse de manifesto que a presenza masculina é superior tanto nos parados coma nos non parados. Por outra banda, o colectivo de parados é predominante en ambos os dous sexos.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	64	41,83	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	58	37,91	32,57
Formación profesional	8	5,23	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	14	9,15	14,65
Titulados universitarios	6	3,92	12,07
Outras titulacións	3	1,96	1,70
TOTAL	153	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

A maior parte dos demandantes non parados da comarca non chegan a ter o título de ensinanza obrigatoria -41,83%-, seguidos de cerca polos que posúen esa titulación -37,91%- e a considerable distancia polos que acadaron o bacharelato -9,15%-.

No ámbito provincial redúcense considerablemente os do nivel académico inferior, así como nunha menor medida os que posúen a titulación de ensinanza obrigatoria. Pola contra, incrementáanse porcentualmente aqueles que teñen bacharelato, e dunha forma máis considerable os titulados universitarios.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	22	30,14	36,50
Titulación de ensinanza obrigatoria	19	26,03	26,81
Formación profesional	9	12,33	6,81
BUP/Bacharelato superior/COU	13	17,81	16,18
Titulados universitarios	9	12,33	12,40
Outras titulacións	1	1,37	1,30
TOTAL	73	100,00	100,00

Entre os demandantes non parados, o colectivo máis numeroso é do persoas sen o nivel de estudos obrigatorios, co 30,14%. A continuación sitúanse os que posúen estudos obrigatorios -26,03%- e os que teñen o bacharelato, 17,81%.

En relación co conxunto da provincia, repítese a mesma orde de importancia das distintas titulacións, aínda que se dan considerables diferenzas porcentuais entre os que acadaron o certificado de escolaridade, que representan 6,36 puntos menos na comarca, así como nos que teñen estudos de formación profesional, onde a porcentaxe comarcal supera á provincial nun 5,52%.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	7,19	1,31	0,00	8,50
	Mulleres	9,15	1,96	1,96	13,07
26 a 35 anos	Homes	10,46	2,61	1,31	14,38
	Mulleres	5,23	1,96	2,61	9,80
36 a 45 anos	Homes	10,46	2,61	3,27	16,34
	Mulleres	3,27	0,65	4,58	8,50
46 a 55 anos	Homes	7,19	2,61	0,00	9,80
	Mulleres	1,31	1,31	0,00	2,61
56 e máis anos	Homes	3,92	0,65	9,80	14,38
	Mulleres	0,65	1,96	0,00	2,61
TOTAL COMARCA		58,82	17,65	23,53	100,00
TOTAL PROVINCIA		43,54	14,46	42,01	100,00

Máis da metade dos demandantes parados da comarca de Terra de Caldelas levan na procura de emprego menos de 6 meses -58,82%-, seguidos daqueles que levan en situación de desemprego máis dun ano -23,53%-.

En todos os tramos de idade predominan os demandantes de menos de seis meses, a excepción nos tramos de mulleres maiores de 36 anos e no de homes maiores de 55 anos, onde predominan os demandantes de longa duración, que superan aos outros nun 1,31% e nun 5,88% respectivamente.

No referente ao sexo, é salientable que a presenza masculina é superior á feminina nos tres supostos, representando no paro de curta duración o dobre que as mulleres. No paro de longa duración é de destacar que, do 14,38% que supoñen os homes, o 9,80% están situados no grupo dos maiores de 56 anos.

Tendo en conta a totalidade da provincia de Ourense, obsérvase unha maior tendencia na comarca aos demandantes parados de menos de 6 meses, cun peso porcentual 15,28 puntos superior, así como unha porcentaxe menor entre os que levan buscando emprego máis dun ano, que se reduce en 18,48 puntos.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	8	5,23	2,52	3	4,11	2,52
Sector secundario	14	9,15	15,61	7	9,59	13,28
Construcción	23	15,03	14,95	6	8,22	9,90
Sector servicios	84	54,90	50,49	39	53,42	55,73
Sen actividade previa	24	15,69	16,43	18	24,66	18,56
TOTAL	153	100,00	100,00	73	100,00	100,00

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

A maioría dos demandantes parados proceden do sector servizos, que inclúe o 54,90% do total. A continuación sitúanse os que proveñen do sector da construción, co 15,03%. No ámbito provincial as diferenzas máis significativas danse na redución en 4,41 puntos neste ámbito nos que pertencen ao sector servizos, e no incremento en 6,46 puntos da porcentaxe de demandantes provincial no sector secundario.

Algo máis da metade dos demandantes non parados sitúanse no sector servizos, que representa o 53,42% do total. De seguido están os do sector secundario -9,59%-. Na provincia de Ourense mantense a mesma orde de importancia dos diferentes sectores, con porcentaxes semellantes.

De forma conxunta, os demandantes de emprego proceden na súa maioría do sector servizos, que aglutina o 54,43% do total, mentres que os que se derivan do sector da construción supoñen o 12,83% dos demandantes da comarca de Terra de Caldelas.

Dentro da industria cómpre salientar que as actividades de alimentación e outras industrias representan conxuntamente o 65% dos demandantes parados. Nun segundo plano sitúanse a fabricación de material de transporte e metalurxia e fabricación de produtos metálicos, ambas cunha porcentaxe do 14%.




GRÁFICO 8: Demandantes parados na Industria.

A actividade que destaca pola súa presenza dentro dos servizos é a de administracións públicas, que engloba o 27% dos demandantes parados deste sector. A continuación, e distribuídas de forma regular, sitúanse as de actividades inmobiliarias, comercio e servizos á comunidade, acadando de forma conxunta o 36% do total.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos Servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	25	11,06	8,75
Peón da construción de edificios	23	10,18	3,96
Dependente de comercio, en xeral	16	7,08	8,01
Peón da ind. manufactureira, en xeral	12	5,31	4,57
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	11	4,87	9,34
Peón forestal	8	3,54	0,42
Albanel	7	3,10	2,58
Condutor de camión, en xeral	6	2,65	1,05
Camareiro, en xeral	5	2,21	2,74
Clasificador-repartidor correspondencia	3	1,33	0,35

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Homes	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo, en xeral	Muller-Mozo de limpeza, Limpador

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Castro Caldelas	7	38,89
A Teixeira	2	11,11
Parada de Sil	6	33,33
Montederramo	3	16,67
TOTAL COMARCA	18	100,00

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	11.116
COMARCA/PROVINCIA:	0,16

Na comarca de Terra de Caldelas recolléronse no ano 2003 un total de 18 ofertas de emprego, o que representa o 0,16% do total das realizadas na provincia de Ourense, unha das porcentaxes máis baixas de toda a provincia.

A localidade onde se concentran a maior parte destas ofertas é en Castro Caldelas, seguida pola de Parada de Sil, con sete e seis ofertas respectivamente.


	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A Teixeira	0	0	0	1	2				100,00	
Castro Caldelas	6	33	3	7	7	450,00	-90,91	133,33	0,00	3,93
Parada de Sil	2	1	6	2	6	-50,00	500,00	-66,67	200,00	31,61
Montederramo	4	0	2	1	3			-50,00	200,00	-6,94
TOTAL COMARCA	12	34	11	11	18	183,33	-67,65	0,00	63,64	10,67
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116	30,02	-10,06	-6,80	2,25	2,74

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

A evolución das ofertas na comarca no período 1999-2003 vén marcada polo incremento en números absolutos, acadando unha variación media do 10,67%. O elemento máis destacable nesta progresión é que tanto en Castro Caldelas como na totalidade da comarca se produce o crecemento máis elevado das ofertas no ano 2000, do mesmo xeito que se reducen considerablemente no intervalo posterior.

No que respecta ao conxunto da provincia, a diferenza máis significativa é o maior grao de crecemento da comarca, cunha variación media 7,93 puntos superior.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Neste gráfico evidénciase a evolución do peso do concello de Castro Caldelas con respecto ás ofertas da comarca. Pódese observar así que no ano 2000 neste concello concentrábanse case a totalidade destas ofertas, para reducirse no ano seguinte ata ser superado polo concello de Parada de Sil, e obter en 2003 un número de ofertas case idéntico a esta localidade.


5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TÁBOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Teixeira	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	15,38
Castro Caldelas	0	0,00	0	0,00	3	100,00	4	30,77
Parada de Sil	2	100,00	0	0,00	0	0,00	4	30,77
Montederramo	0	0,00	0	0,00	0	0,00	3	23,08
TOTAL COMARCA	2	100,00	0	0,00	3	100,00	13	100,00
TOTAL PROVINCIA	126		1.001		2.224		7.763	


Segundo a distribución das ofertas por concellos, é salientable que no sector secundario non se rexistra ningunha oferta no ano 2003, mentres que as do sector primario están concentradas na súa totalidade en Parada de Sil, do mesmo xeito que as do sector da construción sitúanse en Castro Caldelas. É no sector servizos no que se reciben ofertas en todos os concellos, encadrándose en Castro Caldelas e Parada de Sil a maioría delas.

GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



Sete de cada dez ofertas da comarca realízanse no marco do sector servizos. Os sectores que lle seguen en importancia son do da construción, co 17%, e o primario, co 11%.

GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



Das ofertas recibidas procedentes do sector servizos, o 38% proceden das administracións públicas, seguidas da hostalería, co 31%.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	0	0	0	0	2
Secundario	0	0	0	1	0
Construción	0	7	3	4	3
Servizos	12	27	8	6	13
TOTAL COMARCA	12	34	11	11	18
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

Na comarca de Terra de Caldelas incrementáanse as ofertas do sector servizos en 2000, duplicando a cifra de inicio, pero posteriormente redúcense chegando ao último ano cunha oferta máis que en 1999. No resto de sectores o número de ofertas realizadas non é significativo, polo escaso número delas.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Tan só 6 das 18 ofertas tiñan o sexo como un dos seus requirimentos. Neste sentido é salientable que no sector da construción concéntranse a totalidade das ofertas que demandan homes, mentres que no sector servizos se agrupan as ofertas que solicitan mulleres.

Só 7 das ofertas presentadas na comarca de Terra de Caldelas solicitaron un nivel académico determinado. A maior parte destas ofertas están concentradas nos estudos de formación profesional, seguida das ofertas que requiren a titulación de ensinanza obrigatoria.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

Tamén cómpre dicir a maiores que nos centros colaboradores extraíse un total de seis ofertas nas ocupacións de peón de albanel, auxiliar administrativo e empregada do fogar, as cales non se representan graficamente.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 17: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
A TEIXEIRA	16	7,24
CASTRO CALDELAS	129	58,37
MONTEDERRAMO	38	17,19
PARADA DE SIL	38	17,19
TOTAL COMARCA	221	100,00
TOTAL PROVINCIA	50.587	0,44

Os contratos realizados no ano 2003 na comarca de Terra de Caldelas supoñen o 0,44% dos rexistrados na provincia de Ourense. Destes mesmos, algo máis da metade foron xestionados no concello de Castro Caldelas, seguido polos de Montederramo e Parada de Sil, co 17,19% das contratacións cada un deles.

TÁBOA 18: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A TEIXEIRA	13	12	19	24	16	-7,69	58,33	26,32	-33,33	5,33
CASTRO CALDELAS	234	170	126	116	129	-27,35	-25,88	-7,94	11,21	-13,83
MONTEDERRAMO	63	73	52	40	38	15,87	-28,77	-23,08	-5,00	-11,87
PARADA DE SIL	50	50	48	66	38	0,00	-4,00	37,50	-42,42	-6,63
TOTAL COMARCA	360	305	245	246	221	-15,28	-19,67	0,41	-10,16	-11,48
TOTAL PROVINCIA	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

O desenvolvemento da contratación na comarca no período 1999-2003 reflicte unha evolución negativa para todos os concellos, excepto para a de Teixeira, onde a pesar dos descenso que se producen nos anos inicial e final do período acada unha variación media de 5,33%.

Nas localidades restantes o volume de contratación sofre un decrecemento, sendo o máis importante o de Castro Caldelas, concello de maior contratación, cunha variación media de -13,83%, e diminucións continuas ata o ano 2002, salientando sobre todo as que se producen nos anos 2000 e 2001, con variacións interanuais negativas superiores ao -25%. No concello de Montederramo os descenso máis significativos danse nos anos intermedios do quinquenio, rexistrándose do mesmo xeito un incremento no ano 2000. Finalmente acada unha variación media do -11,87%. Por último, no concello de Parada de Sil é onde se aprecia unha redución menor, sendo destacable na súa evolución o forte crecemento dos contratos no intervalo 2001-2002, así como a diminución posterior.

No conxunto da comarca, a evolución da contratación é negativa, acadando unha variación media de -11,48%, e un descenso xeneralizado en todos os intervalos, agás no intervalo 2001-2002. Esta situación é diferente á da provincia, onde as contratacións tenden a incrementarse lixeiramente, mantendo unha evolución positiva ata o ano 2002, presentando unha leve diminución entre 2002-2003.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	22	12	34	9,95	5,43	15,38
De 26 a 35 anos	30	29	59	13,57	13,12	26,70
De 36 a 45 anos	31	28	59	14,03	12,67	26,70
De 46 a 55 anos	36	12	48	16,29	5,43	21,72
De 56 e máis anos	19	2	21	8,60	0,90	9,50
TOTAL COMARCA	138	83	221	62,44	37,56	100,00
TOTAL PROVINCIAL	28.784	21.803	50.587	56,90	43,10	100,00

TÁBOA 19: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

A maioría dos contratos realizados en Terra de Caldelas fánelles aos homes, en concreto o 62,44%. No ámbito provincial a distancia entre a contratación por xénero é menor que a experimentada na comarca, posto que a contratación masculina é dun 56,9%, fronte ao 43,1% da feminina.

O grupo de idade máis representativo nos homes é o de 46 a 55 anos, co 16,29% dos contratos, seguido do anterior, onde se recolle o 14,03%. No caso das mulleres, a maior porcentaxe aparece no intervalo de 26 a 35 anos, co 13,12%, seguido do tramo posterior, co 12,67%. Conxuntamente, os tramos de idade que maior peso porcentual soportan son os de 26 a 45 anos, que representan o 53,40% das contratacións.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	279	222	172	149	138	-20,43	-22,52	-13,37	-7,38	-16,14
Mulleres	81	83	73	97	83	2,47	-12,05	32,88	-14,43	0,61
TOTAL CONTRATOS	360	305	245	246	221	-15,28	-19,67	0,41	-10,16	-11,48

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

A evolución da contratación segundo o sexo evidencia diferenzas significativas neste período 1999-2003. Deste xeito, a contratación masculina redúcese á metade, sendo especialmente agudas as diminucións que se dan entre os anos 1999 e 2001. Pola contra, os contratos femininos tenden a estabilizarse, sendo destacable neste último o forte incremento que se produciu no intervalo 2001-2002, cunha variación interanual do 32,88% e o descenso do último intervalo.

No seguinte gráfico pódese observar como o peso da contratación masculina descende paulatinamente ao longo destes cinco anos, ao mesmo tempo que a feminina ten cada vez máis peso porcentual no conxunto. A única excepción prodúcese no ano 2003, onde a representatividade dos contratos dos homes se incrementa lixeiramente con respecto ao ano anterior, e os das mulleres sofren unha pequena redución.




GRÁFICO 13: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	95	69	53	65	34	-27,37	-23,19	22,64	-47,69	-22,65
De 26 a 35 anos	115	103	71	78	59	-10,43	-31,07	9,86	-24,36	-15,37
De 36 a 45 anos	69	60	53	47	59	-13,04	-11,67	-11,32	25,53	-3,84
De 46 a 55 anos	65	60	50	43	48	-7,69	-16,67	-14,00	11,63	-7,30
De 56 e máis anos	16	13	18	13	21	-18,75	38,46	-27,78	61,54	7,03
TOTAL CONTRATOS	360	305	245	246	221	-15,28	-19,67	0,41	-10,16	-11,48

Tendo en conta a idade, a evolución da contratación comarcal vén caracterizada por un incremento de contratos nos maiores de 55 anos e unha redución nos grupos restantes.

Nos anos 2000 e 2001 rexístrase unha diminución dos contratos en todos os grupos, exceptuando o de maiores de 55 anos. O maior descenso rexístrase nos menores de 26 anos, que acadan unha variación media negativa do -22,65%, obtendo só un valor positivo de variación interanual no ano 2002, igual que sucede no grupo de 26 a 35 anos, cunha variación media do -15,37%. Os intervalos de 36 a 45 anos e de 46 a 55 anos medran no último ano do período, e obteñen variacións medias de -3,84% e -7,30% respectivamente.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos.

TÁBOA 22: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	5	2,26
Agricultura e pesca	5	2,26
SECTOR SECUNDARIO	6	2,71
Industria	6	2,71
Electricidade	0	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	14	6,33
Construción	14	6,33
SECTOR SERVIZOS	196	88,69
Comercio e hostalería	20	9,05
Transporte e comunicacións	8	3,62
Outros servizos	168	76,02
TOTAL CONTRATOS	221	100,00

No ano 2003, case nove de cada dez contratos se realizan no sector servizos. A continuación sitúanse o sector da construción, co 6,33% e o sector secundario, co 2,71% das contratacións da comarca.

No que respecta aos subsectores, é importante sinalar que algo máis das tres cuartas partes dos contratos xeráronse no de outros servizos, seguido a considerable distancia polo de comercio e hostalería, co 9,05%.

Dos seis contratos de traballo xerados no subsector da industria, a metade realizáronse nas actividades de alimentación.

A actividade que amosa un maior volume de contratación no sector servizos é a das administracións públicas, co 35% do total. A continuación sitúanse as de educación, co 24%, e servizos á comunidade, co 16%. O 25% restante distribúese entre as demais actividades.




GRÁFICO 14: Distribución porcentual da contratación nos Servizos.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	1,81	0,45	0,45	0,45	0,90	0,45	0,00
Agricultura e pesca	1,81	0,45	0,45	0,45	0,90	0,45	0,00
SECTOR SECUNDARIO	2,71	0,00	0,00	0,90	0,90	0,00	0,90
Industria	2,71	0,00	0,00	0,90	0,90	0,00	0,90
Electricidade	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	5,88	0,45	2,26	1,36	1,81	0,90	0,00
Construción	5,88	0,45	2,26	1,36	1,81	0,90	0,00
SECTOR SERVIZOS	52,04	36,65	12,67	23,98	23,08	20,36	8,60
Comercio e hostalería	4,98	4,07	3,17	1,81	1,81	1,81	0,45
Transporte e comunicacións	3,62	0,00	0,00	2,71	0,90	0,00	0,00
Outros servizos	43,44	32,58	9,50	19,46	20,36	18,55	8,14
TOTAL CONTRATOS	62,44	37,56	15,38	26,70	26,70	21,72	9,50

TÁBOA 22: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

En canto á distribución por sexos, apréciase no caso dos homes que a maioría das contratacións se sitúan no sector servizos -52,04%-, seguido polo da construción a bastante distancia, co 5,88%. No colectivo feminino, case a totalidade dos contratos se concentran no sector de servizos, que engloba o 36,65% do 37,56% que agrupan as mulleres en total.

En canto á distribución conxunta por subsectores, o 76,02% dos contratos realízanse no de outros servizos, seguido do de comercio e hostalería, co 9,05%, e do da construción co 6,33%, onde a contratación é practicamente toda masculina.

Atendendo á distribución por idade, o sector servizos é o que presenta o maior volume contractual en todos os grupos, seguido polo sector secundario nos maiores de 55 anos, e polo da construción nos intervalos restantes. No que atinxe aos subsectores, o máis representativo é o de outros servizos, seguido polo de comercio e hostalería en todos os grupos e polo de industria no de máis de 55 anos, e o de transporte e comunicacións no intervalo que vai de 26 a 35 anos.

TÁBOA 23: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.


	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	20	20	23	6	5	0,00	15,00	-73,91	-16,67	-29,29
Agricultura e pesca	20	20	23	6	5	0,00	15,00	-73,91	-16,67	-29,29
SECTOR SECUNDARIO	15	13	5	6	6	-13,33	-61,54	20,00	0,00	-20,47
Industria	15	13	5	6	6	-13,33	-61,54	20,00	0,00	-20,47
Electricidade	0	0	0	0	0					
S. CONSTRUCCIÓN	43	43	30	24	14	0,00	-30,23	-20,00	-41,67	-24,46
Construción	43	43	30	24	14	0,00	-30,23	-20,00	-41,67	-24,46
SECTOR SERVIZOS	282	229	187	210	196	-18,79	-18,34	12,30	-6,67	-8,69
Comercio e hostalería	17	31	23	16	20	82,35	-25,81	-30,43	25,00	4,15
Transporte e comunicacións	12	14	7	4	8	16,67	-50,00	-42,86	100,00	-9,64
Outros servizos	253	184	157	190	168	-27,27	-14,67	21,02	-11,58	-9,73
TOTAL CONTRATOS	360	305	245	246	221	-15,28	-19,67	0,41	-10,16	-11,48

No conxunto do período maniféstase unha evolución negativa para todos os sectores e subsectores económicos, representando a única excepción o subsector de comercio e hostalería, onde os contratos se incrementan lixeiramente nestes cinco anos.

Nos sectores primario, secundario -os menos importantes en volume- e na construción é onde o volume de contratacións sofre unha das maiores diminucións porcentuais, presentando as seguintes variacións medias: do -29,29% no sector primario, do -20,47% no secundario e -24,46% na construción. No sector servizos, o decrecemento é menos pronunciado, acadando unha variación media do -8,69%, despois de reducirse de forma constante ao longo do período, experimentando unicamente unha variación interanual positiva, de 12,30% en 2002, dada polo crecemento que se produce nese intervalo temporal no subsector de outros servizos. Neste mesmo sector ao final só se recolle unha variación media positiva no subsector de comercio, que aumenta nun 4,15% en todo o período.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 15: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



Segundo a tipoloxía de contratación, a comarca de Terra de Caldelas caracterízase pola súa temporalidade, posto que seis de cada dez contratos realizados son temporais a tempo completo. Se a este tipo de contratos se lles engaden os contratos temporais a tempo parcial, obtense un 73% de contratación temporal, fronte ao 1% de contratación indefinida. Tamén destaca unha alta porcentaxe de contratación en prácticas ou formación, 15%.

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	0,90	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,90
Temporal	39,37	22,17	9,95	19,00	16,29	11,31	4,98
Temporal tempo parcial	3,62	8,14	3,17	2,26	4,52	1,36	0,45
Prácticas/Formación	8,60	6,33	1,36	4,07	4,52	3,62	1,36
Outros	9,95	0,90	0,90	1,36	1,36	5,43	1,81
TOTAL CONTRATOS	62,44	37,56	15,38	26,70	26,70	21,72	9,50

Atendendo á distribución das contratacións pola tipoloxía de contratos, o 39,37% son contratos temporais a tempo completo realizados a homes, mentres que a porcentaxe para as mulleres é do 22,17%. Nos homes a segunda fórmula máis utilizada é a de outros contratos, co 9,95%, e nas mulleres a de contratos temporais a tempo parcial, co 8,14%, que supera á mesma porcentaxe para os homes nun 4,52%. Tamén cómpre salientar o peso dos contratos de formación, que nos homes é de 8,60% e nas mulleres de 6,33%.

A meirande parte dos contratos son temporais e realízanse no intervalo de 26 a 55 anos, onde se recolle case a metade dos contratos, o 46,6% da contratación. Nos contratos temporais a tempo parcial, as maiores porcentaxes danse nas persoas de 36 a 45 anos seguidas dos menores de 26 anos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS				Total
	Agr. Gand.	Industr.	Electric.		Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	0,00	0,90	0,00	0,90	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Indefinido tempo parcial	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Temporal	2,26	1,36	0,00	1,36	5,88	6,33	2,26	43,44	52,04
Temporal tempo parcial	0,00	0,45	0,00	0,45	0,00	1,81	1,36	8,14	11,31
Prácticas/Formación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,45	0,90	0,00	13,57	14,48
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,86	10,86
TOTAL CONTRATOS	2,26	2,71	0,00	2,71	6,33	9,05	3,62	76,02	88,69

TÁBOA 25: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

A maioría dos contratos temporais a tempo completo realízanse no sector servizos, onde se inclúen tamén case a totalidade dos temporais a tempo parcial, así como a maior parte dos de prácticas/formación, e a totalidade da tipoloxía outros.

Facendo unha análise máis pormenorizada dos subsectores, o de outros servizos agrupa o 43,44% dos contratos temporais a tempo completo, do mesmo xeito que inclúe o 8,14% dos temporais a tempo parcial, e practicamente todos os de prácticas/formación.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	21	19	19	11	2	-9,52	0,00	-42,11	-81,82	-44,45
Indefinido tempo parcial	0	0	1	1	0			0,00		
Temporal	289	228	173	184	136	-21,11	-24,12	6,36	-26,09	-17,18
Temporal tempo parcial	23	32	24	35	26	39,13	-25,00	45,83	-25,71	3,11
Prácticas/Formación	5	4	6	3	33	-20,00	50,00	-50,00	1000,00	60,28
Outros	22	22	22	12	24	0,00	0,00	-45,45	100,00	2,20
TOTAL CONTRATOS	360	305	245	246	221	-15,28	-19,67	0,41	-10,16	-11,48

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

No período 1999-2003, a maior redución nas contratacións dáse nos contratos indefinidos a tempo completo, que diminúen de forma continua ata case desaparecer no ano 2003, acadando unha variación media negativa de -44,45%. Os contratos temporais a tempo completo tamén sofren unha considerable redución, descendendo en todos os intervalos, agás o pequeno incremento que se dá o ano 2002, obtendo así unha variación media do -17,18%.

Nos contratos de prácticas/formación maniféstase un importante incremento nestes anos, dado polo crecemento que se produce no intervalo 2002-2003, onde as contratacións multiplican o seu valor por 11 con respecto ao ano anterior. Esta tipoloxía de contratación obtén unha variación media do 60,28%, a máis alta de todo o conxunto.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 27: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	1	0,45
HOMES	0	0,00
MULLERES	1	0,45
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	30	13,57
HOMES	21	9,50
MULLERES	9	4,07
3. Técnicos e profesionais de apoio	12	5,43
HOMES	5	2,26
MULLERES	7	3,17
4. Empregados de tipo administrativo	4	1,81
HOMES	0	0,00
MULLERES	4	1,81
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	53	23,98
HOMES	20	9,05
MULLERES	33	14,93
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	14	6,33
HOMES	3	1,36
MULLERES	11	4,98
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	36	16,29
HOMES	32	14,48
MULLERES	4	1,81
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	18	8,14
HOMES	18	8,14
MULLERES	0	0,00
9. Traballadores non cualificados	53	23,98
HOMES	39	17,65
MULLERES	14	6,33
TOTAL CONTRATOS	221	100,00
TOTAL HOMES	138	62,44
TOTAL MULLERES	83	37,57

Segundo os nove grandes grupos de ocupación, e de acordo co exposto na táboa anterior, é preciso sinalar a concentración do 77,82% dos contratos nos seguintes catro grupos:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -23,98%-.
- Traballadores non cualificados -23,98%-.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -16,29%-.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -13,57%-.

Dende outra óptica, atendendo á distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados -17,65%-. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -14,48%-. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -9,50%-. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -9,05%-.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -14,93%-. • Traballadoras non cualificadas -6,33%-. • Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca -4,98%-. • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais -4,07%-.

A pesar da forte presenza masculina na contratación nesta comarca, nos grupos de ocupación que seguen a continuación predominan os contratos das mulleres sobre os homes:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. As mulleres superan en 5,88 puntos aos homes.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca. A contratación feminina é 3,62 puntos superior á masculina.
- Técnicos e profesionais de apoio. A contratación feminina supera en 0,91 puntos á masculina.
- Empregados de tipo administrativo. Nos homes non se rexistra ningunha contratación, e os contratos femininos representan o 1,81% do total.
- Dirección de empresas e administracións públicas. Como no caso anterior, non se rexistra ningún contrato masculino, e os femininos supoñen o 0,45% do total.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os grupos de ocupación que presentan o maior descenso no número de contratos son os seguintes:

- Empregados de tipo administrativo, variación media de -24,02%.
- Traballadores non cualificados, variación media de -18,98%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, -14,06%.
- Técnicos e profesionais de apoio, -13,06%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, -12,88%.

Pola contra, o único grupo no que se produce un crecemento nestes cinco anos é o de técnicos profesionais, científicos e intelectuais, que acadou unha variación media do 6,87%.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, é salientable que na contratación masculina só se produce un crecemento no grupo de técnicos profesionais, científicos e intelectuais, cunha variación media do 12,74%.

Por outra banda, na comarca de Terra de Caldelas prodúcese un descenso na contratación de homes nos grupos de ocupación restantes, que presentan as seguintes variacións medias:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca, variación media de -34,20%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, -26,08%.
- Traballadores non cualificados, -20,57%.
- Técnicos e profesionais de apoio, -15,91%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, -14,06%.

No tocante ás mulleres, destaca o incremento medio no seguinte grupo:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, variación media de -7,19%.

É preciso, por último, sinalar o decrecemento que se rexistra na contratación feminina no grupo de traballadores non cualificados, obtendo unha variación media de -6,33%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas.

TÁBOA 28: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
25130104	Músico instrumentista, en xeral	20	9,05	19	8,60	1	0,45	95,00
71100016	Albanel	19	8,60	18	8,14	1	0,45	94,74
52990063	Téc. de protección civil	15	6,79	11	4,98	4	1,81	73,33
50200018	Camareiro, en xeral.	12	5,43	5	2,26	7	3,17	41,67
96020014	Peón da construción de edificios	12	5,43	11	4,98	1	0,45	91,67
60220101	Xardineiro, en xeral	11	4,98	1	0,45	10	4,52	9,09
74230011	Canteiro de construción	11	4,98	8	3,62	3	1,36	72,73
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domic.)	9	4,07	0	0,00	9	4,07	0,00
86300016	Condutor de camión, en xeral	7	3,17	7	3,17	0	0,00	100,00
94100064	Peón agrícola, xardinería	7	3,19	5	2,26	2	0,90	71,43
TOTAL		123	55,69	85	38,46	38	17,18	69,11

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Do total dos contratos realizados no 2003 na comarca de Terra de Caldelas, o 55,69% destes rexistráronse nas dez ocupacións que se refliten na táboa anterior. Nos homes as ocupacións máis contratadas son as de músico instrumentista e albanel, en tanto que no colectivo feminino son as de xardineira e asistente domiciliaria.

Se na ocupación de condutor de camión a contratación masculina representa o 100%, nas de músico instrumentista e albanel sitúase no 95% e 94,74% respectivamente, en tanto que na ocupación de peón da construción de edificios é do 91,67%. Pola contra, predomina a contratación feminina nas ocupacións de xardineira e asistente domiciliaria, onde nesta última a porcentaxe de contratación feminina é do 100%.

TÁBOA 29: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
25130104	Músico instrumentista, en xeral	13	15	16	6	20
71100016	Albanel	17	16	20	4	19
52990063	Técnico de protección civil	13	12	12	13	15
50200018	Camareiro, en xeral	5	10	8	4	12
96020014	Peón da construción de edificios	23	12	20	26	12
60220101	Xardineiro, en xeral	1	2	5	0	11
74230011	Canteiro de construción	1	0	0	2	11
51130024	Asistente domiciliario	8	0	2	13	9
86300016	Condutor de camión, en xeral	16	11	11	10	7
94100064	Peón agrícola, xardinería	0	0	0	5	7
94400012	PEÓN FORESTAL	52	67	9	0	6
96010011	PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS, EN XERAL	4	13	5	4	6
97000011	PEÓN DA IND. MANUFACTUREIRA, EN XERAL	4	12	1	2	6
91210016	MULLER/MOZO LIMPEZA, LIMPADOR EN XERAL	5	15	5	5	4
35430025	MÚSICO DE SALA DE FESTAS OU SIM.	8	5	6	6	3
42100010	EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL.	5	4	6	18	3
91210027	LIMPADOR/A DE PORTAIS E ESCALEIRAS	0	1	12	4	3
94200010	PEÓN GANDEIRO, EN XERAL	6	1	11	4	2
51110066	AUXILIAR DE CLÍNICA	3	0	0	14	1
52300046	TRABALLADOR RETÉN INCENDIOS FORESTAIS	39	0	7	32	1
27200016	ENFERMEIRO, EN XERAL	0	1	0	14	0
52300068	CONDUTOR DE COCHE DE BOMBEIROS	12	2	5	2	0

A evolución das ocupacións máis contratadas na comarca entre 1999 e 2003 caracterízase pola oscilación na súa composición, dado que existen 18 ocupacións que aparecen e desaparecen desta lista ao longo do período.

As únicas que se manteñen nestes cinco anos son as de músico instrumentista, técnico de protección civil, peón da construción de edificios e condutor de camión. Na primeira, tras unha redución en 2002 chega ao final do período co maior número de contratos de todos os anos. En técnico de protección civil mantense practicamente estancada a evolución, mentres que no caso dos peóns da construción redúcense os contratos en máis da metade en 2003 se temos en conta as do ano anterior. Os contratos de condutor de camión tamén perden peso, acadando a finais do período a metade dos de inicio aproximadamente.

No tocante á evolución do conxunto de ocupacións, son salientables pola forte regresión que soportan os casos de peón forestal e traballador retén de incendios forestais. A primeira destas ocupacións descende bruscamente no ano 2001, desaparecendo da lista no ano seguinte. Na segunda delas a primeira redución aguda dáse no ano 2000, no que non se produce ningunha contratación, aumentando novamente no ano 2002 e volvendo a reducirse ata case desaparecer no 2003.

Pola contra as ocupacións de xardineiro e canteiro sitúanse por primeira vez dentro da lista das dez ocupacións máis contratadas, ambas as dúas cun total de 11 contratos.



Comarca de Terra de Celanova



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca de Terra de Celanova caracterízase por unha forte concentración de empresas no sector servizos, que agrupa o 58,09% do total, seguido a considerable distancia polo sector secundario, co 19,80% das empresas, e polo sector da construción, que engloba o 18,81%. Facendo unha análise pormenorizada dos subsectores, obsérvase que son o de comercio e hostalería e o de outros servizos, ambos incluídos dentro do sector servizos, os que reúnen o maior número de empresas, en concreto o 53,63% do total.

Os traballadores da comarca están tamén maioritariamente concentrados no sector servizos, onde se inclúen o 38,76% deles. A continuación sitúase o sector primario, co 27,85%, e o secundario, co 20,36%. En canto aos subsectores, é nos de agricultura e pesca -27,85%- e no de outros servizos -21,24%- onde se aglutinan case a metade dos traballadores.

No que respecta aos autónomos, a maioría enmárcanse dentro do sector servizos, que representa o 56,18% do total. Séguelle en orde de importancia o sector da construción -26,08%- e o secundario -12,65%-. Atendendo aos subsectores, os máis representativos son os de comercio e hostalería, que encadra o 41,37% dos traballadores autónomos, e o de construción, que reúne o 26,08%.

5.1.2. Evolución anual

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	34	38	40	34	20
Agricultura e pesca	34	38	40	34	20
SECTOR SECUNDARIO	113	116	111	114	120
Industria	111	114	109	112	118
Electricidade	2	2	2	2	2
SECTOR CONSTRUCCIÓN	112	119	120	111	114
Construción	112	119	120	111	114
SECTOR SERVIZOS	316	298	305	326	352
Comercio e hostalería	160	156	161	173	179
Transporte e comunicacións	21	21	16	19	27
Outros servizos	135	121	128	134	146
TOTAL	575	571	576	585	606

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.


A evolución do número de empresas en Terra de Celanova vén caracterizada por un desenvolvemento desigual dos diferentes sectores produtivos. Deste modo, o sector primario sofre un forte descenso nos seus efectivos, con variacións interanuais negativas a partir do ano 2002, e cunha variación media final de -12,42%.

Os sectores secundario e servizos logran un pequeno incremento no seu número de empresas, acadando o primeiro unha variación media do 1,51% e o segundo do 2,73%. É destacable que ambos sofren diminucións nalgún dos intervalos temporais, entre os anos 2000 e 2001 o secundario, e entre o 1999 e o 2000 o sector servizos. Neste último é de salientar que os subsectores incluídos nel seguen o mesmo comportamento, excepto o de transporte e comunicacións, que descende bruscamente no período 2000-2001, incrementándose a continuación, sobre todo no ano 2003, no que obtén unha variación interanual do 42,11%.

No sector da construción dáse un crecemento máis leve no número absoluto de empresas, cunha variación interanual negativa de -7,50% entre os anos 2001 e 2002, e cunha variación media do 0,44% que denota unha tendencia ao estancamento.

Todo o anterior tradúcese nun lixeiro incremento global do número de empresas da comarca, cun leve decrecemento no período 1999-2001 e aumentos nos posteriores. A variación media final do período para o conxunto dos sectores é do 1,32%.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	605	681	692	644	658
Agricultura e pesca	605	681	692	644	658
SECTOR SECUNDARIO	387	407	434	472	481
Industria	375	395	427	469	471
Electricidade	12	12	7	3	10
SECTOR CONSTRUCCIÓN	310	311	351	315	308
Construción	310	311	351	315	308
SECTOR SERVIZOS	779	767	848	900	916
Comercio e hostalería	306	316	319	331	350
Transporte e comunicacións	43	52	48	55	64
Outros servizos	430	399	481	514	502
TOTAL	2.081	2.166	2.325	2.331	2.363

Na táboa 2 e no gráfico 2 pódese observar que nos anos comprendidos entre o 1999 e o 2003, o número de traballadores da comarca incrementouse en todos os sectores, coa excepción do da construción, no que se dá unha lixeira redución en números absolutos, producida por un descenso a partir do ano 2002.

O sector secundario é o que máis medra, obtendo unha variación media do 5,59%, e amosando unha evolución positiva ao longo destes cinco anos. Pola contra, no sector primario denótase un crecemento lixeiramente inferior, cun descenso entre o 2001 e o 2002 do 6,94%, e unha variación media final do 2,12%. Por último, no sector servizos a variación media é de 4,13%, e é salientable o aumento do subsector de transportes e comunicacións, que se incrementa o 10,45% neste quinquenio.

De forma conxunta, o número de traballadores da comarca logra un leve crecemento, cunha evolución positiva ano a ano, acadando unha variación media do 3,23%.




GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	31	38	49	50	52
Agricultura e pesca	31	38	49	50	52
SECTOR SECUNDARIO	84	91	104	114	129
Industria	84	91	104	114	129
Electricidade	0	0	0	0	0
SECTOR CONSTRUCCIÓN	170	193	212	231	266
Construción	170	193	212	231	266
SECTOR SERVIZOS	432	485	506	526	573
Comercio e hostalería	329	370	381	392	422
Transporte e comunicacións	40	43	46	49	57
Outros servizos	63	72	79	85	94
TOTAL	717	807	871	921	1.020

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

Globalmente, o número de traballadores autónomos incrementouse nestes cinco anos na comarca de Terra de Celanova, cunha evolución positiva en todos os intervalos anuais, e unha variación media final do 9,21%.

No sector primario é onde se produce un maior aumento, do 13,80%, logrado sobre todo tras as subidas alcanzadas nos intervalos 1999-2000 e 2000-2001, do 22,58% e 28,95% respectivamente. A continuación sitúase o sector da construción, cunha variación media de 11,84%, seguido a curta distancia polo secundario, co 11,32%. Finalmente, o sector servizos obtén unha variación media do 7,32%, destacando dentro deste a subida, en termos relativos, do subsector de outros servizos, do 10,52%.




GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.


	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Bola	68	41	109
A Merca	82	49	131
Cartelle	134	63	197
Celanova	365	235	600
Gomesende	48	25	73
Padrenda	162	58	220
Pontedeva	36	15	51
Quintela de Leirado	59	23	82
Ramirás	100	50	150
Verea	80	33	113
TOTAL	1.134	592	1.726

% comarca/provincia - PARADOS 6,15

% comarca/provincia - NON PARADOS 5,65

O concello de Celanova agrupa a maioría dos demandantes da comarca, englobando o 34,76% do total. A considerable distancia é seguido polo concello de Padrenda, que aglutina o 12,75% da demanda laboral, e polo de Cartelle, co 11,41%.

GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.



Diferenciando os demandantes parados dos non parados, denótase que a relación dos parados supera á dos non parados en todos os concellos, cunha considerable prevalencia dos primeiros, que supoñen o 65,70% dos demandantes.

En relación coa provincia de Ourense, a comarca de Terra de Celanova amosa un peso relativo lixeiramente inferior dos demandantes non parados ao dos parados.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	1.061	1.131	1.019	1.098	1.134
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	6,60	-9,90	7,75	3,28
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	5,91	6,40	6,09	6,03	6,15

Para o conxunto dos demandantes parados de Terra de Celanova, obsérvase unha tendencia ao crecemento neste intervalo temporal, aínda que cun descenso no ano 2001.

O peso relativo dos demandantes en paro da comarca con respecto á provincia experimenta un crecemento no ano 2000, para descender levemente entre os anos 2001 e 2002, volviendo a medrar no último ano.




GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	151	8,75	10,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	983	56,95	53,19
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	80	4,63	5,15
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	254	14,72	15,38
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	71	4,11	4,76
	En expediente de regulación de emprego	6	0,35	0,40
	Demandantes de mellora de emprego	113	6,55	7,08
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	56	3,24	3,03
	Resto de demandantes	12	0,70	0,42
TOTAL		1.726	100,00	100,00

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

Cómpre salientar, en primeiro lugar, que algo máis da metade dos demandantes de emprego son parados con emprego anterior -56,95%-. A este colectivo séguelle en orde de importancia o dos non parados con emprego anterior -14,72%-, e o dos parados sen emprego anterior, co 8,75%.

Estes datos son semellantes aos do conxunto da provincia de Ourense, onde se manteñen os parados con emprego anterior como o grupo de maior importancia cuantitativa, aínda que de forma lixeiramente inferior, cun peso 3,76 puntos menor. O mesmo sucede cos non parados con emprego anterior, cun peso porcentual esta vez lixeiramente superior na provincia, e cos parados sen emprego anterior, tamén estando levemente por riba o valor provincial.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	58	72	5,11	6,35	11,46	15,17
26 a 35 anos	91	143	8,02	12,61	20,63	25,82
36 a 45 anos	116	135	10,23	11,90	22,13	21,11
46 a 55 anos	127	96	11,20	8,47	19,66	20,00
56 e máis anos	181	115	15,96	10,14	26,10	17,90
TOTAL COMARCA	573	561	50,53	49,47	100,00	6,15
TOTAL PROVINCIA	7.856	10.584	42,60	57,40	6,15	100,00

No conxunto dos demandantes parados da comarca obsérvase unha simetría entre os sexos, posto que o 50,53% deles son homes e o 49,47% mulleres. No referente á idade, e dado que o 45,76% teñen máis de 45 anos, pódese definir un perfil de demandantes de idade avanzada, máis aínda se temos en conta que o grupo máis representativo é o de máis de 55 anos.

En todos os grupos, a presenza porcentual das mulleres é superior á dos homes, excepto nos máis avanzados, de máis de 45 anos, onde os demandantes masculinos superan ás mulleres en 8,55 puntos.

Nos homes, o intervalo de idade con maior volume é o de máis de 55 anos, co 15,96%, seguido de cerca polo de 46 a 55 anos -11,20%- e polo de 36 a 45 anos -10,23%-. Pola contra, nas mulleres o colectivo con maior peso é o de 26 a 35 anos -12,61%-, seguido do de 36 a 45 anos -11,90%- e do de máis de 55 anos -10,14%-. É destacable que en ambos os colectivos o grupo con menos representatividade é o de menos de 26 anos.

A comparación co nivel provincial amosa un perfil de idade máis novo na provincia de Ourense, posto que as idades que lle dan un maior peso porcentual ao conxunto son as que se sitúan entre 26 e 45 anos. No que respecta ao sexo, reflítese unha maior situación de desigualdade na provincia, dado que as mulleres demandantes paradas superan en 14,8 puntos aos homes.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	42	57	7,09	9,63	16,72	20,44
26 a 35 anos	43	87	7,26	14,70	21,96	25,77
36 a 45 anos	36	71	6,08	11,99	18,07	20,01
46 a 55 anos	40	53	6,76	8,95	15,71	16,76
56 e máis anos	102	61	17,23	10,30	27,53	17,03
TOTAL COMARCA	263	329	44,43	55,57	100,00	5,65
TOTAL PROVINCIA	3.865	6.607	36,91	63,09	5,65	100,00

Nos datos referidos aos demandantes non parados de Terra de Celanova contéplase que o 55,57% son mulleres. No que atinxe á idade, é destacable que o grupo de maior peso está conformado polos maiores de 56 anos, e que os maiores de 45 anos supoñen o 43,24% do total dos demandantes non parados.

Os homes de máis de 55 anos son, porcentualmente falando, o intervalo máis representativo do conxunto, seguido, no caso dos homes, polo de 26 a 35 anos. No colectivo feminino, o grupo maioritario é o de 26 a 35 anos, situándose a continuación o de 36 a 45 anos.

A comparativa co nivel provincial reflíte, en canto á distribución por sexos, unha situación de maior desigualdade na provincia, territorio no que as mulleres representan o 63,09% da demanda de non parados. Tamén se aprecian diferenzas en canto á idade, debido a que na provincia a maioría dos demandantes non parados agrúpanse nas idades máis novas, de ata 35 anos.

Como reflexo do comentado anteriormente, obsérvase neste gráfico o predominio dos demandantes parados sobre os non parados en todos os grupos de idade. Do mesmo xeito, para ambos os colectivos, o grupo máis representativo é o de máis de 55 anos, e o que acada un menor peso é o de menos de 26 anos para os demandantes parados, e o de 46 a 55 anos para os non parados.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.

A presenza feminina é predominante no grupo de non parados; en cambio prevalece levemente a masculina entre os demandantes parados. Dende outra óptica, en termos relativos, o colectivo de parados é maioritario en ambos os dous sexos.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	610	53,79	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	293	25,84	32,57
Formación profesional	71	6,26	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	99	8,73	14,65
Titulados universitarios	52	4,59	12,07
Outras titulacións	9	0,79	1,70
TOTAL	1.134	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

Máis da metade dos demandantes parados da comarca de Terra de Celanova só posúen ata certificado de escolaridade -53,79%-. A continuación sitúanse os que obtiveron a titulación de ensinanza obrigatoria -25,84%-, e a considerable distancia os que teñen o bacharelato -8,73%-.

Na provincia de Ourense a porcentaxe dos que acadaron o certificado de escolaridade é considerablemente inferior, do mesmo xeito que se incrementan os que teñen estudos obrigatorios, así como os titulados universitarios e bacharel.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	286	48,31	36,50
Titulación de ensinanza obrigatoria	127	21,45	26,81
Formación profesional	37	6,25	6,81
BUP/Bacharelato superior/COU	97	16,39	16,18
Titulados universitarios	40	6,76	12,40
Outras titulacións	5	0,84	1,30
TOTAL	592	100,00	100,00

Entre os demandantes de emprego non parados da comarca, o grupo máis significativo é o daqueles que lograron ata certificado de escolaridade, que representan o 48,31% do total, seguidos dos que teñen a titulación de ensinanza obrigatoria -21,45%- e bacharelato -16,39%-.

No ámbito provincial, redúcense en 11,81 puntos os demandantes que teñen ata certificado de escolaridade, mentres que se incrementan os que posúen a titulación de ensinanza obrigatoria e os titulados universitarios.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	4,59	0,35	0,18	5,11
	Mulleres	3,44	1,85	1,06	6,35
26 a 35 anos	Homes	5,73	1,06	1,23	8,02
	Mulleres	6,53	1,85	4,23	12,61
36 a 45 anos	Homes	6,53	1,15	2,56	10,23
	Mulleres	5,11	1,41	5,38	11,90
46 a 55 anos	Homes	5,73	0,79	4,67	11,20
	Mulleres	2,91	0,97	4,59	8,47
56 e máis anos	Homes	3,79	2,03	10,14	15,96
	Mulleres	0,71	0,88	8,55	10,14
TOTAL COMARCA		45,06	12,35	42,59	100,00
TOTAL PROVINCIA		43,54	14,46	42,01	100,00

A maioría dos demandantes parados de Terra de Celanova levan buscando emprego menos de 6 meses -45,06%-, seguidos moi de cerca polos que levan buscando máis dun ano, que supoñen o 42,59% do total.

A distribución dos valores segundo a idade segue a mesma tendencia ao paro de curta duración, excepto nas mulleres maiores de 35 anos e nos homes de máis de 55, onde a situación se inverte cara ao paro de longa duración.

No referente ao sexo, é salientable que a presenza feminina é 7,68 puntos inferior á masculina no paro de curta duración, mentres que as mulleres superan aos homes en 5,03 puntos no paro de longa duración.

Na comparativa coa provincia de Ourense, obsérvanse cifras moi semellantes, cunha lixeira maior tendencia na comarca ao paro de curta duración, acadando 1,52 puntos porcentuais máis que na provincia.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	31	2,73	2,52	17	2,87	2,52
Sector secundario	174	15,34	15,61	89	15,03	13,28
Construcción	211	18,61	14,95	76	12,84	9,90
Sector servicios	568	50,09	50,49	305	51,52	55,73
Sen actividade previa	150	13,23	16,43	105	17,74	18,56
TOTAL	1.134	100,00	100,00	592	100,00	100,00

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica de procedencia, a metade dos demandantes parados proceden do sector servizos, representando o 50,09% do total. A unha distancia considerable sitúanse aqueles procedentes da construción -18,61%- e do sector secundario -15,34%-. A diferenza co conxunto provincial é que, en segundo lugar, sitúanse os procedentes do sector secundario, seguidos dos da construción.

No caso dos demandantes non parados, son tamén os máis numerosos os que proveñen do sector servizos, que engloba ao 51,52% do total, seguidos polos procedentes do sector secundario -15,03%-. No ámbito provincial reflítese unha situación análoga, se ben hai pequenas variacións pola porcentaxe provincial, que é 4,21 puntos superior nos demandantes procedentes dos servizos, e 2,94 puntos inferior nos derivados da construción.

Dentro da industria cobran especial importancia cuantitativa aqueles demandantes parados procedentes das actividades de outras industrias e da de téxtil e confección, que engloban conxuntamente o 51% da demanda.




GRÁFICO 8: Demandantes parados na industria.

A actividade cunha maior presenza dentro dos servizos é a de educación, que representa case a cuarta parte das demandas de parados rexistradas. A unha considerable distancia sitúase o comercio, co 15%, e a hostalería e actividades inmobiliarias e servizos a empresas, co 14% cada unha delas.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	176	10,20	9,34
Peón da construción de edificios	120	6,95	3,96
Albanel	83	4,81	2,58
Empregado administrativo, en xeral	69	4,00	8,75
Peón da ind. manufactureira, en xeral	67	3,88	4,57
Dependente de comercio, en xeral	63	3,65	8,01
Cociñeiro, en xeral	42	2,43	2,08
Camareiro, en xeral	39	2,26	2,74
Encofrador	35	2,03	0,71
Técnico administrativo, en xeral.	34	1,97	0,71

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De máis de 56 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller-Mozo de limpeza, limpador	Muller-Mozo de limpeza, limpador

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Pontedeiva	2	0,23
Ramirás	23	2,67
Padrenda	3	0,35
A Merca	10	1,16
Gomesende	2	0,23
Celanova	816	94,55
Cartelle	3	0,35
A Bola	1	0,12
Verea	3	0,35
TOTAL COMARCA	863	100,00

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	11.116
COMARCA/PROVINCIA:	7,76

Na comarca de Terra de Celanova recolléronse 863 ofertas de emprego no ano 2003, o que representa o 7,76% das realizadas na provincia de Ourense.

A localidade de Celanova engloba case a totalidade destas ofertas, co 94,55% do total. O concello de Ramirás canaliza o 2,67%, mentres que as oito localidades restantes supoñen globalmente o 2,78% das ofertas de emprego desta comarca.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Quintela de Leirado	2	0	0	1	0					-100,00
Ramirás	13	82	7	11	23	530,77	-91,46	57,14	109,09	15,33
Pontedeiva	0	13	2	1	2		-84,62	-50,00	100,00	
Verea	0	0	5	4	3			-20,00	-25,00	
Cartelle	2	4	10	4	3	100,00	150,00	-60,00	-25,00	10,67
Padrenda	0	1	2	0	3		100,00			
A Merca	3	1	4	5	10	-66,67	300,00	25,00	100,00	35,12
A Bola	1	0	0	2	1				-50,00	0,00
Celanova	535	787	711	617	816	47,10	-9,66	-13,22	32,25	11,13
Gomesende	0	0	1	0	2					
TOTAL COMARCA	556	888	742	645	863	59,71	-16,44	-13,07	33,80	11,62
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116	30,02	-10,06	-6,80	2,25	2,74

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

A evolución das ofertas na comarca vén marcada polo desenvolvemento do concello de Celanova, dado o escaso peso específico das localidades restantes, onde o baixo número de ofertas fai que as variacións acadadas non poidan ser tomadas como significativas.

Deste xeito, tanto no concello de Celanova como na totalidade da comarca preséntase un importante incremento no número de ofertas nos anos inicial e final do intervalo temporal, e un descenso nos anos intermedios. A variación final do período é tamén semellante para ambos os territorios, do 11,13% para o concello e do 11,62% para a comarca.


Pese á escasa importancia relativa das localidades restantes, é de destacar o caso do concello de Ramirás, que no conxunto destes cinco anos sofre importantes oscilacións nas ofertas recibidas, posto que estas medran considerablemente en 2000, descenden fortemente a continuación, e volvendo a incrementarse posteriormente, sobre todo entre os anos 2002 e 2003. Finalmente o número de ofertas incrementáanse, e acada unha variación media do 15,33%.

Na provincia de Ourense dáse unha situación semellante á comarca, no sentido de que entre os anos 2000 e 2002 as ofertas redúcense, aínda que dunha forma máis suave que en Terra de Celanova, do mesmo xeito que os incrementos dos anos restantes tamén son máis lixeiros. Desta forma, o crecemento final é menor que na comarca, obtendo unha variación media do 2,74%.

Tomando como referencia o resto de localidades para comparar a súa evolución coa do concello de Celanova, pódese observar o crecemento en número

absoluto de ofertas que se dá nesta localidade, cun descenso entre os anos 2001 e 2002, e os fortes incrementos que se producen nos anos 2000 e 2003. Do mesmo xeito, no resto de concellos apréciase un crecemento conxunto, onde destaca sobre todo o pequeno crecemento que se dá no ano 2000.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TABOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Quintela de Leirado	0	0,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Ramirás	0	0,00	12	14,81	5	2,16	6	1,16
Pontedevea	0	0,00	0	0,00	1	0,43	1	0,19
Verea	0	0,00	0	0,00	2	0,86	1	0,19
Cartelle	0	0,00	0	0,00	0	0,00	3	0,58
Padrenda	0	0,00	0	0,00	0	0,00	3	0,58
A Merca	3	9,09	3	3,70	0	0,00	4	0,77
A Bola	0	0,00	0	0,00	0	0,00	1	0,19
Celanova	30	90,91	66	81,48	223	96,12	497	96,13
Gomesende	0	0,00	0	0,00	1	0,43	1	0,19
TOTAL COMARCA	33	100,00	81	100,00	232	100,00	517	100,00
TOTAL PROVINCIA	126		1.001		2.224		7.763	

No sector primario, gran parte das ofertas concéntranse na localidade de Celanova, co 90,91% destas; o resto das ofertas deste sector rexístranse no concello da Merca, que engloba o 9,09% restante. Algo semellante sucede no sector secundario, onde, ademais de Celanova, as únicas localidades que reciben ofertas laborais son as de Ramirás, co 14,81%, e A Merca, co 3,70%.

No sector da construción, as ofertas xestionadas nos concellos de Ramirás, Gomeśende, Ponteveda e Vereā supoñen o 3,88% do total, quedando as restantes agrupadas en Celanova. Por último, no sector servizos, todas as localidades, agás a de Quintela de Leirado, recollen algunha oferta laboral, sendo novamente na de Celanova na que se enmarcan case todas elas, o 96,13%.

Na comarca de Terra de Celanova é de destacar o peso do sector servizos, posto que del proceden o 60% das ofertas. Os sectores que seguen en nivel de importancia son o da construción, co 27%, e o secundario, co 9% das ofertas. No ámbito provincial repítese a orde dos diferentes sectores, aínda que se incrementa en 9,84 puntos o peso do sector servizos.




GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

Dentro da industria, é salientable que o 64% das ofertas xeradas proceden das actividades de madeira e téxtil. Son tamén destacables as procedentes de metalurxia e fabricación de produtos metálicos -14%- e a de outras industrias -12%-.




GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.

O 61% das ofertas do sector servizos derívanse das actividades de administracións públicas e servizos á comunidade. Nun segundo plano sitúanse as actividades de educación -16%- e as de actividades inmobiliarias e servizos a empresas -11%-.




GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	33	76	14	17	33
Secundario	19	188	129	51	81
Construción	135	147	128	138	232
Servizos	369	477	471	439	517
TOTAL COMARCA	556	888	742	645	863
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116


TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

Segundo o sector económico, as ofertas da comarca de Terra de Celanova presentan unha evolución positiva no período 1999-2003, agás no caso do sector primario, onde a tendencia é cara ao estancamento, pois remata o período co mesmo número de ofertas que ao comezo.

En todos os sectores se produce unha progresión nas ofertas nos períodos 1999-2000 e 2002-2003, así como reducións no 2000-2001. En cambio, entre o 2001 e o 2002 decrecen os sectores secundario e servizos, e medran o primario e o da construción. O sector servizos é o que experimenta o maior crecemento nestes cinco anos, cunha variación media do 87,97%, dada sobre todo polo forte aumento que logra no primeiro ano do período. A continuación, en nivel de incremento das ofertas, sitúanse o sector secundario e o da construción, cunhas variacións medias de 43,69% e 14,50%, respectivamente.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.




Do total das ofertas recollidas na comarca, tan só o 6,49% delas especifican o sexo como requisito para ocupar un determinado posto de traballo.

Facendo unha análise pormenorizada dos sectores de actividade económica, é salientable que no sector da construción as ofertas van dirixidas aos homes.

Un caso semellante dáse no sector servizos, onde as ofertas dirixidas ao colectivo masculino superan ao feminino; non así no sector secundario, onde as mulleres superan aos homes, fenómeno producido polas ofertas procedentes da actividade de téxtil e confección, que esixen unicamente mulleres.

GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.



O 83,08% das ofertas rexistradas na comarca teñen como esixencia a posesión dun determinado nivel de estudos, se ben o 52,03% só requiren o certificado de escolaridade. O nivel máis demandado a continuación é o de titulación de ensinanza obrigatoria, co 26,19%, seguido do de estudos universitarios, co 2,08%.

As actividades que en maior medida reclaman traballadores con baixo nivel académico son as de construción e administracións públicas. Esta última é tamén a que concentra case a totalidade das demandas de titulación universitaria e bacharelato.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	1999	2000	2001	2002	2003
Albanel	0	1	3	2	16
Axente comercial / Vendedor	4	18	7	4	15
Fontaneiro	0	10	7	1	11
Administrativo	0	1	0	3	8
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral	0	0	0	2	5
Inst.montador instalacións eléct/Electricista/Aux. electric.	1	4	2	1	4
Maquinista de confección (coser, bordar, bobinar, ganduxar)	0	51	61	2	4
Auxiliar administrativo	0	0	1	2	3
Camareiro – Barman	0	1	3	11	3
Traballador forestal/peón extincións de incendios	0	1	7	2	2

As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores de Terra de Celanova no ano 2003 son as de albanel, axente comercial/vendedor, e fontaneiro.

Todas estas ocupacións seguen unha tendencia ao crecemento ao longo destes cinco anos. De feito, no ano 1999, as únicas nas que se rexistraba algunha oferta eran as de axente comercial/vendedor e instalador montador instalacións eléctricas/electricista/auxiliar electricista.

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón de obras públicas, en xeral	117	165	99	146	128
Albanel	69	32	51	54	116
Traballador retén incendios forestais	56	27	45	95	98
Técnico de protección civil	52	50	56	58	66
Fontaneiro	4	0	6	4	28
Asistente domiciliario	25	29	31	24	24
Encargado ou capataz forestal	12	4	15	6	15
Camareiro, en xeral	1	5	3	8	13
Traballador forestal, en xeral	1	7	0	0	12
Operador de serradoiros, en xeral	0	18	0	1	10

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

Nas oficinas de emprego de Terra de Celanova, as profesións máis ofertadas son as de peón de obras públicas e albanel, seguidas a certa distancia pola de traballador retén de incendios forestais.

A evolución destas ocupacións dende o ano 1999 é positiva en todos os casos, excepto no de asistente domiciliario, que sofre unha leve redución en números absolutos de ofertas. Como evolución positiva, é importante salientar a de camareiro e a de traballador forestal, que acadan variacións medias superiores ao 86%.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
A BOLA	41	3,02
A MERCA	166	12,23
CARTELLE	82	6,04
CELANOVA	594	43,77
GOMESENDE	67	4,94
PADRENDIA	188	13,85
PONTEDEVA	71	5,23
QUINTELA DE LEIRADO	44	3,24
RAMIRÁS	65	4,79
VEREA	39	2,87
TOTAL COMARCA	1.357	100,00
TOTAL PROVINCIA	50.587	2,68

A localidade onde se concentran o maior número de contratos é a de Celanova, co 43,77% do total, seguida a importante distancia pola de Padrenda, co 13,85%, e pola da Merca, co 12,23%.

Con respecto á provincia de Ourense, a comarca de Terra de Celanova representa, en volume de contratación, o 2,68% dos contratos realizados na provincia no ano 2003.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A BOLA	70	37	41	59	41	-47,14	10,81	43,90	-30,51	-12,52
A MERCA	112	114	156	180	166	1,79	36,84	15,38	-7,78	10,34
CARTELLE	133	112	122	119	82	-15,79	8,93	-2,46	-31,09	-11,39
CELANOVA	646	686	748	685	594	6,19	9,04	-8,42	-13,28	-2,08
GOMESENDE	42	35	39	45	67	-16,67	11,43	15,38	48,89	12,38
PADRENDIA	162	227	134	160	188	40,12	-40,97	19,40	17,50	3,79
PONTEDEVA	41	36	48	65	71	-12,20	33,33	35,42	9,23	14,71
QUINTELA DE LEIRADO	82	70	62	49	44	-14,63	-11,43	-20,97	-10,20	-14,41
RAMIRÁS	89	127	83	68	65	42,70	-34,65	-18,07	-4,41	-7,56
VEREA	47	36	53	64	39	-23,40	47,22	20,75	-39,06	-4,56
TOTAL COMARCA	1.424	1.480	1.486	1.494	1.357	3,93	0,41	0,54	-9,17	-1,20
TOTAL PROVINCIA	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

A evolución da contratación entre os anos 1999 e 2003 reflite un desenvolvemento e balance desiguais para as diferentes localidades da comarca. Deste xeito, só en catro dos dez concellos se incrementa o número de contratos realizados. Neste sentido é salientable o caso de Pontedevea, onde se produce o maior aumento, cunha diminución entre os anos 1999-2000, e crecemento nos anos posteriores, sobre todo entre o 2000 e o 2002.

Tamén evolucionan positivamente os concellos de Gome sende e A Merca, que acadan variacións medias do 12,38% e 10,34% respectivamente, aínda que con variacións interanuais negativas no intervalo 1999-2000 no primeiro e no 2002-2003 no segundo. Por último, é a localidade de Padrenda a que sofre o menor incremento, do 3,79%, con fortes oscilacións entre os anos 1999 e 2001.

Nos concellos restantes nos que se reducen as contratacións, é salientable o caso de Quintela de Leirado, onde se produce o maior descenso, cun decrecemento ano a ano dos contratos, e unha variación media final negativa do -14,41%. Sofren do mesmo xeito importantes diminucións as localidades da Bola e Cartelle, e, en menor medida, Celanova, por mor dos decrecementos dos últimos anos.

No conxunto da comarca, a tendencia é á redución dos contratos, cunha evolución media negativa do -1,20%, e un descenso de forma global no intervalo 2002-2003, que tamén se produce de forma máis discreta na provincia de Ourense, que neste caso acada un pequeno incremento nas contratacións, cunha variación media do 1,05%.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	264	150	414	19,45	11,05	30,51
De 26 a 35 anos	216	155	371	15,92	11,42	27,34
De 36 a 45 anos	175	118	293	12,90	8,70	21,59
De 46 a 55 anos	142	53	195	10,46	3,91	14,37
De 56 e máis anos	65	19	84	4,79	1,40	6,19
TOTAL COMARCA	862	495	1.357	63,52	36,48	100,00
TOTAL PROVINCIAL	28.784	21.803	50.587	56,90	43,10	100,00

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

A contratación na comarca de Terra de Celanova no ano 2003 caracterízase por unha distribución desigual entre homes e mulleres, englobando os primeiros o 63,52% dos contratos. No que respecta á idade, a gran maioría dos contratos asínanse entre os grupos máis novos, dado que o 57,85% das contratacións realizáronse entre menores de 36 anos.

Tanto a contratación masculina como a feminina concéntrase nos segmentos de idade máis baixos, con tendencia ao retroceso conforme a idade aumenta, fenómeno máis agudizado no caso das mulleres.

No ámbito provincial repítese a masculinización da contratación, aínda que dun xeito máis suavizado, acadando a contratación feminina case 7 puntos máis na provincia de Ourense que na comarca.


	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA% 99-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Homes	1.039	973	1.005	996	862	-6,35	3,29	-0,90	-13,45	-4,56
Mulleres	385	507	481	498	495	31,69	-5,13	3,53	-0,60	6,48
TOTAL CONTRATOS	1.424	1.480	1.486	1.494	1357	3,93	0,41	0,54	-9,17	-1,20

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

A evolución da contratación segundo o sexo neste período presenta diferenzas significativas en canto á súa traxectoria. Polo que respecta aos contratos masculinos, vense reducidos en todos os intervalos temporais, agás no 2000-2001, e acadan unha variación media do -4,56%.

No caso das mulleres, prodúcese un forte incremento no ano 2000, que, aínda que vai seguido de descensos nos anos 2000-2001 e 2002-2003, leva a que en termos xerais no período 1999-2003 os contratos femininos aumenten, obtendo así unha variación media do 6,48%.

GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.



Pódese observar como paulatinamente o peso porcentual da contratación masculina sofre unha redución nestes cinco anos, mentres que a feminina se ve incrementada. A única excepción dáse no ano 2001 para os homes, onde se incrementa levemente o seu peso porcentual, ao mesmo tempo que descende o das mulleres.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	475	481	445	440	414	1,26	-7,48	-1,12	-5,91	-3,38
De 26 a 35 anos	418	442	446	419	371	5,74	0,90	-6,05	-11,46	-2,94
De 36 a 45 anos	262	264	271	312	293	0,76	2,65	15,13	-6,09	2,84
De 46 a 55 anos	186	206	224	227	195	10,75	8,74	1,34	-14,10	1,19
De 56 e máis anos	83	87	100	96	84	4,82	14,94	-4,00	-12,50	0,30
TOTAL CONTRATOS	1.424	1.480	1.486	1.494	1357	3,93	0,41	0,54	-9,17	-1,20

Tomando como referencia a idade, a evolución da contratación na comarca vén definida por unha tendencia ao decrecemento nas idades máis baixas, mentres que nos grupos máis avanzados se da un incremento.

Deste xeito, nos menores de 26 anos redúcense as contratacións a partir do ano 2000, producíndose así unha variación media negativa do -3,38%. No grupo de 26 a 35 anos os contratos descenden a partir do 2001, e obteñen unha variación media negativa do -2,94%.

Nas idades de máis de 36 anos, os contratos só decrecen no ano 2003, ao que hai que engadir o 2002 para os maiores de 55 anos. Neste sentido, o colectivo de 36 a 45 anos é o que experimenta unha maior progresión, cunha variación media do 2,84%, seguido do de 46 a 55 anos e, por último, o de máis de 56 anos, onde o número absoluto de contratacións crece levemente, aínda que ten tendencia a estancarse.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos.

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	29	2,14
Agricultura e pesca	29	2,14
SECTOR SECUNDARIO	285	21,00
Industria	278	20,49
Electricidade	7	0,52
SECTOR CONSTRUCCIÓN	267	19,68
Construción	267	19,68
SECTOR SERVIZOS	776	57,18
Comercio e hostalería	246	18,13
Transporte e comunicacións	42	3,10
Outros servizos	488	35,96
TOTAL CONTRATOS	1.357	100,00

Máis da metade dos contratos da comarca no ano 2003 rexistráronse no sector servizos, co 57,18% do total. A continuación, a unha distancia porcentual de 36,18 puntos sitúanse o sector secundario, e a 37,5 puntos o sector da construción.

É salientable o peso dos subsectores de outros servizos, industria e construción, que supoñen conxuntamente o 76,13% das contratacións de Terra de Celanova.

Facendo unha análise máis pormenorizada do subsector industrial, obsérvase que a actividade máis significativa é a de téxtil e confección, co 32% dos contratos, seguida polas de outras industrias e fabricación de produtos minerais non metálicos, co 18% e 15% das contratacións, respectivamente.




GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.

Para o conxunto do sector servizos, a actividade cun maior volume de contratación na comarca é a de servizos á comunidade, co 21%. A continuación sitúanse as de comercio, co 17%, e a de administracións públicas, co 16% dos contratos.




GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos Servizos.

	SEXO		Menos de 26 anos	IDADE			
	Homes	Mulleres		De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	1,18	0,96	0,52	0,37	0,52	0,44	0,29
Agricultura e pesca	1,18	0,96	0,52	0,37	0,52	0,44	0,29
SECTOR SECUNDARIO	11,42	9,58	5,97	6,19	4,57	3,24	1,03
Industria	11,27	9,21	5,67	6,04	4,50	3,24	1,03
Electricidade	0,15	0,37	0,29	0,15	0,07	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	17,98	1,69	7,22	5,23	3,83	1,62	1,77
Construción	17,98	1,69	7,22	5,23	3,83	1,62	1,77
SECTOR SERVIZOS	32,94	24,24	16,80	15,55	12,68	9,06	3,10
Comercio e hostalería	7,52	10,61	8,33	4,13	3,39	1,77	0,52
Transporte e comunicacións	3,02	0,07	0,29	1,18	0,74	0,81	0,07
Outros servizos	22,40	13,56	8,18	10,24	8,55	6,48	2,51
TOTAL CONTRATOS	63,52	36,48	30,51	27,34	21,59	14,37	6,19

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

Tanto no colectivo masculino como no feminino, o maior volume de contratos están concentrados no sector servizos, seguido no caso dos homes polo sector da construción, e no das mulleres polo secundario. Tendo en conta os subsectores, o de outros servizos e construción, co 40,38%, son os que engloban o maior número de contratos masculinos. No caso das mulleres, os subsectores máis representativos son os de outros servizos e comercio e hostalería.

En función da distribución por idade, o sector servizos é o que representa maior volume contractual en todos os grupos, seguido polo sector da construción nos menores de 26 anos e maiores de 55, e polo sector secundario nos intervalos de idade restantes.

No que respecta aos subsectores, o de outros servizos maniféstase como o predominante en todos os intervalos, agás no dos menores de 26 anos, onde o subsector máis representativo é o de comercio e hostalería.

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.


	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	63	33	40	29	29	-47,62	21,21	-27,50	0,00	-17,63
Agricultura e pesca	63	33	40	29	29	-47,62	21,21	-27,50	0,00	-17,63
SECTOR SECUNDARIO	275	320	345	341	285	16,36	7,81	-1,16	-16,42	0,90
Industria	274	313	335	328	278	14,23	7,03	-2,09	-15,24	0,36
Electricidade	1	7	10	13	7	600,00	42,86	30,00	-46,15	62,66
S. CONSTRUCCIÓN	353	332	335	347	267	-5,95	0,90	3,58	-23,05	-6,74
Construción	353	332	335	347	267	-5,95	0,90	3,58	-23,05	-6,74
SECTOR SERVIZOS	733	795	766	777	776	8,46	-3,65	1,44	-0,13	1,44
Comercio e hostalería	226	265	259	277	246	17,26	-2,26	6,95	-11,19	2,14
Transporte e comunicacións	41	45	46	40	42	9,76	2,22	-13,04	5,00	0,60
Outros servizos	466	485	461	460	488	4,08	-4,95	-0,22	6,09	1,16
TOTAL CONTRATOS	1.424	1.480	1.486	1.494	1.357	3,93	0,41	0,54	-9,17	-1,20

No período 1999-2003, o sector produtivo que presenta un maior descenso no número de contratos é o primario, que sofre importantes variacións interanuais negativas nos anos 1999-2000 e 2001-2002, e que obtén unha variación media negativa do -17,63%. Tamén se reducen os contratos no sector da construción, que tras descensos nos intervalos 1999-2000 e 2002-2003, acada unha variación media do -6,74%.

No sector servizos as contratacións incrementáanse lixeiramente nestes cinco anos, cunha variación media do 1,44%. Dunha forma máis leve tamén aumentan os contratos no sector secundario, que logra unha variación media do 0,90%. En ambos os dous danse reducións nos anos 2002-2003, así como no 2001-2002 no sector secundario, e no 2000-2001 no sector servizos.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



A comarca de Terra de Celanova caracterízase por un elevado predominio da contratación temporal tanto a tempo completo como parcial, posto que o 76% dos contratos presentan esta peculiaridade. A unha gran distancia sitúanse os contratos de prácticas/formación, que supoñen o 12%, e os indefinidos, co 6%.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	2,80	2,58	0,74	1,03	1,11	1,84	0,66
Indefinido tempo parcial	0,07	0,88	0,22	0,44	0,15	0,07	0,07
Temporal	44,51	17,39	17,76	18,64	13,41	8,18	3,91
Temporal tempo parcial	3,76	10,32	5,45	4,20	3,24	0,96	0,22
Prácticas/Formación	7,44	4,42	5,82	1,40	2,28	1,47	0,88
Outros	4,94	0,88	0,52	1,62	1,40	1,84	0,44
TOTAL CONTRATOS	63,52	36,48	30,51	27,34	21,59	14,37	6,19

A temporalidade perfílase tamén como predominante en ambos os sexos, distribuíndose o 48,27% dos contratos temporais entre os homes, e o 27,71% entre as mulleres.

Na distribución por idade, segue sendo a contratación temporal nas dúas modalidades a que conta con maior peso relativo en todos os tramos, acadando o volume máis elevado no intervalo de menos de 26 anos, seguido de cerca polo de 26 a 35 anos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr., Gand.	Industr.	Electric.		Construc.	Comerc.	Transp.	Outros
Indefinido	0,22	2,80	0,00	2,80	0,59	0,96	0,22	0,59
Indefinido tempo parcial	0,00	0,15	0,00	0,15	0,07	0,29	0,00	0,44
Temporal	1,40	12,53	0,52	13,04	15,92	10,24	2,80	18,50
Temporal tempo parcial	0,44	3,61	0,00	3,61	0,81	4,94	0,07	4,20
Prácticas/Formación	0,07	1,40	0,00	1,40	2,28	1,69	0,00	6,41
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	5,82
TOTAL CONTRATOS	2,14	20,49	0,52	21,00	19,68	18,13	3,10	35,96

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

O sector produtivo que presenta unha maior temporalidade é o sector servizos, que engloba o 40,75% dos contratos temporais, seguido polo sector da construción, no que se agrupan o 16,73%.

Realizando unha división por subsectores, obsérvase que no de outros servizos, construción e comercio e hostalería xéranse de forma conxunta algo máis da metade dos contratos temporais, en concreto o 54,61% destes.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	159	121	178	125	73	-23,90	47,11	-29,78	-41,60	-17,68
Indefinido tempo parcial	11	16	10	33	13	45,45	-37,50	230,00	-60,61	4,26
Temporal	853	976	915	909	840	14,42	-6,25	-0,66	-7,59	-0,38
Temporal tempo parcial	158	200	203	166	191	26,58	1,50	-18,23	15,06	4,86
Prácticas/Formación	198	109	130	193	161	-44,95	19,27	48,46	-16,58	-5,04
Outros	45	58	50	68	79	28,89	-13,79	36,00	16,18	15,11
TOTAL CONTRATOS	1.424	1.480	1.486	1.494	1.357	3,93	0,41	0,54	-9,17	-1,20

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

A evolución segundo a tipoloxía de contratación no período 1999-2003 presenta tendencias dispares para as diferentes modalidades de contratación. Deste xeito, os contratos indefinidos a tempo completo redúcense considerablemente nestes anos, cunha variación media negativa do -17,68% e decrecementos en todos os anos, agás no 2000-2001, onde se produce un importante incremento.

Os contratos de prácticas/formación sofren do mesmo modo unha redución, menos aguda que no caso anterior, acadando unha variación media negativa do 5,04% e decrecementos nos anos inicial e final do período. Tamén descenden levemente en números absolutos os contratos temporais a tempo completo, cunha diminución continua a partir do ano 2001.

Os contratos indefinidos a tempo parcial e temporais a tempo parcial logran unha variación media positiva semellante, do 4,26% no primeiro e do 4,86% no segundo.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	1	0,07
HOMES	0	0,00
MULLERES	1	0,07
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	136	10,02
HOMES	86	6,34
MULLERES	50	3,68
3. Técnicos e profesionais de apoio	41	3,02
HOMES	25	1,84
MULLERES	16	1,18
4. Empregados de tipo administrativo	64	4,72
HOMES	12	0,88
MULLERES	52	3,83
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	273	20,12
HOMES	114	8,40
MULLERES	159	11,72
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	48	3,54
HOMES	28	2,06
MULLERES	20	1,47
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	421	31,02
HOMES	312	22,99
MULLERES	109	8,03
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	147	10,83
HOMES	131	9,65
MULLERES	16	1,18
9. Traballadores non cualificados	226	16,65
HOMES	154	11,35
MULLERES	72	5,31
TOTAL CONTRATOS	1357	100,00
TOTAL HOMES	862	63,52
TOTAL MULLERES	495	36,48

Segundo os nove grandes grupos de ocupación, e de acordo co exposto na táboa anterior, é preciso sinalar a concentración do 78,62% dos contratos nos seguintes catro grandes grupos:

- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería (31,02%).
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (20,12%).
- Traballadores non cualificados (16,65%).
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores (10,83%).

Dende outra óptica, atendendo á distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería (22,99%). • Traballadores non cualificados (11,35%). • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores (9,65%). • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (8,40%).	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio (11,72%). • Artesáns/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería (8,03%). • Traballadoras non cualificadas (5,31%). • Empregadas de tipo administrativo (3,83%).

Dada a forte presenza masculina na contratación na comarca de Terra de Celanova, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. A contratación de mulleres supera á dos homes en 3,32 puntos.
- Empregadas de tipo administrativo. A contratación feminina é 2,95 puntos superior á masculina.
- Dirección de empresas e administracións públicas. As mulleres obteñen o único contrato que se realiza neste grupo.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Traballadores non cualificados (-9,24%).
- Empregados de tipo administrativo (-4,83%).
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca (-4,62%).
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería (-2,66%).

Pola contra, o grupo que destaca sobre os demais polo seu crecemento é o de técnicos profesionais, científicos e intelectuais, que acadou unha variación media positiva do 17,23%.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, é salientable o crecemento da contratación masculina no grupo de técnicos profesionais, científicos e intelectuais, que obtivo unha variación media do 16,93%.

Por outra banda, en Terra de Celanova prodúcese un descenso na contratación de homes nos grupos de ocupación de:

- Empregados de tipo administrativo (-20,47%).
- Traballadores non cualificados (-12,93%).
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca (-9,09%).
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería (-4,49%).

No tocante ás mulleres, destaca o incremento medio na contratación nos seguintes grupos:

- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais (17,76%).
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio (12,29%).

É preciso, por último, sinalar o decrecemento que se rexistra na contratación de mulleres como operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras, que obtén unha variación media negativa do -5,43%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas.

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
71100016	Albanel	155	11,42	145	16,82	10	2,02	93,55
79360014	Cosedor á man / máq. doméstica, en xeral	79	5,82	4	0,46	75	15,15	5,06
25130104	Músico instrumentista, en xeral	75	5,53	65	7,54	10	2,02	86,67
50200018	Camareiro, en xeral	72	5,31	17	1,97	55	11,11	23,61
86300016	Condutor de camión, en xeral	66	4,86	66	7,66	0	0,00	100,00
52300046	Traballador retén incendios forestais	59	4,35	55	6,38	4	0,81	93,22
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	51	3,76	39	4,52	12	2,42	76,47
42100010	Empregado administrativo, en xeral	49	3,61	8	0,93	41	8,28	16,33
53300010	Dependente de comercio, en xeral	48	3,54	11	1,28	37	7,47	22,92
96020014	Peón da construción de edificios	42	3,10	42	4,87	0	0,00	100,00
TOTAL		696	51,29	452	52,44	244	49,29	64,94

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Tendo en conta as dez ocupacións máis contratadas no ano 2003, é salientable o alto grao de concentración que se produce en ambos os sexos no territorio, posto que o 51,29% dos contratos realizados na comarca de Terra de Celanova rexistráronse nestas ocupacións.

As mulleres tenden a ser contratadas en maior medida como cosedora á man/máquina doméstica e camareira, mentres que nos homes as ocupacións máis contratadas son as de albanel e condutor de camión.

Outro aspecto a ter en conta é o alto grao de masculinización que se produce no conxunto das ocupacións -64,94%- , destacando a masculinización da contratación nas seguintes ocupacións: condutor de camión, peón da construción de edificios, albanel, e traballador retén incendios forestais, músico instrumentista, e peón de obras públicas -todas elas cun ratio de masculinidade superior ao 75%.

Do mesmo xeito, existen catro ocupacións eminentemente femininas, cunha ratio de masculinidade inferior ao 30%: as de cosedora á man/máquina doméstica, empregada administrativa, dependente de comercio e camareira.

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
71100016	Albanel	174	130	161	166	155
79360014	Cosedor á man / máq. doméstica, en xeral	48	42	27	48	79
25130104	Músico instrumentista, en xeral	37	44	36	61	75
50200018	Camareiro, en xeral	56	68	67	78	72
86300016	Condutor de camión, en xeral	54	70	65	64	66
52300046	Traballador retén incendios forestais	55	7	30	67	59
96010011	Peón de obras públicas, en xeral	107	105	40	58	51
42100010	Empregado administrativo, en xeral	35	67	51	53	49
53300010	Dependente de comercio, en xeral	43	35	29	34	48
96020014	Peón da construción de edificios	45	50	51	76	42
71300018	CARPINTEIRO, EN XERAL	45	46	38	44	35
81410028	OPERADOR DE SERRADOIROS, EN XERAL	33	65	32	27	18
72300015	INSTALADOR ELECTRICISTA, EN XERAL	21	42	13	18	15
83630013	OPERARIO MÁQUINA INDUSTRIAL DE COSER E BORDAR, EN XERAL	13	29	60	28	13
60220121	TRABALLADOR CONSERVACIÓN PARQUES, XARDÍNS HISTÓRICOS	9	37	36	8	3

Polo que respecta á evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003, prodúcese lixeiras oscilacións en canto á súa composición, en tanto que oito delas aparecen e desaparecen desta lista ao longo deste período.

É salientable, como evolución positiva, a de músico instrumentista, na que se produce unha variación media do 19,32%, con só un descenso entre os anos 2000 e 2001. Tamén acada un incremento importante a ocupación de cosedor á man/máquina doméstica, que despois de reducirse entre os anos 1999 e 2001, aumenta considerablemente nos posteriores.

No que respecta ás ocupacións nas que os contratos decrecen neste intervalo temporal, é destacable o caso de traballador en conservación parques e xardíns, que aumenta de forma aguda entre o 1999 e o 2000, e redúcese nos anos seguintes, acadando unha variación media do -24,02%. Son tamén importantes os descensos sufridos por peón de obras públicas e operador de serradoiros.



Comarca de Terra de Trives



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A maioría das empresas da comarca de Terra de Trives está situada dentro do sector servizos, que representa o 69,17%. A continuación aparece o sector da construción, co 15,83% e o secundario, co 13,33% das empresas. No que respecta aos subsectores, hai que destacar que os de comercio e hostalería e outros servizos engloban máis da metade das empresas da comarca, en concreto o 61,67%.

Os traballadores concéntranse maiormente no sector servizos, co 39,40% do total, seguidos moi de cerca polos traballadores do sector primario, que supoñen o 35,07%. Nun terceiro lugar colócase o sector secundario, co 17,31%. En canto aos subsectores, son os de agricultura e pesca, co 35,07%, e comercio e hostalería, co 23,58%, os que agrupan a maioría de traballadores.

Os autónomos reúnen maioritariamente no sector servizos, que inclúe o 71,29% destes. Séguelle en orde de importancia o sector da construción, co 16,27%, e o secundario, co 8,13%. Facendo unha análise máis pormenorizada dos subsectores económicos, obsérvase que o de comercio e hostalería representan case a metade dos traballadores -48,33%-, seguido neste caso a considerable distancia polo da construción, co 16,27%.

5.1.2. Evolución anual

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	11	10	13	10	2
Agricultura e pesca	11	10	13	10	2
SECTOR SECUNDARIO	12	14	15	17	16
Industria	11	13	14	16	15
Electricidade	1	1	1	1	1
SECTOR CONSTRUCCIÓN	20	16	19	18	19
Construción	20	16	19	18	19
SECTOR SERVIZOS	69	69	74	77	83
Comercio e hostalería	36	33	37	35	35
Transporte e comunicacións	7	7	6	7	9
Outros servizos	26	29	31	35	39
TOTAL	112	109	121	122	120


TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

Nos anos comprendidos entre 1999 e 2003, os sectores primario e da construción experimentan unha redución do número de empresas. No primeiro deles a redución é considerable, cunha variación media negativa do -34,70% e un forte decrecemento no ano 2003, mentres que no segundo o descenso é menor -1,27%.

O sector secundario presenta un crecemento constante, roto polo descenso no intervalo 2002-2003 e logra unha variación media do 7,46%. O sector servizos é o que obtén un maior aumento en números absolutos, cunha variación media do 4,73%, e mostra un incremento paulatino en todo o período. Dentro deste sector é importante sinalar a evolución dos diferentes subsectores, posto que o de comercio e hostalería decrece lixeiramente, mentres que o de outros servizos medra por riba do conxunto, cunha variación media do 10,67%.

Esta situación deriva nun lixeiro incremento global do número de empresas na comarca, cun aumento nos anos intermedios do período e cun descenso nos anos 2000 e 2003. A variación media final é do 1,74%.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.




TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	200	216	238	222	235
Agricultura e pesca	200	216	238	222	235
SECTOR SECUNDARIO	113	106	128	117	116
Industria	102	92	106	104	103
Electricidade	11	14	22	13	13
SECTOR CONSTRUCCIÓN	69	67	68	66	55
Construción	69	67	68	66	55
SECTOR SERVIZOS	237	233	271	245	264
Comercio e hostalería	142	136	160	144	158
Transporte e comunicacións	19	19	17	18	20
Outros servizos	76	78	94	83	86
TOTAL	619	622	705	650	670

O sector da construción é o único onde a evolución do número de traballadores no período 1999-2003 reflite resultados negativos, obtendo unha variación media do -5,51%. O sector primario é onde se pode observar unha maior progresión, dada por unha evolución positiva en todos os anos, agás no 2002, onde se manifesta unha certa redución dos traballadores do sector.

O sector servizos aumenta en menor medida, cunha variación media do 2,73%, e decrecementos nos anos 2000 e 2002. Por último, o sector secundario amosa unha tendencia cara ao estancamento, aínda que cunha leve subida en números absolutos.

GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.



De forma conxunta, o número de traballadores da comarca de Terra de Trives rexistra un desenvolvemento positivo nestes cinco anos, onde só cabe sinalar a variación interanual negativa de todo o conxunto en 2002 do -7,80%, cunha variación media, finalmente, do 2%.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	2	3	7	7	9
Agricultura e pesca	2	3	7	7	9
SECTOR SECUNDARIO	8	11	14	15	17
Industria	8	11	14	15	17
Electricidade	0	0	0	0	0
SECTOR CONSTRUCCIÓN	22	25	30	31	34
Construción	22	25	30	31	34
SECTOR SERVICIOS	109	116	135	142	149
Comercio e hostalería	78	83	92	100	101
Transporte e comunicacións	12	11	16	17	19
Outros servizos	19	22	27	25	29
TOTAL	141	155	186	195	209

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

En termos absolutos, o número de autónomos increméntase neste quinquenio na comarca, cunha evolución positiva en todos os intervalos temporais, onde sobresaíe a variación interanual do 20% acadada entre os anos 2000-2001, e, finalmente, cunha variación media do 10,34%.

Todos os sectores produtivos rexistran un aumento do número de autónomos que os conforman, destacando sobre todo polo seu incremento en termos absolutos o sector servizos, cunha variación media do 8,13% e unha progresión continuada ao longo destes cinco anos. Dentro deste sector prodúcense as únicas reducións de todo o conxunto, que se rexistran no subsector de transporte e comunicacións no intervalo 1999-2000 e no de outros servizos no 2001-2002.




GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.


	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Pobra de Trives	145	95	240
Chandreja de Queixa	28	8	36
Manzaneda	50	27	77
San Xoán de Río	35	17	52
TOTAL	258	147	405

% comarca/provincia - PARADOS	1,40
--------------------------------------	-------------

% comarca/provincia - NON PARADOS	1,40
--	-------------

O concello da Pobra de Trives agrupa máis da metade dos demandantes de emprego da comarca, o 59,26% do total. A considerable distancia está o de Manzaneda, co 19,01%, e o de San Xoán de Río, que engloba o 12,84% da demanda laboral.

GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.



No ano 2003 recibíronse 405 demandas, que se distribúen de forma maioritaria entre os demandantes parados, que superan aos non parados en todas as localidades, representando o 63,70% do total da comarca.

En relación coa provincia de Ourense, a comarca amosa o mesmo peso relativo nos demandantes parados e non parados, que supoñen cada un deles o 1,40% da demanda provincial.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	269	243	223	251	258
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	-9,67	-8,23	12,56	2,79
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	1,50	1,38	1,33	1,38	1,40

Para o conxunto dos demandantes en paro da comarca de Terra de Trives, obsérvase unha leve tendencia ao decrecemento neste intervalo temporal, que se dá, sobre todo, entre os anos 2000 e 2001, cunha certa recuperación nos posteriores.

O peso relativo dos demandantes en paro da comarca con respecto á provincia redúcese tamén lixeiramente neste quinquenio, diminuindo nos anos iniciais e tendendo á recuperación nos finais.




GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	27	6,67	10,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	231	57,04	53,19
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	23	5,68	5,15
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	64	15,80	15,38
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	15	3,70	4,76
	En expediente de regulación de emprego	7	1,73	0,40
	Demandantes de mellora de emprego	31	7,65	7,08
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	5	1,23	3,03
	Resto de demandantes	2	0,49	0,42
TOTAL		405	100,00	100,00

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

Máis da metade dos demandantes de emprego da comarca son parados con emprego anterior, que supoñen o 57,04% do total. A este colectivo séguelle en orde de importancia o dos non parados con emprego anterior -15,80%-, o dos non parados demandantes de mellora de emprego -7,65%- e o dos parados sen emprego anterior -6,67%-.

En relación coa provincia de Ourense, cómpre sinalar a proximidade da situación laboral dos demandantes, onde a única diferenza salientable é o incremento en 3,92 puntos con respecto á comarca dos parados sen emprego anterior, así como o descenso en 3,85 puntos nos parados con emprego anterior.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	14	9	5,43	3,49	8,91	15,17
26 a 35 anos	37	28	14,34	10,85	25,19	25,82
36 a 45 anos	41	18	15,89	6,98	22,87	21,11
46 a 55 anos	40	20	15,50	7,75	23,26	20,00
56 e máis anos	43	8	16,67	3,10	19,77	17,90
TOTAL COMARCA	175	83	67,83	32,17	100,00	1,40
TOTAL PROVINCIA	7.856	10.584	42,60	57,40	1,40	100,00

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

A maioría dos demandantes parados da comarca son homes e representan o 67,83% do total.

En todos os grupos de idade, a presenza porcentual dos homes é superior á das mulleres. Nos primeiros hai unha distribución moi regular nos intervalos de idade comprendidos entre os maiores de 26 anos, en tanto que nas mulleres destacan as que teñen entre 26 e 35 anos.

No conxunto da provincia, o grupo de idade máis significativos segue sendo o de 26 a 35 anos. As diferenzas denótanse en canto ao peso porcentual dos menores de 26 anos, que é 6,26 puntos superior na provincia, e o dos de 46 a 55 anos, que é 3,26 puntos inferior.

No que respecta ao sexo, a desigualdade entre homes e mulleres invértese na provincia, que presenta unha maioría feminina de demandantes parados, representando 25,23 puntos máis que na comarca.

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	15	13	10,20	8,84	19,05	20,44
26 a 35 anos	9	16	6,12	10,88	17,01	25,77
36 a 45 anos	12	27	8,16	18,37	26,53	20,01
46 a 55 anos	11	23	7,48	15,65	23,13	16,76
56 e máis anos	11	10	7,48	6,80	14,29	17,03
TOTAL Comarca	58	89	39,46	60,54	100,00	1,40
TOTAL Provincia	3.865	6.607	36,91	63,09	1,40	100,00


No caso dos demandantes non parados, os datos mostran unha demanda maioritariamente feminina, posto que o 60,54% está composta por mulleres. No relativo á idade, o 49,66% do total de demandantes non parados teñen entre 36 e 55 anos.

As mulleres superan porcentualmente aos homes nos grupos de idade intermedios; quedan os homes por encima nos menores de 26 anos e nos maiores de 55. O grupo de idade máis numeroso é o das mulleres de 36 a 45 anos, seguido polo das de 46 a 55 anos. No que se refire aos homes, os menores de 26 anos son os que máis peso achegan ao conxunto, situándose a continuación os de 36 a 45.

Na provincia de Ourense, a diferenza da comarca, os grupos de idade máis significativos son os dos menores de 36 anos. A nivel porcentual, as diverxencias máis destacables son o incremento no ámbito provincial do intervalo de 26 a 35 anos e o descenso nos intervalos que van de 36 a 55 anos. No referente á distribución por sexo, os datos son semellantes; aumentando levemente na provincia as mulleres demandantes non paradas.

Vemos neste gráfico o predominio dos demandantes parados sobre os non parados en todos os grupos de idade, agás no dos menores de 26 anos, no que a situación se inverte. Do mesmo xeito, no colectivo de parados o grupo máis importante é o de 26 a 35 anos, mentres que no de non parados é o inmediatamente superior. Por outra parte, onde se aprecia unha menor concentración de demandantes é no caso dos non parados de máis de 55 anos e no caso dos parados no tramo de menos de 26 anos.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.



A presenza masculina é superior no caso dos demandantes parados, mentres que é superior á feminina no continxente de demandantes non parados. No caso dos homes, o número de parados supera ao dos non parados, mentres que nas mulleres se rexistra a situación inversa.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	136	52,71	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	64	24,81	32,57
Formación profesional	22	8,53	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	20	7,75	14,65
Titulados universitarios	9	3,49	12,07
Outras titulacións	7	2,71	1,70
TOTAL	258	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

A maioría dos demandantes parados de Terra de Trives só chegan ata o certificado de escolaridade -52,71%-, seguidos a considerable distancia dos que teñen a titulación de ensinanza obrigatoria -24,81%- e formación profesional -8,53%-.

No ámbito provincial, a situación reflite diferenzas significativas, posto que os que obtiveron o certificado de escolaridade redúcense de forma importante, en 19,9 puntos, mentres que se incrementan considerablemente os que posúen a titulación de ensinanza obrigatoria, bacharelato e estudos universitarios.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	56	38,10	36,50
Titulación de ensinanza obrigatoria	42	28,57	26,81
Formación profesional	13	8,84	6,81
BUP/Bacharelato superior/COU	20	13,61	16,18
Titulados universitarios	13	8,84	12,40
Outras titulacións	3	2,04	1,30
TOTAL	147	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

Entre os demandantes de emprego non parados, o colectivo máis significativo é o dos que chegan ata o certificado de escolaridade, que representa o 38,10% do total. A continuación sitúanse aqueles con titulación de ensinanza obrigatoria, co 28,57%, e os que posúen o bacharelato, co 13,61%.

No ámbito provincial os datos son semellantes, con porcentaxes case idénticas; destaca en todo caso o aumento nos titulados en bacharelato e universitarios con respecto á comarca.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	4,26	0,78	0,39	5,43
	Mulleres	3,10	0,39	0,00	3,49
26 a 35 anos	Homes	9,69	1,55	3,10	14,34
	Mulleres	6,59	0,78	3,49	10,85
36 a 45 anos	Homes	12,02	1,55	2,33	15,89
	Mulleres	3,49	1,55	1,94	6,98
46 a 55 anos	Homes	7,75	1,94	5,81	15,50
	Mulleres	2,33	0,78	4,65	7,75
56 e máis anos	Homes	6,59	1,16	8,91	16,67
	Mulleres	0,78	0,78	1,55	3,10
TOTAL COMARCA		56,59	11,24	32,17	100,00
TOTAL PROVINCIA		43,54	14,46	42,01	100,00

Máis da metade dos demandantes parados da comarca levan buscando emprego menos de seis meses -56,59%-, seguidos dos que levan máis dun ano, que supoñen o 32,17% do total.

A distribución de valores segundo a idade mostra a tendencia ao paro de curta duración en todos os grupos, agás no caso dos homes maiores de 55 anos e as mulleres maiores de 45 anos, que tenden ao paro de longa duración.

No que atinxe ao sexo, a presenza masculina é superior á feminina en todas as circunstancias, acadando a diferenza maior no paro de menos de seis meses, onde a porcentaxe dos homes supera á das mulleres en 24,02 puntos. É de destacar tamén neste sentido que o 12,02% que levan buscando emprego menos de seis meses teñen entre 36 e 45 anos e son homes.

Comparando esta situación coa do conxunto da provincia de Ourense, obsérvase unha menor tendencia ao paro de curta duración na provincia, onde a porcentaxe de parados de curta duración é similar a dos parados de longa duración.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	6	2,33	2,52	3	2,04	2,52
Sector secundario	40	15,50	15,61	23	15,65	13,28
Construción	65	25,19	14,95	16	10,88	9,90
Sector servizos	120	46,51	50,49	78	53,06	55,73
Sen actividade previa	27	10,47	16,43	27	18,37	18,56
TOTAL	258	100,00	100,00	147	100,00	100,00

Atendendo á actividade económica de procedencia, case a metade dos demandantes parados proceden do sector servizos, seguidos polos que veñen da construción, que representan a cuarta parte, e polos derivados do sector secundario, co 15,50% do total. No ámbito provincial as diferenzas maniféstanse no descenso en algo máis de dez puntos dos procedentes do sector da construción, así como no incremento dos demandantes do sector servizos.

Máis da metade dos demandantes non parados orixínanse no sector servizos. A continuación sitúanse os que proveñen do sector secundario, que supoñen o 15,65%. Na provincia de Ourense os datos son moi semellantes, cunha distribución porcentual próxima á de Terra de Trives.

De forma conxunta, a maior parte dos demandantes de emprego proceden do sector servizos, que aglutina o 48,89% do total. Os que se derivan do sector da construción supoñen o 20%, mentres que en terceiro lugar están os demandantes do sector secundario, que representan o 15,55% do total da comarca.

A maior parte dos demandantes parados dentro da industria proveñen da actividade de outras industrias, co 42% do total, seguidos pola industria téxtil e da confección co 21%, e da madeira, co 17%.




GRÁFICO 8: Demandantes parados na Industria.

A actividade que destaca pola súa presenza dentro dos servizos é a das administracións públicas, que supón o 27% dos demandantes. Nun segundo lugar sitúanse as de sanidade e servizos sociais e comercio, co 15% en ambas as dúas actividades.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos Servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Peón da construción de edificios	65	16,05	3,96
Empregado administrativo, en xeral.	42	10,37	8,75
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	39	9,63	9,34
Peón da ind. manufactureira, en xeral	31	7,65	4,57
Albanel	22	5,43	2,58
Dependente de comercio, en xeral	18	4,44	8,01
Camareiro, en xeral.	15	3,70	2,74
Instalador electricista, en xeral	9	2,22	0,50
Técnico administrativo, en xeral.	8	1,98	0,71
Ordenanza	6	1,48	0,51

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Homes	Mulleres
Grupo idade	De 36 a 45 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Peón da construción de edificios	Muller-Mozo de limpeza, Limpador

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Manzaneda	8	5,93
A Pobra de Trives	126	93,33
San Xoán de Río	1	0,74
TOTAL COMARCA	135	100,00

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	11.116
COMARCA/PROVINCIA:	1,21

Na comarca de Terra de Trives recolléronse no ano 2003 un total de 135 ofertas de emprego, que representan o 1,21% das realizadas na provincia de Ourense.

A localidade da Pobra de Trives engloba case todas estas ofertas, supoñendo o 93,33% delas. As restantes quedan repartidas entre Manzaneda, co 5,93%, e San Xoán de Río, co 0,74% das ofertas comarcais; non hai ofertas rexistradas para Chandrexa de Queixa.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
A Pobra de Trives	95	141	133	87	126	48,42	-5,67	-34,59	44,83	7,32
San Xoán de Río	1	2	0	0	1	100,00				0,00
Manzaneda	5	49	10	12	8	880,00	-79,59	20,00	-33,33	12,47
Chandrexa de Queixa	2	0	0	0	0					-100,00
TOTAL COMARCA	103	192	143	99	135	86,41	-25,52	-30,77	36,36	7,00
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116	30,02	-10,06	-6,80	2,25	2,74

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

A evolución das ofertas da comarca está marcada polo desenvolvemento da Pobra de Trives, aínda que hai que comentar en todo caso o comportamento de Manzaneda, onde se dá un forte incremento no ano 2000 en termos absolutos, descendendo en anos posteriores.

Deste xeito, tanto na comarca como na Pobra de Trives as ofertas aumentan de forma considerable nos anos inicial e final do período, reducíndose nos intermedios. As variacións medias acadadas son do 7,32% para o concello, e do 7% para o conxunto comarcal. Esta variación está por riba da provincia, onde o incremento é tan só dun 2,74%.

Debido á concentración da maioría das ofertas no concello da Pobra de Trives, agrúpanse o resto de localidades para comparar así a súa evolución. Maniféstanse así as fortes subidas que se dan na Pobra de Trives nos anos 2000 e 2003, así como os descenso nos anos restantes, sendo o máis significativo o producido no ano 2002. Algo semellante sucede no resto de localidades, coa excepción de que tras a diminución do ano 2001 non se recupera posteriormente.




GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.


5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TÁBOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
A Pobra de Trives	0	0,00	18	90,00	4	100,00	104	94,55
San Xoán de Río	1	100,00	0	0,00	0	0,00	0	0,00
Manzaneda	0	0,00	2	10,00	0	0,00	6	5,45
TOTAL COMARCA	1	100,00	20	100,00	4	100,00	110	100,00
TOTAL PROVINCIA	126		1.001		2.224		7.763	

A maioría das ofertas pertencen ao sector dos servizos, centrándose case todas na Pobra de Trives. En segundo lugar destacan as ofertas do sector secundario no mesmo concello. Tamén se pode destacar que nos sectores primario e da construción no ano 2003 só se rexistran ofertas nun concello, o de San Xoán de Río, no primeiro caso, e o da Pobra de Trives, no segundo.


GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



Oito de cada dez ofertas da comarca realízanse no ámbito do sector servizos. Os sectores que seguen a este en orde de importancia son o secundario, co 15%, e o da construción co 3%.

Das 20 ofertas rexistradas na industria, a metade proceden da actividade de téxtil e confección.

GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas nos Servizos.



Dentro do sector servizos cómpre salientar que o 70% das ofertas laborais están referidas ás administracións públicas e sanidade e servizos sociais. A continuación, a gran distancia porcentual, sitúase a actividade de servizos á comunidade.

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	0	0	0	0	1
Secundario	18	31	29	19	20
Construción	22	34	11	14	4
Servizos	63	127	103	66	110
TOTAL COMARCA	103	192	143	99	135
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116

O número de ofertas de Trives increméntase ao longo do período e ofrece un crecemento do 7%. O sector onde se aprecia o crecemento máis elevado é o de servizos, que presenta unha variación media do 14,95%. O secundario tamén incrementa o número de ofertas, se ben nunha proporción moito menor, nun 2,67%. Pola contra, o sector da construción sofre un retroceso do -34,70%.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Dun total de 135 ofertas de emprego, tan só sete tiñan como requirimento o sexo para acceder a ese posto de traballo, polo cal non ten significación facer comentario ningún sobre esta particularidade.

O 80% das ofertas rexistradas na comarca no ano 2003 teñen como existencia a posesión dun determinado nivel de estudos, aínda que o 45,18% delas só solicitan a posesión como máximo de certificado de escolaridade. Os niveis máis demandados a continuación son os de formación profesional, co 17,04%, e titulación de ensinanza obrigatoria, co 11,85%.




GRÁFICO 13: Ofertas por nivel académico da comarca.

As actividades que demandan en maior medida traballadores con baixo nivel de cualificación son a de administracións públicas e a de enerxía eléctrica, gas e auga. Na de servizos á comunidade requírense en maior medida titulados de ensinanza obrigatoria e na de sanidade e servizos sociais solicítanse máis titulados en formación profesional.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

	1999	2000	2001	2002	2003
Asistente domiciliario	3	4	4	0	20
Peón da construción de edificios	39	51	4	9	19
Peón forestal	4	7	7	7	14
Actor/actriz	0	0	8	11	8
Peón de obras públicas, en xeral	0	0	19	6	6
Albanel	15	26	19	12	5
Auxiliar de clínica	1	1	3	8	5
Empregado administrativo, en xeral.	0	2	1	1	4
Vixilante instalacións deportivas	0	1	2	1	4
Animador turístico	0	3	0	2	4

TÁBOA 17: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

As ofertas realizadas polos centros colaboradores son practicamente insignificantes, xa que tan só rexistran un total de cinco ofertas en 2003, dúas menos que no ano anterior.

Nas oficinas de emprego da comarca de Terra de Trives, as tres ocupacións máis demandadas no ano 2003 son as de asistente domiciliario, peón da construción de edificios e peón forestal.

En canto á evolución destas ofertas, cómpre destacar os casos de asistente domiciliario, que se incrementa considerablemente, sobre todo no ano 2003, e de peón da construción de edificios, que sofre un agudo descenso no ano 2001 e que, pese á recuperación posterior no ano 2003, non acada o número de ofertas de partida no inicio do quinquenio. Outra das ocupacións máis salientables é a de albanel, que presenta oscilacións importantes, perdendo peso nos últimos anos, tras rexistrar 26 ofertas en 2000.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
A POBRA DE TRIVES	306	62,07
CHANDREXA DE QUEIXA	56	11,36
MANZANEDA	119	24,14
SAN XOÁN DE RÍO	12	2,43
TOTAL COMARCA	493	100,00
TOTAL PROVINCIA	50.587	0,97

As contratacións realizadas na comarca da Pobra de Trives no ano 2003 supoñen o 0,97% das realizadas no conxunto da provincia de Ourense. Destes contratos, a maioría foron xestionados no concello da Pobra de Trives, que representa o 62,07% do total, seguido polo de Manzaneda, co 24,14%.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A POBRA DE TRIVES	386	421	397	268	306	9,07	-5,70	-32,49	14,18	-5,64
CHANDREXA DE QUEIXA	47	48	57	50	56	2,13	18,75	-12,28	12,00	4,48
MANZANEDA	126	118	121	75	119	-6,35	2,54	-38,02	58,67	-1,42
SAN XOÁN DE RÍO	25	22	29	19	12	-12,00	31,82	-34,48	-36,84	-16,76
TOTAL COMARCA	584	609	604	412	493	4,28	-0,82	-31,79	19,66	-4,15
TOTAL PROVINCIA	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

O desenvolvemento da contratación na comarca no período 1999-2003 reflíte unha evolución negativa para todas as localidades, agás para a de Chandrexa de Queixa. Hai que destacar que no intervalo 2001-2002 en todos os concellos existe un importante decrecemento no número de contratos, algo máis reducido no de Chandrexa de Queixa, que é o único que logra unha variación media positiva, do 4,48%.

O concello onde se reducen en maior medida os contratos en números absolutos é o da Pobra de Trives, onde só se incrementan nos anos inicial e final do período, obtendo unha variación media do -5,64%. Nunha menor medida decrecen os contratos en Manzaneda, cunha variación media do -1,42%.

No ámbito comarcal o desenvolvemento é do mesmo xeito negativo, rexistrando descensos nos anos intermedios do quinquenio, e acadando unha variación media negativa do -4,15%. Esta situación é diferente á da provincia, que presenta un leve incremento das contratacións, cunha evolución positiva ata o ano 2002.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	85	79	164	17,24	16,02	33,26
De 26 a 35 anos	75	63	138	15,21	12,78	27,99
De 36 a 45 anos	62	28	90	12,58	5,68	18,26
De 46 a 55 anos	51	32	83	10,34	6,49	16,83
De 56 e máis anos	15	3	18	3,04	0,61	3,65
TOTAL COMARCA	288	205	493	58,42	41,58	100,00
TOTAL PROVINCIAL	28.784	21.803	50.587	56,90	43,10	100,00

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

Máis da metade dos contratos xestionados no ano 2003 na comarca de Terra de Trives fánelles a homes, en concreto o 58,42%. Esta circunstancia reproducese no conxunto provincial, cunha diferenza levemente menor.

No que se refire á distribución por idade, tanto os contratos de homes como os das mulleres concéntranse nos intervalos de idade máis novos, de menos de 36 anos. Deste xeito, no ámbito comarcal, o grupo de idade que achega un maior peso ao conxunto é o de menos de 26 anos, co 33,26% das contratacións, seguido do de 26 a 35 anos, co 27,99%. A medida que a idade avanza, os contratos diminúen, sendo o descenso máis considerable o que aparece nos maiores de 55 anos, que se reducen en 13,18 puntos con respecto ao intervalo inmediatamente superior.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA% 99-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Homes	385	374	347	222	288	-2,86	-7,22	-36,02	29,73	-7,00
Mulleres	199	235	257	190	205	18,09	9,36	-26,07	7,89	0,75
TOTAL CONTRATOS	584	609	604	412	493	4,28	-0,82	-31,79	19,66	-4,15

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

Tendo en conta a evolución da contratación segundo o sexo neste período, aprécianse diferenzas significativas no comportamento das contratacións masculinas e femininas. Deste xeito, os contratos de homes manifestan unha importante redución, con descensos continuados ata o ano 2003, no que se produce unha recuperación importante do 29,73%. A variación media final entre os homes é do -7%, mentres que nas mulleres é do 0,75%, o que indica unha tendencia á estabilidade, cun lixeiro incremento en números absolutos.

Pódese observar graficamente como o peso porcentual da contratación masculina se reduce paulatinamente, mentres que a contratación feminina achega cada vez máis peso ao conxunto. A única excepción dáse no ano 2003, onde os contratos dos homes recuperan parte da representatividade perdida en anos anteriores.




GRÁFICO 14: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	137	137	143	98	164	0,00	4,38	-31,47	67,35	4,60
De 26 a 35 anos	221	200	207	143	138	-9,50	3,50	-30,92	-3,50	-11,11
De 36 a 45 anos	125	146	142	78	90	16,80	-2,74	-45,07	15,38	-7,88
De 46 a 55 anos	73	93	84	78	83	27,40	-9,68	-7,14	6,41	3,26
De 56 e máis anos	28	33	28	15	18	17,86	-15,15	-46,43	20,00	-10,46
TOTAL CONTRATOS	584	609	604	412	493	4,28	-0,82	-31,79	19,66	-4,15

A evolución da contratación segundo a idade dos contratados vén caracterizada por unha progresión diferente en todos os grupos. Os únicos nos que se produce un aumento son o dos menores de 26 anos e o de 46 a 55 anos, cunha variación media do 4,60% e do 3,26% respectivamente. Destaca no primeiro deles o incremento rexistrado no intervalo 2002-2003, no que obtén unha variación interanual do 67,35%.

Nos grupos de idade restantes, os contratos tenden ao decrecemento. Os descensos máis agudos en números absolutos aparecen no de 26 a 35 anos, cunha variación media de -11,11%, e no de maiores de 55 anos, que acada unha variación media de -10,46%.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	8	1,62
Agricultura e pesca	8	1,62
SECTOR SECUNDARIO	137	27,79
Industria	121	24,54
Electricidade	16	3,25
SECTOR CONSTRUCCIÓN	81	16,43
Construción	81	16,43
SECTOR SERVIZOS	267	54,16
Comercio e hostalería	75	15,21
Transporte e comunicacións	13	2,64
Outros servizos	179	36,31
TOTAL CONTRATOS	493	100,00

Algo máis da metade dos contratos da comarca de Terra de Trives no ano 2003 xorden no sector servizos. A continuación sitúase o sector secundario, co 27,79%, e o da construción, co 16,43%. No que respecta aos subsectores, cómpre sinalar que os de outros servizos e industria, os dous de maior peso, xeran conxuntamente o 60,85% das contratacións.

Case oito de cada dez contratos realizados na industria no ano 2003 proceden da actividade de outras industrias. O 21% restante repártese no resto de actividades, onde destacan a da metalurxia e fabricación de produtos de metal, co 13%, e a alimentación, co 5%.




GRÁFICO 15: Distribución porcentual da contratación na Industria.

Dentro do sector servizos, a actividade de máis significativa é a de sanidade e servizos sociais, co 31% dos contratos. Despois están as de hostalería e administracións públicas, co 21% e 20% das contratacións respectivamente. O 28% restante repártese nas demais actividades, prevalecendo a de servizos á comunidade, co 10%.




GRÁFICO 16: Distribución porcentual da contratación nos Servizos.

	SEXO		Menos de 26 anos	IDADE			
	Homes	Mulleres		De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	1,62	0,00	1,22	0,41	0,00	0,00	0,00
Agricultura e pesca	1,62	0,00	1,22	0,41	0,00	0,00	0,00
SECTOR SECUNDARIO	17,04	10,75	14,20	5,27	4,26	3,25	0,81
Industria	14,60	9,94	12,58	4,87	3,65	3,04	0,41
Electricidade	2,43	0,81	1,62	0,41	0,61	0,20	0,41
SECTOR CONSTRUCCIÓN	16,02	0,41	3,85	5,88	3,04	2,84	0,81
Construción	16,02	0,41	3,85	5,88	3,04	2,84	0,81
SECTOR SERVIZOS	23,73	30,43	14,00	16,43	10,95	10,75	2,03
Comercio e hostalería	5,68	9,53	6,69	3,85	2,84	1,42	0,41
Transporte e comunicacións	2,64	0,00	0,41	0,61	0,41	0,81	0,41
Outros servizos	15,42	20,89	6,90	11,97	7,71	8,52	1,22
TOTAL CONTRATOS	58,42	41,58	33,27	27,99	18,26	16,84	3,65

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

No colectivo feminino, os contratos concéntranse maioritariamente no sector servizos, seguido a considerable distancia polo secundario. No caso masculino, a maior parte das contratacións rexístranse tamén no sector servizos, repartíndose o resto entre o sector secundario e o da construción. No referente aos subsectores, é salientable que case a metade dos contratos femininos se sitúan no de outros servizos, mentres que os masculinos agrúpanse maioritariamente nos de construción, outros servizos e industria.

En función da distribución por idade, o sector servizos é o que ten un maior volume contractual en todos os grupos, agás no dos menores de 26 anos, onde o posto é ocupado polo sector secundario. No que respecta aos subsectores, o de industria é predominante nos menores de 26 anos e o de outros servizos nas idades restantes.


TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
SECTOR PRIMARIO	7	6	8	7	8	-14,29	33,33	-12,50	14,29	3,39
Agricultura e pesca	7	6	8	7	8	-14,29	33,33	-12,50	14,29	3,39
SECTOR SECUNDARIO	185	188	183	83	137	1,62	-2,66	-54,64	65,06	-7,23
Industria	154	162	158	67	121	5,19	-2,47	-57,59	80,60	-5,85
Electricidade	31	26	25	16	16	-16,13	-3,85	-36,00	0,00	-15,24
S. CONSTRUCCIÓN	84	83	88	59	81	-1,19	6,02	-32,95	37,29	-0,91
Construcción	84	83	88	59	81	-1,19	6,02	-32,95	37,29	-0,91
SECTOR SERVICIOS	308	332	325	263	267	7,79	-2,11	-19,08	1,52	-3,51
Comercio e hostalería	101	101	114	92	75	0,00	12,87	-19,30	-18,48	-7,17
Transporte e comunicacións	14	17	11	8	13	21,43	-35,29	-27,27	62,50	-1,84
Outros servizos	193	214	200	163	179	10,88	-6,54	-18,50	9,82	-1,86
TOTAL CONTRATOS	584	609	604	412	493	4,28	-0,82	-31,79	19,66	-4,15

No conxunto do período maniféstase unha evolución negativa para todos os sectores produtivos, agás para o primario, que incrementa moi levemente o número de contratos. O sector secundario é o que obtén a variación media máis reducida, de -7,23%, con descensos nos anos intermedios do quinquenio, así como unha importante subida en 2003. O sector servizos presenta unha variación media de -3,51% e logra pequenos aumentos nos anos inicial e final do período. Dentro deste sector destaca o caso do subsector de comercio e hostalería, que se incrementa no intervalo 2000-2001, e se reduce no resto, obtendo finalmente unha variación media do -7,17%.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



Case nove de cada dez contratos realizados no ano 2003 na comarca de Terra de Trives foron temporais a tempo completo. Se a estes se lles engaden os contratos temporais a tempo parcial, conclúese que o 93% dos contratos da comarca se caracterizan pola súa temporalidade.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	1,01	0,61	0,61	0,61	0,00	0,41	0,00
Indefinido tempo parcial	0,00	0,41	0,20	0,20	0,00	0,00	0,00
Temporal	51,72	34,48	29,21	24,95	15,62	13,59	2,84
Temporal tempo parcial	1,83	4,46	0,81	1,22	2,23	1,83	0,20
Prácticas/Formación	1,62	0,41	2,03	0,00	0,00	0,00	0,00
Outros	2,23	1,22	0,41	1,01	0,41	1,01	0,61
L CONTRATOS	58,42	41,58	33,27	27,99	18,26	16,84	3,65

A temporalidade perfírase tamén como predominante en ambos os sexos, distribuíndose o 53,55% dos contratos temporais a tempo parcial e completo entre os homes e o 38,94% entre as mulleres. Todas as fórmulas de contratación son maioritarias entre os homes, menos a temporal e indefinida a tempo parcial, na que predomina a contratación feminina.

Na distribución por idade, segue sendo a contratación temporal a tempo completo a que conta cun maior peso relativo en todos os tramos, acadando o volume máis elevado nos menores de 26 anos. Neste sentido é significativo que todos os contratos de prácticas/formación se sitúen neste grupo de idade.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr.,Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,00	1,22	0,00	1,22	0,00	0,20	0,20	0,00	0,41
Indefinido tempo parcial	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,41	0,00	0,00	0,41
Temporal	1,62	22,92	3,04	25,96	15,01	12,37	2,43	28,80	43,61
Temporal tempo parcial	0,00	0,20	0,20	0,41	0,20	1,62	0,00	4,06	5,68
Prácticas/Formación	0,00	0,20	0,00	0,20	1,22	0,61	0,00	0,00	0,61
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3,45	3,45
TOTAL CONTRATOS	1,62	24,54	3,25	27,79	16,43	15,21	2,64	36,31	54,16

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

O sector produtivo onde se manifesta unha maior temporalidade é o de servizos, no que se rexistran o 43,61% dos contratos temporais a tempo completo e case todos os temporais a tempo parcial. No resto de sectores tamén a primeira é a fórmula predominante. Por outra banda, os contratos de prácticas/formación sitúanse na súa maioría no sector da construción.

Facendo unha análise máis pormenorizada dos subsectores, os de outros servizos e industria agrupan o 51,72% dos contratos temporais a tempo completo. Os temporais a tempo parcial concéntranse nos subsectores de outros servizos e comercio e hostalería.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	36	26	28	25	8	-27,78	7,69	-10,71	-68,00	-31,34
Indefinido tempo parcial	0	3	5	6	2		66,67	20,00	-66,67	
Temporal	425	490	483	298	425	15,29	-1,43	-38,30	42,62	0,00
Temporal tempo parcial	95	75	60	64	31	-21,05	-20,00	6,67	-51,56	-24,42
Prácticas/Formación	8	6	8	6	10	-25,00	33,33	-25,00	66,67	5,74
Outros	20	9	20	13	17	-55,00	122,22	-35,00	30,77	-3,98
TOTAL CONTRATOS	584	609	604	412	493	4,28	-0,82	-31,79	19,66	-4,15

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

No período 1999-2003, nos contratos temporais a tempo completo aprécia-se unha tendencia cara á estabilidade, posto que finalizan o período co mesmo número de contratacións que tiñan no inicio. É salientable nesta tipoloxía de contratación o importante descenso que se dá no intervalo 2001-2002 así como o agudo incremento do intervalo posterior.

A única categoría de contratación que crece nestes cinco anos é a de prácticas/formación, cun lixeiro aumento en números absolutos. No resto de tipoloxías dáse unha tendencia regresiva, sendo os casos máis destacables os dos contratos indefinidos a tempo completo e os temporais a tempo parcial.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	2	0,41
HOMES	1	0,20
MULLERES	1	0,20
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	36	7,30
HOMES	20	4,06
MULLERES	16	3,25
3. Técnicos e profesionais de apoio	71	14,40
HOMES	21	4,26
MULLERES	50	10,14
4. Empregados de tipo administrativo	18	3,65
HOMES	3	0,61
MULLERES	15	3,04
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	108	21,91
HOMES	29	5,88
MULLERES	79	16,02
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	0	0,00
HOMES	0	0,00
MULLERES	0	0,00
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	63	12,78
HOMES	62	12,58
MULLERES	1	0,20
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	34	6,90
HOMES	30	6,09
MULLERES	4	0,81
9. Traballadores non cualificados	161	32,66
HOMES	122	24,75
MULLERES	39	7,91
TOTAL CONTRATOS	493	100,00
TOTAL HOMES	288	58,42
TOTAL MULLERES	205	41,58

Segundo os nove grandes grupos de ocupación, é preciso sinalar a concentración do 81,75% dos contratos nos seguintes catro grupos:

- Traballadores non cualificados -32,66%-.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -21,91%-.
- Técnicos e profesionais de apoio -14,40%-.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -12,78%-.

Dende outra óptica, atendendo á distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados -24,75%-. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -12,58%-. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -6,09%-. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -5,88%-.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -16,02%-. • Técnicas e profesionais de apoio -10,14%-. • Traballadoras non cualificadas -7,91%-. • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais -3,25%-.

Dada a maior presenza masculina na contratación nesta comarca, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. As mulleres superan aos homes en 10,14 puntos.
- Técnicas e profesionais de apoio. A contratación feminina é 5,88 puntos superior á masculina.
- Empregadas de tipo administrativo. A contratación feminina é 2,43 puntos superior á masculina.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, variación media de -14,63%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, variación media de -11,56%.
- Empregados de tipo administrativo, variación media de -10,46%.
- Traballadores non cualificados, variación media de -7,72%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, variación media de -3,20%.

Pola contra, o grupo que destaca sobre os demais polo seu crecemento é o de técnicos e profesionais de apoio, que acadou unha variación media do 27,34%.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, o único grupo de ocupación onde se produce un incremento da contratación masculina é a de técnicos e profesionais de apoio, cunha variación media do 5,42%.

Deste xeito, na comarca de Terra de Trives prodúcese un descenso na contratación de homes nos grupos restantes, obtendo as variacións medias mais destacadas os que se indican a continuación:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais, variación media de -8,87%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, variación media de -8,29%.
- Traballadores non cualificados, variación media de -8,23%.
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería, variación media de -8,12%.
- Empregados de tipo administrativo, variación media de -6,94%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, variación media de -3,08%.

No tocante ás mulleres, destaca o incremento medio da contratación nos seguintes grupos:

- Técnicas e profesionais de apoio -49,53%-.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -8,50%-.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais -7,46%-.

É preciso, por último, sinalar o decrecemento que se rexistra na contratación feminina nos grupos que se enumeran a continuación:

- Artesás/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, variación media de -50,00%.
- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras, variación media de -39,57%.
- Empregadas de tipo administrativo, variación media de -11,09%.
- Traballadoras non cualificadas, variación media de -6,02%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas.

TÁBOA 28: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
96020014	Peón da construción de edificios	84	17,04	82	28,47	2	0,98	97,62
35320069	Monitor de educación e tempo libre	59	11,97	17	5,90	42	20,49	28,81
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	27	5,48	1	0,35	26	12,68	3,70
50100017	Cociñeiro, en xeral	26	5,27	2	0,69	24	11,71	7,69
71100016	Albanel	25	5,07	25	8,68	0	0,00	100,00
50200018	Camareiro, en xeral	24	4,87	11	3,82	13	6,34	45,83
51110066	Auxiliar de clínica	17	3,45	0	0,00	17	8,29	0,00
86300016	Condutor de camión, en xeral	16	3,25	16	5,56	0	0,00	100,00
94400012	Peón forestal	16	3,25	16	5,56	0	0,00	100,00
25130104	Músico instrumentista, en xeral	12	2,43	10	3,47	2	0,98	83,33
TOTAL		306	62,07	180	62,50	126	61,46	58,82

(1) *Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100*

Do total dos contratos realizados no ano 2003 na comarca de Terra de Trives, o 62,07% deles aparecen nas dez ocupacións que se presentan na táboa anterior, polo que se evidencia a forte concentración da súa contratación.

A ocupación máis contratada entre os homes é, con diferenza sobre todas as demais, a de peón da construción de edificios, mentres que nas mulleres é a de monitora de educación de tempo libre, seguida da de muller/mozo da limpeza.

Outro aspecto que nos indica o maior volume de contratación masculina é o ratio de masculinidade que existe no conxunto das ocupacións, que é do 58,82%. Os homes tenden a ser contratados en maior medida como albaneis, condutores de camión, peóns forestais e peóns da construción de edificios, do mesmo xeito que as ocupacións con maior presenza feminina son as de auxiliar de clínica, mulleres de limpeza e cociñeiras, que teñen unha ratio de masculinidade por baixo do 10%.


CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
96020014	Peón da construción de edificios	109	103	66	31	84
35320069	Monitor de educación e tempo libre	17	16	37	28	59
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	37	41	47	40	27
50100017	Cociñeiro, en xeral	22	16	37	13	26
71100016	Albanel	34	38	38	19	25
50200018	Camareiro, en xeral.	36	39	41	29	24
51110066	Auxiliar de clínica	7	7	12	12	17
86300016	Condutor de camión, en xeral	12	15	10	13	16
94400012	Peón forestal	36	36	32	28	16
25130104	Músico instrumentista, en xeral	20	8	12	6	12
96010011	PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS, EN XERAL	1	0	19	11	9
53300010	DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	14	9	10	16	7
76240083	INSTALADOR DE LIÑAS TELECOMUNICACIÓN	18	12	8	16	3
83630022	OPER. MÁQUINA IND. COSER Á PLANA, EX. PEL: CALZADO	38	49	29	6	3
92200038	VIXILANTE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E SEMELLANTES	6	10	15	6	2
52300046	TRABALLADOR RETÉN INCENDIOS FORESTAIS	0	29	0	0	0

TÁBOA 29: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

A evolución das ocupacións máis contratadas entre os anos 1999 e 2003 caracterízase pola oscilación na súa composición, dado que existen nove ocupacións que aparecen e desaparecen da lista ao longo deste quinquenio.

As ocupacións que nalgún momento destes cinco anos estiveron entre as dez máis contratadas da comarca pero que no 2003 non forman parte desta lista son as de peón de obras públicas, dependente de comercio, instalador de liñas telecomunicación, operador máquina industrial de coser á plana, vixilante de instalacións deportivas e semellantes e traballador retén de incendios forestais.

No tocante á evolución propiamente dita destas ocupacións, destacan polo seu incremento as de monitor de educación e tempo libre e auxiliar de clínica. Pola contra, as ocupacións nas que se produce un descenso maior son as de peón da construción de edificios, peón forestal e operador máquina industrial de coser á plana.



Comarca de Valdeorras



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

A comarca de Valdeorras caracterízase pola forte concentración de empresas no sector servizos, no que se enmarcan o 62,98% do total. A considerable distancia está o sector da construción -18,46%- e o secundario -18,26%-. No que atinxe aos subsectores, destacan os de comercio e hostalería e outros servizos, ambos incluídos dentro do sector servizos, engloban de forma conxunta o 58,93% das empresas da comarca.

Os traballadores están concentrados na súa maior parte no sector secundario, que representa o 45,69% destes. A continuación sitúanse o sector servizos, co 39,08% dos traballadores, e o da construción, co 10,08%. En canto aos subsectores, o de industria agrupa case a metade dos traballadores, en concreto o 43,44%, seguido polos de outros servizos -18,48%- e comercio e hostalería -17,46%-.

No que respecta aos autónomos, a maior parte reúnense dentro do sector servizos, que inclúe ao 65,81% do total. Séguelle en orde de importancia o sector da construción -23,53%- e o secundario -10,38%-. Facendo unha análise máis pormenorizada dos subsectores, obsérvase que os máis representativos son os de comercio e hostalería, co 47% dos autónomos, e o de construción, co 23,53%.

Por último, é salientable a escasa presenza do sector primario en todos os ámbitos, sobre todo no que respecta ás empresas -0,30%- e aos autónomos -0,27%- e, en menor medida, aos traballadores -5,14%-.

5.1.2. Evolución anual

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas.
Período 1999-2003.


	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	103	101	103	86	3
Agricultura e pesca	103	101	103	86	3
SECTOR SECUNDARIO	157	161	171	180	185
Industria	153	155	165	175	178
Electricidade	4	6	6	5	7
SECTOR CONSTRUCCIÓN	214	222	233	218	187
Construción	214	222	233	218	187
SECTOR SERVICIOS	547	579	598	633	638
Comercio e hostalería	301	326	325	345	350
Transporte e comunicacións	46	46	45	45	41
Outros servizos	200	207	228	243	247
TOTAL	1021	1063	1105	1117	1013

A evolución do número de empresas na comarca de Valdeorras vén caracterizada por un desenvolvemento desigual dos diferentes sectores produtivos. Deste modo, o sector primario sofre un forte descenso nos seus efectivos, con variacións interanuais negativas en todos os intervalos, agás no 2000-2001, sendo especialmente significativa a acadada no período 2002-2003, do -96,51%. Finalmente consegue unha variación media negativa de -58,69%.

O sector da construción tamén presenta un decrecemento no seu número de empresas, pero máis leve que no anterior. Neste sector incrementáanse as empresas ata o ano 2001, diminuindo a continuación, cunha variación media final do -3,32%.

Os sectores secundario e servizos incrementan o número das súas empresas, cun crecemento continuo ao longo destes cinco anos. O sector secundario é o que logra un aumento maior, cunha variación media do 4,19%, seguido do sector servizos, co 3,92%. Neste último cómpre comentar o caso do subsector de transporte e comunicacións, que sofre reducións nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003, obtendo unha variación media de -2,84%.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico.
Período 1999-2003.



Toda esta situación descrita produce unha lixeira diminución global do número de empresas na comarca, cun crecemento continuo ata o ano 2002 e un decrecemento no ano final do quinquenio. A variación media final para o conxunto dos sectores é do -0,20%.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	364	389	394	396	367
Agricultura e pesca	364	389	394	396	367
SECTOR SECUNDARIO	2.917	2.994	3.146	3.303	3.263
Industria	2.748	2.827	2.982	3.140	3.102
Electricidade	169	167	164	163	161
SECTOR CONSTRUCCIÓN	914	867	844	781	720
Construción	914	867	844	781	720
SECTOR SERVICIOS	2.536	2.696	2.729	2.772	2.791
Comercio e hostalería	1.189	1.294	1.274	1.288	1.247
Transporte e comunicacións	205	207	221	225	224
Outros servizos	1142	1195	1234	1259	1320
TOTAL	6.731	6.946	7.113	7.252	7.141

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

O sector da construción é o único no que o número dos traballadores se reducen entre os anos 1999 e 2003. Despois dunha diminución continua nestes cinco anos, obtén unha variación media do -5,79%.

Nos sectores restantes, a tendencia é ao incremento e están encabezados, segundo o grao de crecemento, polo sector secundario, cunha variación media do 2,84%, seguido do sector servizos -2,42%- e, finalmente, polo sector primario, onde, a pesar do aumento en números absolutos de traballadores, a tendencia é o estancamento, cunha variación media do 0,21%. Hai que sinalar que no intervalo temporal 2002-2003 en todos os sectores hai un decrecemento, agás no sector servizos, debido ao aumento importante producido no sub-sector de outros servizos.

De forma global, no número de traballadores da comarca de Valdeorras dáse un desenvolvemento positivo entre os anos 1999 e 2003, producíndose só un decrecemento entre os anos 2002 e 2003 e tendo como resultado final unha variación media do 1,49%.




GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	3	5	6	6	4
Agricultura e pesca	3	5	6	6	4
SECTOR SECUNDARIO	119	150	157	167	154
Industria	118	149	155	166	153
Electricidade	1	1	2	1	1
SECTOR CONSTRUCCIÓN	258	282	314	331	349
Construción	258	282	314	331	349
SECTOR SERVICIOS	687	807	869	942	976
Comercio e hostalería	506	590	629	678	697
Transporte e comunicacións	60	69	80	85	86
Outros servizos	121	148	160	179	193
TOTAL	1.067	1.244	1.346	1.446	1.483


TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

Se analizamos o conxunto dos datos, observamos que o número de autónomos creceu nestes cinco anos na comarca, cunha evolución positiva en todos os intervalos temporais e cunha variación media final do 8,58%.

No sector servizos é onde se produce un maior aumento, do 9,18%, despois dunha subida constante, sobre todo entre 1999 e 2000, cunha variación interanual do 17,47%. O subsector de outros servizos obtén a variación media máis elevada do período, 12,38%. A continuación en volume de crecemento aparece o sector da construción, que acada unha variación media do 7,85% e subidas continuas neste quinquenio.

No sector primario só hai un aumento de un traballador autónomo máis ao longo do período 1999-2003, acadando o seu valor maximo nos anos 2001 e 2002.

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



Por último, aparece o sector secundario, coa variación media máis reducida, 6,66%. Destaca que neste sector hai unha importante subida no intervalo 1999-2000, cunha variación interanual do 26,05%, do mesmo xeito que no ano 2003 se rexistra un descenso, de -7,78%.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Rúa	240	123	363
A Veiga	43	26	69
Carballada de Valdeorras	37	36	73
Larouco	34	8	42
O Barco de Valdeorras	610	400	1.010
O Bolo	61	25	86
Petín	73	18	91
Rubiá	53	32	85
Vilamartín de Valdeorras	89	48	137
TOTAL	1.240	716	1.956

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia - PARADOS	6,72
% comarca/provincia - NON PARADOS	6,84

O concello do Barco de Valdeorras agrupa máis da metade dos demandantes da comarca, co 51,63% do total. A considerable distancia sitúase o concello da Rúa, que engloba o 18,56% da demanda laboral, e o de Vilamartín de Valdeorras, co 7%. O 22,81% restante repártese entre as outras seis localidades, encabezadas pola de Petín, co 4,65% das demandas, e cerradas pola de Larouco, co 2,15% destas.

Diferenciando os demandantes parados dos non parados obsérvase que a relación de parados supera á de non parados en todos os concellos, representando o 63,39% da demanda comarcal.

En relación coa provincia de Ourense, a comarca de Valdeorras mostra un peso relativo lixeiramente superior dos demandantes non parados con respecto aos parados, que representan o 6,84% e 6,72% respectivamente da demanda provincial.





GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.

5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	1.193	1.054	1.143	1.126	1.240
VARIACIÓN INTERANUAL %	—	-11,65	8,44	-1,49	10,12
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	6,64	5,97	6,83	6,18	6,72

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.



O peso relativo dos demandantes en paro da comarca con respecto á provincia segue unha evolución semellante nestes cinco anos: descende nos anos 2000 e 2002 e aumenta lixeiramente en termos xerais na totalidade do período.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	148	7,57	10,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.092	55,83	53,19
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	71	3,63	5,15
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	358	18,30	15,38
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	101	5,16	4,76
	En expediente de regulación de emprego	2	0,10	0,40
	Demandantes de mellora de emprego	141	7,21	7,08
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	40	2,04	3,03
	Resto de demandantes	3	0,15	0,42
	TOTAL	1.956	100,00	100,00

Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que algo máis da metade dos demandantes de emprego son parados con emprego anterior -55,83%-. A este colectivo séguelles en orde de importancia o dos non parados con emprego anterior -18,30%- e o dos parados sen emprego anterior -7,57%-.

Esta situación é similar á da provincia de Ourense, onde se manteñen os parados con emprego anterior como o grupo con maior importancia cuantitativa, aínda que de forma lixeiramente inferior. O mesmo sucede cos non parados con emprego anterior, con 2,92 puntos porcentuais por debaixo na provincia, e os parados sen emprego anterior, superando neste caso aos da comarca en 3,02 puntos.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	114	110	9,19	8,87	18,06	15,17
26 a 35 anos	114	244	9,19	19,68	28,87	25,82
36 a 45 anos	112	183	9,03	14,76	23,79	21,11
46 a 55 anos	74	114	5,97	9,19	15,16	20,00
56 e máis anos	99	76	7,98	6,13	14,11	17,90
TOTAL COMARCA	513	727	41,37	58,63	100,00	6,72
TOTAL PROVINCIA	7.856	10.584	42,60	57,40	6,72	100,00

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

Máis da metade dos demandantes parados da comarca son mulleres, representando o 58,63% do total. Do mesmo xeito, e tendo en conta que o 52,66% teñen entre 26 e 45 anos, pódese falar dun perfil de idade media.

En todos os grupos, a presenza porcentual das mulleres é superior á dos homes, excepto no máis avanzado de máis de 55 anos e no de menos de 26 anos, onde os homes superan levemente ás mulleres.

No colectivo masculino, os grupos de idade máis representativos son os de menos de 26 anos e os de 26 a 35 anos, representando o 9,19% de demandantes parados cada un deles. No caso das mulleres, os intervalos con maior peso son os de 26 a 35 anos -19,68%- e de 36 a 45 anos -14,76%-.

Da comparación co ámbito provincial conclúese a semellanza nos resultados con datos porcentuais moi próximos en canto á distribución por idade, sendo tamén as idades de entre 26 e 45 anos as que lle achegan un maior peso ao conxunto. Neste sentido, hai que destacar que nos grupos máis novos diminúe o peso porcentual na provincia con respecto á comarca, mentres que se incrementa nos maiores de 46 anos, o que reflicte unha maior tendencia ao envellecemento na provincia.

No que respecta ao sexo, a desigualdade é lixeiramente máis aguda na comarca, onde as mulleres demandantes paradas representan 1,23 puntos máis que na provincia de Ourense.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	40	55	5,59	7,68	13,27	20,44
26 a 35 anos	62	148	8,66	20,67	29,33	25,77
36 a 45 anos	55	139	7,68	19,41	27,09	20,01
46 a 55 anos	41	74	5,73	10,34	16,06	16,76
56 e máis anos	47	55	6,56	7,68	14,25	17,03
TOTAL COMARCA	245	471	34,22	65,78	100,00	6,84
TOTAL PROVINCIA	3.865	6.607	36,91	63,09	6,84	100,00


TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

No caso dos demandantes non parados, os datos mostran de novo a tendencia á feminización da demanda dunha forma aínda máis notable, dado que o 65,78% está composta por mulleres. No relativo á idade, o 56,42% está concentrado entre os 26 e os 45 anos.

As mulleres de 26 a 35 anos supoñen o grupo de idade máis numeroso -20,67%-, seguido polo de 36 a 45 anos -19,41%-. No que se refire aos homes a maior parte tamén se sitúa nestes intervalos, e acadan o de 26 a 35 anos o 8,66% e o de 36 a 45 anos o 7,68% da demanda.


Se se compara co conxunto da provincia, podemos ver unha situación semellante, se ben hai unha maior concentración dos demandantes non parados menores de 26 anos na provincia e menor no referente ao intervalo comprendido entre os 36 e 45 anos. No referente á distribución por sexo, as mulleres demandantes non paradas da comarca superan en 2,69 puntos ás da provincia.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.



Como reflexo do comentado anteriormente, vemos neste gráfico o predominio dos demandantes parados sobre os non parados en todos os grupos de idade. Do mesmo xeito, en ambos os colectivos, o grupo máis importante é o de 26 a 35 anos. Pola contra, o que supón unha menor representatividade é o de 56 e máis anos para os parados, e o de menos de 26 anos para os non parados.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.



A presenza feminina é predominante tanto no grupo de parados como no de non parados. Desde outra óptica, e en termos relativos, o colectivo de parados é maioritario en ambos os dous sexos.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	505	40,73	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	363	29,27	32,57
Formación profesional	131	10,56	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	108	8,71	14,65
Titulados universitarios	112	9,03	12,07
Outras titulacións	21	1,69	1,70
TOTAL	1.240	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Case a metade dos demandantes parados da comarca de Valdeorras posúen nada máis que o certificado de escolaridade -40,73%-. A continuación sitúanse os que teñen a titulación de ensinanza obrigatoria -29,27%- e, a considerable distancia, os que finalizaron formación profesional -10,56%-.

Na provincia de Ourense hai unha menor presenza dos que só teñen certificado de escolaridade, 32,81%, e formación profesional, sendo maior a proporción dos que contan con estudos de bacharelato ou universitarios. No que respecta aos que teñen ensinanza obrigatoria, os valores relativos acadados son similares nos dous ámbitos territoriais.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	322	44,97	36,50
Titulación de ensinanza obrigatoria	175	24,44	26,81
Formación profesional	73	10,20	6,81
BUP/Bacharelato superior/COU	71	9,92	16,18
Titulados universitarios	69	9,64	12,40
Outras titulacións	6	0,84	1,30
TOTAL	716	100,00	100,00

TABOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

Entre os demandantes de emprego non parados, o grupo máis significativo é o dos que obtiveron o certificado de escolaridade -44,97%-, seguidos dos que teñen a ensinanza obrigatoria -24,44%- e formación profesional -10,20%-.

No ámbito provincial, as diferenzas máis destacables son a redución en 8,47 puntos dos demandantes non parados que teñen ata certificado de escolaridade e en 3,39 puntos dos que posúen formación profesional, unha situación inversa á que se produce entre os que contan con estudos universitarios e bacharelato.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	7,50	1,29	0,40	9,19
	Mulleres	5,65	1,53	1,69	8,87
26 a 35 anos	Homes	7,74	0,73	0,73	9,19
	Mulleres	10,32	3,31	6,05	19,68
36 a 45 anos	Homes	6,05	1,53	1,45	9,03
	Mulleres	5,40	2,02	7,34	14,76
46 a 55 anos	Homes	2,90	0,56	2,50	5,97
	Mulleres	3,06	1,13	5,00	9,19
56 e máis anos	Homes	1,85	1,69	4,44	7,98
	Mulleres	0,89	0,89	4,35	6,13
TOTAL COMARCA		51,37	14,68	33,95	100,00
TOTAL PROVINCIA		43,54	14,46	42,01	100,00

TABOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Algo máis da metade dos demandantes parados da comarca de Valdeorras levan buscando emprego menos de 6 meses, en tanto que o 33,95% leva buscando máis dun ano.

A distribución dos valores segundo a idade segue a mesma tendencia ao paro de curta duración, excepto nas mulleres maiores de 35 anos e nos homes de máis de 55, onde a situación se inverte cara ao paro de longa duración.

No referente ao sexo, é salientable que a presenza feminina é case un punto inferior á masculina no paro de menos de seis meses, mentres que as mulleres superan aos homes en 14,91 puntos no paro de máis dun ano.

Na comparativa co ámbito provincial, obsérvase unha maior tendencia de demandantes parados de curta duración na comarca, acadando 7,83 puntos porcentuais máis que na provincia. Esta diferenza invertese cando se observa os de longa duración, onde a proporción é maior no caso da provincia.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TABOA 10: Demandantes por actividade económica.


	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	22	1,77	2,52	14	1,96	2,52
Sector secundario	338	27,26	15,61	180	25,14	13,28
Construción	157	12,66	14,95	62	8,66	9,90
Sector servizos	575	46,37	50,49	366	51,12	55,73
Sen actividade previa	148	11,94	16,43	94	13,13	18,56
TOTAL	1.240	100,00	100,00	716	100,00	100,00

Atendendo á actividade económica de procedencia, case a metade dos demandantes parados proveñen do sector servizos, representando o 46,37% do total. A unha distancia considerable sitúanse os procedentes do sector secundario -27,26%- e da construción -12,66%-. No conxunto provincial increméntanse en 4,12 puntos aqueles que veñen do sector servizos, mentres que se reducen en 11,65 puntos os que chegan do sector secundario.

No caso dos demandantes non parados, son tamén os máis numerosos os procedentes do sector servizos, que engloba o 51,12% do total, seguidos polos que veñen do sector secundario -25,14%-. En comparación coa provincia de Ourense, increméntanse nesta última os que proveñen do sector servizos ao mesmo tempo que se reducen os do sector secundario.

De forma global, os demandantes de emprego proceden na súa maioría do sector servizos, que aglutina o 48,11% do total. Os que se derivan do sector secundario supoñen o 26,48% e están seguidos polos que proceden do sector da construción, 11,20%.

GRÁFICO 8: Demandantes parados na Industria.



Dentro da industria, é salientable a presenza dos demandantes parados procedentes da actividade de outras industrias, que representan o 69% do total. Nun segundo plano sitúase a fabricación de produtos minerais non metálicos, que engloba ao 13%. O 18% restante está encabezado pola actividade de alimentación, co 7% dos demandantes.

A actividade que destaca pola súa presenza dentro dos servizos é a de comercio, co 32%, seguida a considerable distancia pola de actividades inmobiliarias e servizos a empresas -15%-, e administracións públicas e hostalería, co 11% dos demandantes cada unha delas.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo	186	9,51	8,75
Muller/mozo limpeza, limpador	165	8,44	9,34
Dependente de comercio	137	7,00	8,01
Peón de exterior de minas e canteiras	133	6,80	0,50
Peón da ind. manufactureira	102	5,21	4,57
Peón da construción de edificios	64	3,27	3,96
Camareiro	54	2,76	2,74
Embalador, empaquetador, etiquetador á man	46	2,35	0,33
Operario máquina de labrar pedra e/ou lousa	42	2,15	0,20
Albanel	39	1,99	2,58

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo, en xeral	Muller/mozo de limpeza, Limpador

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Larouco	1	0,19
A Veiga	5	0,96
Rubiá	6	1,16
Vilamartín de Valdeorras	10	1,93
Carballeda de Valdeorras	9	1,73
O Bolo	2	0,39
O Barco de Valdeorras	436	84,01
Petín	9	1,73
A Rúa	41	7,90
TOTAL COMARCA	519	100,00

TOTAL OFERTAS PROVINCIA: 11.116

COMARCA/PROVINCIA: 4,67

Na comarca de Valdeorras recolléronse no ano 2003 un total de 519 ofertas de emprego, o que representa o 4,67% das realizadas no conxunto da provincia de Ourense.

A localidade do Barco de Valdeorras engloba a maioría das ofertas, co 84,01% do total. O concello da Rúa canaliza o 7,90%, mentres que as sete localidades restantes supoñen globalmente o 8,09% das ofertas de emprego.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Petín	0	4	7	3	9		75,00	-57,14	200,00	
O Barco de Valdeorras	521	481	378	390	436	-7,68	-21,41	3,17	11,79	-4,36
Vilamartín de Valdeorras	2	5	44	48	10	150,00	780,00	9,09	-79,17	49,53
A Veiga	0	0	2	3	5			50,00	66,67	
Carballeda de Valdeorras	2	19	20	7	9	850,00	5,26	-65,00	28,57	45,65
Rubiá	0	0	11	8	6			-27,27	-25,00	
A Rúa	93	105	99	55	41	12,90	-5,71	-44,44	-25,45	-18,52
Larouco	1	4	9	13	1	300,00	125,00	44,44	-92,31	0,00
O Bolo	4	1	11	13	2	-75,00	1000,00	18,18	-84,62	-15,91
TOTAL COMARCA	623	619	581	540	519	-0,64	-6,14	-7,06	-3,89	-4,46
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116	30,02	-10,06	-6,80	2,25	2,74

A evolución das ofertas na comarca está marcada polo desenvolvemento do concello do Barco de Valdeorras, dado o escaso peso específico das localidades restantes, onde o baixo número de ofertas existentes fai que as variacións acaden cifras en ocasións extremas, que non poden ser tomadas como significativas.

Deste xeito, no concello do Barco de Valdeorras preséntase un decrecemento das ofertas nos períodos 1999-2000 e 2000-2001, sendo salientable a variación interanual deste último intervalo, do -21,41%. Nos anos finais do quinquenio as ofertas aumentan, obtendo como balance unha variación media negativa de -4,36%.

Pese á escasa importancia relativa das localidades restantes, hai que sinalar as oscilacións producidas nos concellos de Vilamartín de Valdeorras e A Rúa que logran unhas variacións medias de 49,53% o primeiro e de -18,52% o segundo. En Vilamartín de Valdeorras incrementáanse bruscamente as ofertas entre os anos 1999 e 2001, reducíndose tamén de forma brusca no 2003. En cambio na Rúa houbo unha diminución constante en todos os anos, coa excepción da subida que se produce en 2000.

En comparación coa provincia de Ourense, na comarca dáse unha situación totalmente distinta, posto que se reducen as ofertas en todos os intervalos temporais, acadando unha variación media do -4,46%. Pola contra, na provincia a variación media é positiva, do 2,74%, e as ofertas só descenden entre os anos 2000 e 2002.

Tomando como referencia ao conxunto de localidades para comparar a súa evolución coa do Barco de Valdeorras, pódese observar o decrecemento en número absoluto das ofertas que se dá nesta localidade, coa aguda diminución que se produce no ano 2001. Neste mesmo ano no resto de concellos aparece un forte incremento, habendo un novo descenso nos seguintes anos.




GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica


	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Petín	4	21,05	0	0,00	2	1,74	3	1,04
O Barco de Valdeorras	12	63,16	89	92,71	87	75,65	248	85,81
Vilamartín de Valdeorras	1	5,26	1	1,04	0	0,00	8	2,77
A Veiga	0	0,00	0	0,00	3	2,61	2	0,69
Carballeda de Valdeorras	1	5,26	3	3,13	2	1,74	3	1,04
Rubiá	1	5,26	0	0,00	2	1,74	3	1,04
A Rúa	0	0,00	3	3,13	18	15,65	20	6,92
Larouco	0	0,00	0	0,00	1	0,87	0	0,00
O Bolo	0	0,00	0	0,00	0	0,00	2	0,69
TOTAL COMARCA	19	100,00	96	100,00	115	100,00	289	100,00
TOTAL PROVINCIA	126		1.001		2.224		7.763	

TÁBOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

No sector primario, a maior parte das ofertas concéntrase no concello do Barco de Valdeorras -63,16%-, seguido do de Petín, co 21,05%. No sector secundario O Barco de Valdeorras rexistra o 92,71% das ofertas, mentres que Carballeda de Valdeorras e A Rúa acadan cada un o 3,13%.


Nos sectores da construción e dos servizos é novamente O Barco de Valdeorras o que agrupa a maioría das ofertas, seguido en nivel de importancia en ambos os casos pola localidade da Rúa.

GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.




Nesta comarca destaca o peso do sector servizos, co 56% das ofertas xestionadas no territorio. Os sectores que seguen en orde de importancia son os da construción, co 22%, e o secundario, co 18% do total. No ámbito provincial repítese a orde dos sectores, aínda que se incrementa en 14 puntos o peso do sector servizos, mentres que se reduce en 9 puntos o do sector secundario.

GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na industria.



Dentro da industria hai que destacar que o 66% das ofertas xeradas proceden da actividade de outras industrias, seguida a considerable distancia pola de madeira, co 17%, e pola de alimentación, co 9%.

GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



Tres de cada dez das ofertas procedentes dos servizos derívanse das administracións públicas. A continuación sitúase a hostalería e outros servizos, co 12% cada unha delas, e os servizos á comunidade e comercio, que se reparten cada unha o 11% das ofertas.

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	3	4	13	9	19
Secundario	84	85	90	78	96
Construción	216	166	112	124	115
Servizos	320	364	366	329	289
TOTAL COMARCA	623	619	581	540	519
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116

Segundo o sector económico, as ofertas de Valdeorras presentan unha evolución dispar no período 1999-2003. Deste xeito, no sector primario é onde se dá un maior incremento, acadando unha variación media de 58,64%, lograda, sobre todo, polas importantes subidas que se producen neste sector nos anos 2001 e 2003, e a pesar da redución do ano 2002. O sector secundario é o outro onde as ofertas aumentan, aínda que non de forma tan forte como no anterior, logrando este unha variación media do 3,39%.

Nos dous sectores restantes a tendencia é o decrecemento, de forma máis aguda no sector da construción, que se reduce en todos os intervalos temporais, agás no 2001-2002, e obtén unha variación media do -14,58%. No sector servizos a redución é máis leve, do -2,52%, diminuíndo neste caso as ofertas nos dous anos finais do período.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Do total das ofertas recollidas na comarca de Valdeorras, tan só o 8,29% especifican o sexo como requisito indispensable para acceder a un determinado posto de traballo.

Facendo unha análise pormenorizada dos sectores de actividade económica, vemos que tanto no sector primario como no da construción, todas as ofertas que demandan un determinado sexo van dirixidas aos homes. Algo semellante sucede no sector secundario, onde apenas se requiren mulleres.

Pola contra, o sector servizos e o único onde a demanda feminina supera á masculina, situación provocada principalmente pola solicitude de mulleres na actividade de hostalería.

O 45,28% das ofertas rexistradas nesta comarca teñen como esixencia a posesión dun determinado nivel de estudos, se ben o 30,06% só requiren o certificado de escolaridade. O nivel máis demandado a continuación é o de titulados universitarios, co 5,39%, e o de titulación de ensinanza obrigatoria e formación profesional, co 4,43% e 4,24% respectivamente.

As actividades que en maior medida requiren traballadores con baixo nivel de estudos son os da construción e administracións públicas. Esta última é tamén a que concentra case a totalidade das demandas de titulación universitaria, así como gran parte das de formación profesional.




GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.




GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

	1999	2000	2001	2002	2003
Axente comercial / Vendedor	15	35	19	20	51
Camareiro – Barman	30	15	28	34	16
Mozo/muller de limpeza	2	2	5	2	10
Albanel	21	13	19	17	8
Operario de maquinaria de movemento de terras	3	2	3	1	7
Auxiliar administrativo	4	10	8	7	7
Peón de albanel / Peón de obras públicas	15	18	38	43	6
Auxiliar de axuda a domicilio / Coidador de anciáns.	1	0	3	10	6
Colocador de lousa	2	2	2	1	5
Conductor de mercadorías / Conductor de camiión en xeral.	4	6	16	9	5

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

A ocupación máis ofertada nos centros colaboradores de Valdeorras é, con diferenza, a de axente comercial - vendedor. A considerable distancia sitúanse as de camareiro-barman e mozo/muller de limpeza.

A maioría destas ocupacións seguen unha tendencia ao crecemento do número de ofertas neste quinquenio, agás o caso de camareiro-barman, albanel e peón de albanel. Pola contra, destacan polo seu incremento as ocupacións de muller/mozo de limpeza e auxiliar de axuda a domicilio, que obteñen variacións medias de 49,53% e 56,51%, respectivamente.

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas Oficinas de Emprego.

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da industria manufactureira	45	19	17	17	30
Peón de obras públicas	0	0	0	3	17
Peón forestal	2	0	0	9	16
Peón da construción de edificios	49	31	2	4	13
Empregado administrativo	12	9	4	3	12
Operario de máquina cortadora de rochas	20	10	24	20	10
Conductor de camiión	16	18	11	5	9
Auxiliar de axuda a domicilio	8	13	1	0	9
Albanel	44	38	1	3	9
Conductor-operario escavadora	3	1	4	3	8

Nas oficinas de emprego da comarca de Valdeorras a ocupación máis ofertada é a de peón da industria manufactureira, seguida polas de peón de obras públicas e peón forestal.

A evolución destas ocupacións prodúcese de forma desigual e destaca polo seu desenvolvemento positivo o caso de peón de obras públicas, que non recibe ningunha oferta ata o ano 2002, así como peón forestal, que obtén unha variación media do 68,18%. Do mesmo xeito, destacan pola súa evolución negativa as ocupacións de albanel e peón da construción de edificios, cunha variación media do -32,75% e -28,23% respectivamente.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
A Rúa	491	9,63
A Veiga	78	1,53
Carballeda de Valdeorras	1.739	34,10
Larouco	104	2,04
O Barco de Valdeorras	1.804	35,37
O Bolo	100	1,96
Petín	68	1,33
Rubiá	146	2,86
Vilamartín de Valdeorras	570	11,18
TOTAL COMARCA	5.100	100,00
TOTAL PROVINCIA	50.587	10,08

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

As localidades onde se concentran o maior número de contratos son a do Barco de Valdeorras, co 35,37%, e a de Carballeda de Valdeorras, co 34,10% do total. A considerable distancia porcentual están os concellos de Vilamartín de Valdeorras, que engloba o 11,18% das contratacións, e o da Rúa, co 9,63%.

Con respecto á provincia de Ourense, a comarca representa, en volume de contratación, o 10,08% dos contratos realizados na provincia no ano 2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A RÚA	580	571	614	466	491	-1,55	7,53	-24,10	5,36	-4,08
A VEIGA	77	95	83	79	78	23,38	-12,63	-4,82	-1,27	0,32
CARBALLEDA DE VALDEORRAS	1.756	1.731	1.844	1.884	1.739	-1,42	6,53	2,17	-7,70	-0,24
LAROUCO	82	124	128	83	104	51,22	3,23	-35,16	25,30	6,12
O BARCO DE VALDEORRAS	1.615	1.675	1.519	1.671	1.804	3,72	-9,31	10,01	7,96	2,81
O BOLO	78	59	51	52	100	-24,36	-13,56	1,96	92,31	6,41
PETÍN	43	80	64	82	68	86,05	-20,00	28,13	-17,07	12,14
RUBIÁ	117	133	160	111	146	13,68	20,30	-30,63	31,53	5,69
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	427	456	543	554	570	6,79	19,08	2,03	2,89	7,49
TOTAL COMARCA	4.775	4.924	5.006	4.982	5.100	3,12	1,67	-0,48	2,37	1,66
TOTAL PROVINCIA	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

A evolución da contratación entre os anos 1999 e 2003 reflite un desenvolvemento e balance desiguais para as diferentes localidades da comarca. Deste xeito, só en dous dos nove concellos descende o número de contratos realizados. Destaca o caso da Rúa, que obtén unha variación media negativa do -4,08%, despois de reducirse no período 1999-2000 e, sobre todo, no 2001-2002, onde acada unha variación interanual do -24,10%. Unha redución menor prodúcese en Carballeda de Valdeorras, cunha variación media do -0,24%, e con descenso nos anos inicial e final do quinquenio.

Nos concellos restantes o volume contractual incrementase. Dado o seu volume de contratos, pódese destacar a evolución de Vilamartín de Valdeorras, que obtén unha variación media do 7,49% despois dun crecemento constante ao longo destes cinco anos.

Hai que sinalar o crecemento modesto do Barco de Valdeorras, no que só descenden as contratacións no intervalo 2000-2001, conseguindo unha variación media do 2,81%, e o da Veiga, que incrementa moi levemente o seu número de contratos, e obtén unha variación media do 0,32% tras descensos continuados a partir de 2001.

No conxunto da comarca a tendencia é ao aumento das contratacións, aínda que se produce unha lixeira diminución entre o 2001 e o 2002. Un desenvolvemento semellante ocorre na provincia de Ourense, onde ese leve descenso aparece entre o 2002 e o 2003, acadando ambas variacións medias moi próximas entre si, do 1,66% a comarca e do 1,05% a provincia.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	1.141	549	1.690	22,37	10,76	33,14
De 26 a 35 anos	1.035	629	1.664	20,29	12,33	32,63
De 36 a 45 anos	666	404	1070	13,06	7,92	20,98
De 46 a 55 anos	393	151	544	7,71	2,96	10,67
De 56 e máis anos	101	31	132	1,98	0,61	2,59
TOTAL COMARCA	3.336	1.764	5.100	65,41	34,59	100,00
TOTAL PROVINCIAL	28.784	21.803	50.587	56,90	43,10	100,00

A contratación na comarca de Valdeorras no ano 2003 caracterízase por unha distribución desigual entre homes e mulleres, acaparando os primeiros o 65,41% dos contratos. No que respecta á idade, a gran maioría das contratacións realízanse nos grupos máis novos, dado que o 65,77% delas firmáronas os menores de 36 anos.

Tanto a contratación masculina como a feminina concéntrase nos segmentos de idade máis baixos, con tendencia ao retroceso conforme a idade aumenta, fenómeno máis agudizado no caso das mulleres a partir dos 45 anos e nos homes a partir dos 55.

No ámbito provincial repítese a masculinización da contratación, aínda que dunha forma menos notable; o volume de contratación feminina acada 8,51 puntos máis na provincia de Ourense que na comarca.

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	3.357	3.353	3.349	3.296	3.336	-0,12	-0,12	-1,58	1,21	-0,16
Mulleres	1.418	1.571	1.657	1.686	1.764	10,79	5,47	1,75	4,63	5,61
TOTAL CONTRATOS	4.775	4.924	5.006	4.982	5.100	3,12	1,67	-0,48	2,37	1,66

Temporalmente, durante o período 1999-2003, a evolución da contratación segundo o sexo achega diferenzas significativas na traxectoria de homes e mulleres. No caso dos homes, as contratacións redúcense de forma continua entre os anos 1999 e 2002, e logran un pequeno incremento no 2003; deste xeito, no conxunto do período diminúen levemente en números absolutos os contratos e obteñen unha variación media de -0,16%.

No caso feminino dáse a situación oposta, dado que as contratacións se incrementan de forma constante ano a ano, sendo a subida máis importante a dos anos 1999-2000, cunha variación interanual do 10,79%. Finalmente, como balance do período, as mulleres acadan unha variación media do 5,61%.

No seguinte gráfico pódese observar como paulatinamente o peso porcentual da contratación masculina sofre unha redución nestes cinco anos, ao mesmo tempo que a feminina vese incrementada.




GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA % 99-03
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	
Menor de 26 anos	1.477	1.576	1.544	1.535	1.690	6,70	-2,03	-0,58	10,10	3,43
De 26 a 35 anos	1.621	1.632	1.730	1.714	1.664	0,68	6,00	-0,92	-2,92	0,66
De 36 a 45 anos	962	1.034	1.013	1.056	1.070	7,48	-2,03	4,24	1,33	2,70
De 46 a 55 anos	547	525	540	524	544	-4,02	2,86	-2,96	3,82	-0,14
De 56 e máis anos	168	157	179	153	132	-6,55	14,01	-14,53	-13,73	-5,85
TOTAL CONTRATOS	4.775	4.924	5.006	4.982	5.100	3,12	1,67	-0,48	2,37	1,66

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

Tomando como referencia a idade, a evolución da contratación na comarca no conxunto do período caracterízase por unha tendencia ao crecemento nos grupos de idade máis novos, sendo á inversa en relación cos de maior idade.

No colectivo dos menores de 26 anos é onde máis se incrementan as contratacións, que acadan unha variación media do 3,43% a pesar das reducións que se dan nos anos 2001 e 2002. No grupo de 36 a 45 anos o aumento é 0,73 puntos menor que no anterior, e no de 26 a 35 anos dáse un pequeno crecemento en número absoluto de contratos, se ben tende a estancarse dado que a variación media do período é tan só do 0,66%. O mesmo sucede no grupo de 46 a 55 anos, onde só se produce un pequeno decrecemento en número absoluto de contratos.

Nos maiores de 55 anos é onde se pode observar un importante decrecemento das contratacións, cunha variación media do -5,85% e descensos en todos os anos excepto no 2000-2001, no que se producen unha variación interanual do 14,01%.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	83	1,63
Agricultura e pesca	83	1,63
SECTOR SECUNDARIO	2.211	43,35
Industria	2.197	43,08
Electricidade	14	0,27
SECTOR CONSTRUCCIÓN	849	16,65
Construción	849	16,65
SECTOR SERVIZOS	1.957	38,37
Comercio e hostalería	931	18,25
Transporte e comunicacións	126	2,47
Outros servizos	900	17,65
TOTAL CONTRATOS	5.100	100,00

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.





GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos Servizos.



No subsector industrial hai que destacar que tres cuartas partes dos contratos se concentran na actividade de outras industrias. O 25% restante distribúese entre as actividades de fabricación de produtos minerais non metálicos, alimentación, madeira e metalurxia e fabricación de produtos metálicos.

Para o conxunto do sector servizos, as actividades están encabezadas pola de comercio, no que se inclúen o 32% dos contratos. Nun segundo nivel sitúanse as actividades de servizos á comunidade, hostalería, sanidade e servizos sociais, e actividades inmobiliarias e servizos a empresas, que supoñen de forma conxunta o 49% das contratacións dentro deste sector.

TABOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55
SECTOR PRIMARIO	1,29	0,33	0,61	0,35	0,33	0,27	0,06
Agricultura e pesca	1,29	0,33	0,61	0,35	0,33	0,27	0,06
SECTOR SECUNDARIO	31,53	11,82	14,25	14,96	9,14	4,25	0,75
Industria	31,41	11,67	14,22	14,82	9,06	4,25	0,73
Electricidade	0,12	0,16	0,04	0,14	0,08	0,00	0,02
SECTOR CONSTRUCCIÓN	15,76	0,88	5,86	4,57	3,65	2,04	0,53
Construción	15,76	0,88	5,86	4,57	3,65	2,04	0,53
SECTOR SERVICIOS	16,82	21,55	12,41	12,75	7,86	4,10	1,25
Comercio e hostalería	6,69	11,57	6,86	5,69	3,69	1,39	0,63
Transporte e comunicacións	2,33	0,14	0,25	0,82	0,82	0,49	0,08
Outros servizos	7,80	9,84	5,29	6,24	3,35	2,22	0,55
TOTAL CONTRATOS	65,41	34,59	33,14	32,63	20,98	10,67	2,59

No colectivo masculino, o maior volume de contratos está concentrado no sector secundario, que representa o 31,53% do total, seguido polo sector servizos, co 16,82%, e polo da construción, co 15,76%. No caso das mulleres, o sector que adquire unha maior representatividade é o de servizos, onde se inclúe o 21,55% das contratacións, situándose a continuación o sector secundario, co 11,82%. Neste último colectivo, os sectores primario e da construción achegan ao conxunto cifras moi baixas.

No que respecta aos subsectores, son os de industria e construción os que engloban un maior número de contratos masculinos, en concreto o 47,17%. Do mesmo xeito, os de industria e comercio e hostalería son os que obteñen un maior peso entre as mulleres.

En función da distribución por idade, o sector secundario é o que presenta un maior volume contractual en todos os grupos, seguido polo sector servizos tamén en todos eles. A excepción confórmana os maiores de 55 anos, nos que a situación se inverte, estando neste caso o sector servizos á fronte das contratacións, seguido polo secundario.

Tendo en conta os subsectores, o predominante en todas as idades é o de industria, seguido polo de comercio e hostalería, agás no grupo de 46 a 55 anos e do de 26 a 35 anos, onde o segundo subsector en nivel de importancia é o de outros servizos.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %			VARIAC. MEDIA %	
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	60	46	48	18	83	-23,33	4,35	-62,50	361,11	8,45
Agricultura e pesca	60	46	48	18	83	-23,33	4,35	-62,50	361,11	8,45
SECTOR SECUNDARIO	1.906	2.036	2.129	2.217	2.211	6,82	4,57	4,13	-0,27	3,78
Industria	1.903	2.017	2.117	2.207	2.197	5,99	4,96	4,25	-0,45	3,66
Electricidade	3	19	12	10	14	533,33	-36,84	-16,67	40,00	46,98
S. CONSTRUCCIÓN	861	797	806	750	849	-7,43	1,13	-6,95	13,20	-0,35
Construción	861	797	806	750	849	-7,43	1,13	-6,95	13,20	-0,35
SECTOR SERVICIOS	1.948	2.045	2.023	1.969	1.957	4,98	-1,08	-2,67	-0,61	0,12
Comercio e hostalería	893	1.042	990	976	931	16,69	-4,99	-1,41	-4,61	1,05
Transporte e comunicacións	167	168	149	156	126	0,60	-11,31	4,70	-19,23	-6,80
Outros servizos	888	835	884	837	900	-5,97	5,87	-5,32	7,53	0,34
TOTAL CONTRATOS	4.775	4.924	5.006	4.982	5.100	3,12	1,67	-0,48	2,37	1,66

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.


No conxunto do período, todos os sectores presentan un incremento no seu número de contratos, excepto o sector da construción, no que se reduce moi levemente en números absolutos obtendo unha variación media do -0,35%.

O sector primario sofre bruscos descenso nos intervalos 1999-2000 e 2001-2002, seguido de incrementos, sobre todo no 2002-2003, cunha variación interanual do 361,11%. Finalmente, acada unha variación media do 8,45%. O sector que máis medra a continuación é o secundario, cunha variación media do 3,78% e un crecemento continuo ao longo do período, agás nos anos 2002-2003, nos que se produce unha lixeira redución.

No sector servizos os contratos experimentan un leve incremento en números absolutos, se ben no conxunto do período a tendencia é á estabilidade, cunha variación media do 0,12%. É salientable neste caso o decrecemento que se dá no subsector de transporte e comunicacións, que obtén unha variación media do -6,80%.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



A comarca de Valdeorras caracterízase por un elevado predominio da contratación temporal, posto que o 81% dos contratos son temporais a tempo completo. A unha distancia considerable aparecen os contratos temporais a tempo parcial, que supoñen o 10%, e os indefinidos a tempo completo e os de prácticas/formación, co 3% das contratacións cada un deles.

TABOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	1,84	1,39	0,67	1,12	0,59	0,67	0,20
Indefinido tempo parcial	0,12	0,49	0,14	0,22	0,12	0,10	0,04
Temporal	57,88	24,51	26,18	27,63	17,98	8,57	2,04
Temporal tempo parcial	2,22	7,31	3,59	3,10	1,78	0,86	0,20
Prácticas/Formación	1,90	0,71	2,43	0,16	0,02	0,00	0,00
Outros	1,45	0,18	0,14	0,41	0,49	0,47	0,12
TOTAL CONTRATOS	65,41	34,59	33,14	32,63	20,98	10,67	2,59

A temporalidade perfíase tamén como preponderante en ambos os sexos, repartíndose o 60,1% dos contratos temporais entre os homes e o 31,82% entre as mulleres. Non obstante, se diferenciamos entre os diferentes tipos de contrato temporal, vemos que é máis frecuente entre as mulleres o uso do contrato temporal a tempo parcial que entre os homes.

Na distribución por idade, segue sendo a contratación temporal a tempo completo a que conta con maior peso relativo en todos os tramos, e acada o volume máis elevado no intervalo de 26 a 35 anos, seguido de cerca polo dos menores de 26 anos.

TABOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

	PRIMARIO	SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr., Gand.	Industr.	Electric.		Construc.	Comerc.	Transp.	Outros
Indefinido	0,02	1,18	0,00	1,18	0,29	1,14	0,06	0,55
Indefinido tempo parcial	0,00	0,04	0,00	0,04	0,06	0,37	0,00	0,14
Temporal	1,57	40,57	0,27	40,84	15,06	11,10	2,25	11,57
Temporal tempo parcial	0,04	0,78	0,00	0,78	0,31	4,78	0,16	3,45
Prácticas/Formación	0,00	0,51	0,00	0,51	0,92	0,86	0,00	0,31
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1,63
TOTAL CONTRATOS	1,63	43,08	0,27	43,35	16,65	18,25	2,47	17,65

O sector produtivo que presenta unha maior temporalidade é o secundario, que engloba o 41,62% dos contratos temporais a tempo completo ou parcial, seguido polo sector servizos, no que se agrupa o 33,31%, e polo da construción, co 15,37% do total.

Facendo unha análise máis pormenorizada por subsectores, obsérvamos que no de industria se xeran case a metade dos contratos temporais, co 41,35%. A continuación sitúanse os de comercio e hostalería -15,88%-, construción -15,37%- e outros servizos -15,02%-.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	375	316	328	306	165	-15,73	3,80	-6,71	-46,08	-18,56
Indefinido tempo parcial	16	32	23	42	31	100,00	-28,13	82,61	-26,19	17,98
Temporal	3.600	3.815	3.951	3.972	4202	5,97	3,56	0,53	5,79	3,94
Temporal tempo parcial	481	548	477	490	486	13,93	-12,96	2,73	-0,82	0,26
Prácticas/Formación	233	128	149	111	133	-45,06	16,41	-25,50	19,82	-13,08
Outros	70	85	78	61	83	21,43	-8,24	-21,79	36,07	4,35
TOTAL CONTRATOS	4.775	4.924	5.006	4.982	5.100	3,12	1,67	-0,48	2,37	1,66

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

A evolución segundo a tipoloxía de contratación no período 1999-2003 presenta tendencias dispares para as diferentes modalidades. Deste xeito, os contratos indefinidos a tempo completo redúcense considerablemente, cunha variación media do -18,56%, e decrecemento en todos os anos, agás no 2001, sendo salientable a variación interanual negativa que se dá no intervalo 2002-2003, do -46,08%. A outra categoría de contratación onde se reducen os contratos é a de prácticas/formación, cunha variación media do -13,08% e importantes descenso nos intervalos 1999-2000 e 2001-2002.

Nas modalidades restantes os contratos amosan unha evolución positiva. Sobresae o caso dos contratos indefinidos a tempo parcial, que, tras fortes oscilacións no período, acadan unha variación media do 17,98%. Os contratos da tipoloxía outros incrementáanse nun 4,35%, seguidos dos temporais a tempo completo, cunha variación media do 3,94%, e, por último, os temporais a tempo parcial, que manteñen un nivel similar ao longo do período.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	10	0,20
HOMES	6	0,12
MULLERES	4	0,08
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	215	4,22
HOMES	127	2,49
MULLERES	88	1,73
3. Técnicos e profesionais de apoio	151	2,96
HOMES	76	1,49
MULLERES	75	1,47
4. Empregados de tipo administrativo	179	3,51
HOMES	48	0,94
MULLERES	131	2,57
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	731	14,33
HOMES	165	3,24
MULLERES	566	11,10
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	35	0,69
HOMES	29	0,57
MULLERES	6	0,12
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	624	12,24
HOMES	595	11,67
MULLERES	29	0,57
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	1.787	35,04
HOMES	1.445	28,33
MULLERES	342	6,71
9. Traballadores non cualificados	1.368	26,82
HOMES	845	16,57
MULLERES	523	10,25
TOTAL CONTRATOS	5.100	100,00
TOTAL HOMES	3.336	65,41
TOTAL MULLERES	1.764	34,59

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

Segundo os nove grandes grupos de ocupación, e de acordo co exposto na táboa anterior, é preciso sinalar a concentración do 76,19% dos contratos nos seguintes tres grandes grupos:

- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -35,04%-.
- Traballadores non cualificados -26,82%-.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -14,33%-.

Dende outra óptica, atendendo á distribución por sexo, denótanse diferenzas significativas nos contratos en función do grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -28,33%-. • Traballadores non cualificados -16,57%-. • Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -11,67%-. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -3,24%-.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -11,10%-. • Traballadoras non cualificadas -10,25%-. • Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras -6,71%-. • Empregadas de tipo administrativo -2,57%-.

Dada a forte presenza masculina na contratación nesta comarca, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto nos que seguen a continuación:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. As mulleres superan aos homes en 7,86 puntos.
- Empregadas de tipo administrativo. A contratación feminina é 1,63 puntos superior á masculina.

Atendendo á evolución dos contratos durante o período 1999-2003, os datos refliten unha evolución negativa para os seguintes grupos de ocupación:

- Traballadores cualificados na agricultura e pesca (-13,67%).
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería - -4,68%-.
- Empregados de tipo administrativo (-2,37%).
- Dirección de empresas e administracións públicas (-2,35%).

Pola contra, o grupo que destaca sobre os demais polo seu crecemento é o de técnicos profesionais de apoio, que acadou unha variación media do 14,13%.

No tocante á evolución segundo o sexo dos contratados, é salientable o crecemento da contratación masculina nos grupos de:

- Dirección de empresas e administracións públicas -10,67%-.
- Técnicos e profesionais de apoio -8,92%-.

Por outra banda, na comarca de Valdeorras prodúcese un descenso na contratación de homes nos grupos de:

- Empregados de tipo administrativo (-6,94%).
- Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería - -4,19%-.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca (-2,43%).
- Traballadores non cualificados (-0,78%).
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (-0,60%).

No tocante ás mulleres, destaca o incremento medio na contratación nos seguintes grupos de:

- Técnicas e profesionais de apoio -20,99%-.
- Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras -10,67%-.
- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -8,33%-.

É preciso, por último, sinalar o decrecemento que se rexistra na contratación feminina nas actividades que se enumeran a continuación:

- Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca, -33,67%.
- Dirección de empresas e administracións públicas, -13,06%.
- Artesáns/traballadoras cualificadas industria manufactureira, construción e minería, -12,73%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
81120066	Operario máquina cortadora de rochas	566	11,10	294	8,81	272	15,42	51,94
97000011	Peón da industria manufactureira	341	6,69	304	9,11	37	2,10	89,15
86300016	Condutor de camión	334	6,55	330	9,89	4	0,23	98,80
81120130	Operario máquina de labrar pedra e/ou lousa	295	5,78	287	8,60	8	0,45	97,29
81120077	Operario máquina cortabloques de rochas	254	4,98	226	6,77	28	1,59	88,98
95000015	Peón de exterior de minas e canteiras	238	4,67	189	5,67	49	2,78	79,41
97000141	Embalador, empaquetador, etiquetador á man	233	4,57	51	1,53	182	10,32	21,89
53300010	Dependente de comercio, en xeral	226	4,43	25	0,75	201	11,39	11,06
50200018	Camareiro, en xeral.	184	3,61	44	1,32	140	7,94	23,91
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	152	2,98	8	0,24	144	8,16	5,26
TOTAL		2823	55,35	1758	52,70	1065	60,37	62,27

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

Tendo en conta as dez ocupacións máis contratadas no ano 2003, hai que salientar o alto grao de concentración que se produce en ambos os sexos no territorio, posto que o 55,35% dos contratos realizados na comarca de Valdeorras rexistráronse nestas ocupacións.

Os homes tenden a ser contratados en maior medida como condutor de camión, peón da industria manufactureira e operador máquina cortadora de rochas, mentres que nas mulleres as ocupacións máis contratadas son as de operadora máquina cortadora de rochas, dependente de comercio e embaladora, etiquetadora, etiquetadora á man.

Outro aspecto a ter en conta é o grao de masculinización que se produce no conxunto das ocupacións -62,27%-; destaca o maior volume de contratación masculina nas actividades de condutor de camión, operador máquina de labrar pedra e/ou lousa, peón da industria manufactureira e operador máquina cortabloques de rochas, cunha ratio de masculinidade por riba do 85%.


Do mesmo xeito, existen catro ocupacións eminentemente femininas, que son as de muller/mozo de limpeza, dependente de comercio, embaladora-empaqetadora-etiquetadora á man, e camareira, tendo unha ratio non superior ao 25%.

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
81120066	Operario máquina cortadora de rochas	538	587	579	753	566
97000011	Peón da industria manufactureira	431	414	413	520	341
86300016	Condutor de camión	288	298	311	320	334
81120130	Operario máquina de labrar pedra e/ou lousa	281	272	293	229	295
81120077	Operario máquina cortabloques de rochas	166	187	218	213	254
95000015	Peón de exterior de minas e canteiras	288	275	275	270	238
97000141	Embalador, empaquetador,etiquetador á man	176	183	205	184	233
53300010	Dependente de comercio	130	164	157	189	226
50200018	Camareiro	146	183	182	193	184
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador	94	148	143	121	152
42100010	EMPREGADO ADMINISTRATIVO	152	197	161	158	132
71100016	ALBANEL	204	185	134	155	130

Polo que respecta á evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003, non se manifestan grandes oscilacións na súa composición, dando lugar a un comportamento estable na comarca de Valdeorras. Non obstante, hai que sinalar a saída das ocupacións de empregado administrativo e albanel da lista das dez ocupacións máis contratadas, en beneficio de dependente de comercio e muller-mozo de limpeza.

A ocupación de albanel é a que sofre unha maior redución ao longo destes cinco anos, cunha variación media do -10,65%, e descensos en todos os anos agás no 2002. Pola contra, na ocupación de dependente de comercio é na que se observa o maior crecemento, cunha variación media do 14,83%. A continuación en nivel de incremento sitúase a de muller/mozo de limpeza, que obtén unha variación media do 12,77%, despois de fortes aumentos nos anos inicial e final do período, e diminucións nos anos intermedios.



Comarca de Verín



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. Tecido empresarial comarcal. Situación actual

Entre 1999 e 2003, de agora en diante período de referencia, apréciase un claro predominio do sector servizos, tanto no referente ao número de empresas como de traballadores por conta allea e autónomos.

En 2003, o 61,55% das empresas agrúpanse en torno ao sector servizos. Dentro deste prevalece o subsector do comercio e hostalería, co 36,45% de representación. Nun segundo lugar, co 20,43% está o subsector de outros servizos. Así, tanto a escala sectorial como subsectorial, o citado sector presenta as meirandes porcentaxes de representación. A pouca distancia, co 19,36%, sitúase o sector da construción, seguido a pouca distancia polo secundario, onde o subsector maioritario é o da industria, co 16,82% de representación.

Case a metade dos traballadores, en concreto o 49,15%, pertencen ao sector dos servizos, onde unha cuarta parte do total, o 25,31%, se agrupa no subsector de comercio e hostalería. En segundo lugar está o subsector de outros servizos, co 19,16%. En conxunto, podemos concluír que a distribución dos traballadores garda certa homoxeneidade no resto de sectores, xa que, tanto no sector da construción como no secundario e primario, existen unhas porcentaxes de representación bastante similares.

En canto á distribución dos traballadores autónomos, obsérvase a predominancia con creces do sector dos servizos, co 68,20%; o maior peso teno o subsector do comercio e hostalería co 46,43%. A bastante distancia sitúase o subsector da construción, co 17,77%. Séguelle o subsector de outros servizos, co 13,18%.

5.1.2. Evolución anual

TÁBOA 1: Evolución do número de empresas. Período 1999-2003.

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	59	56	54	49	15
Agricultura e pesca	59	56	54	49	15
SECTOR SECUNDARIO	134	127	124	126	128
Industria	132	125	122	124	126
Electricidade	2	2	2	2	2
SECTOR CONSTRUCCIÓN	167	163	159	152	145
Construción	167	163	159	152	145
SECTOR SERVIZOS	412	412	447	436	461
Comercio e hostalería	240	243	265	257	273
Transporte e comunicacións	33	33	34	37	35
Outros servizos	139	136	148	142	153
TOTAL	772	758	784	763	749


Na comarca de Verín descende lixeiramente o número de empresas, como se pode ver na redución que ten lugar se atendemos ao seu volume total, ofrecendo unha variación media para todo o conxunto de -0,75%. Este descenso iníciase no ano 2000, tendo unha paréntese no ano seguinte, momento no que se incrementa nun 3,43%, crecemento este que só se dá no sector de servizos co 8,5% de variación interanual. En 2002 decrece o número de empresas ata o -2,68% para pechar o período cun valor de variación interanual negativa de -1,83%.

Atendendo ás variacións medias de todos os sectores, a característica que define a evolución do tecido empresarial é a do aumento moderado do sector servizos, variación media de 2,85%, fronte ao descenso que sofren todo o resto, chegando nalgúns casos, como o do sector primario, a descender ata un -28,99%.

No sector dos servizos fronte á regresión de 2002, -variación interanual de -2,46%- experimentáanse valores de variación interanual que denotan o seu crecemento, dándose a cifra máis alta en 2001 co 8,50%. A traxectoria dos subsectores de comercio e hostalería e outros servizos é similar, pechando ambos o período cunhas variacións medias positivas do 3,27% e 2,43%. Pola contra, o subsector de transporte decrece no último ano tal e como indica a variación interanual negativa de 2003, -5,41%, aínda que reflite unha variación media positiva do 1,48%.

O segundo sector máis representativo, o da construción, perde peso e diminúe ano tras ano e cun valor de regresión máis elevado en 2003, cando chega ata o -4,61%.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico. Período 1999-2003.



Tendo en conta os valores de variación interanual experimentados en todos os sectores, pódese caracterizar a súa traxectoria como de evolución paralela, exceptuando o sector primario. O descenso máis considerable é o deste sector, que en 2003 presenta unha variación interanual de -69,39%, o valor máis baixo de todos os sectores en conxunto e que pecha unha traxectoria de descenso iniciada dende comezo do período.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	587	595	593	569	576
Agricultura e pesca	587	595	593	569	576
SECTOR SECUNDARIO	885	839	808	755	693
Industria	856	818	781	719	666
Electricidade	29	21	27	36	27
SECTOR CONSTRUCCIÓN	725	660	680	665	676
Construcción	725	660	680	665	676
SECTOR SERVICIOS	1.431	1.558	1.746	1.752	1.880
Comercio e hostalería	710	830	896	912	968
Transporte e comunicacións	146	142	164	173	179
Outros servizos	575	586	686	667	733
TOTAL	3.628	3.652	3.827	3.741	3.825

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

O colectivo de traballadores de Verín experimenta un crecemento moderado ao longo do período, tal e como se aprecia na súa variación media, que é do 1,33%. Só en 2002 se reduce o número de traballadores, sendo a variación interanual para ese ano de -2,25%, recuperándose ao ano seguinte na mesma medida.

Por sectores, o conxunto de traballadores responde a unha evolución similar á do número de empresas. Neste caso, ao igual que sucede para as segundas, o único sector que medra en todo o período é o de servizos -variación media de 7,06%-, tendo lugar a regresión máis forte no sector secundario -variación media de -5,93%-. Por outra banda o sector da construción, tras debaterse entre valores de crecemento e descenso, perde relevancia.

No sector servizos medran todos os subsectores sen excepción; o crecemento máis elevado rexístrase no de comercio e hostalería, cun 8,06% de variación media. Todos os demais subsectores decrecen.

No último ano todos os sectores recuperan traballadores, agás o secundario, sendo o que máis o de servizos, co 7,31% de variación interanual. Séguelle por orde o da construción, co 1,65%, e pecha o primario, co 1,23%. Pola contra, o sector secundario decrece, e acada unha variación interanual negativa para ese ano de -8,21%.




GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.

	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	25	31	36	36	43
Agricultura e pesca	25	31	36	36	43
SECTOR SECUNDARIO	109	114	106	108	122
Industria	107	112	105	107	121
Electricidade	2	2	1	1	1
SECTOR CONSTRUCCIÓN	151	172	198	198	209
Construcción	151	172	198	198	209
SECTOR SERVICIOS	608	677	758	769	802
Comercio e hostalería	432	466	525	527	546
Transporte e comunicacións	68	79	88	90	101
Outros servizos	108	132	145	152	155
TOTAL	893	994	1098	1.111	1.176


TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.

A diferenza do que sucede na distribución realizada para o conxunto de empresas e traballadores, o número de autónomos medra en todos os sectores e consegue un valor de crecemento total do 7,12%. En todos os anos se aprecian valores que sinalan o crecemento deste continxente, se ben nos últimos é máis moderado. Nos dous primeiros anos as variacións interanuais superan o 10%; a máis baixa prodúcese en 2002, co 1,18%. En 2003 o crecemento sitúase nun 5,85%.

O sector servizos presenta unha media de crecemento do 7,17%. No tocante á evolución do sector, aprécianse valores moi similares aos de todo o conxunto. A escala subsectorial o comercio medra en 6,03%, e no subsector de outros servizos, fronte á variación do 22,22% do primeiro ano, chégase ao 2003 cun valor de tan só o 1,97%. Pola contra, no subsector de transportes os valores de variación superan o 10% todos os anos agás en 2002, no que se sitúan no 2,27%.

A maiores, tamén se pode apreciar un crecemento do sector primario que se afasta da tendencia que mantiñan os traballadores e empresas deste sector, que presentaban unha diminución nos dous ámbitos. A variación media dos autónomos deste sector é de 14,52%.

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



No derradeiro ano do período, todos os sectores sen excepción incrementan o número de autónomos, e recollen os valores de variación máis elevados o sector primario, co 19,44%, e o secundario co 12,96%. En terceiro lugar está a construción, co 5,56%, e pecha a serie o sector máis numeroso, o de servizos, que chega ata o 4,29% de variación interanual.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Castro do Val	97	29	126
Cualedro	146	53	199
Laza	93	34	127
Monterrei	282	87	369
Oímbra	107	46	153
Riós	120	53	173
Verín	882	432	1.314
Vilardevós	219	81	300
Total	1.946	815	2.761

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia - PARADOS	10,55
% comarca/provincia - NON PARADOS	7,78

Tendo en conta o número de demandantes da comarca de Verín, pódese dicir que esta é bastante representativa na provincia de Ourense. En canto á porcentaxe de demandantes parados, Verín é a segunda comarca en importancia na provincia, co 10,55%, despois da de Ourense, que concentra a metade dos demandantes, tanto parados como non parados. En canto á relación de non parados, esta comarca, cunha representación do 7,78%, está nun terceiro lugar despois de Ourense e Carballiño.

Aproximadamente a metade dos demandantes da comarca pertencen ao concello de Verín, onde se sitúa o 45,32% dos demandantes parados e o 53,01% dos non parados. O resto de concellos presentan porcentaxes bastante máis reducidas.

Verín predomina por riba dos demais concellos en número de demandantes. En segundo lugar está Monterrei, co 14,49% e 10,68%, e en terceiro Vilardevós, co 11,25% e 9,94% de demandantes parados e non parados respectivamente. O resto de concellos posúen porcentaxes bastantes inferiores.




GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.


5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	1.766	1.845	1.712	1.887	1.946
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	4,47	-7,21	10,22	3,13
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	9,83	10,45	10,24	10,36	10,55

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

O colectivo de demandantes parados incrementábase no período de referencia en todos os anos a excepción de 2001, no que se aprecia un decrecemento do -7,21%. O incremento máis forte ten lugar en 2002, cando a variación interanual é do 10,22%.

GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.



En relación coa provincia, obsérvase que a porcentaxe de representación se vai incrementando paulatinamente, tras unha pequena freada en 2001. No ano 2003 temos a porcentaxe máis alta de representación da comarca na provincia, co 10,55%.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	335	12,13	10,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.611	58,35	53,19
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	91	3,30	5,15
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	388	14,05	15,38
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	97	3,51	4,76
	En expediente de regulación de emprego	7	0,25	0,40
	Demandantes de mellora de emprego	192	6,95	7,08
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	29	1,05	3,03
	Resto de demandantes	11	0,40	0,42
	TOTAL	2.761	100,00	100,00

A meirande parte dos demandantes da comarca, o 58,35%, son parados con experiencia laboral previa. Este grupo supera a porcentaxe provincial en 5,16 puntos porcentuais. A moita distancia, co 14,05%, séguelle o grupo de demandantes non parados con emprego anterior. Neste caso a porcentaxe é similar á da provincia, situándose esta un 1,33% por riba da comarcal. Do total de demandantes da comarca, cómpre dicir que o 70,48% deles son parados, porcentaxe que no ámbito provincial é do 63,78%.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	91	135	4,68	6,94	11,61	15,17
26 a 35 anos	143	283	7,35	14,54	21,89	25,82
36 a 45 anos	158	289	8,12	14,85	22,97	21,11
46 a 55 anos	218	237	11,20	12,18	23,38	20,00
56 e máis anos	222	170	11,41	8,74	20,14	17,90
TOTAL Comarca	832	1.114	42,75	57,25	100,00	10,55
TOTAL Provincia	7.856	10.584	42,60	57,40	10,55	100,00

Máis da metade dos demandantes son mulleres, aparecendo prioritariamente nos intervalos de 26 ata 45 anos, que agrupan o 29,39%. Na demanda masculina concéntrase a maior parte a partir dos 46 anos en diante, sumando entre os dous tramos o 22,61% de demandantes.

En termos globais, na comarca apréciase unha distribución bastante equitativa en todos os tramos de idade a excepción do de menores de 26, que está por debaixo. Na provincia predomina a contratación nos tramos de idade intermedios, tendo os dous extremos porcentaxes de representación máis baixas, igual que sucede na comarca, sobre todo no referente ao primeiro tramo.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	47	67	5,77	8,22	13,99	20,44
26 a 35 anos	46	109	5,64	13,37	19,02	25,77
36 a 45 anos	59	119	7,24	14,60	21,84	20,01
46 a 55 anos	87	98	10,67	12,02	22,70	16,76
56 e máis anos	118	65	14,48	7,98	22,45	17,03
TOTAL COMARCA	357	458	43,80	56,20	100,00	7,78
TOTAL PROVINCIA	3.865	6.607	36,91	63,09	7,78	100,00

TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

O mesmo que sucede para o grupo de demandantes anterior, nos demandantes non parados predominan as mulleres, co 56,20% de representación, porcentaxe inferior á media provincial en 6,89 puntos porcentuais. O tramo onde se concentra o maior número de demandantes é o de 36 a 45 anos, co 14,6%, seguido a pouca distancia do anterior e posterior, co 13,37% e 12,02% respectivamente. Nos dous extremos aparecen as porcentaxes máis baixas. A maior parte dos demandantes de xénero masculino son maiores de 46, onde se aprecian os valores de representación máis altos, sumando entre ambos o 25,15%, a cuarta parte do total de demandantes.

Na comarca a distribución por idades é similar; existe unha redución do número de demandantes nos dous tramos máis baixos de idade. Sen embargo, na provincia dáse a tendencia oposta tendendo a diminuír a demanda a medida que incrementamos a idade.

Malia darse unha concentración da demanda nos tramos de idade intermedios, cómpre sinalar que as distancias entre ambos os dous colectivos, demandantes parados e non parados, son maiores nestes. En todos os tramos de idade, a excepción do de menores de 26 anos, pódese apreciar como existe unha distribución máis ou menos similar do número de demandantes, destacando a menor relevancia no tramo de idade máis avanzada dos demandantes parados.





GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.



En ambos os dous tipos de demandantes, parados e non parados, predomina a representación feminina, que no caso das demandantes paradas é do 40,35%, sobre o 30,13% da masculina, e no caso das demandantes non paradas é do 16,59%, fronte á porcentaxe masculina do 12,93%.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	1.147	58,94	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	522	26,82	32,57
Formación profesional	99	5,09	6,20
BUP/Bacharelato superior/COU	97	4,98	14,65
Titulados universitarios	62	3,19	12,07
Outras titulacións	19	0,98	1,70
TOTAL	1.946	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

En canto á distribución dos demandantes parados, existe unha diferenza considerable entre a distribución comarcal e provincial. Mentres que no ámbito provincial os niveis de estudos de ata certificado de escolaridade e titulación obrigatoria presentan porcentaxes moi similares, no ámbito comarcal predomina claramente o nivel de demandantes sen titulación obrigatoria, por riba dos que a teñen. O 58,94% dos demandantes non teñen estudos, ou ben non chegan a ter a titulación de ensinanza obrigatoria, dobrando amplamente aos demandantes que si teñen esa titulación, que son o 26,82% do total.

Por outra banda, obsérvanse diferenzas importantes nos niveis de bacharelato e estudos universitarios, onde as porcentaxes provinciais triplican ás comarcais. En consecuencia, cabe falar dun tipo de demandantes máis cualificados no ámbito provincial.

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	486	59,63	36,50
Titulación de ensinanza obrigatoria	186	22,82	26,81
Formación profesional	38	4,66	6,81
BUP/Bacharelato superior/COU	60	7,36	16,18
Titulados universitarios	40	4,91	12,40
Outras titulacións	5	0,61	1,30
TOTAL	815	100,00	100,00

O 59,63% dos demandantes non parados da comarca non teñen titulación de ensinanza obrigatoria. Este continxente é superior ao da media provincial nun 23,13%. No caso das persoas coa titulación de ensinanza obrigatoria a distribución entre provincia e comarca é bastante semellante, se ben a primeira agrupa a un 3,99% máis.

Nos demandantes con nivel de estudos de bacharelato e titulados universitarios, as porcentaxes provinciais duplican amplamente ás comarcais. Igual que sucede cos demandantes parados, o grupo dos non parados de Verín presenta uns niveis de cualificación máis baixos que os relativos ao nivel provincial.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	3,49	0,57	0,62	4,68
	Mulleres	3,34	2,16	1,44	6,94
26 a 35 anos	Homes	4,83	1,13	1,39	7,35
	Mulleres	5,91	2,31	6,32	14,54
36 a 45 anos	Homes	4,98	1,08	2,06	8,12
	Mulleres	3,96	2,72	8,17	14,85
46 a 55 anos	Homes	5,34	1,64	4,21	11,20
	Mulleres	2,11	1,70	8,38	12,18
56 e máis anos	Homes	1,90	0,67	8,84	11,41
	Mulleres	1,13	0,98	6,63	8,74
TOTAL COMARCA		37,00	14,95	48,05	100,00
TOTAL PROVINCIA		43,54	14,46	42,01	100,00

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

O colectivo de demandantes máis numeroso é o de parados de longa duración, isto é, que levan máis dun ano como demandantes de emprego, agrupando o 48,05% dos demandantes da comarca, superando a mesma porcentaxe, pero para a provincia, nun 6,04%. En segundo lugar están os demandantes de menos de seis meses, que representan o 37%, porcentaxe inferior á provincial nun 6,54%.

Os demandantes de longa duración maiores de 55 anos representan o perfil máis numeroso co 8,84%. No caso das mulleres, sitúase tamén nos demandantes de máis de un ano, pero no tramo de 46 a 55 anos, co 8,38%.

No colectivo de demandantes de longa duración predominan as mulleres amplamente en todos os tramos, obténdose a diferenza máis baixa entre ambos no caso dos maiores de 55 anos. No resto de tramos de idade, as mulleres superan os homes con certa diferenza como se pode apreciar con claridade nos tramos de 26 a 35 anos ou ben no tramo seguinte. O 30,93% deste tipo de demandantes son mulleres, sendo a porcentaxe dos homes bastantes inferior, co 17,12%

No tramo temporal intermedio, entre seis meses e un ano, a distribución comarcal e provincial é practicamente similar. Destaca como as demandantes mulleres superan en todos os tramos aos homes, duplicando nos tramos de idade máis baixos esa relación. Neste caso a porcentaxe de representación feminina é de 9,86% fronte á masculina, que é de 5,09%.

Por último, as persoas que levan menos de seis meses como demandantes son maioritariamente homes en todos os tramos, agás no de 26 a 35 anos, onde a porcentaxe de mulleres é lixeiramente superior; sendo ao mesmo tempo o valor máis alto, co 5,91%.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	54	2,77	2,52	39	4,79	2,52
Sector secundario	389	19,99	15,61	161	19,75	13,28
Construcción	356	18,29	14,95	142	17,42	9,90
Sector servizos	817	41,98	50,49	362	44,42	55,73
Sen actividade previa	330	16,96	16,43	111	13,62	18,56
TOTAL	1.946	100,00	100,00	815	100,00	100,00


Tanto no caso dos demandantes parados como no dos non parados predomina o sector servizos, que agrupa o 41,98% e o 44,42% respectivamente.

Malia o predominio do sector servizos no caso dos demandantes parados, cómpre dicir que a distribución no resto de sectores é máis reducida e mostra porcentaxes similares, agás no caso do sector primario, onde tan só se rexistra o 2,77%. A distribución é similar para a provincia, se ben nesta última a representación do sector servizos é máis alta, superando nun 8,51% á comarcal.

No caso dos demandantes non parados, existen maiores diferenzas entre a distribución por sectores; predomina, como xa dixemos, o dos servizos, que neste caso se sitúa por debaixo do valor provincial nun 11,31%. O segundo sector en importancia numérica é o secundario co 19,75%, seguido do da construción, co 17,42%. Por outra banda, na provincia a segunda porcentaxe máis elevada é a correspondente a persoas procedentes do sector secundario, co 13,28%. Así pódese apreciar como se inverte a situación anterior. Tamén se pode destacar a maiores que o peso do sector da construción na comarca duplica a representación que ten este na provincia, que tan só é do 9,9%.

A metade dos demandantes parados da industria, o 52%, sitúanse na rama do téxtil e confección. Nun segundo lugar con porcentaxes similares, están a alimentación, co 17% de demandantes, seguido moi de preto pola de outras industrias onde se sitúa o 15% da demanda. En terceiro lugar destaca a actividade de metalurxia e fabricación de produtos de metal, repartíndose o 8% restante en tres actividades.

GRÁFICO 8: Demandantes parados na Industria.



As tres cuartas partes das demandas de parados realizadas nos servizos corresponden a catro actividades, que predominan amplamente por riba das outras. O 22% dos demandantes pertencen á hostalería, seguido a pouca distancia polo comercio, que agrupa o 19%. A continuación con porcentaxes similares están as administracións públicas e as actividades inmobiliarias, co 16% e 15% respectivamente.




GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	400	14,49	9,34
Operario máquina industrial coser á plana	220	7,97	1,96
Peón da construción de edificios	204	7,39	3,96
Dependente de comercio, en xeral	193	6,99	8,01
Empregado administrativo, en xeral	144	5,22	8,75
Albanel	110	3,98	2,58
Peón da industria manufactureira, en xeral	105	3,80	4,57
Cociñeiro, en xeral	71	2,57	2,08
Camareiro, en xeral	71	2,57	2,74
Peón da industria metálica e fabricación produtos metálicos	38	1,38	0,75

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Mulleres	Mulleres
Grupo idade	De 36 a 45 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Máis de 1 ano	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/mozo de limpeza, Limpador	Muller/mozo de limpeza, Limpador

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
Riós	8	1,15
Verín	670	95,99
Oímbra	4	0,57
Monterrei	3	0,43
Laza	5	0,72
Cualedro	5	0,72
Castrelo do Val	2	0,29
Vilardevós	1	0,14
TOTAL COMARCA	698	100,00

TOTAL OFERTAS PROVINCIA: 11.116

COMARCA/PROVINCIA: 6,28

Do total de ofertas realizadas na provincia de Ourense, a comarca de Verín agrupa o 6,28%. Despois de ter en conta que o 61,19% das ofertas da provincia se realizan na comarca de Ourense, esta ocupa o terceiro lugar por detrás da de Celanova, que recolle o 7,76% das ofertas, tendo, xa que logo, un peso considerable dentro da provincia.

O concello de Verín agrupa case todas as ofertas da comarca, o 95,99%. O 4,01% restante repártese entre todo o resto de concellos, onde Riós, co 1,15%, é o que posúe a porcentaxe máis alta.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Laza	0	1	1	0	5		0,00			
Cualedro	0	2	2	3	5		0,00	50,00	66,67	
Castrelo do Val	0	0	0	1	2				100,00	
Oímbra	1	2	0	7	4	100,00			-42,86	41,42
Monterrei	5	2	5	10	3	-60,00	150,00	100,00	-70,00	-11,99
Riós	0	1	4	4	8		300,00	0,00	100,00	
Verín	652	545	754	712	670	-16,41	38,35	-5,57	-5,90	0,68
Vilardevós	4	0	0	7	1				-85,71	-29,29
TOTAL COMARCA	662	553	766	744	698	-16,47	38,52	-2,87	-6,18	1,33
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116	30,02	-10,06	-6,80	2,25	2,74

Atendendo ás variacións medias experimentadas, tanto no ámbito comarcal como provincial, pódese falar de crecemento moderado en ambos os dous ámbitos, se ben no caso do segundo este é máis elevado. Pero se se ten en conta a evolución que presenta en cada ano, vemos, tanto na comarca como na provincia, hai un crecemento moi forte, que ten lugar na comarca en 2001, coa variación interanual do 38,52%, e en 2000 na provincia, co 30,02% de variación interanual, para decrecer no resto de anos, agás a provincia no último ano.

A comarca inicia o período cun decrecemento considerable de -16,47%, similar ao experimentado polo concello de Verín, que é de -16,41%. No ano seguinte Verín experimenta un crecemento notable, cunha variación interanual de 38,35%, para posteriormente rexistrar o descenso máis considerable en 2002, cunha variación interanual de -6,18%, que se aparta da tendencia positiva que se dá en Ourense. Para concluír, cómpre dicirmos que a variación media que presenta Verín -0,68%- sinala o estancamento do número de ofertas durante o período de referencia.

O gráfico reflite o claro predomínio de Verín, que, a finais de 2003, presenta un número similar de ofertas ao de 1999. Por outra parte, no resto de concellos existe unha evolución levemente positiva ata o 2002, para descender levemente ao final do período.




GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Laza	0		0		0		5	1,08
Cualedro	0		0		0		5	1,08
Castrelo do Val	0		0		0		2	0,43
Oímbra	0		0		0		4	0,86
Monterrei	0		0		0		3	0,65
Ríós	0		0		0		8	1,72
Verín	5	100,00	110	100,00	118	100,00	436	93,97
Vilardevós	0		0		0		1	0,22
TOTAL COMARCA	5	100,00	110	100,00	118	100,00	464	100,00
TOTAL PROVINCIA	126		1.001		2.224		7.763	

TÁBOA 15: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos. Valores absolutos e relativos en relación co total da comarca.

A maior parte das ofertas danse no sector de servizos, onde Verín, co 93,97%, predomina por riba dos demais. En segundo lugar esta o sector da construción, con 118 ofertas, seguido a pouca distancia do sector secundario, con 110. Nestes dous últimos o 100% das ofertas rexístranse no concello de Verín.

A meirande parte das ofertas rexístranse no sector servizos, co 66%. Séguelle, co 17%, o sector da construción e cunha porcentaxe similar o secundario, co 16%. As ofertas do sector primario só representan o 1% de todas as realizadas




GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas na Industria.





GRÁFICO 13: Distribución porcentual das ofertas nos Servizos.



TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	13	14	30	2	5
Secundario	86	64	118	111	110
Construción	223	119	156	140	118
Servizos	340	356	461	491	464
Sen actividade	0	0	1	0	1
TOTAL COMARCA	662	553	766	744	698
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116

No sector servizos aumenta o número de ofertas nun 8,08% no período de referencia. Neste sector apréciase un crecemento continuado en todos os anos, agás no último, onde se reflite unha variación interanual negativa de -5,5%.

Na construción descenden as ofertas, presentando unha variación media negativa de -14,71%, a segunda máis baixa despois da experimentada polo sector primario. Na construción só se rexistrou un crecemento de 31,09% en 2001, presentando no resto dos anos hai variacións interanuais negativas, bastante elevadas, como pode ser a de 2000 que é de -46,64%. Ao final do período presenta unha variación de -15,71%.

O terceiro sector en importancia numérica, o secundario, incrementa as ofertas e ofrece un valor de variación media do 6,35%. Neste sector, malia que decrece en todos os anos, cómpre sinalar o forte incremento que sofre en 2001, cando a variación interanual para ese ano chega ao 84,38%, pasando de 64 ofertas en 2000 a 118 en 2001.

A metade das ofertas do subsector industrial danse no apartado de outras industrias, que representa o 48% do total. Nun segundo lugar están as actividades de metalurxia e da alimentación, con porcentaxes de 13%, e a da madeira, con tan só un punto porcentual menos.

Case a metade das ofertas do sector servizos concéntranse en dúas actividades, pertencentes ao sector público, as de sanidade co 27% e a das administracións públicas, co 20%. Deseguido sitúase o comercio, co 14% de ofertas e con dous puntos porcentuais menos as actividades inmobiliarias. O 39% restante rexístrase no resto de actividades, onde predominan, co 8%, a hostalería e outros servizos.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Hai que sinalar que só un 4,15% do total das ofertas tiñan o sexo como un dos seus requirimentos á hora de habilitar ese posto de traballo. Así e todo, no sector dos servizos o número de ofertas dos homes dobra ao das mulleres; no sector da construción case todas fánelles a homes. Malia todo, dentro do sector servizos, requírense homes sobre todo no subsector do transporte.




GRÁFICO 14: Ofertas por sexo segundo o sector económico da comarca.

O 78,94% das ofertas realizadas na comarca de Verín esixen un determinado nivel de estudos. Se ben a maioría só esixen ter como máximo o certificado de escolaridade.




GRÁFICO 15: Ofertas por nivel académico da comarca.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

	1999	2000	2001	2002	2003
Axente comercial / Vendedor	26	39	20	2	24
Peón de albanel/Peón de obras públicas	3	8	0	13	12
Conductor de mercadorías/Conductor de camión en xeral.	1	2	0	4	11
Auxiliar de axuda a domicilio/Coidador de anciáns.	0	1	0	8	6
Axente de seguros	0	1	1	1	5
Telefonista / Operador de <i>telemarketing</i>	0	0	0	12	4
Auxiliar administrativo	0	1	2	1	4
Albanel	20	10	8	2	4
Administrativo	0	0	0	3	4
Monitor deportivo	1	0	1	1	3

TÁBOA 17.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

A ocupación máis ofertada polos centros colaboradores é a de axente comercial con 24 ofertas en 2003, que, tras a, forte regresión de 2002, mantén aproximadamente o número de ofertas de anos anteriores. Séguelle coa meta-de de ofertas a ocupación de peón de albanel e a de conductor de camión, cunha oferta menos. Tamén é considerable a redución de ofertas que sofre a ocupación de albanel, que pasa de ter 20 ofertas en 1999 a tan só 4 en 2003.

TÁBOA 17.2: Ocupacións máis ofertadas nas Oficinas de Emprego.

	1999	2000	2001	2002	2003
Médico especialista	3	0	0	34	120
Téc. de protección civil	30	39	37	49	56
Albanel	70	32	60	51	37
Peón de obras públicas, en xeral	46	31	41	47	26
Mozo carga/descarga, almacén	3	10	10	13	25
Traballador retén incendios forestais	22	12	7	28	21
Camareiro, en xeral	11	14	13	19	19
Condutor de camión, en xeral	15	15	22	24	17
Peón da construción de edificios	41	30	118	31	17
Empregado administrativo, en xeral	11	4	10	5	15

A ocupación máis ofertada polas oficinas de emprego en 2003 é a de médico especialista con 120 ofertas, que se incrementa nun 252,49% en relación co ano anterior. A segunda ocupación, técnico de protección civil, tamén presenta unha tendencia alcista que conclúe coas 56 ofertas de 2003.

Pola contra, hai que destacar que as ocupacións da construción -albanel, peón de albanel e peón da construción- perden todas peso, descendendo o número de ofertas dende o inicio ata o final na metade aproximadamente, con variacións medias de -14,73%, -13,29% e -19,76% respectivamente.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
CASTRELO DO VAL	86	2,28
CUALEDRO	111	2,95
LAZA	94	2,50
MONTERREI	197	5,23
OÍMBRA	137	3,64
RIÓS	184	4,89
VERÍN	2.893	76,82
VILARDEVÓS	64	1,70
TOTAL COMARCA	3.766	100,00
TOTAL PROVINCIA	50.587	7,44

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

Do total de contratos da comarca, as tres cuartas partes realízanse no concello de Verín, que representa o 76,82%. A moita distancia sitúase Monterrei, co 5,23%, seguido do concello de Ríós, co 4,89%. O 13,06% restante distribúese nos demais concellos.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
CASTRELO DO VAL	73	45	59	48	86	-38,36	31,11	-18,64	79,17	4,18
CUALEDRO	92	66	63	62	111	-28,26	-4,55	-1,59	79,03	4,81
LAZA	110	127	97	95	94	15,45	-23,62	-2,06	-1,05	-3,85
MONTERREI	179	197	309	193	197	10,06	56,85	-37,54	2,07	2,42
OÍMBRA	107	84	93	119	137	-21,50	10,71	27,96	15,13	6,37
RIÓS	113	148	223	178	184	30,97	50,68	-20,18	3,37	12,96
VERÍN	2.168	2.093	1.965	2.401	2.893	-3,46	-6,12	22,19	20,49	7,48
VILARDEVÓS	182	160	110	132	64	-12,09	-31,25	20,00	-51,52	-22,99
TOTAL COMARCA	3.024	2.920	2.919	3.228	3.766	-3,44	-0,03	10,59	16,67	5,64
TOTAL PROVINCIA	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

A comarca de Verín incrementa o número de contratos no período de referencia nun 5,64%. Tras os descensos experimentados nos primeiros anos do período, invértese a tendencia en 2002 e 2003, ofrecendo unhas considerables cifras de variación interanual, que se sitúan en 10,59% e 16,67%, e superando con moito a tendencia correspondente á provincia de Ourense, que se debate entre o 0,54% de 2002 e o -0,54% do ano seguinte.

No concello máis representativo, o de Verín, aumenta tamén o número de contratos nun 7,48%, pasando dos 2.168 contratos de 1999 aos 2.893 de 2003. Igual que sucede na comarca este concello descende moderadamente nos primeiros anos, incrementándose a contratación por riba do 20% nos dous últimos.

En Monterrei aumenta moderadamente a contratación -variación media do 2,42%-. A tendencia deste concello caracterízase polas fortes oscilacións que sofre nos anos intermedios, onde se presentan variacións interanuais con valores bastante extremos. Tras experimentar un crecemento do 10,06% en 2000, no ano seguinte o mesmo chega a ser de 56,85%, para decrecer a continuación ata un -37,54%. No último ano a recuperación é moderada se temos en conta as oscilacións dos anos anteriores.

Nos tres concellos seguintes, en importancia numérica, Riós, Oímbra e Cualedro, aumenta a contratación recollendo a maior variación media Riós, co 12,96%. Nestes tres concellos as traxectorias son diferenciadas, se ben se caracterizan polas fortes oscilacións en relación cos valores de variación interanual que presentan. En 2003, o que menos incremento presenta é Riós, co 3,37% de variación interanual, seguido de Oímbra, co 15,13%, e incrementándose en gran medida Cualedro, onde o valor de variación se sitúa en 79,03%.

En liñas xerais, a contratación da comarca caracterízase polo incremento contractual de todos os concellos, e pola regresión bastante elevada de Vilardevós -variación media de -22,99%- e a máis moderada de Laza, co -3,85%.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	573	606	1179	15,22	16,09	31,31
De 26 a 35 anos	516	715	1231	13,70	18,99	32,69
De 36 a 45 anos	406	381	787	10,78	10,12	20,90
De 46 a 55 anos	350	109	459	9,29	2,89	12,19
De 56 e máis anos	94	16	110	2,50	0,42	2,92
TOTAL COMARCA	1.939	1.827	3.766	51,49	48,51	100,00
TOTAL PROVINCIAL	28.784	21.803	50.587	56,90	43,10	100,00

O 51,49% da contratación é masculina, indicando un predominio dos homes, aínda que cunha diferenza bastante pequena con respecto á feminina. Na provincia de Ourense tamén predomina a contratación masculina, pero nunha porcentaxe superior á comarcal nun 5,41%.

Atendendo á distribución que se realiza en función da idade, vemos como existe unha concentración importante, de 64%, nos dous tramos de idade máis nova, decrecendo a concentración a medida que incrementamos a idade. No intervalos que van ata os 35 anos cómpre sinalar que predomina a contratación feminina fronte á masculina, superando a porcentaxe dos homes nun 0,87% e 5,29% respectivamente. A partir dos 35 anos a contratación masculina supera á feminina, con porcentaxes similares no caso dos de 36 a 45 anos e unha superioridade bastante notoria nos dous tramos seguintes.

O perfil tipo no caso das mulleres, co 18,99%, é o comprendido entre os 26 e 35 anos. No caso dos homes a maior porcentaxe, o 15,22%, preséntana os menores de 26 anos. Tamén temos que dicir que nos dous primeiros tramos de idade masculinos se concentra o 28,92% da contratación.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	2.083	1.983	1.934	1.899	1.939	-4,80	-2,47	-1,81	2,11	-1,77
Mulleres	941	937	985	1.329	1.827	-0,43	5,12	34,92	37,47	18,04
TOTAL CONTRATOS	3.024	2.920	2.919	3.228	3.766	-3,44	-0,03	10,59	16,67	5,64

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

A evolución da contratación na comarca atendendo ao xénero reflite diferenzas notables, diminuindo a contratación nun -1,77% no caso dos homes e incrementándose considerablemente no caso das mulleres -variación media do 18,04%.

Atendendo á evolución anual, nos homes hai una tendencia regresiva que se vai moderando, ata chegar ao último ano, cando a variación interanual é do 2,11%, diferenciándose así dos anos anteriores onde só se aprecian variacións interanuais negativas. No caso das mulleres iníciase en 2000 cunha variación negativa de -0,43%, producíndose un forte incremento de contratos nos anos 2002 e 2003, coas respectivas variacións de 34,92% e 37,47%.

A diferenciación da contratación por xéneros avanza cara á equidade na distribución por sexos, o que se pode observar con claridade nas porcentaxes expostas no gráfico 16. Se en 1999 a superioridade da contratación masculina sobre a feminina era de 37,76 puntos, no ano 2003 existe unha distribución con tan só unha diferenza de 2,98 puntos a favor dos homes.




GRÁFICO 16: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	838	847	787	913	1.179	1,07	-7,08	16,01	29,13	8,91
De 26 a 35 anos	958	894	852	1.027	1.231	-6,68	-4,70	20,54	19,86	6,47
De 36 a 45 anos	688	656	721	791	787	-4,65	9,91	9,71	-0,51	3,42
De 46 a 55 anos	390	404	426	378	459	3,59	5,45	-11,27	21,43	4,16
De 56 e máis anos	150	119	133	119	110	-20,67	11,76	-10,53	-7,56	-7,46
TOTAL CONTRATOS	3.024	2.920	2.919	3.228	3.766	-3,44	-0,03	10,59	16,67	5,64

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

No período de referencia apréciase un crecemento xeneralizado da contratación en todos os tramos de idade, agás no caso dos maiores de 55 anos, no que diminúe a contratación ata unha variación media de -7,46%.

A contratación de persoas maiores de 55 anos decrece todos os anos, agás en 2001, como se aprecia na variación interanual positiva para ese ano, que é de 11,76%.

Nos intervalos que van ata os 36 anos a evolución da contratación conta cuns valores semellantes, presentando nos dous últimos anos unha subida considerable en ambos os dous tramos de idade. No caso das persoas entre 36 e 45 anos iníciase o período decrecendo, e, tras unha paréntese intermedia na que hai un crecemento en torno ao 9%, remata en 2003 decrecendo moi levemente. No tramo de 46 a 55 anos só se observa unha diminución de -11,27% en 2002, incrementándose considerablemente en 2003, variación interanual de 21,43%.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos


TABOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	121	3,21
Agricultura e pesca	121	3,21
SECTOR SECUNDARIO	492	13,06
Industria	425	11,29
Electricidade	67	1,78
SECTOR CONSTRUCCIÓN	664	17,63
Construción	664	17,63
SECTOR SERVICIOS	2.489	66,09
Comercio e hostalería	592	15,72
Transporte e comunicacións	197	5,23
Outros servizos	1.700	45,14
TOTAL CONTRATOS	3.766	100,00

O 66,09% dos contratos realizados en Verín efectúanse no sector dos servizos, onde o subsector de outros servizos engloba case a metade da contratación, o 45,14%. No ámbito de subsectores, o comercio representa a terceira porcentaxe máis elevada, o que remarca de novo o peso que ten este sector dentro da comarca.

Nun segundo lugar sitúase o sector da construción, co 17,63%, seguido do secundario co 13,06%. No ámbito subsectorial o cuarto lugar ocúpao o subsector da industria que engloba o 11,29% dos contratados.


GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación na Industria.



O 71% da contratación da comarca concéntrase en tres actividades. En primeiro lugar está a industria téxtil e da confección, co 36%. En segundo lugar, co 22%, está o apartado de outras industrias, seguido a bastante distancia da industria de alimentación que contrata ao 13%.

O 29% restante concéntrase noutras tres actividades, cunha distribución que oscila entre o 12% e o 7%; predomina a metalurxia e fabricación de produtos de metal, seguida a pouca distancia da madeira.

GRÁFICO 18: Distribución porcentual da contratación nos Servizos.



A metade da contratación do sector servizos pertence á sanidade, que, co 47% dos contratos, se sitúa bastante por riba do resto de actividades. O 13% corresponde ao comercio e, en terceiro lugar, co 8%, están as actividades de transporte e hostalería.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	Máis de 55
SECTOR PRIMARIO	2,55	0,66	0,48	0,77	0,74	0,88	0,35
Agricultura e pesca	2,55	0,66	0,48	0,77	0,74	0,88	0,35
SECTOR SECUNDARIO	7,36	5,71	4,12	3,69	3,11	1,65	0,50
Industria	6,19	5,10	3,66	3,19	2,68	1,35	0,40
Electricidade	1,17	0,61	0,45	0,50	0,42	0,29	0,11
SECTOR CONSTRUCCIÓN	16,38	1,25	5,26	4,99	4,01	2,58	0,80
Construción	16,38	1,25	5,26	4,99	4,01	2,58	0,80
SECTOR SERVIZOS	25,20	40,89	21,46	23,23	13,04	7,09	1,27
Comercio e hostalería	7,59	8,13	6,13	4,70	2,89	1,54	0,45
Transporte e comunicacións	4,86	0,37	0,66	1,57	1,67	1,01	0,32
Outros servizos	12,75	32,40	14,66	16,97	8,47	4,54	0,50
TOTAL CONTRATOS	51,49	48,51	31,31	32,69	20,90	12,19	2,92

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

No sector maioritario, o de servizos, predomina a contratación feminina. Dos tres subsectores de servizos, apréciase a maior diferenza no caso de outros servizos, onde a porcentaxe de mulleres é moito máis elevada -32,40% sobre 12,75%-, sendo, pola contra, no caso do comercio e hostalería bastante similar a distribución. No transporte e comunicacións a contratación feminina é practicamente inexistente.

No resto de sectores contrátase máis os homes, sendo case plena a súa contratación no sector da construción. No primario e secundario tamén predomina a contratación masculina, se ben neste caso as distancias non son tan elevadas como no anterior sector.

Case a metade da contratación, en concreto o 44,69%, fánelles a persoas de ata 35 anos no sector dos servizos, pertencendo o 31,63% ao subsector de outros servizos. Neste mesmo sector é onde se aprecian as porcentaxes máis altas nos tramos de idade seguintes, destacando tamén o de 36 a 45 anos, co 13,04% dos contratos.

Tanto no sector da construción como no secundario existe un maior volume contractual nos tramos de idade máis nova, descendendo consecutivamente a medida que se incrementa a idade. Pola contra, no sector primario dáse a relación inversa, isto é, aparecen valores de contratación máis altos nos tramos de máis idade, a excepción do de máis de 55 anos, que é o tramo de contratación máis reducido en todos os niveis.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %			VARIAC. MEDIA %	
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	96	102	91	98	121	6,25	-10,78	7,69	23,47	5,96
Agricultura e pesca	96	102	91	98	121	6,25	-10,78	7,69	23,47	5,96
SECTOR SECUNDARIO	649	605	611	548	492	-6,78	0,99	-10,31	-10,22	-6,69
Industria	601	562	567	473	425	-6,49	0,89	-16,58	-10,15	-8,30
Electricidade	48	43	44	75	67	-10,42	2,33	70,45	-10,67	8,69
S. CONSTRUCCIÓN	689	673	753	694	664	-2,32	11,89	-7,84	-4,32	-0,92
Construción	689	673	753	694	664	-2,32	11,89	-7,84	-4,32	-0,92
SECTOR SERVIZOS	1.590	1.540	1.464	1.880	2.489	-3,14	-4,94	28,42	32,39	11,86
Comercio e hostalería	511	628	574	572	592	22,90	-8,60	-0,35	3,50	3,75
Transporte e comunicacións	184	155	148	184	197	-15,76	-4,52	24,32	7,07	1,72
Outros servizos	895	757	742	1.124	1.700	-15,42	-1,98	51,48	51,25	17,40
TOTAL CONTRATOS	3.024	2.920	2.919	3.228	3.766	-3,44	-0,03	10,59	16,67	5,64

TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

No sector máis representativo, o de servizos, prodúcese un incremento contractual notable no período de referencia -variación media de 11,86%-; o subsector de outros servizos é o que presenta maior incremento, cunha variación media de 17,4%. A evolución dos subsectores é diferente, compartindo todos notables incrementos nos anos 2002 e 2003, que no caso do comercio son máis moderados, ou incluso descenden -variación interanual de -0,35% no comercio en 2002-. O sector que máis evoluciona é o de outros servizos, como refliten as variacións interanuais para os dous últimos anos que superan o 50%.


Outro sector que incrementa o volume de contratación é o primario que, tras unha regresión de -10,78% en 2001, inicia unha traxectoria de ascenso ata recoller en 2003 a máxima variación de todo o período, en concreto o 23,47%.

A construción perde pouco peso -variación media de -0,92%-, aínda que se observa unha tendencia de regresión máis elevada nos últimos anos.

O sector que maior descenso soporta é o secundario, que só presenta en 2001 un pequeno aumento do número de contratos -variación interanual de 0,99%-, diminuíndo por riba do 10% nos dous anos seguintes. O descenso máis elevado ten lugar non subsector da industria en 2002, co -16,58% de variación interanual.

5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 19: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



A maioría da contratación é temporal, nas súas dúas modalidades de tempo completo e parcial, albergan o 89% dos contratos. A segunda fórmula máis utilizada é a da contratación en prácticas, que, cun 6% de representación, supera a suma do resto de fórmulas.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	1,27	1,25	0,50	0,82	0,64	0,37	0,19
Indefinido tempo parcial	0,19	0,32	0,13	0,21	0,11	0,03	0,03
Temporal	42,43	40,65	24,67	28,70	18,03	9,27	2,42
Temporal tempo parcial	2,95	3,80	2,52	1,89	1,14	1,09	0,11
Prácticas/Formación	3,32	2,39	3,40	0,77	0,58	0,82	0,13
Outros	1,33	0,11	0,08	0,29	0,40	0,61	0,05
TOTAL CONTRATOS	51,49	48,51	31,31	32,69	20,90	12,19	2,92

A distribución das modalidades de contratación en función do sexo amosa unha distribución similar entre xéneros, non apreciando diferenzas importantes. En todos os tipos de contratos predomina a contratación masculina, con pouca diferenza da feminina, exceptuando a contratación indefinida a tempo parcial e temporal a tempo parcial, na que a porcentaxe de mulleres contrata-das supera lixeiramente á dos homes.

En todos os tramos de idade prevalece a contratación temporal, seguida da contratación a tempo parcial, a excepción dos contratos en prácticas dos menores de 26 anos e os indefinidos dos maiores de 55, que ocupan o segundo lugar. A porcentaxe de contratos de prácticas dos menores de 26 anos supera a porcentaxe agrupada de todo o resto.

En canto á contratación indefinida, pódese ver como as porcentaxes máis altas aparecen nos tramos de menor idade.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr., Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,13	0,45	0,00	0,45	0,29	1,14	0,13	0,37	1,65
Indefinido tempo parcial	0,00	0,03	0,00	0,03	0,00	0,32	0,00	0,16	0,48
Temporal	2,95	9,59	1,57	11,15	15,69	9,93	4,99	38,37	53,29
Temporal tempo parcial	0,13	0,66	0,21	0,88	0,61	2,84	0,08	2,20	5,12
Prácticas/Formación	0,00	0,56	0,00	0,56	1,04	1,49	0,03	2,60	4,12
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1,43	1,43
TOTAL CONTRATOS	3,21	11,29	1,78	13,06	17,63	15,72	5,23	45,14	66,09

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

Se o 66,09% dos contratos pertencen ao sector dos servizos, a meirande parte -o 53,29%- son temporais, correspondéndolle o 38,37% aos contratos temporais do subsector de outros servizos e, en segundo lugar, o 9,93% ao comercio, pechando a distribución o transporte, co 4,99%.

No sector da construción realízanse o 17,63% dos contratos, correspondéndolle case o total aos temporais, o 15,69%. Esta situación pódese extrapolar aos sectores secundario e primario, onde as porcentaxes correspondentes de contratación temporal agrupan case todos os contratos.

Facendo referencia á contratación indefinida, tanto a xornada completa como parcial, atopamos que a concentración máis alta se rexistra no subsector do comercio co 1,14% e 0,32% respectivamente.

A contratación en prácticas, dáse tamén ao mesmo tempo no sector dos servizos, onde o subsector de outros servizos ocupa o primeiro lugar, co 2,60%, máis da metade deste tipo de contratos, seguido do comercio, co 1,49%.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	303	229	216	209	95	-24,42	-5,68	-3,24	-54,55	-25,17
Indefinido tempo parcial	23	20	10	46	19	-13,04	-50,00	360,00	-58,70	-4,66
Temporal	2.199	2.151	2.140	2.439	3129	-2,18	-0,51	13,97	28,29	9,22
Temporal tempo parcial	287	271	258	321	254	-5,57	-4,80	24,42	-20,87	-3,01
Prácticas/Formación	143	175	205	164	215	22,38	17,14	-20,00	31,10	10,73
Outros	69	74	90	49	54	7,25	21,62	-45,56	10,20	-5,94
TOTAL CONTRATOS	3.024	2.920	2.919	3.228	3.766	-3,44	-0,03	10,59	16,67	5,64

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

A fórmula de contratación maioritaria, a temporal, incrementa o número de contratos, presentando unha variación media de 9,22%. A contratación en prácticas tamén aumenta e obtén unha variación media máis elevada que a anterior, de 10,73%. Só estas dúas fórmulas incrementan o número de contratos, e decrece todo o resto.

A evolución da contratación temporal caracterízase polo forte ascenso que experimenta a partir de 2002, que, tras un período de leve regresión, se recupera e presenta considerables variacións medias que refliten o avance, de 13,97% en 2002 e de 28,29% no ano seguinte.

Se en 1999 a segunda fórmula máis utilizada era a indefinida, en 2003 pasa a ser a temporal a tempo parcial, que, pese a presentar valores de variación interanual negativa todos os anos, acada un crecemento de 24,42% en 2002, situándose así por riba da outra. A contratación indefinida, pola contra, desce todos os anos, chegando ao 2003 cunha variación interanual de -54,55%, pasando dos 209 contratos de 2002 aos 95 de 2003.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	7	0,19
HOMES	4	0,11
MULLERES	3	0,08
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	762	20,23
HOMES	236	6,27
MULLERES	526	13,97
3. Técnicos e profesionais de apoio	242	6,43
HOMES	53	1,41
MULLERES	189	5,02
4. Empregados de tipo administrativo	152	4,04
HOMES	35	0,93
MULLERES	117	3,11
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	870	23,10
HOMES	221	5,87
MULLERES	649	17,23
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	62	1,65
HOMES	31	0,82
MULLERES	31	0,82
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	583	15,48
HOMES	537	14,26
MULLERES	46	1,22
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	527	13,99
HOMES	377	10,01
MULLERES	150	3,98
9. Traballadores non cualificados	561	14,90
HOMES	445	11,82
MULLERES	116	3,08
TOTAL CONTRATOS	3.766	100,00
TOTAL HOMES	1.939	51,49
TOTAL MULLERES	1.827	48,51

As tres cuartas partes de toda a contratación realizada na comarca de Verín concéntrase en catro grandes grupos, coa seguinte representación:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (23,10% de contratación).
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais (20,23%).
- Artesáns e traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería (15,48%).
- Traballadores non cualificados (14,90%).

Destes catro grandes grupos predomina a contratación masculina no grupo de artesáns e traballadores cualificados, que agrupa o 14,26% dos contratos, e no de traballadores non cualificados, co 11,82%. Pola contra, as mulleres predominan nos grupos de traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, co 17,23%, e no de técnico profesionais, científicos e intelectuais, co 13,97%.

Atendendo á distribución total de contratos, apréciase a seguinte distribución, onde se sinalan os catro grupos de maior contratación por xéneros:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -14,26%-. • Traballadores non cualificados -11,82%-. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -10,01%-. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais -6,27%-.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -17,23%-. • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais -13,97%-. • Técnicas e profesionais de apoio -5,02%-. • Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras -3,98%-.

Por outra banda, realizando outro tipo de análise, apréciase como a contratación feminina é maioritaria en catro dos grupos, que son os de:

• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio (17,23% de contratación feminina, que supera á masculina nun 11,36%). • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais (13,97% de contratación feminina, que avanta a dos homes en 7,7 puntos porcentuais). • Técnicas e profesionais de apoio (5,02% de contratación feminina, que supera á masculina nun 3,61%). • Empregadas de tipo administrativo (3,11% de contratación feminina sobre o 0,93% da masculina).
--

Pola contra, a contratación masculina predomina sobre a feminina en:

• Artesáns e traballadores cualificados na industria manufactureira, construción e minería (contratación masculina do 14,26%, sobre a feminina do 1,22%). • Traballadores non cualificados (11,82% de contratación masculina sobre o 3,08% feminina). • Operadores de instalacións, maquinaria e montadores (contratación masculina do 10,01% sobre o 3,98% feminina). • Dirección de empresas e administracións públicas (0,11% contratación masculina sobre 0,08% feminina).

No caso dos traballadores cualificados da agricultura e pesca a porcentaxe de contratación dos homes é igual que a das mulleres, co 0,82% de representación para cada xénero.

Atendendo á evolución que presentan os grupos máis contratados, entre 1999 e 2003, pódese comprobar, como decrece a contratación en catro dos nove grupos e se incrementa no resto. Os grupos que presentan un decrecemento do número de contratos son os seguintes:

- Dirección de empresas e administracións públicas (variación media do -22,09%). Mentres que nos homes decrece nun -31,34%, nas mulleres incrementase nunha porcentaxe semellante, co 31,61%.
- Empregados de tipo administrativo (variación media de -7,32%, decrecendo a contratación masculina nun -17,07% e a feminina nun -2,97).
- Traballadores cualificados (variación media de -5,78%, decrecen os homes un -7,62% e incrementan as mulleres nun 3,52%).
- Artesáns e traballadores cualificados da industria manufactureira (variación media de -4,50%, decrecendo os homes nun -4,99% e as mulleres incrementan nun 2,30% os contratos).

Por outra banda, o resto presenta un incremento contractual que se reflicte nas seguintes variacións medias:

- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais (variación media do 37,69%. No caso dos homes 19,69% e nas mulleres 52,60%).
- Técnicos e profesionais de apoio (variación media do 22,63%. Nos homes 1,47% e nas mulleres o 34,94%).
- Traballadores de servizos de restauración (variación media do 15,32%; masculina do 4,40% e feminina do 20,68%).
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca (variación media do 3,04%; masculina de -12,55% e feminina do 98,42%).
- Operadores de instalacións, maquinaria e montadores (variación media do 0,33%; masculina do 4,43% e feminina de -7,29%).

5.4.6. Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
27200016	Enfermeiro, en xeral	501	13,30	77	3,97	424	23,21	15,37
51110066	Auxiliar de clínica	353	9,37	39	2,01	314	17,19	11,05
71100016	Albanel	241	6,40	238	12,27	3	0,16	98,76
86300016	Condutor de camiión, en xeral	202	5,36	202	10,42	0	0,00	100,00
96020014	Peón da construción de edificios	178	4,73	178	9,18	0	0,00	100,00
94400012	Peón forestal	146	3,88	121	6,24	25	1,37	82,88
50200018	Camareiro, en xeral.	137	3,64	53	2,73	84	4,60	38,69
83630022	Oper. máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	136	3,61	4	0,21	132	7,22	2,94
42100010	Empregado administrativo, en xeral.	126	3,35	31	1,60	95	5,20	24,60
31210010	Técnico laboratorio sanitario, en xeral.	114	3,03	1	0,05	113	6,19	0,88
TOTAL		2.134	56,66	944	48,68	1.190	65,13	44,24
TOTAL CONTRATOS		3.766	100,00	1.939	100,00	1.827	100,00	51,49

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Nun total de dez ocupacións concéntrase máis da metade da contratación, o 56,66%. O grao de concentración é maior entre o colectivo feminino que entre o masculino.

Das ocupacións sinaladas predomina a contratación feminina case totalmente nas ocupacións de técnica de laboratorio sanitario e operaria de máquina de coser á plana. En menor medida fano nas de auxiliar de clínica, enfermeira e camareira.

A contratación masculina predomina claramente en catro das ocupacións, cunhas ratios de masculinidade superiores ao 80%. Estas ocupacións son as de condutor de camión, peón da construción, albanel e peón forestal.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
27200016	Enfermeiro, en xeral	41	35	37	217	501
51110066	Auxiliar de clínica	6	1	2	16	353
71100016	Albanel	251	236	265	191	241
86300016	Condutor de camión, en xeral	124	182	199	213	202
96020014	Peón da construción de edificios	240	166	244	185	178
94400012	Peón forestal	179	166	132	96	146
50200018	Camareiro, en xeral	129	142	111	157	137
83630022	Operario máquina industrial coser á plana	192	169	153	148	136
42100010	Empregado administrativo, en xeral	127	125	108	109	126
31210010	Técnico laboratorio sanitario, en xeral	13	15	18	51	114
53300010	DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	98	111	96	89	103
51110011	AUXILIAR ENFERMERÍA HOSPITALARIA, EN XERAL	60	41	23	171	65
91210016	MULLER/MOZO LIMPEZA, LIMPADOR EN XERAL	73	80	95	88	45
71300018	CARPINTEIRO, EN XERAL	80	132	78	68	37
52300046	TRABALLADOR RETÉN INCENDIOS FORESTAIS	13	23	45	90	21

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

Das quince ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003, sete delas están todos os anos entre os primeiros postos -as sinaladas en negra todos os anos- o cal representa unha forte concentración da contratación.

Tamén cómpre dicir que as dúas ocupacións máis contratadas en 2003, enfermeiro e auxiliar, experimentan un forte crecemento, destacando o escaso volume de contratos dos anos anteriores, agás a primeira en 2002, que se sitúa entre as ocupacións máis contratadas. O mesmo ocorre cos técnicos de laboratorio, que, tras apenas rexistrar contratos en anos anteriores ao 2002, presentan neste ano 51, acadando no seguinte situarse entre as 10 ocupacións máis contratadas, cun total de 114 contratos.

No resto de ocupacións apréciase unha perda de contratos, que no caso de auxiliar de enfermería é bastante acusado dende o 2002 ao 2003, pasando de 171 a 65. No caso de dependente de comercio, muller/mozo da limpeza e carpinteiro compróbase como ata o 2001 se situaban entre as dez ocupacións máis contratadas e diminúen a contratación en anos posteriores.



Comarca de Viana



5.1. TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1. *Tecido empresarial comarcal. Situación actual*

O tecido empresarial da comarca de Viana destaca polo predominio do sector servizos en todos os niveis, tanto a escala de empresas como de traballadores por conta allea e autónomos.

As empresas da comarca susténtase fundamentalmente no abeiro que proporciona o sector dos servizos, onde se sitúan o 61,35% delas. En segundo lugar aparece cun maior número de empresas o sector da construción, que representa o 21,47% do total. Malia todo, se atendemos á distribución por subsectores, temos que dicir que os dous subsectores máis representativos son os do sector servizos, o comercio e hostalería, co 32,52%, e o de outros servizos, co 23,31%. En terceiro lugar está o xa citado da construción.

Na distribución sectorial dos traballadores prevalece de novo o sector servizos, se ben neste caso o peso é máis limitado que no anterior, representando tan só o 41,28%. Se realizamos unha análise da distribución por subsectores, o maioritario é o da agricultura e pesca, onde se concentran o 34,14% dos traballadores. Nun segundo lugar está o subsector de outros servizos, co 26,63%, seguido, co 14,29%, polo sector da construción.

En canto aos traballadores autónomos, predomina o sector dos servizos, cunha representación de case as tres cuartas partes do total -71,84%- . Por subsectores, máis da metade dos autónomos dedícanse ao comercio e hostalería, en concreto o 55,34%. A bastante distancia están os autónomos da construción, co 15,53%, seguidos de novo por un dos subsectores de servizos, o de transporte, que ten unha representación do 9,06%.

5.1.2. Evolución anual


TÁBOA 1: Evolución do número de empresas.
Período 1999-2003.

	EMPRESAS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	14	17	18	15	2
Agricultura e pesca	14	17	18	15	2
SECTOR SECUNDARIO	28	27	30	28	26
Industria	26	24	27	25	23
Electricidade	2	3	3	3	3
SECTOR CONSTRUCCIÓN	33	36	34	34	35
Construcción	33	36	34	34	35
SECTOR SERVICIOS	107	96	103	90	100
Comercio e hostalería	58	53	56	45	53
Transporte e comunicacións	13	11	10	9	9
Outros servizos	36	32	37	36	38
TOTAL	182	176	185	167	163

Entre 1999 e 2003, de agora en diante o período de referencia, prodúcese un descenso atenuado do total de empresas da comarca, que se recolle nun valor de variación media negativa de -2,72%. Só o sector da construción reflite un valor medio de crecemento de 1,48%. No resto de sectores as variacións medias do período de referencia ofrecen valores negativos, presentando o valor máis extremo o sector primario, que ten unha variación media de 38,52%.

O sector máis representativo, o dos servizos, decrece moderadamente e ofrece unha variación media de -1,68%. Neste mesmo prodúcese unha alternancia entre valores positivos e negativos de variación interanual, chegando no último ano do período a presentar unha variación interanual de 11,11%, a máis alta de todo o período. A escala de subsectores, o que maior decrecemento experimenta é o de transporte e comunicacións cunha variación media de -8,78%. Pola contra, só medra o de outros servizos, cun valor de 1,36%.

GRÁFICO 1: Variacións interanuais do número de empresas por sector económico.
Período 1999-2003.



Mentres que a característica de evolución en todos os sectores é a dun crecemento moi moderado, como pode ser no caso da construción, no sector primario prodúcese un forte descenso. No último ano este sector presenta unha variación interanual de -86,67%, co cal chegan a desaparecer practicamente as empresas deste sector.

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	256	304	276	298	282
Agricultura e pesca	256	304	276	298	282
SECTOR SECUNDARIO	89	100	99	98	85
Industria	69	82	81	81	70
Electricidade	20	18	18	17	15
SECTOR CONSTRUCCIÓN	139	120	124	113	118
Construción	139	120	124	113	118
SECTOR SERVICIOS	337	290	422	361	341
Comercio e hostalería	96	105	96	89	98
Transporte e comunicacións	39	33	25	21	23
Outros servizos	202	152	301	251	220
TOTAL	821	814	921	870	826

TÁBOA 2: Evolución do número de traballadores. Período 1999-2003.

Ao final do período de referencia o número de traballadores da comarca presenta un valor de variación media que denota case un estancamento, cun 0,15%. Atendendo á evolución por anos, só se observa crecemento en 2001 -variación interanual positiva de 13,14%- , decrecendo no resto.

A diferenza do que sucede en canto ao número de empresas, onde o sector primario practicamente desaparece, neste caso é o único sector que acada un crecemento sustentable, e ofrece unha variación media do 2,45%. O outro sector que presenta un valor positivo no mesmo sentido é o dos servizos, sendo este bastante máis moderado -variación media de 0,30%-. Pola contra, o sector da construción e o secundario presentan ambos uns valores negativos de variación media de -4,01 e de -1,14% respectivamente.

A traxectoria do sector primario é bastante inestable; incrementa considerablemente o número de traballadores en 2000 e 2002 -variación interanual de 18,75% e 7,97%- e decrece nos outros anos, recollendo unha variación de -5,37% en 2003.

O sector servizos, que aglutina o 41,28% dos traballadores, experimenta un forte incremento en 2001, presentando unha variación interanual de 45,52%. No resto de anos decrece considerablemente ata chegar a 2003 cun valor de -5,54%. Dentro deste o único subsector que máis retrocede en número de traballadores é o de transporte e comunicacións.

Ningún dos sectores presenta unha evolución uniforme. Destacan as fortes oscilacións do sector de servizos. A maiores vemos que non existe relación na evolución destes, alternando valores de crecemento e regresión no mesmo ano.




GRÁFICO 2: Variacións interanuais do número de traballadores por sector económico. Período 1999-2003.

TÁBOA 3: Evolución do número de autónomos. Período 1999-2003.


	AUTÓNOMOS				
	1999	2000	2001	2002	2003
SECTOR PRIMARIO	10	11	11	12	14
Agricultura e pesca	10	11	11	12	14
SECTOR SECUNDARIO	13	16	21	24	25
Industria	13	15	20	23	24
Electricidade	0	1	1	1	1
SECTOR CONSTRUCCIÓN	32	44	46	47	48
Construción	32	44	46	47	48
SECTOR SERVIZOS	156	188	207	214	222
Comercio e hostalería	117	143	159	166	171
Transporte e comunicacións	27	30	28	28	28
Outros servizos	12	15	20	20	23
TOTAL	211	259	285	297	309

O número de autónomos de Viana medra considerablemente ofrecendo un crecemento en conxunto de 10,01%. Este colectivo increméntase todos os anos, se ben cómpre dicir que cada vez vai aumentando en menor proporción. En 2000 recóllese unha variación interanual de 22,75%, sendo ao final do período de 4,04%.

Todos os sectores incrementan o seu peso ano tras ano, agás algúns casos onde permanecen estancados. Así mesmo, todos os valores de variación interanual son positivos, coa excepción do experimentado polo subsector do transporte en 2001, que decrece nun 6,67% para estancarse nos anos seguintes.

No sector maioritario, o de servizos, increméntase o número de autónomos nun 9,22% no período de referencia, sendo o subsector de outros servizos o que máis medra, co 17,66%. O igual que sucede coa suma total de cifras de evolución de sectores, os maiores valores de crecemento deste sector danse nos primeiros anos, variación interanual en 2000 do 20,51% e do 10,11% en 2001.

GRÁFICO 3: Variacións interanuais do número de autónomos por sector económico. Período 1999-2003.



O sector secundario tamén medra considerablemente, sobre todo nos dous primeiros anos, nos que presenta variacións do 23,08% e 31,25%, para acadar ao final do período unha variación media do 17,76%, a máis alta de todos os sectores.

5.2. DEMANDAS

5.2.1. Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Gudiña	101	46	147
A Mezquita	94	24	118
Viana do Bolo	251	99	350
Vilariño de Conso	47	20	67
TOTAL COMARCA	493	189	682
TOTAL PROVINCIA	18.440	10.472	28.912

TÁBOA 4: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia - PARADOS	2,67
% comarca/provincia - NON PARADOS	1,80

Máis da metade dos demandantes pertencen ao concello de Viana, que representa o 51,32% deles. Este mesmo aglutina a maiores máis da metade dos demandantes tanto no caso dos parados como dos non parados, o cal denota o forte peso que soporta este concello na comarca.

Observando as cifras dos continxentes sinalados anteriormente, pódese apreciar como o número de parados dobra ao de non parados, chegando nalgún caso, como no do concello da Mezquita, a case quintuplicarse esa relación.

A representación dos parados da comarca na provincia é do 2,67%, sendo a de non parados do 1,80%, polo que se deduce o escaso peso desta comarca na provincia, xa que case presenta unhas das porcentaxes máis baixas das comarcas de Ourense.

No gráfico obsérvase con claridade o comentado anteriormente, destacando o predominio do concello de Viana sobre o resto. O segundo concello de maior demanda é o da Gudiña, co 21,55% dos demandantes, cunha porcentaxe de 20,49% no caso dos parados e de 24,34% no dos non parados. En terceiro lugar aparece A Mezquita, co 19,07% e 12,70% respectivamente, e pecha a serie Vilariño de Conso, co 9,53% e 10,58%.




GRÁFICO 4: Distribución dos demandantes da comarca por concello.


5.2.2. Evolución dos demandantes parados

	TRABALLADORES				
	1999	2000	2001	2002	2003
PARADOS COMARCA	469	464	434	448	493
VARIACIÓN INTERANUAL %	–	-1,07	-6,47	3,23	10,04
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	2,61	2,63	2,60	2,46	2,67

TÁBOA 5: Evolución dos demandantes parados.

Malia o descenso experimentado nos primeiros anos, recupérase en 2002 o número de demandantes para rematar o período de referencia cun valor de crecemento de 10,04%.

GRÁFICO 5: Evolución dos demandantes parados da comarca.



A representatividade da comarca na provincia apenas sofre variacións significativas, a finais de período presenta unha cifra lixeiramente superior a de inicio, situándose no 2,67%.

5.2.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 6: Situación laboral dos demandantes

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	65	9,53	10,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	428	62,76	53,19
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	21	3,08	5,15
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	104	15,25	15,38
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	19	2,79	4,76
	En expediente de regulación de emprego	1	0,15	0,40
	Demandantes de mellora de emprego	37	5,43	7,08
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	7	1,03	3,03
	Resto de demandantes	0	0,00	0,42
TOTAL		682	100,00	100,00

O grupo de demandantes parados con emprego anterior destaca amplamente por riba dos demais agrupando o 62,76% dos demandantes, que neste caso supera a media provincial en 9,57 puntos porcentuais. A moita distancia séguelle o grupo de non parados con experiencia laboral previa, co 15,25%, cunha porcentaxe similar á media provincial.

Se sumamos os dous grupos de demandantes parados, podemos observar coma case se concentran as tres cuartas partes do total de demandantes, en concreto o 72,29%, fronte á mesma porcentaxe para a provincia de 63,78%.

No resto de grupos non se aprecian diferenzas moi significativas entre as representacións porcentuais da comarca e as da provincia.

5.2.4. Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	37	20	7,51	4,06	11,56	15,17
26 a 35 anos	55	68	11,16	13,79	24,95	25,82
36 a 45 anos	52	50	10,55	10,14	20,69	21,11
46 a 55 anos	76	43	15,42	8,72	24,14	20,00
56 e máis anos	63	29	12,78	5,88	18,66	17,90
TOTAL COMARCA	283	210	57,40	42,60	100,00	2,67
TOTAL PROVINCIA	7.856	10.584	42,60	57,40	2,67	100,00

TÁBOA 7.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

Na comarca predomina a demanda masculina, co 57,40%, fronte á distribución provincial, que é de 42,60%. Esta situación invertease con exactitude no caso das mulleres, que no ámbito provincial si superan en representación aos homes.

O colectivo con maior presenza está composto polos homes de 46 a 55 anos, co 15,42%, seguido a pouca distancia polo de mulleres de 26 a 35 anos co 13,79%. Mentres que nos homes a concentración máis alta aparece no intervalo de 46 anos en diante -28,2%- , no caso das mulleres dáse no intervalo de 26 a 45 anos -23,93%-. Así, apréciase unha maior concentración dos demandantes parados de sexo masculino nos tramos de idade máis avanzada fronte ao retraemento da demanda no caso das mulleres con maior idade.

Os valores máis altos de demanda na comarca están nos tramos de idade de 26 a 35 anos e no de 46 a 55, con porcentaxes lixeiramente superiores ao 24%.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	HOMES %	MULLERES %	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	13	13	6,88	6,88	13,76	20,44
26 a 35 anos	11	27	5,82	14,29	20,11	25,77
36 a 45 anos	19	24	10,05	12,70	22,75	20,01
46 a 55 anos	27	14	14,29	7,41	21,69	16,76
56 e máis anos	25	16	13,23	8,47	21,69	17,03
TOTAL COMARCA	95	94	50,26	49,74	100,00	1,80
TOTAL PROVINCIA	3.865	6.607	36,91	63,09	1,80	100,00


TÁBOA 7.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

A distribución dos demandantes non parados por sexos é bastante equitativa, a diferenza da distribución provincial, na que predomina claramente a demanda feminina fronte á masculina.

Atendendo á distribución por idade, hai a mesma situación que no caso dos demandantes parados. Apreciáanse os maiores valores no caso dos homes nos intervalos de maiores de 46 anos en diante -27,52%- e nos de 26 a 45 anos no caso das mulleres -26,99%-.


A distribución por idade na comarca é bastante similar en todos os tramos a excepción dos demandantes menores de 26 anos, onde a porcentaxe é considerablemente máis baixa. Pola contra, na provincia concéntranse máis demandantes nos tramos de idade máis nova.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual do total de demandantes por grupos de idade.



En todos os tramos de idade o número de demandantes parados dobra con moito ao de non parados, rexistrando os primeiros os valores máis altos nos tramos intermedios. No caso dos demandantes non parados apréciase con claridade a distribución máis parella por idade, da que falabamos con anterioridade.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo.



A porcentaxe de homes parados supera á das mulleres nun 10,56%, sendo a distribución dos non parados practicamente similar co 13,93% e 13,78% respectivamente.

Se no caso dos homes o número de demandantes parados triplica ao de non parados, no caso das mulleres as demandantes paradas duplican ás non paradas.

5.2.5. Demandantes por nivel académico

TÁBOA 8.1: Distribución dos demandantes parados por nivel académico.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade*	276	55,98	32,81
Titulación de ensinanza obrigatoria	145	29,41	32,57
Formación profesional	29	5,88	6,20
BUP/Bacharelato Superior/COU	27	5,48	14,65
Titulados universitarios	11	2,23	12,07
Outras titulacións	5	1,01	1,70
TOTAL	493	100,00	100,00

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Máis da metade dos demandantes de Viana, o 55,98%, non teñen os estudos obrigatorios, superando amplamente á media provincial, que se sitúa para o mesmo grupo nun 32,81%. Se ao colectivo anterior lle sumamos o de persoas con titulación de ensinanza obrigatoria, obsérvase unha forte concentración, do 85,39% nestes dous niveis, que supera a mesma cifra para a provincia, que é dun 65,38%.

Da forte concentración nos niveis de estudos máis baixos, despréndense os baixos niveis de demanda de persoas con bacharelato e estudos universitarios, co 5,48% e co 2,23% de representación, sendo superados pola porcentaxe provincial nun 9,17% e nun 9,84% respectivamente.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Ata certificado de escolaridade	102	53,97	36,50
Titulación de ensinanza obrigatoria	52	27,51	26,81
Formación profesional	13	6,88	6,81
BUP/Bacharelato Superior/COU	11	5,82	16,18
Titulados universitarios	8	4,23	12,40
Outras titulacións	3	1,59	1,30
TOTAL	189	100,00	100,00

TÁBOA 8.2: Distribución dos demandantes non parados por nivel académico.

A distribución tanto comarcal como provincial dos demandantes non parados de Viana é similar á dos demandantes parados. Máis da metade dos demandantes non teñen estudos obrigatorios, superando ao mesmo dato para a provincia nun 17,47%. En referencia ás persoas coa titulación obrigatoria, nos dous ámbitos preséntanse porcentaxes similares, que supoñen a cuarta parte do total.

O seguinte colectivo en importancia é o de formación profesional, que co 6,88% é practicamente igual ao da provincia. Onde se aprecian as maiores diferenzas é na distribución dos titulados universitarios e dos que posúen o bacharelato, nos que as medias provinciais se sitúan bastante por riba das comarcais, practicamente triplicándoas.

5.2.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses %	De 6 meses a 1 ano %	Máis de 1 ano %	TOTAL %
Menor de 26 anos	Homes	6,69	0,61	0,20	7,51
	Mulleres	2,84	0,41	0,81	4,06
26 a 35 anos	Homes	8,72	1,42	1,01	11,16
	Mulleres	6,49	3,04	4,26	13,79
36 a 45 anos	Homes	6,69	0,81	3,04	10,55
	Mulleres	3,65	1,83	4,67	10,14
46 a 55 anos	Homes	8,32	1,62	5,48	15,42
	Mulleres	3,25	0,61	4,87	8,72
56 e máis anos	Homes	3,25	0,81	8,72	12,78
	Mulleres	1,22	1,01	3,65	5,88
TOTAL COMARCA		51,12	12,17	36,71	100,00
TOTAL PROVINCIA		43,54	14,46	42,01	100,00

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

A metade dos demandantes levan menos de seis meses na procura de emprego, superando a media da provincia para ese continxente nun 7,58%. Neste tramo temporal é onde se sitúa o perfil do demandante tipo, home de ata 55 anos, agrupando o conxunto de intervalos o 30,42% do total de demandantes.

O segundo grupo de maior demanda é o de parados de longa duración, isto é, que teñen máis dun ano como demandantes. Neste caso, a distribución por sexos en cifras globais é bastante similar. As maiores porcentaxes aparecen nos tramos de idade máis elevados. Curiosamente nos tramos máis baixos de idade, ata os 45 anos, predomina a demanda feminina sobre a masculina.

En función da distribución por tempo de busca de emprego e xénero, dos demandantes de menos de seis meses o 33,67% son homes e o 17,45% mulleres. No caso dos demandantes de seis meses a un ano, teñen maior porcentaxe as mulleres, co 6,9%, que os homes, co 5,27%. Pechan a serie os demandantes de máis de un ano, co 18,45% de homes e 18,26% de mulleres.

5.2.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia


TÁBOA 10: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS			NON PARADOS		
	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %	Comarcal N.º	Comarcal %	Provincial %
Sector primario	22	3,24	3,16	27	6,91	3,66
Sector secundario	88	12,96	19,25	68	17,39	18,72
Construción	156	22,97	9,92	54	13,81	7,12
Sector servizos	285	41,97	50,62	191	48,85	55,04
Sen actividade previa	128	18,85	17,04	51	13,04	15,46
TOTAL	679	100,00	100,00	391	100,00	100,00

O sector que aglutina maior número de demandantes é o dos servizos, que concentra o 41,97% dos demandantes parados por unha banda e o 48,85% dos non parados por outra.


En segundo lugar, no caso dos parados, o sector con máis representación é o da construción, que, co 22,97% de demandantes, supera a media provincial, que se sitúa 13,05 puntos porcentuais por debaixo. No caso dos demandantes non parados, o segundo sector máis representativo é o secundario, co 17,39%, que mantén unha porcentaxe similar á provincial.

GRÁFICO 8: Demandantes parados na industria.



O apartado de outras industrias é o máis representativo co 44% dos demandantes parados na industria. En segundo lugar aparece a actividade da alimentación co 32%. Nestas dúas actividades concéntranse as tres cuartas partes dos demandantes. O 24% restante repártese entre catro actividades onde a fabricación de materiais non metálicos posúe a porcentaxe máis significativa, o 13%.

GRÁFICO 9: Demandantes parados nos servizos.



Varias actividades do sector servizos comparten un peso similar, amosando en conxunto unha distribución de múltiples actividades onde non destaca ningunha especialmente.

A maior porcentaxe rexístrase nas actividades inmobiliarias, co 18% de demandantes parados vinculados a este sector. Nun segundo lugar están as administracións públicas, co 15%, seguidas moi de preto polos servizos á comunidade, co 14%. Nun terceiro bloque pechan

a serie a hostalería e a educación, co 13% e 11% respectivamente. O resto de porcentaxes son inferiores ao 9%

5.2.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	83	12,17	9,34
Peón da ind. manufactureira, en xeral	75	11,00	4,57
Peón da construción de edificios	61	8,94	3,96
Empregado administrativo, en xeral	40	5,87	8,75
Albanel	39	5,72	2,58
Encofrador	29	4,25	0,71
Cociñeiro, en xeral	27	3,96	2,08
Dependente de comercio, en xeral	24	3,52	8,01
Condutor de camión, en xeral	17	2,49	1,05
Camareiro, en xeral.	13	1,91	2,74

TÁBOA 11: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parados con emprego anterior	Parados con emprego anterior
Sexo	Homes	Mulleres
Grupo idade	De 46 a 55 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ata certificado de escolaridade
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/Mozo de limpeza, Limpador	Muller/Mozo de limpeza, Limpador

TÁBOA 12: Perfil máis representativo.

5.3. OFERTAS

5.3.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2003. Evolución

TÁBOA 13: Número de ofertas por concellos. Ano 2003.

	TOTAL OFERTAS	TOTAL %
A Gudiña	16	13,22
A Mezquita	7	5,79
Viana do Bolo	98	80,99
TOTAL COMARCA	121	100,00

TOTAL OFERTAS PROVINCIA: 11.116

COMARCA/PROVINCIA: 1,09


As 121 ofertas de emprego da comarca de Viana teñen unha representación moi limitada na provincia, concentrando tan só o 1,09% do total de ofertas. A maioría realízanse no concello de Viana, co 80,99%. En segundo lugar, a bastante distancia, sitúase o concello da Gudiña, co 13,22%.

TÁBOA 14: Evolución das ofertas. Período 1999-2003. Valores absolutos e relativos.

	N.º OFERTAS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Vilariño de Conso	0	1	2	0	0		100,00			
A Mezquita	2	1	0	12	7	-50,00			-41,67	36,78
A Gudiña	4	2	2	8	16	-50,00	0,00	300,00	100,00	41,42
Viana do Bolo	105	137	96	96	98	30,48	-29,93	0,00	2,08	-1,71
TOTAL COMARCA	111	141	100	116	121	27,03	-29,08	16,00	4,31	2,18
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116	30,02	-10,06	-6,80	2,25	2,74

No período de referencia incrementábase o número de ofertas, ofrecendo unha variación media no conxunto do 2,18%, inferior á mesma para a provincia, que é do 2,74%. Viana, concello maioritario, experimenta un forte crecemento das ofertas en 2000, como se aprecia na variación interanual dese ano, co 30,48%. No seguinte ano decrece nunha porcentaxe lixeiramente inferior para estancarse ata o final do período, presentando unha variación media de retraemento do -1,71% no número de ofertas.

GRÁFICO 10: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Realizando unha comparativa entre a evolución de Viana do Bolo e a agregación do resto de concellos, visualízanse as liñas diverxentes que teñen. Se en Viana do Bolo prodúcese certa estabilización a partir do tramo 2001-2002, neste mesmo hai un incremento das ofertas para o resto de concellos.

5.3.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO		SECUNDARIO		CONSTRUCCIÓN		SERVIZOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%	N.º	%
Vilariño de Conso	0		0		0		0	
A Mezquita	0		0		5	12,50	2	2,60
A Gudiña	0		3	75,00	0		13	16,88
Viana do Bolo	0		1	25,00	35	87,50	62	80,52
TOTAL COMARCA	0		4	100,00	40	100,00	77	100,00
TOTAL PROVINCIA	126		1.001		2.224		7.763	

O maioría das ofertas da comarca realízanse no sector dos servizos, onde Viana ostenta a maior representatividade co 80,52%. Este mesmo concello rexistra a maiores o 87,50% das ofertas da construción, que se sitúa nun segundo lugar, con aproximadamente a metade de ofertas realizadas no sector servizos. O terceiro lugar ocúpao A Gudiña, co 16,88% de ofertas do sector servizos.

O sector servizos aglutina o 64% das ofertas da comarca. Nun segundo lugar a construción engloba o 33%, representando o 3% restante o sector secundario.

Das catro ofertas do subsector industrial, a metade procede das actividades vinculadas a outras industrias.




GRÁFICO 11: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

Dúas actividades do sector servizos concentran o 68% das ofertas deste sector. En primeiro lugar está o comercio, co 36%, seguido dos servizos á comunidade, co 32%. A bastante distancia co 12% de representación, aparecen as administracións públicas, seguidos da sanidade co 8%.




GRÁFICO 12: Distribución porcentual das ofertas nos Servizos.

	1999	2000	2001	2002	2003
Primario	0	2	0	4	0
Secundario	0	1	1	0	4
Construción	47	36	33	44	40
Servizos	64	102	66	68	77
Sen actividade	0	0	0	0	0
TOTAL COMARCA	111	141	100	116	121
TOTAL PROVINCIA	9.975	12.969	11.664	10.871	11.116

TÁBOA 16: Evolución das ofertas por sectores económicos.


O sector máis importante, o de servizos, incrementa o número de ofertas no período de referencia, experimentando unha variación media de 4,73%. Este mesmo sector presenta unha evolución caracterizada pola disparidade nos valores de variación interanual. No ano 2000 recóllese o maior crecemento, como se comproba na variación interanual para ese ano, que é de 59,38%. No ano seguinte decrece o número de ofertas, que presentan un valor de -29,08%, para recuperarse en anos seguintes cun crecemento moi baixo en 2002 e de 13,24% en 2003.

Pola contra, o segundo sector máis importante, o da construción decrece experimentando una variación media de -3,95%. Este mesmo soporta variacións interanuais negativas en todos os anos, agás en 2002, onde o crecemento que se observa é de 33,33%. Ao final do período, o número de ofertas diminúe situándose a variación interanual no -9,09%.

5.3.3. Perfil básico das ofertas

Só 13 ofertas tiñan o sexo como un dos requirimentos á hora de contratar traballadores, solicitando en todos estes casos a homes.

GRÁFICO 13: Ofertas por nivel académico da comarca.



O 42,74% das ofertas solicitaban un determinado nivel de estudos, se ben practicamente todas as ofertas, case o 90%, non esixen nin titulación de ensinanza obrigatoria.

5.3.4. Análise ocupacional das ofertas

O número de ofertas do centros colaboradores é tan só de 5 ofertas, polo que non se é significativo realizar ningún tipo de comentario ao respecto.

TÁBOA 17: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	1999	2000	2001	2002	2003
Peón da ind. manufactureira, en xeral	49	43	23	23	45
Técnico de protección civil	13	24	12	12	14
Celador de centro sanitario	3	11	11	11	6
Asistente domiciliario	2	3	5	4	5
Albanel	5	1	1	2	5
Axente de desenvolvemento local	3	2	2	5	3
Condutor-operario pa cargadora	0	1	0	0	3
Cociñeiro de hotel e restaurante	1	0	1	0	2
Peón da construción de edificios	1	0	4	15	2
Encargado ou capataz forestal	0	0	0	0	2

A ocupación máis ofertada nas oficinas de emprego é a de peón da industria manufactureira, con 45 ofertas en 2003, recuperándose practicamente o total de ofertas existentes no ano de inicio -variación interanual do 95,65% en 2003-. Séguelle a bastante distancia a de técnico de protección civil, que tras o forte incremento en 2000 -variación interanual de 84,62%-, mantén as mesmas ofertas que no inicio.

Por outra banda, as ocupacións de celador sanitario e peón da construción destacan pola perda de ofertas que experimentan. A primeira das 11 ofertas que viña mantendo descende ata as 6 de 2003; na segunda o máis significativo son as 15 ofertas de 2002, que descenden ata as dúas no 2003.

5.4. CONTRATOS

5.4.1. Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

TÁBOA 18: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2003.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
A GUDIÑA	122	26,01
A MEZQUITA	87	18,55
VIANA DO BOLO	206	43,92
VILARIÑO DE CONSO	54	11,51
TOTAL COMARCA	469	100,00
TOTAL PROVINCIA	50.587	0,93

A maior parte da contratación, o 43,92%, efectúase no concello de Viana, que predomina con bastante diferenza por riba dos demais. Nun segundo lugar, cunha cuarta parte, está o concello da Gudiña, seguido da Mezquita, co 18,55%.

TÁBOA 19: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Variacións anuais. 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA %
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
A GUDIÑA	197	181	184	199	122	-8,12	1,66	8,15	-38,69	-11,29
A MEZQUITA	90	95	183	80	87	5,56	92,63	-56,28	8,75	-0,84
VIANA DO BOLO	418	408	320	245	206	-2,39	-21,57	-23,44	-15,92	-16,21
VILARIÑO DE CONSO	67	48	40	44	54	-28,36	-16,67	10,00	22,73	-5,25
TOTAL COMARCA	772	732	727	568	469	-5,18	-0,68	-21,87	-17,43	-11,71
TOTAL PROVINCIA	48.517	49.375	50.592	50.863	50.587	1,77	2,46	0,54	-0,54	1,05

A evolución da contratación na comarca caracterízase polo descenso continuado que experimenta en todos os anos, reducindo notablemente o número de contratos, como se aprecia na variación media de -11,71%. En todos os anos decrece o número de contratos, se ben nos últimos aparecen uns valores de variación interanual máis elevados, como se pode ver en 2002, co -21,87%, ou en 2003, co -17,43% de variación interanual.

A escala municipal, os concellos que maior contratación presentan recollen ao mesmo tempo os valores de variación media máis baixos; nos concellos de Viana e a Gudiña estes valores son de -16,21% e -11,29% respectivamente. No concello de Viana a contratación de 2003, supón a metade da realizada en 1999. Fronte ao moderado descenso en 2000 -variación negativa de -2,39%-, nos anos seguintes chéganse a rexistrar variacións que superan o 20%, decrecendo en menor medida ao final do período.

Por outra banda, no segundo concello de maior importancia contractual, A Gudiña, obsérvase un estancamento relativo da contratación ata o 2002, para decrecer considerablemente no último ano do período, cando a variación interanual chega a ser de -38,69%.

O que menos reduce o seu peso é A Mezquita que mantén unha cifra similar de contratos á do ano de inicio. Malia todo, este concello experimenta a evolución máis irregular de todos apreciando os valores máis extremos de toda a comarca. En 2001 ten lugar o incremento máis significativo -variación interanual de 92,63%- dobrándose practicamente o número de contratos e reducíndose no ano seguinte, cando se dá unha variación interanual de -56,28%.

5.4.2. Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	N.º CONTRATOS			% CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	75	55	130	15,99	11,73	27,72
De 26 a 35 anos	58	85	143	12,37	18,12	30,49
De 36 a 45 anos	57	29	86	12,15	6,18	18,34
De 46 a 55 anos	64	17	81	13,65	3,62	17,27
De 56 e máis anos	23	6	29	4,90	1,28	6,18
TOTAL COMARCA	277	192	469	59,06	40,94	100,00
TOTAL PROVINCIAL	28.784	21.803	50.587	56,90	43,10	100,00

TÁBOA 20: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2003.

O perfil de contratación máis elevado é o de mulleres de 26 a 35 anos co 18,12% de representación. En segundo lugar está o dos homes menores de 26 anos co 15,99%.

Na contratación feminina existe unha concentración máis alta nos dous tramos de idade máis nova, que constitúe o 29,85%. No caso dos homes a porcentaxe máis elevada está no tramo inferior en idade, sendo no resto a distribución bastante paralela. Só no caso dos maiores de 55 anos se reduce drasticamente a representación, do 4,9%, superando a mesma porcentaxe para as mulleres, que é de 1,28%.

As diferenzas máis altas entre xéneros dábanse nos intervalos de 36 a 55 anos, no que o número de contratos dos homes supera ao das mulleres nun 5,97% no tramo de 36 a 45 anos e 10,03% no de 46 a 55 anos.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Homes	510	482	450	325	277	-5,49	-6,64	-27,78	-14,77	-14,15
Mulleres	262	250	277	243	192	-4,58	10,80	-12,27	-20,99	-7,48
TOTAL CONTRATOS	772	732	727	568	469	-5,18	-0,68	-21,87	-17,43	-11,71

TÁBOA 21: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 1999-2003.

En ambos os dous xéneros descende a contratación, aínda que no caso dos homes ese descenso chega a dobrar practicamente ao das mulleres -variación media masculina de -14,15% e feminina de -7,48%-.

A contratación dos homes redúcese maiormente nos últimos dous anos, que é cando están as variacións interanuais máis elevadas, o -27,78% en 2002 e -14,77% en 2003. Na contratación de mulleres tamén se rexistran os dous valores máis baixos neses mesmos anos. O único valor de crecemento, o 10,80%, dáse na contratación das mulleres en 2001.

No presente gráfico evidénciase como as diferenzas de contratación entre xéneros vanse reducindo paulatinamente, observando a modo orientativo que a superioridade da contratación dos homes sobre as mulleres en 1999 era do 32,12%, sendo en 2003 dun 18,12%, malia aumentar un pouco máis que no ano anterior.




GRÁFICO 14: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 1999-2003. Valores proporcionais.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Menor de 26 anos	246	219	189	151	130	-10,98	-13,70	-20,11	-13,91	-14,74
De 26 a 35 anos	205	210	236	182	143	2,44	12,38	-22,88	-21,43	-8,61
De 36 a 45 anos	171	159	148	110	86	-7,02	-6,92	-25,68	-21,82	-15,79
De 46 a 55 anos	105	105	121	88	81	0,00	15,24	-27,27	-7,95	-6,28
De 56 e máis anos	45	39	33	37	29	-13,33	-15,38	12,12	-21,62	-10,40
TOTAL CONTRATOS	772	732	727	568	469	-5,18	-0,68	-21,87	-17,43	-11,71

Os grupos que experimentan o descenso máis elevado do número de contratos son o de 36 a 45 anos, co -15,79% de variación media, e o de menores de 26 anos, co -14,74%. En terceiro lugar están os maiores de 55 anos, co -10,40%.

Por grupos, o colectivo que maior descenso presenta, o de 36 a 45 anos, ofrece os valores de regresión máis elevados nos últimos anos, coas variacións interanuais bastante elevadas, o -25,68% en 2002 e o -21,82% en 2003. O mesmo lle sucede ao intervalo seguinte en descenso, se ben neste caso os valores non son tan acusados.

En liñas xerais, en todos os tramos de idade retrocede a contratación nos últimos dous anos, feito que se observa nos valores de variación interanual correspondentes.

5.4.3. Contratación comarcal segundo os sectores económicos.

TÁBOA 23: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos.

	CONTRATOS 2003	
	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	12	2,56
Agricultura e pesca	12	2,56
SECTOR SECUNDARIO	37	7,89
Industria	35	7,46
Electricidade	2	0,43
SECTOR CONSTRUCCIÓN	105	22,39
Construción	105	22,39
SECTOR SERVIZOS	315	67,16
Comercio e hostalería	68	14,50
Transporte e comunicacións	16	3,41
Outros servizos	231	49,25
TOTAL CONTRATOS	469	100,00

A maioría dos contratos fanse no sector dos servizos, que agrupa o 67,16% do total. Con case a metade da contratación de Viana, o subsector de outros servizos predomina por riba dos demais ao obter un volume de representación do 49,25%. Con menos da metade do citado aparece nun segundo lugar o subsector da construción, que representa case unha cuarta parte do total, en concreto o 22,39%. O terceiro lugar ocúpao outro dos subsectores de servizos, o de comercio e hostalería, co 14,5%.

O 66% dos contratos realizados na industria pertencen á área da alimentación, que representa o grupo máis contratado, con bastante diferenza sobre o resto. A moita distancia, co 14%, sitúase a metalurxia e fabricación de produtos de metal.




GRÁFICO 15: Distribución porcentual da contratación na Industria.

Cunha cuarta parte da distribución dos contratos do sector servizos está a sanidade, seguido, co 19%, polas actividades inmobiliarias. A continuación están a hostalería, servizos á comunidade e administracións públicas, con porcentaxes do 16%, 15% e 14% respectivamente. Pódese apreciar como a contratación se focaliza fundamentalmente en cinco grandes grupos.




GRÁFICO 16: Distribución porcentual da contratación nos Servizos.

	SEXO		Menos de 26 anos	IDADE			
	Homes	Mulleres		De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e mais
SECTOR PRIMARIO	1,71	0,85	0,43	0,85	0,21	0,43	0,64
Agricultura e pesca	1,71	0,85	0,43	0,85	0,21	0,43	0,64
SECTOR SECUNDARIO	5,97	1,92	1,92	2,13	2,56	1,28	0,00
Industria	5,54	1,92	1,71	1,92	2,56	1,28	0,00
Electricidade	0,43	0,00	0,21	0,21	0,00	0,00	0,00
SECTOR CONSTRUCCIÓN	20,47	1,92	6,18	4,90	4,48	4,90	1,92
Construción	20,47	1,92	6,18	4,90	4,48	4,90	1,92
SECTOR SERVICIOS	30,92	36,25	19,19	22,60	11,09	10,66	3,62
Comercio e hostalería	4,48	10,02	5,97	4,69	1,92	1,92	0,00
Transporte e comunicacións	3,20	0,21	0,64	1,28	0,85	0,21	0,43
Outros Servizos	23,24	26,01	12,58	16,63	8,32	8,53	3,20
TOTAL CONTRATOS	59,06	40,94	27,72	30,49	18,34	17,27	6,18

TÁBOA 24: Distribución porcentual da contratación comarcal segundo sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2003.

En todos os sectores predomina a contratación masculina agás no dos servizos, na que a das mulleres supera á dos homes nun 5,33%. No sector dos servizos predomina a contratación feminina, superando no caso da hostalería a porcentaxe das mulleres en máis da metade á dos homes. No caso de outros servizos a distribución é lixeiramente superior para as mulleres, sendo no transporte practicamente todas para os homes. Pola contra no sector da construción predomina case totalmente a contratación dos homes, cun 20,47%, situándose como o segundo subsector máis representativo en número de contratos.

A maior parte dos contratos, o 30,49%, realizáronse no tramo de idade de 26 a 35 anos, seguido a pouca distancia do tramo de idade anterior, co 27,72%. En conxunto, nos tres tramos de idade primeiros aparecen as tres cuartas partes dos contratos.

O perfil maioritario é o de persoas de 26 a 35 anos no subsector de outros servizos co 16,63%, seguido do tramo anterior en idade, co 12,58%. En todos os tramos de idade os maiores valores aparecen no subsector de outros servizos.

En canto á distribución por idade o máis significativo é a distribución homoxénea que se dá en todos os tramos de idade do sector da construción, á diferenza dos maiores de 55 onde a porcentaxe é bastante máis baixa, e dos menores de 26 anos que é sensiblemente superior. Tamén se pode subliñar a concentración da contratación no comercio e hostalería nos dous primeiros tramos de idade, igual que sucede no de outros servizos.


TÁBOA 25: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 1999-2003.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIAC. MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
SECTOR PRIMARIO	36	22	28	30	12	-38,89	27,27	7,14	-60,00	-24,02
Agricultura e pesca	36	22	28	30	12	-38,89	27,27	7,14	-60,00	-24,02
SECTOR SECUNDARIO	58	73	70	36	37	25,86	-4,11	-48,57	2,78	-10,63
Industria	56	71	68	36	35	26,79	-4,23	-47,06	-2,78	-11,09
Electricidade	2	2	2	0	2	0,00	0,00	-100,00		0,00
S. CONSTRUCCIÓN	150	140	109	117	105	-6,67	-22,14	7,34	-10,26	-8,53
Construción	150	140	109	117	105	-6,67	-22,14	7,34	-10,26	-8,53
SECTOR SERVICIOS	528	497	520	384	315	-5,87	4,63	-26,15	-17,97	-12,11
Comercio e hostalería	105	103	98	72	68	-1,90	-4,85	-26,53	-5,56	-10,29
Transporte e comunicacións	22	39	47	11	16	77,27	20,51	-76,60	45,45	-7,65
Outros servizos	401	355	375	301	231	-11,47	5,63	-19,73	-23,26	-12,88
TOTAL CONTRATOS	772	732	727	568	469	-5,18	-0,68	-21,87	-17,43	-11,71

Tanto a escala sectorial como subsectorial a característica fundamental é a do descenso de contratación xeneralizado que se experimenta entre 1999 e 2003.

Os dous sectores máis representativos en tamaño ofrecen variacións medias negativas, en servizos o -12,11% e na construción o -8,53%. O primeiro decrece sobre todo a partir de 2002, onde a variación interanual reflíte o valor de regresión máis alto do período, o -26,15% para todo o sector. A escala subsectorial reflítese a mesma situación, dándose no caso do subsector de outros servizos o valor máis baixo en 2003, co -23,26% de variación interanual. No sector da construción a regresión máis forte ten lugar en 2001, variación de -22,14%, recuperándose ao ano seguinte cun crecemento do 7,34% e pechando o período cunha cifra de regresión de -10,26% novamente.

GRÁFICO 17: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2003.



5.4.4. Tipoloxía da contratación laboral

O predominio dos contratos temporais, co 82% de representación, é manifesta despois de observar o gráfico anterior. En segundo lugar sitúanse os contratos temporais, pero na súa modalidade a tempo parcial, que representan o 6% do total.

TÁBOA 26: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2003.

	SEXO		IDADE			
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55
Indefinido	2,56	1,28	1,07	0,85	0,85	0,64
Indefinido tempo parcial	0,00	1,07	0,21	0,21	0,43	0,21
Temporal	48,83	33,48	21,96	25,37	15,99	13,65
Temporal tempo parcial	1,49	4,48	1,49	2,99	0,85	0,21
Prácticas/Formación	2,56	0,43	2,99	0,00	0,00	0,00
Outros	3,62	0,21	0,00	1,07	0,21	2,56
TOTAL CONTRATOS	59,06	40,94	27,72	30,49	18,34	17,27

O 48,83% dos contratos, case a metade do total, son temporais e fánelles aos homes. No caso das mulleres a mesma porcentaxe é do 33,48%. No relativo aos homes a segunda porcentaxe máis alta é a de outro tipo de contratos, co 3,62%, situándose en terceiro lugar coa mesma porcentaxe os contratos de prácticas e indefinidos, co 2,56%. Nas mulleres os segundos contratos máis utilizados son os temporais a tempo parcial, co 4,48%, non tendo maior relevancia o resto deles.

O valor máis alto rexístrase nos contratos temporais no tramo de 26 a 35 anos, cunha cuarta parte de representación do total -25,37%-, situándose en segundo lugar o tramo anterior, co 21,96%. Neste dous tramos concéntrase practicamente a metade da contratación. No resto de tramos todos os maiores valores aparecen nos contratos temporais, que son a fórmula predominante.

	PRIMARIO	SECUNDARIO			CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS			
	Agr., Gand.	Industr.	Electric.	Total	Construc.	Comerc.	Transp.	Outros	Total
Indefinido	0,00	1,28	0,00	1,28	0,43	1,07	0,85	0,21	2,13
Indefinido tempo parcial	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1,07	0,00	0,00	1,07
Temporal	2,35	5,33	0,43	5,76	20,68	8,74	2,35	42,43	53,52
Temporal tempo parcial	0,21	0,43	0,00	0,43	0,00	2,35	0,21	2,77	5,33
Prácticas/Formación	0,00	0,43	0,00	0,43	1,28	1,28	0,00	0,00	1,28
Outros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3,84	3,84
TOTAL CONTRATOS	2,56	7,46	0,43	7,89	22,39	14,50	3,41	49,25	67,16

TÁBOA 27: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2003.

No sector primario só se realizan contratos temporais. No sector da construción predomina amplamente a mesma modalidade, tendo unha porcentaxe residual a contratación en prácticas e indefinida. No sector servizos predomina tamén a contratación temporal con moita diferenza por riba das demais, sendo as súas dúas modalidades, a tempo completo e parcial as máis utilizadas nos subsectores de comercio; no caso do transporte a segunda fórmula máis utilizada é a de indefinidos a tempo completo, co 0,85%.

	N.º CONTRATOS					VARIACIÓN INTERANUAL %				VARIACIÓN MEDIA%
	1999	2000	2001	2002	2003	99-00	00-01	01-02	02-03	99-03
Indefinido	30	43	59	22	18	43,33	37,21	-62,71	-18,18	-11,99
Indefinido tempo parcial	5	3	3	6	5	-40,00	0,00	100,00	-16,67	0,00
Temporal	590	565	577	446	386	-4,24	2,12	-22,70	-13,45	-10,06
Temporal tempo parcial	66	69	53	69	28	4,55	-23,19	30,19	-59,42	-19,29
Prácticas/Formación	64	29	15	13	14	-54,69	-48,28	-13,33	7,69	-31,61
Outros	17	23	20	12	18	35,29	-13,04	-40,00	50,00	1,44
TOTAL CONTRATOS	772	732	727	568	469	-5,18	-0,68	-21,87	-17,43	-11,71

TÁBOA 28: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 1999-2003.

Ao decaer en termos absolutos a contratación da comarca, este mesmo feito extrapólase a todos os sectores, a excepción dos contratos indefinidos a tempo parcial, que se manteñen, e o de outros tipos, que se incrementan nun 1,44%, pese á súa pouca representatividade.

A maior regresión aparece nos contratos en prácticas, onde a variación media para todo o período e de -31,61%. Neste mesmo tipo iníciase o período cunha forte regresión de -54,69%, decrecendo en menor medida nos anos seguintes para chegar, ao final do período, cunha variación interanual de crecemento dun 7,69%.

Nos contratos temporais a tempo parcial, que son a segunda fórmula que máis decrece, alternanse tramos de crecemento e regresión que rematan no 2003 co valor de regresión máis forte, de -59,42%.

No caso dos temporais a tempo completo, fronte a un pequeno incremento que ten lugar en 2001 -variación interanual de 2,12%- iníciase unha tempada de drástica redución, que rematará pechando o período cun descenso do número de contratos de -10,06%, tal e como se amosa na variación media.

5.4.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 29: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2003.

	TOTAL CONTRATOS	
	Nº	%
1. Dirección de empresas e administracións públicas	1	0,21
HOMES	0	0,00
MULLERES	1	0,21
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	36	7,68
HOMES	21	4,48
MULLERES	15	3,20
3. Técnicos e profesionais de apoio	19	4,05
HOMES	5	1,07
MULLERES	14	2,99
4. Empregados de tipo administrativo	15	3,20
HOMES	3	0,64
MULLERES	12	2,56
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	135	28,78
HOMES	38	8,10
MULLERES	97	20,68
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	7	1,49
HOMES	4	0,85
MULLERES	3	0,64
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	80	17,06
HOMES	80	17,06
MULLERES	0	0,00
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	48	10,23
HOMES	46	9,81
MULLERES	2	0,43
9. Traballadores non cualificados	128	27,29
HOMES	80	17,06
MULLERES	48	10,23
TOTAL CONTRATOS	469	100,00
TOTAL HOMES	277	59,06
TOTAL MULLERES	192	40,94

O 83,36% da contratación da comarca concéntrase en catro grandes grupos, que posúen a seguinte representación:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -28,78%-
- Traballadores non cualificados -27,29%-
- Artesáns e traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería -17,06%-
- Operadores de instalacións e maquinaria e montadores -10,23%-

Por outra banda, máis da metade dos contratos que se lles fan aos homes recóllense en dous grupos, o de artesáns, traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería e o de traballadores non cualificados, que comparten a mesma porcentaxe de 17,06%. No tocante ás mulleres, concéntranse en dous grupos as tres cuartas partes dos contratos, o 20,68% no de traballadoras de restauración e o 10,23% no de traballadoras non cualificadas.

Segundo a diferenciación por xénero, obsérvase a seguinte distribución:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería -17,06%-. • Traballadores non cualificados -17,06%-. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -9,81%-. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio -8,10%-.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio -20,68%-. • Traballadoras non cualificadas -10,23%-. • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais -3,20%-. • Técnicas e profesionais de apoio -2,99%-.

Na comarca de Viana recollen maior número de contratos os homes en case todos os grupos, agás en tres onde predomina a contratación feminina, e que son os seguintes:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 20,68% contratación feminina sobre 8,10% contratación masculina.
- Técnicas e profesionais de apoio, 2,99% contratación feminina sobre 1,07% contratación masculina.
- Empregadas de tipo administrativo, 2,56% contratación feminina sobre 0,64% contratación masculina.
- Dirección de empresas e administracións públicas, cun só contrato a mulleres.

A maiores, cómpre dicir que nos grupos maioritarios en contratación expríméntase un decrecemento de contratos, rexistrando os seguinte valores de variación media negativa:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, -11,49%.
- Traballadores non cualificados, -14,36%.
- Artesáns e traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería, -7,23%.
- Operadores de instalacións e maquinaria e montadores, -5,03%.

Só un dos grupos acada valores de crecemento no período de referencia, o de técnicos profesionais, que reflite unha variación media de 6,48%.

5.4.6. Ocupacións máis contratadas.

TÁBOA 30: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2003.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL		HOMES		MULLERES		RATIO MASCUL. ¹
		N.º	%	N.º	%	N.º	%	
71100016	Albanel	40	8,53	40	14,44	0	0,00	100,00
51110066	Auxiliar de clínica	34	7,25	3	1,08	31	16,15	8,82
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	34	7,25	0	0,00	34	17,71	0,00
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	33	7,04	33	11,91	0	0,00	100,00
50200018	Camareiro, en xeral.	32	6,82	10	3,61	22	11,46	31,25
94400012	Peón forestal	32	6,82	24	8,66	8	4,17	75,00
52990063	Téc. de protección civil	27	5,76	13	4,69	14	7,29	48,15
86300016	Condutor de camión, en xeral	26	5,54	25	9,03	1	0,52	96,15
25130104	Músico instrumentista, en xeral	18	3,84	17	6,14	1	0,52	94,44
42100010	Empregado administrativo, en xeral	11	2,35	2	0,72	9	4,69	18,18
TOTAL		287	61,19	167	60,29	120	62,50	58,19

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Nas dez ocupacións con maior volume de contratación concéntrase o 61,19%, o que denota a elevada concentración que existe. Este grao de concentración é similar para os homes e as mulleres.

En cinco das dez ocupacións predomina a contratación masculina, recollendo os seguintes ratio de masculinidade: albanel -100%-, peón da industria manufactureira -100%-, condutor de camión -96,15%-, músico instrumentista -94,44%-, e peón forestal -75%-. Tras observar a anterior distribución, vemos que nas ocupacións onde predominan os homes fano de maneira case absoluta, cunhas porcentaxes de ocupación de 100% ou moi próximas a ela.

Nas outras cinco predomina a contratación feminina, tendo as seguintes ratio de masculinidade: muller/mozo de limpeza -0,00%-, auxiliar de clínica -8,82%-, empregada administrativa -18,180%, camareira -31,25%- e técnico de protección civil -48,15%-.

TÁBOA 31: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 1999 e 2003.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	1999	2000	2001	2002	2003
71100016	Albanel	51	53	51	44	40
51110066	Auxiliar de clínica	42	42	49	35	34
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	38	33	44	29	34
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	125	79	39	46	33
50200018	Camareiro, en xeral.	41	39	33	30	32
94400012	Peón forestal	14	10	12	59	32
52990063	Téc. de protección civil	26	25	24	39	27
86300016	Condutor de camión, en xeral	34	39	34	32	26
25130104	Músico instrumentista, en xeral	11	20	18	12	18
42100010	Empregado administrativo, en xeral.	14	14	16	18	11
50100017	COCIÑEIRO, EN XERAL	19	18	24	12	10
96020014	PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	21	30	13	14	4
52300046	TRABALLADOR RETÉN INCENDIOS FORESTAIS	14	25	29	18	1
71300018	CARPINTEIRO, EN XERAL.	2	6	30	1	1
62410023	TRABALLADOR FORESTAL, EN XERAL	44	25	0	1	0

As dez primeiras ocupacións están practicamente todos os anos entre as máis contratadas, agás as de peón forestal e empregado administrativo, que só o están a partir de 2002, e a de músico instrumentista, que aparece en 2003. As cinco ocupacións restantes estiveron entre as primeiras nos anos anteriores, perdendo case todo o seu peso no ano 2003.

O ocupación máis contratada é a de albanel, cun total de 40 contratos. Nun segundo lugar varias ocupacións comparten valores moi similares; están as de auxiliar de clínica e muller/mozo da limpeza, con 34, seguidas de peón da industria manufactureira, con 33, e camareiro e peón forestal, con 32. O resto de ocupacións aparece por debaixo, rexistrando a última ocupación máis contratada en 2003, a de empregado administrativo, 11 contratos.

Das dez ocupacións máis contratadas só tres presentan variacións medias positivas, tendo o resto de ocupacións valores que denotan claramente a súa regresión. As tres ocupacións son as seguintes:

- Peón forestal -variación media de 22,96%-. Esta ocupación descende fortemente presentando unha variación interanual en 2003 de -45.76%, que rompía cos fortes valores anteriores.
- Músico instrumentista -variación media de 13,10%-. Tras un incremento considerable en 2000, recupera de novo en 2003 unha tendencia de crecemento -variación interanual de 50%- que viña caracterizada por unha diminución nos dous tramos intermedios do período
- Técnico de protección civil -variación media de 0,95%-. Nesta ocupación só se aprecia un valor de crecemento en 2002, cando a variación é do 62,50%, decrecendo no último ano ata o -30,77%.